

## Estratexia de desenvolvemento local participativo

Este documento contén a estratexia de desenvolvemento local do candidato a Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro do Golfo Ártabro Sur. O documento orientará as actuacións a desenvolver nesta zona, no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca no período de programación 2014-2020



# Golfo Ártabro Sur

Estratexia de  
desenvolvemento local  
participativo

## Índice

Nota da versión .....	6
1. Datos do GALP Golfo Ártabro Sur.....	6
1.1. Datos identificativos.....	6
1.2. Relación de entidades asociadas.....	7
1.3. Composición da xunta directiva .....	7
1.4. Datos resumo do grupo.....	8
2. Definición da zona pesqueira .....	10
3. Diagnóstico.....	14
3.1. Análise documental e estatístico .....	14
3.1.1. Caracterización do espazo .....	14
3.1.2. Demografía .....	23
3.1.3. Mercado laboral .....	44
3.1.4. Estrutura económica e empresarial .....	68
3.1.5. Sector pesqueiro.....	79
3.1.6. Sector turístico .....	91
3.1.7. Patrimonio medioambiental protexido.....	102
3.1.8. Patrimonio cultural e histórico.....	108
3.1.9. Metodoloxía .....	120
3.2. Análise DAFO .....	121
3.3. Principais retos.....	127
4. Misión, Visión e Valores .....	129
4.1. Misión.....	129
4.2. Visión.....	129
4.3. Valores.....	129
5. Plan de acción.....	131
5.1. Estrutura e contidos do plan de acción.....	131
5.1.1. Mapa plan acción. ....	131
5.1.2. Plan de acción: obxectivos, liñas de actuación e medidas.....	134
5.2. Principais características da estratexia .....	155

5.2.1. Carácter integrado e multisectorial da estratexia .....	155
5.2.2. Carácter innovador da estratexia.....	159
5.2.3. Contribución da estratexia á creación de emprego.....	161
5.2.4. Promoción da igualdade entre homes e mulleres e non discriminación.....	164
5.2.5. Contribución ao principio de desenvolvemento sostible .....	169
5.2.6. Complementariedade .....	172
5.2.7. Redes.....	184
5.2.8. Análise de pertinencia da estratexia.....	185
6. Plan de financiamento .....	188
6.1. Distribución global do orzamento.....	188
6.2. Plan de financiamento .....	190
7. Capacidade do Grupo de Acción Costeira.....	192
7.1. Experiencia do Grupo de Acción Costeira.....	192
7.2. Medio físicos: espazos de traballo, dotacións e equipamentos .....	197
7.3. Recursos humanos e técnicos.....	198
8. Disposicións de xestión.....	202
8.1. Xestión interna do grupo .....	202
8.1.1. Medidas de responsabilidade social corporativo do GALP .....	209
8.2. Procedementos de xestión do programa de axudas .....	215
8.2.1. Introducción.....	215
8.2.2. Principios que orientan o funcionamento do GALP .....	217
8.2.3. Criterios para evitar riscos durante a execución dos proxectos .....	220
8.2.4. Procedemento de selección de proxectos .....	222
8.2.5. Criterios de valoración dos proxectos.....	226
Criterios de valoración para proxectos produtivos.....	229
Criterios de valoración para proxectos non produtivos .....	237
8.2.6. Matriz de valoración de proxectos .....	242
8.2.7. Cadro resumo proxectos produtivos .....	244
8.2.2. Cadro resumo proxectos non produtivos .....	245
9. Seguimento e avaliación .....	246
9.1. Introducción.....	246

9.2. Obxectivos da avaliación e seguimento .....	248
9.3. Sistema de indicadores .....	249
9.4. Plan de seguimento e avaliación .....	258
10. Plan de participación .....	266
10.1. Proceso de participación para a elaboración da estratexia .....	266
10.2. Proceso de participación para o seguimento e aplicación da estratexia .....	273
11. Plan de Comunicación .....	275
11.1. Comunicación interna: mapa estratéxico .....	275
11.2. Comunicación externa: plan de comunicación .....	277
12. Bibliografía.....	283
ANEXO 1. Listado de persoas asistentes .....	287
ANEXO 2. Dossier publicacións.....	288

## Nota da versión

Este documento é unha versión para a consulta pública. Para dar cumprimento ao establecido na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, elimináronse todos os datos de carácter persoal, obxecto de tratamento individualizado.

## 1. Datos do GALP Golfo Ártabro Sur

### 1.1. Datos identificativos

<b>Denominación</b>	Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Golfo Ártabro Sur
<b>Teléfono</b>	881896417 - 617867820
<b>Enderezo electrónico</b>	<a href="mailto:gac2@accioncosteira.es">gac2@accioncosteira.es</a>



## 1.2. Relación de entidades asociadas

O Galp está composto por un total de 46 entidades socias.

## 1.3. Composición da xunta directiva

Cargo	Sector	Entidade á que representa
<b>Presidente</b>	Pesqueiro	Confraría de Pescadores de Sada
<b>Vicepresidenta</b>	Público	Concello de Bergondo
<b>Secretario</b>	Social	Amisada
<b>Tesoureira</b>	Económico	Asociación de empresarios de Culleredo
<b>Vogal</b>	Económico	Arteixo Centro Comercial Aberto
<b>Vogal</b>	Económico	Asociación de empresarios de Bergondo
<b>Vogal</b>	Pesqueiro	Asociación Cerco de Galicia (Acerga)
<b>Vogal</b>	Pesqueiro	Confraría de Pescadores de A Coruña
<b>Vogal</b>	Pesqueiro	Confraría de Pescadores de Mera
<b>Vogal</b>	Pesqueiro	Asociación de Redeiras de Lorbé
<b>Vogal</b>	Pesqueiro	Asociación de minoristas del puerto de A Coruña
<b>Vogal</b>	Pesqueiro	Confraría de Pescadores de Lorbé
<b>Vogal</b>	Pesqueiro	Fundación rendemento económico sostible e social
<b>Vogal</b>	Público	Concello de Bergondo
<b>Vogal</b>	Público	Concello de Sada
<b>Vogal</b>	Social	Asociación de mujeres y familia del ámbito rural-Cambre
<b>Vogal</b>	Social	Fundación Inladi

## 1.4. Datos resumo do grupo

O Grupo de Acción Local Pesqueiro Golfo Artabro Sur conta con 46 entidades socias, onde predominan as de carácter social, 20 entidades, seguidas polas do sector pesqueiro, 14. A continuación, sitúanse as entidades do sector público, e económico, 7 e 5 entidades respectivamente.

As entidades socias do GALP agrupan un total de 4.143 persoas socias. As entidades do sector pesqueiro contan con 515 persoas socias, un 64,7% do total de persoas afiliadas ao réxime do mar do territorio.

Táboa 1. Número de entidades socias, porcentaxe e número de persoas socias segundo sector

	Número	% Representación	Número de persoas socias
<b>Sector pesqueiro</b>	14	30,4%	515
<b>Sector social</b>	20	43,5%	3.476
<b>Sector económico</b>	5	10,9%	152
<b>Sector público</b>	7	15,2%	N.P
<b>Total entidades</b>	46	100,0%	4.143

Un terzo das persoas con representación na Asemblea do GALP son mulleres, unha presenza que se incrementa por riba da metade se tomamos en consideración a Xunta Directiva, 52,9%. A presenza de mulleres dentro da Xunta Directiva está por riba da metade no caso dos sectores económico, público e social, mentres que só un 25% das persoas que representan ao sector pesqueiro son mulleres.

Táboa 2. Número de mulleres e homes na Asemblea Xeral e Xunta Directiva por sectores

	Asemblea			Xunta directiva		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
<b>Sector pesqueiro</b>	12	2	14	6	2	8
<b>Sector social</b>	15	5	20	1	2	3



<b>Sector económico</b>	1	4	5	0	3	3
<b>Sector público</b>	4	3	7	1	2	3
<b>Total entidades</b>	32	14	46	8	9	17

**Táboa 3. Porcentaxe de representantes mulleres na Asemblea Xeral e Xunta Directiva segundo sector**

	% Mulleres	
	Asemblea Xeral	Xunta Directiva
<b>Sector pesqueiro</b>	14,3%	25,0%
<b>Sector social</b>	25,0%	66,7%
<b>Sector económico</b>	80,0%	100,0%
<b>Sector público</b>	42,9%	66,7%
<b>Total entidades</b>	30,4%	52,9%

Ningún grupo de interese ou autoridade pública, definida esta última de conformidade coas normas nacionais, ten unha representación maior do 49% na toma de decisións nos diferentes órganos de goberno do GALP, respectando así o establecido no artigo 32.1.b do Regulamento de disposicións comúns (Regulamento UE 1303/2013).

**Táboa 4. Porcentaxe de representación na Xunta Directiva e Asemblea Xeral segundo sector**

	% representación Asemblea	% representación xunta directiva
<b>Sector pesqueiro</b>	30,4%	47,1%
<b>Sector social</b>	43,5%	17,6%
<b>Sector económico</b>	10,9%	17,6%
<b>Sector público</b>	15,2%	17,6%
<b>Total entidades</b>	100,0%	100,0%

## 2. Definición da zona pesqueira

A configuración espacial e demográfica da área ven determinada polo peso específico de A Coruña e a súa área metropolitana que, se concreta nunha composición de 7 concellos cunha poboación natural de 384.962 habitantes. Porén, a poboación afectada pola actividades do mar diminúe ata 143.749 persoas, tendo en conta só para o concello da Coruña as persoas dos fogares que viven de actividades relacionadas co mar. Todos os municipios pertencen á comarca da Coruña, de xeito que a poboación natural da zona abarca ao 97% da poboación da comarca.

A zona ten importantes presións urbanísticas e das infraestruturas con impacto no medio natural mariño. Tal é o caso da forte expansión urbanística da área metropolitana, que ten consecuencias negativas no estado da ría do Burgo, ou as transformacións operadas pola construción do porto exterior de A Coruña. Porén, a zona tamén está atravesada por espazos de interese natural (Costa de Dexo, ZEC Betanzos-Mandeo e o inicio do ZEC Costa da Morte) e está integrado dentro da Reserva da Biosfera das Mariñas Coruñesas e Terras de Mandeo. Doutra banda, a intervención no espazo ten como fortaleza a conectividade terrestre (AP9) marítima (Porto de A Coruña) e aérea (Aeroporto de Alvedro), factores estes que sen dúbida actúan como dinamizadores da actividade económica.

No que afecta á actividade pesqueira, cómpre destacar que ademais de dispoñer de 3 portos, o porto de A Coruña concentra boa parte das capturas dos municipios colindantes (en 2015, a lonxa de A Coruña seguía a encabezar a lista de lonxas de Galicia en función dos quilos descargados). Ademais, concentra catro de cada dez empresas do sector pesqueiro da provincia, e da traballo directo a case 2.000 persoas.

Dende o punto de vista patrimonial, o mar e a costa litoral constitúen un dos principais atractivos desta zona, trufada de praias e paseos marítimos (pódese percorrer por sendas litorais que están inconexas en varios tramos, dende Arteixo ata Bergondo (pasando polas costas dos concellos A Coruña, Culleredo, Cambre, Oleiros e Sada). Unha boa parte do patrimonio material da cidade de A Coruña está intimamente ligado ao mar (Castelo de San Antón, Torre de Hércules, Lonxas), e o resto da zona oferta unha boa cantidade de bens de interese histórico, entre os que podemos mencionar a Torre de Celas, o Castelo de Santa Cruz ou o Pazo de Mariñán, os barrios mariñeiros de Fontán e a Tenencia de Sada, a fábrica de Sargadelos en Sada, o aula do mar do Faro de Mera en Oleiros, o ZEC Costa da Morte nas Costas de Arteixo, ou o ZEC do Mandeo en Bergondo.

Táboa 5. Poboación e superficie dos concellos do GALP Golfo Artabro Sur.

Concello	Poboación concello	Superficie Km
Arteixo	30.950	93,7
Bergondo	6.700	32,7
Cambre	24.076	40,7
Coruña, A	2.657 <sup>1</sup>	37,8
Culleredo	29593	61,7
Oleiros	34.693	43,7
Sada	15.080	27,5
<b>GALP Golfo Ártabro Sur</b>	<b>143.749</b>	<b>337,8</b>

Fonte: Padrón municipal de habitantes. Estatísticas sobre territorio. IGE. 2015.

Mapa 1. Situación do territorio do GALP Golfo Ártabro Sur



<sup>1</sup> Só se calcula a poboación dependente do sector da pesca.

Mapa 2. Concellos do GALP Golfo Ártabro Sur



Esta zona marítima está densamente poboada (425,5 hab./km<sup>2</sup>). O polo metropolitano e a súa área de influencia teñen actuado como verdadeiro catalizador de atracción da poboación, cunha porcentaxe de variación de poboación do 12% entre 1999 e 2015, e cunha densidade de poboación, moi por riba da media galega (92,4 hab./km<sup>2</sup>). Este dato outorga a este grupo un potencial moi alto de crecemento económico a medio prazo, en termos da poboación potencialmente activa que reside e residirá no territorio.

Cómpre destacar, sen embargo, que a pesar da dinamismo da poboación, que tamén se reflicte no relativamente baixo índice de envellecemento (125,3 vs 151,9 en Galicia) e dependencia global (52,3 vs. 56,1 en Galicia), advértense síntomas de “decaemento” demográfico nas localidades de A Coruña, Sada e Bergondo, e un extraordinario dinamismo das localidades da contorna metropolitana (Culleredo, Cambre e Oleiros).

Só o 0,9% da poboación é analfabeta e só o 12,9% da poboación ten estudos primarios finalizados, o que implica que unha maior presenza de persoas con estudos secundarios ou universitarios finalizados (en concreto, o 54,4% e o 21,3%, respectivamente). Polo tanto, a área presenta a vantaxe dun capital humano cunha cualificación media-alta, o que constitúe un factor potencial de dinamismo e posibilidade de innovación en calquera sector económico.

A poboación pesqueira ten unha presenza baixa no conxunto do territorio: representa o 1,4% do total das persoas rexistradas na seguridade social; porén, o dato increméntase en poboacións tradicionalmente mariñeiras como Sada (3,3%), máis en consonancia coa media provincial e galega.

De novo, o dinamismo maniféstase na actividade empresarial en actividades relacionadas co sector marítimo pesqueiro, que na zona candidata alcanzan un total de 402 empresas. O maior número de empresas localízase na Coruña, seguida de Sada e Culleredo.

Os habitantes dos municipios candidatos a integrar este GALP teñen una renda dispoñible media por riba do promedio provincial (17.942 €/hab. fronte aos 14.965€ da media de Galicia). Cómpre salientar que a zona é xeradora bruta de riqueza, xa que o PIB por habitante supera os 26.530€, en comparación aos 19.748€ do conxunto de Galicia.

Só o 1,1% da poboación desta zona está a recibir prestacións de carácter non contributivo (en comparación ao 1,6% galego) ou axudas de emerxencia social -RISGA e AES- (0,4%) polo que a pesar de ser unha zona densamente poboada e netamente urbana, podemos afirmar que non existen grandes bolsas de pobreza. Os indicadores de benestar da zona poñen de manifesto que existe unha importante dotación de centros de ensino (19 de promedio por municipio), fundamentalmente concentrados no polo metropolitano (82), no que ademais se atopa a Universidade de A Coruña, que entre os seus activos ten un Grupo interdisciplinar especializado en recursos Mariños e Peixerías.

**Táboa 6. Principais datos do GALP Golfo Ártabro Sur e Galicia**

	<b>GALP Golfo Ártabro Sur</b>	<b>Galicia</b>
<b>Número de municipios</b>	7	315
<b>Superficie (Km<sup>2</sup>)</b>	337,8	29.575
<b>Número habitantes</b>	143.749	2.732.347
<b>Densidade de poboación</b>	425,5	92,4
<b>Evolución da poboación (1999-2015)</b>	1,6%	0,1%
<b>Renda dispoñible bruta por habitante</b>	17.942,77	14.965,44
<b>Indicador municipal de renda dos fogares</b>	119,9	100,0
<b>Índice de envellecemento</b>	125,3	151,9
<b>Peso do sector pesqueiro</b>	1,4%	3,8%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

## 3. Diagnóstico

### 3.1. Analise documental e estatístico

#### 3.1.1. Caracterización do espazo

Os concellos do territorio do GALP Golfo Artabro Sur pertencen todos á comarca da Coruña, polo que son territorios cunha continuidade funcional e territorial refrendado a nivel institucional. Limita ao leste coa comarca de Betanzos e ao oeste coa de Bergantiños, limitando ao sur cos concellos de Abegondo e Carral, que non pertencen ao GALP por carecer de litoral marítimo pero si á comarca da Coruña.

As rías de Burgo, A Coruña e de Betanzos bañan as terras do GALP formando parte da área sur do golfo Ártabro. A desembocadura do río Mero na ría do Burgo, que se mete fondamente nos concellos de Culleredo e Cambre, xustifica a inclusión destes dous concellos no territorio do GALP.

A área ten como principal núcleo a cidade da Coruña, cabeceira da comarca e da área metropolitana, constituíndose en espazos periurbanos o resto dos concellos da zona do GALP.

**Táboa 7. Distribución do GALP Golfo Artabro Sur por comarcas e concellos**

Comarcas	Concellos
<b>A Coruña</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Arteixo</li> <li>• Bergondo</li> <li>• Cambre</li> <li>• A Coruña</li> <li>• Culleredo</li> <li>• Oleiros</li> <li>• Sada</li> </ul>

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE). 2015

Dado que o concello da Coruña ten un volume de poboación baixo, xa que só se toma en consideración ás persoas que dependen directamente do sector pesqueiro, os concellos con maior volume de poboación son Oleiros, Arteixo, Culleredo e Cambre. Bergondo e Sada teñen unha importancia menor en volume de poboación.

O territorio do GALP ten unha extensión de 337,8 km<sup>2</sup>, sendo os concellos máis extensos Arteixo e Culleredo. Curiosamente os concellos con menor extensión son A Coruña e Oleiros, que dado o seu volume de habitantes convírtense en concellos densamente poboados. A poboación da zona marítima representa o 36,2% do total comarcal (que é de 396.728 habitantes), se ben se tomamos en conta o conxunto da poboación do concello da Coruña, o seu peso ascendería ata o 97%.

**Táboa 8. Poboación dos concellos e comarca, superficie e porcentaxe da poboación sobre a comarca.**

Concello	Comarca	Poboación concello	Superficie Km <sup>2</sup>	Porcentaxe sobre o valor da comarca
Coruña, A	Arteixo	30.950	93,7	7,8%
	Bergondo	6.700	32,7	1,7%
	Cambre	24.076	40,7	6,1%
	Coruña, A	2.657 <sup>2</sup>	37,8	0,7%
	Culleredo	29.593	61,7	7,5%
	Oleiros	34.693	43,7	8,7%
	Sada	15.080	27,5	3,8%
	Total	143.749	337,8	36,2%

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE). 2015

<sup>2</sup> Hai que lembrar que a efectos de cómputo de poboación deste concello só se ten en conta a poboación dependente do sector do mar. Este dato está calculado da seguinte maneira: cóllese a poboación que traballa por conta propia ou allea no sector da pesca (1.098 persoas segundo dato de afiliación facilitado polo IGE) e se multiplica polo tamaño medio do fogar do concello da Coruña (a media é de 2,42 segundo o IGE). De considerar o volume de poboación total, esta ascendería a 243.870 persoas.

### Espazos naturais protexidos

A Rede Natura 2000 recolle unha rede de espazos naturais baseada en criterios científicos. A súa finalidade é asegurar a conservación de hábitats e especies, establecendo instrumentos que preserven o valor natural e ecolóxico dos ecosistemas destas zonas.

Na Rede Natura 2000 intégranse os espazos designados como ZEPAS pola Directiva de Aves (79/409/CEE) e os espazos designados para o cumprimento da Directiva de Hábitats (92/43/CEE), coñecidos na súa 1ª fase como Lugares de Importancia Comunitaria (LIC).

Créase así unha rede de lugares nos que se asegurará a súa conservación, aplicando medidas preventivas, correctoras e compensatorias ante os posibles impactos ambientais que terán que ser previstos en cada un deses lugares.

Posteriormente, os espazos LIC vanse converter en Zonas Especiais de Conservación a través do Decreto 37/2014, do 27 de marzo. Este decreto declara zonas especiais de conservación aos lugares de importancia comunitaria e aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia.

### Mapa 3. Espazos da Rede Natura no GALP Golfo Ártabro Sur



Fonte. Elaboración propia.

A superficie en hectáreas dos catro espazos contemplados dentro da Rede Natura do GALP Golfo Artabro Sur é de 856,7, un 0,3% da superficie total do territorio, tendo unha maior presenza en Oleiros e Bergondo, 0,8% e 0,6% da superficie. Pola contra os concellos de A Coruña, Culleredo e Sada non contan con espazos que estean baixo a Rede Natura 2000.



A ZEC Costa da Morte ten a maior superficie de todas as zonas, pero só aparecen 246 Ha. dentro do territorio do concello de Arteixo. A Costa do Dexo está integramente no concello de Oleiros, en tanto que a ZEC Betanzos-Mandeo só afecta a unha parte de Bergondo, e o encoro de Abegondo-Cecebre a unha parte de Cambre.

**Táboa 9. Distribución dos espazos da Rede Natura segundo concellos e extensión.**

Nome do espazo	Concellos	Extensión (Ha)
Betanzos - Mandeo	Aranga, Bergondo, Betanzos, Coirós, Irixoa, Miño, Paderne e Oza dos Ríos	1.020
Costa da Morte	Arteixo, A Laracha, Carballo, Malpica de Bergantiños, Ponteceso, Cabana de Bergantiños, Laxe, Vimianzo, Camariñas, Muxía, Cee, Fisterra	11.809
Costa de Dexo	Oleiros	347
Encoro de Abegondo - Cecebre	Abegondo, Betanzos, Cambre, Carral e Oza dos Ríos	493

Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. 2015.

**Táboa 10. Territorio dos concellos e GALP en espazos da Rede Natura e porcentaxe sobre total de superficie.**

	Ha RN2000	Superficie total	%RN/total superf
Arteixo	246,0	93.700,0	0,3%
Bergondo	211,8	32.700,0	0,6%
Cambre	53,7	40.700,0	0,1%
Coruña, A	0,0	37.800,0	0,0%
Culleredo	0,0	61.700,0	0,0%
Oleiros	345,2	43.700,0	0,8%
Sada	0,0	27.500,0	0,0%
GALP	856,7	337.800,0	0,3%

Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. 2015.

Tamén cómpre sinalar que no territorio está presente a reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras de Mandeo, un espazo cunha superficie de 116.724,3 ha., un espazo no que están incluídos todos os concellos do GALP coa excepción da Coruña.

As reservas de Biosfera constitúen un elemento esencial do Programa MaB (Home e Biosfera) da UNESCO. A entidade que xestiona este espazo é a Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas – Betanzos. Entre os elementos que configuran a misión deste espazo, cómpre destacar os seguintes:

- Promover a mellora da calidade de vida e o reforzo dos sectores produtivos mediante a súa integración cos obxectivos e principios de conservación e sostibilidade da Reserva de Biosfera.

- Garantir un desenvolvemento sostible do espazo rural é necesario para apoiar a mellora de renda das explotacións de forma integral, incluíndo a mellora da calidade das producións, o respecto ao medio ambiente, o mantemento dos servizos dos ecosistemas e a diversificación das actividades.
- Outro dos retos desta Reserva de Biosfera será impulsar modelos de produción e consumo máis sostibles, que permitan contribuír á mitigación do cambio climático reducindo as emisións de CO<sub>2</sub>, así como solucionar os problemas derivados da gran demanda enerxética actual e da dependencia dos combustibles fósiles.
- Asegurar a recuperación, conservación e protección dos valores ambientais e culturais do territorio, así como fomentar o aproveitamento sostible dos recursos naturais.
- Contribuír a enfrontar os grandes retos do século XXI baixo o prisma da investigación, a aprendizaxe, a cooperación, a comunicación, a innovación, a sostibilidade e a cohesión social, promovendo deste modo un crecemento participativo, sostible e integrador da Reserva de Biosfera, e xerando un entorno de coñecemento. As funcións das Reservas de Biosfera presupoñen a implicación das poboacións locais e outros axentes sociais na xestión do territorio e o desenvolvemento do plan de actuacións. Só deste modo poderán acadarse os fins da Reserva en canto a harmonizar desenvolvemento e conservación.

#### Outros aspectos xeográficos.

Os concellos de Sada e Bergondo están dentro da Ría de Betanzos, en tanto que Arteixo e A Coruña están na da Coruña; e Cambre, Culleredo e Oleiros dentro da Ría do Burgo.

A illa de San Pedro na Coruña é o territorio insular máis amplo do territorio, destacando tamén a importante presenza de praias con bandeira azul, un total 16 praias en 2016, nos concellos de Arteixo, A Coruña e Oleiros.

**Táboa 11. Distribución dos concellos por rías.**

Concello	Nome Ría
Sada	Ría de Betanzos
Bergondo	
Arteixo	Ría de A Coruña
A Coruña	
Cambre	Ría de O Burgo
Culleredo	
Oleiros	

Fonte: Instituto Xeográfico de Galicia. 2014.

**Táboa 12. Distribución das illas por concello.**

Illa	Concello	Extensión (ha)
San Pedro	A Coruña	15
San Antón (A Coruña)	A Coruña	1,1
Santa Cruz	Oleiros	1,9

Fonte: Instituto Xeográfico de Galicia. 2014.

**Táboa 13. Praias con bandeira azul.**

Concello	Nome praia
Arteixo	O Reiro
	Barrañán
	Combouzas
	Valcovo
	Hucha
	A Salsa
	Alba-Sabón
A Coruña	Riazor
	Orzán-Matadero
	San Amaro
	As Lapas
Oleiros	Bastigueiro
	Mera
	Espiñeiro
	Santa Cristina
	Naval

Fonte: Praias bandeira azul. 2016. Asociación de Educación Ambiental y del Consumidor

### Redes de transporte.

A autovía de titularidade estatal A-6 permite conectar a zona marítima coa zona oriental de Galicia e co resto do España, sendo unha das principais arterias de comunicación do conxunto de Galicia. Esta autovía, xunto coa autopista de peaxe AP-9, que permite comunicar co norte e sur de Galicia ao conxunto do territorio do GALP, constitúen as principais vías de comunicación internas do territorio. Outra das vías de alta capacidade presente na zona, AG-55, permite conectar A Coruña coa Costa da Morte, atravesando Arteixo no seu percorrido.


A maiores hai que facer constar a vía de alta capacidade VG-1.3 que une o Porto de Lorbé con Vilar, como vía para desconxestionar o tráfico entre Oleiros e Cambre, e no que está pendente a execución da súa prolongación cara a Sada e ao sur cara ao concello de Abegondo.

Por outra banda, siguen funcionando como vías de comunicación significativas a N-550 entre A Coruña e Santiago de Compostela para a vertebración central da zona, e a N-VI, para a comunicación da parte oriental.

A comunicación entre Arteixo e A Coruña realízase fundamentalmente pola AC-552, estrada entre A Grela e Cee, que permite conectar co polígono de Sabón e a vila de Arteixo. Tamén é destacable a estrada secundaria AC-174 para conectar Perilló, á saída da Coruña, con Oleiros.

Hai unha serie de vías complementarias e secundarias que sirven como porta de entrada ás capitais dos concellos e que teñen enlace coas principais vías de comunicación (A-6 e AP-9), como son a AC-164, que pon en comunicación Guísamo con Cambre, a AC-162 que conecta Bergondo con Sada, ou a a AC-163 que pon en contacto Sada co porto de Mera en Oleiros. Finalmente, bordeando o litoral destaca a AC-173 entre Mera e Perilló.

**Mapa 4. Mapa de estradas do GALP Golfo Artabro Sur.**



Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Ministerio de Fomento. 2015.

O GALP conta con catro portos pesqueiros e oito portos náuticos, estes últimos sitúanse principalmente na Coruña e Sada. Os portos náuticos albergan 2.646 puntos de amarre, destacando o porto de Marina Sada con 770.

O concello de A Coruña conta con dous puntos de venta de peixe, principalmente a lonxa xestionada de xeito privado que por volume de venta é o principal mercado de peixe fresco de Galicia, e a lonxa xestionada pola confraría de pescadores que ten un volume de vendas notablemente menor. Sada tamén ten unha lonxa, que ten un volume intermedio con respecto ás outras dúas lonxas comentadas.

Os portos de A Coruña, Sada e Lorbé e Mera (estes dous últimos no concello de Oleiros) contan con confrarías, as cales agrupan un total de 339 persoas.

**Táboa 14. Portos pesqueiros segundo concellos.**

Concello	Nome porto
A Coruña	A Coruña
Oleiros	Lorbé
Oleiros	Mera
Sada	Sada

Fonte: Portos de Galicia. 2016.

**Táboa 15. Portos náuticos e número de amarres segundo concellos.**

Concello	Xestor	Nome	Número amarres
A Coruña	Autoridade Portuaria da Coruña	Marina Coruña	480
A Coruña	Autoridade Portuaria da Coruña	Real Club Nautico A Coruña	100
A Coruña	Autoridade Portuaria da Coruña	Nauta Coruña	120
A Coruña	Autoridade Portuaria da Coruña	Marina Real	353
A Coruña	Autoridade Portuaria da Coruña	Marina Seca	160
A Coruña	Autoridade Portuaria da Coruña	Club Marítimo Oza "O Puntal"	350
Sada	Porto de Sada	Marina Sada	770
Sada	Porto de Sada	Club Nautico de Sada	313
Total			2.646


Fonte: Portos de Galicia. 2016.

Táboa 16. Lonxas segundo concellos.

Concello	Lonxa
A Coruña	A Coruña (Lonja Coruña, S.A.)
Sada	Sada
A Coruña	A Coruña (Confraría)

Fonte: Plataforma de pesca. Xunta de Galicia. 2016.

Mapa 5. Portos pesqueiros, portos deportivos e lonxas do GALP Golfo Artabro Sur.



Fonte: Elaboración propia.

Táboa 17. Confrarías segundo concellos.

Concello	Nome
A Coruña	Confraría de Pescadores de A Coruña
Sada	Confraría de Pescadores de Sada
Oleiros	Confraría de Pescadores de Lorbé
Oleiros	Confraría de Pescadores de Mera

Fonte: Rexistro de Confrarías. Xunta de Galicia. 2016.

Ademais das infraestruturas de comunicación por estrada e mar, habería que destacar a importante presenza do aeroporto de Alvedro no concello de Culleredo, o cal moveu a 979.000 viaxeiros en 2014, ou o tránsito de cruceiros no porto da Coruña, que supuxo o desembarco de 129.597 persoas nese mesmo ano. No apartado de turismo analizáranse máis polo miúdo os datos de viaxeiros nestas dúas infraestruturas.

### 3.1.2. Demografía

#### Características básicas.

A poboación total dos concellos que compoñen o GALP Golfo Artabro Sur é de 384.962 persoas. Neste capítulo imos tomar como referencia ao conxunto da poboación do concello da Coruña, debido a que a segmentación e caracterización da mesma nas diferentes fontes estatísticas manexadas ven definida a esta escala, se ben a efectos de cómputo da poboación obxectivo definida para a estratexia redúcese considerablemente para este concello. Para ver o cálculo do poboación dependente do sector da pesca pódese ver o capítulo 3.1.1.

Así, a concentración de poboación no concello da Coruña é preponderante tomando como referencia os datos da poboación natural, seguido a notable distancia polos concellos de Oleiros, Arteixo, Culleredo e Cambre. Nun escalón por baixo en canto a volume de poboación situáramos a Sada e Bergondo.


Ademais da notable densidade de poboación que se rexistra na zona, 1.136 habitantes por km<sup>2</sup>, moi por riba dos parámetros rexistrados a nivel provincial e galego, tamén destaca a evolución favorable da poboación, tanto se tomamos como referencia os últimos 15 anos como o período comprendido entre 2007-2015.

O modelo demográfico desta zona segue unha tendencia oposta ao devalo demográfico que se produce na provincia e no conxunto galego, dado que responde a un modelo claramente urbanizado, cunha menor incidencia dos procesos de envellecemento e de dispersión da poboación.

**Táboa 18. Poboación, porcentaxe sobre total do GALP, superficie e densidade. 2015.**

Concello	Poboación	Porcentaxe de poboación	Superficie Km	Densidade de poboación
Arteixo	30.950	8,0%	93,7	330,3
Bergondo	6.700	1,7%	32,7	204,9
Cambre	24.076	6,3%	40,7	591,5
Coruña, A	243.870	63,3%	37,8	6.451,6
Culleredo	29.593	7,7%	61,7	479,6
Oleiros	34.693	9,0%	43,7	793,9
Sada	15.080	3,9%	27,5	548,4
GALP	384.962	100,0%	337,8	1.139,6
Provincia A Coruña	1.127.196		7.950,4	142,0
Galicia	2.732.347		29.574,8	92,5

Fonte: Padrón municipal de habitantes. Estatísticas sobre territorio. IGE

**Gráfico 1. Distribución da poboación segundo concellos do GALP. 2015.**

Fonte: Padrón municipal de habitantes. IGE

O crecemento neto máis importante de poboación no territorio produciuse entre os primeiros anos do período comprendido entre 1999 e 2015, dado que o incremento para o conxunto foi do 12,0% mentres que entre 2007 e 2015 foi do 3,2%. Esta ralentización do crecemento pode deberse aos efectos da crise económica, especialmente dura nos núcleos urbanos galegos, dado que só se incrementou en algo máis de 11.000 persoas o contingente de poboación entre 2007 e 2015.

Así e todo, a poboación seguiu aumentando entre 2007 e 2015 o que contravén as tendencias decrecentes seguidas pola provincia e o conxunto de Galicia. Esta evolución positiva dos últimos anos tamén foi máis intensa nos concellos que circundan A Coruña, sobre todo Arteixo e Culleredo, que nos concellos máis interiores como Bergondo ou Cambre. No que respecta ao concello da Coruña, produciuse un estancamento nos últimos cinco anos, dado que a poboación tan só decreceu nun 0,2%.





Táboa 19. Evolución da poboación entre 1999 e 2015.

	1999	2015	Evolución 1999-2015
Arteixo	21.679	30.950	42,8%
Bergondo	5.941	6.700	12,8%
Cambre	17.074	24.076	41,0%
Coruña, A	243.402	243.870	0,2%
Culleredo	19.867	29.593	49,0%
Oleiros	25.166	34.693	37,9%
Sada	10.621	15.080	42,0%
GALP	343.750	384.962	12,0%
Provincia A Coruña	1.108.980	1.127.196	1,6%
Galicia	2.730.337	2.732.347	0,1%

Fonte: Padrón municipal de habitantes. IGE


Táboa 20. Evolución da poboación entre 2007 e 2015.

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2007-2015
Arteixo	27.713	28.961	29.762	30.255	30.482	30.725	31.005	30.857	30.950	11,7%
Bergondo	6.540	6.683	6.696	6.758	6.722	6.712	6.738	6.702	6.700	2,4%
Cambre	22.513	22.900	23.231	23.621	23.649	23.879	23.999	24.029	24.076	6,9%
Coruña, A	244.388	245.164	246.056	246.047	246.028	246.146	245.923	244.810	243.870	-0,2%
Culleredo	26.707	27.670	28.227	28.737	29.207	29.416	29.415	29.434	29.593	10,8%
Oleiros	31.694	32.381	33.443	33.550	34.133	34.386	34.470	34.563	34.693	9,5%
Sada	13.606	14.036	14.487	14.734	14.870	14.922	15.075	15.156	15.080	10,8%
GALP	373.161	377.795	381.902	383.702	385.091	386.186	386.625	385.551	384.962	3,2%
Provincia	1.132.792	1.139.121	1.145.488	1.146.458	1.147.124	1.143.911	1.138.161	1.132.735	1.127.196	-0,5%
Galicia	2.772.533	2.784.169	2.796.089	2.797.653	2.795.422	2.781.498	2.765.940	2.748.695	2.732.347	-1,4%

Fonte: Padrón municipal de habitantes. IGE

A análise da poboación segundo xénero e idade permítenos sinalar un certo envellecemento da poboación, sobre todo nas mulleres, se ben dunha maneira menos acusada que no conxunto galego. Nos concellos metropolitanos de Arteixo, Culleredo, Oleiros e Cambre obsérvase un maior dinamismo demográfico que no concello da Coruña e, sobre todo, que Sada e Bergondo. Esta situación pode provocar novas necesidades de cobertura de servizos nos próximos anos para estes últimos concellos, dada a maior incidencia dos procesos de envellecemento.

**Gráfico 2. Distribución da poboación do GALP segundo xénero e idade. 2015.**




Fonte: Padrón municipal de habitantes. IGE.

Na comparativa entre a pirámide de poboación do GALP e a do conxunto da comunidade autónoma, obsérvanse as diferenzas sobre todo pola base da pirámide, onde hai unha maior volume de persoas novas no conxunto da zona que para Galicia. Pola contra, a presenza de persoas nos tramos de maior idade son menores no GALP que en Galicia.

A pirámide da poboación está invertida no caso galego, onde a presenza de capas de poboación envellecida teñen un peso notablemente maior que as máis novas, sendo os tramos intermedios os que maior presenza teñen derivado de que corresponden a persoas pertencentes ao fenómeno demográfico do “baby boom” dos anos 60-70 do século XX. En cambio, no caso do GALP, hai un certo equilibrio entre os tramos altos e baixos de idade, máis entre os homes que entre as mulleres, sendo tamén máis notoria a presenza dos tramos intermedios.

Gráfico 3. Pirâmides de poboación do GALP e de Galicia. 2015.



Fonte: Padrón municipal de habitantes. IGE.

Táboa 21. Distribución porcentual da poboación segundo xénero e idade. 2015.

	Menos de 16		De 16 a 64		Máis de 64	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Arteixo	8,4%	7,8%	35,1%	34,1%	6,5%	8,1%
Bergondo	5,9%	6,1%	30,7%	30,7%	11,9%	14,7%
Cambre	8,2%	7,6%	34,0%	34,6%	6,9%	8,6%
Coruña, A	6,5%	6,3%	30,6%	33,2%	9,4%	14,1%
Culleredo	8,9%	8,1%	32,8%	34,3%	7,0%	8,9%
Oleiros	8,4%	7,7%	32,0%	33,3%	8,2%	10,4%
Sada	7,2%	6,6%	31,8%	31,9%	10,2%	12,3%
GALP	7,1%	6,8%	31,5%	33,4%	8,8%	12,5%
Provincia	6,6%	6,2%	31,6%	32,2%	9,8%	13,5%
Galicia	6,5%	6,2%	31,5%	31,8%	10,1%	13,9%

Fonte: Padrón municipal de habitantes. IGE.

O diferente perfil da poboación existente nos concellos do GALP maniféstase claramente se observamos a distribución porcentual segundo grandes continxentes de idade. Nos concellos de Culleredo, Arteixo, Oleiros e Cambre os homes menores de 16 anos teñen maior presenza relativa que os maiores de 64; non sucede así no caso das mulleres debido a súa maior lonxevidade, se ben as respectivas cifras non andan lonxe para ambos tramos de idade.

En cambio, no caso de Bergondo, Sada e A Coruña, a presenza de maiores de 64 anos é máis significativa que a de menores de 16 anos, tanto para os homes como para as mulleres. De aí se deriva que tanto no concello máis central como nos máis orientais da zona detéctase un proceso de envellecemento maior.

Derivado desta situación, as persoas maiores de 64 anos representan o 21,3% da poboación fronte ao 13,9% dos menores de 16 anos. Aínda así, esta última porcentaxe segue a ser máis alta que a que se dá para o conxunto da provincia e de Galicia, 12,8% e 12,7%, respectivamente.

Parece que o conxunto da zona esta indo a un proceso de transición demográfica cara unha sociedade algo máis envellecida, debido sobre todo a situación que se produce no concello da Coruña, Sada e Bergondo. O maior dinamismo de Arteixo, Culleredo, Oleiros e Cambre actúa como contrapeso a esta tendencia xenérica, haberá que esperar aos próximos anos para ver cal das dúas tendencias tende a consolidarse.



### Indicadores de poboación

Os indicadores de envellecemento, índice de dependencia global, índice de dependencia xuvenil e senil, e índice de recambio da poboación en idade activa van a sintetizar algúns dos trazos que se veñen describindo anteriormente.

En 2015, o índice de envellecemento en Galicia situouse en 151,9, o que significa que por cada 100 persoas menores de 20 anos había case 152 maiores de 64 anos. O GALP Golfo Ártabro Sur presenta un índice de envellecemento claramente menor 125,3 que tamén é inferior ao da provincia.

Este índice ten claras diferenzas se consideramos aos concellos que rodean A Coruña: en Culleredo, Arteixo, Cambre e Oleiros a ratio baixa de 100. Se observamos o dato de Sada, A Coruña e Bergondo, suben claramente de 100.

O índice de dependencia global mide a relación existente entre a poboación dependente (maiores de 64 anos e menores de 16 anos) e a potencialmente activa (entre 16 e 64 anos). Canto menor é o índice menor é o grao de dependencia. No conxunto do GALP o seu valor é inferior ao da provincia e ao galego, sendo notablemente baixo no caso de Culleredo, Arteixo e Cambre. No caso destes tres últimos concellos o valor do índice ven condicionado polo menor peso relativo que teñen os maiores de 64 anos, véndose reflectido no baixo índice de dependencia senil.

O índice de dependencia xuvenil establece a ratio só para a poboación dependente menor de 16 anos, e o de dependencia senil só para a maior de 64 anos. Así a suma destes dous índices é igual ao índice de dependencia global. En Bergondo, A Coruña, e Sada o baixo nivel de dependencia xuvenil vese compensado cun nivel máis alto de dependencia senil, e redunda no aumento do índice de dependencia global, polo que se volve a corrobora a incidencia dos procesos de envellecemento nestes tres concellos. En todo caso o índice de dependencia senil para conxunto do GALP está por baixo do rexistrado a nivel provincial e galego, situación inversa á que se produce para o índice de dependencia xuvenil.

Se queremos ver as posibilidades de recambio da poboación activa (entre 16 e 64 anos) podemos observar o índice que establece un cociente entre a poboación que ten de 60 a 64 anos e o tramo que vai de 15 a 19. Canto menor sexa este indicador maior será o potencial do territorio para xerar posibilidades de recambio. Obsérvase que o potencial do GALP é maior que o da provincia e Galicia xa que o seu índice é máis baixo, se ben está por riba de 100 o que indica que é maior o número de persoas que van deixar de ser activas que a xente que se convertirá en activa nos próximos anos. O índice de recambio é máis positivo nos concellos de Cambre, Culleredo e Arteixo, que nos de Bergondo, A Coruña ou Sada, situándose Oleiros nunha situación intermedia.

Táboa 22. Indicadores de poboación. 2015.

	Índice de envellecemento	Índice de dependencia global	Índice de dependencia xuvenil	Índice de dependencia senil	Índice de recambio da poboación en idade activa
Arteixo	76,1	42,4	21,5	20,9	115,4
Bergondo	190,2	60,0	16,3	43,6	193,8
Cambre	81,6	44,0	21,2	22,8	106,5
Coruña, A	145,7	55,3	19,3	36,0	177,9
Culleredo	66,2	39,0	20,9	18,1	107,5
Oleiros	91,1	50,0	23,0	27,1	131,8
Sada	137,1	56,1	20,3	35,8	151,8
GALP	125,3	52,3	20,0	32,4	155,2
Provincia	146,5	55,0	18,9	36,1	165,5
Galicia	151,9	56,1	18,7	37,4	161,2

Fonte: Indicadores demográficos. IGE.

Coa excepción de Culleredo, o índice de envellecemento medrou en todos os concellos do GALP entre os anos 2007 e 2015, o que indica unha evolución cara un maior envellecemento.

As maiores subas producíronse en Bergondo, Cambre e Oleiros, a pesar de que nestes dous últimos concellos o índice non toma valores moi altos. O índice para o conxunto do GALP aumentou 14 puntos, unha suba menor que a rexistrada para a provincia e Galicia, case 18 puntos para ambos territorios.

O índice de dependencia global tamén aumentou en case todos os concellos, coa única excepción de Culleredo, o que volve a reflectir o seu gran dinamismo demográfico dentro do territorio. As subas máis importantes vólvense a producir para Bergondo, A Coruña e Sada. O conxunto do territorio ten mellores rexistros no índice de dependencia que a provincia e Galicia, tanto en 2007 como en 2015.

Táboa 23. Evolución do índice de envellecemento e índice de dependencia global. 2007-2015.

	Índice de envellecemento		Índice de dependencia global	
	2007	2015	2007	2015
Arteixo	64,8	76,1	36,2	42,4
Bergondo	164,3	190,2	50,1	60,0
Cambre	65,5	81,6	38,5	44,0
Coruña, A	131,2	145,7	44,5	55,3
Culleredo	76,8	66,2	47,2	39,0
Oleiros	75,8	91,1	41,3	50,0
Sada	127,6	137,1	44,7	56,1
GALP	111,2	125,3	43,0	52,3
Provincia	128,9	146,5	46,8	55,0
Galicia	134,2	151,9	49,2	56,1

Fonte: Indicadores demográficos. IGE.

### Movemento natural da poboación

A dinámica seguida polos nacementos e defuncións no conxunto do territorio do GALP segue pautas diferentes durante o período 2007-2015. Se nos nacementos o pico dos mesmos se produce en 2008 e 2009, onde hai 9,9 e 9,6 nacementos por cada mil habitantes para posteriormente ir descendendo ata 2014 e remontar lixeiramente en 2015, no caso das defuncións hai unha certa estabilidade con leves oscilacións entre os diferentes anos. Por tanto, pódese observar que a crise económica tivo efectos sobre os nacementos ocorridos na zona. O patrón seguido polos nacementos e defuncións é similar ao que ocorre para a provincia e Galicia, se ben con valores maiores da taxa de natalidade e menores da taxa de mortandade no caso do GALP.

Nos últimos anos, as taxas de natalidade máis altas tenden a presentarse nos concellos de Arteixo e Bergondo mentres que son máis baixas no caso do concello de Bergondo. A Coruña que marca notablemente a pauta seguida polo conxunto do GALP, tivo un descenso claro da taxa de natalidade partir de 2010 do que aínda non se recuperou. As taxas de mortandade tenden a ser máis altas en Bergondo, pero tamén acadan valores salientables na Coruña e Oleiros. En cambio esta baixa bastante nos concellos máis dinámicos de Arteixo e Culleredo.

Táboa 24. Evolución da tasa de natalidade. En tantos por mil.

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Arteixo	13,3	11,7	11,5	12,9	12,0	9,9	9,6	9,2	10,1
Bergondo	6,3	6,3	7,0	4,3	6,1	6,6	5,5	5,7	5,1
Cambre	10,1	11,4	11,3	9,1	10,1	7,8	8,2	7,7	7,9
Coruña, A	8,1	9,2	9,2	8,7	8,4	8,5	8,0	7,7	7,8
Culleredo	13,6	13,1	11,6	11,3	10,8	10,2	9,9	9,2	8,0
Oleiros	9,3	9,5	8,9	9,9	8,9	8,8	8,6	7,3	8,2
Sada	8,7	11,2	9,8	8,4	8,0	8,9	8,2	7,2	8,2
GALP 2 Sur	9,1	9,9	9,6	9,2	8,9	8,7	8,3	7,9	8,0
Provincia	8,0	8,6	8,3	8,2	8,1	7,9	7,4	7,3	7,4
Galicia	7,8	8,3	8,1	7,9	7,7	7,6	7,1	7,1	7,1

Fonte: Movemento natural da poboación. IGE.

Táboa 25. Evolución da tasa de mortandade. En tantos por mil.

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Arteixo	6,6	6,2	5,5	6,5	6,2	6,6	6,9	6,3	7,9
Bergondo	12,2	12,3	12,4	10,4	9,2	12,4	11,4	12,1	13,1
Cambre	5,7	6,5	6,4	5,2	7,0	6,6	6,6	5,9	7,2
Coruña, A	9,8	9,2	10,0	9,3	9,5	9,8	9,7	9,8	10,1
Culleredo	6,3	6,8	7,5	7,0	6,6	7,5	7,4	7,1	7,7
Oleiros	9,1	8,0	10,2	8,3	9,3	9,9	9,6	9,6	9,3
Sada	9,0	9,0	9,1	7,8	9,2	7,5	7,9	10,3	9,6
GALP	9,0	8,6	9,3	8,5	8,8	9,1	9,0	9,1	9,5
Provincia	10,5	10,2	10,5	10,2	10,2	10,5	10,7	10,6	11,1
Galicia	10,9	10,6	10,8	10,6	10,7	11,1	11,0	10,9	11,5


Fonte: Movemento natural da poboación. IGE.



A evolución negativa dos nacementos e a estabilidade das defuncións teñen como corolario que a taxa de crecemento vexetativo sexa negativo a partir de 2012, tendo o seu mellor comportamento en 2008 e 2010, 1,3 por mil e 0,7 por mil respectivamente. Este comportamento é notoriamente máis positivo que o experimentado polo conxunto da provincia e Galicia que tiveron un comportamento negativo en todo o período analizado, e cunha intensificación dos valores negativos das taxas nos últimos anos.

A nivel de concellos o comportamento vai desde os valores positivos do crecemento vexetativo de Arteixo, Cambre e Culleredo durante todo o período, aínda que tenden a descender a partir de 2012, coa evolución negativa de Bergondo e A Coruña, sobre todo do primeiro, que obtén taxas de -6,4 e -8,1 por mil nos dous últimos anos. Os concellos de Oleiros e Sada teñen un comportamento oscilante no período se ben a tendencia dos últimos anos é a de ter un decrecemento das dúas taxas.

**Gráfico 4. Evolución da taxa de crecemento vexetativo. 2007-2015.**



Fonte: Movemento natural da poboación. IGE.

**Táboa 26. Evolución da tasa de crecemento vexetativo segundo concello. 2007-2015. En tantos por mil.**

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Arteixo	6,7	5,5	6,0	6,3	5,9	3,3	2,7	2,9	2,3
Bergondo	-6,0	-6,0	-5,4	-6,1	-3,1	-5,8	-5,9	-6,4	-8,1
Cambre	4,4	4,9	4,9	3,8	3,1	1,2	1,6	1,8	0,7
Coruña, A	-1,8	0,0	-0,8	-0,6	-1,1	-1,2	-1,6	-2,1	-2,3
Culleredo	7,3	6,3	4,1	4,3	4,1	2,7	2,5	2,1	0,3
Oleiros	0,3	1,5	-1,3	1,6	-0,4	-1,2	-1,0	-2,3	-1,0
Sada	-0,2	2,2	0,7	0,6	-1,2	1,4	0,3	-3,1	-1,4
GALP	0,0	1,3	0,4	0,7	0,1	-0,4	-0,7	-1,3	-1,5
Provincia	-2,5	-1,6	-2,2	-2,0	-2,1	-2,6	-3,2	-3,4	-3,7
Galicia	-3,0	-2,3	-2,7	-2,8	-3,0	-3,5	-3,9	-3,7	-4,4

Fonte: Movemento natural da poboación. IGE.

#### **Poboación estranxeira e movementos migratorios.**

Outro dos elementos que pode incidir nos movementos de poboación dunha zona territorial son os movementos de carácter migratorio e a presenza de poboación estranxeira na zona. Como se pode observar na táboa seguinte, a poboación estranxeira representa na zona un 4,1% da poboación total, un dato notablemente máis baixo en Bergondo e Cambre, 2,3% e 2,9% respectivamente, e claramente máis alto en Sada, Arteixo e A Coruña.

Os valores do GALP están por riba das porcentaxes respectivas da provincia da Coruña e do conxunto de Galicia, polo que o territorio funciona como un polo atractor para a emigración que ven cara a Galicia, elemento que pode axudar a paliar a ralentización do crecemento vexetativo.

**Táboa 27. Poboación estranxeira, poboación total e porcentaxe. 2015.**

	Estranxeira	Total	% Poboación estranxeira
Arteixo	1.402	30.950	4,5%
Bergondo	153	6.700	2,3%
Cambre	702	24.076	2,9%
Coruña, A	10.753	243.870	4,4%
Culleredo	958	29.593	3,2%
Oleiros	1.237	34.693	3,6%
Sada	683	15.080	4,5%
GALP	15.888	384.962	4,1%
Provincia A Coruña	32.480	1.127.196	2,9%
Galicia	90.641	2.732.347	3,3%

Fonte: Padrón municipal de habitantes. IGE

A emigración interna atende aos movementos que se producen dentro de Galicia, en tanto que a externa contabiliza os que se producen fóra deste territorio. Como se pode observar en todos os concellos e zonas, é claramente maior a emigración interna que externa. No tocante á emigración externa, destacan as porcentaxes acadadas na Coruña, 14,9 emigrantes por cada 1.000 habitantes en 2015, Sada, 15,1, e Oleiros, 13,1. Por contra, as taxas máis baixas son as de Cambre, Bergondo e Arteixo, 6,7, 8,2 e 9,9, respectivamente.

Entre 2007 e 2015 as taxas de emigración aumentaron sobre todo en Sada e A Coruña, 4,8 e 3,2 puntos respectivamente. En cambio, descendeu nos casos de Arteixo, Cambre, Culleredo e Oleiros. Tomando en consideración o conxunto da zona, a emigración externa aumentou, e a interna mingou, unha tendencia que tamén se produciu en Galicia e na provincia da Coruña.

Táboa 28. Evolución da tasa de emigración. 2007-2015. En tantos por mil.

	2007			2015		
	Emigración interna	Emigración externa	Total	Emigración interna	Emigración externa	Total
Arteixo	31,5	13,0	44,5	30,0	9,9	39,9
Bergondo	31,7	7,3	39,0	34,3	8,2	42,5
Cambre	39,6	8,9	48,5	36,5	6,7	43,2
Coruña, A	23,8	11,7	35,5	18,4	14,9	33,4
Culleredo	42,8	10,5	53,2	37,2	10,1	47,3
Oleiros	38,3	13,9	52,2	30,2	13,1	43,3
Sada	37,9	10,3	48,2	32,8	15,1	47,9
GALP	28,6	11,6	40,1	23,8	13,4	37,2
Provincia	25,6	9,5	35,1	23,0	11,3	34,2
Galicia	23,5	10,2	33,7	22,5	11,2	33,7

Fonte: Estatística de variacións residenciais. IGE.

En relación á inmigración destacan as maiores taxas que se producen no GALP con respecto ás taxas de emigración, o que vai incidir en que o saldo migratorio sexa claramente positivo, unha situación que non se produce para Galicia e de maneira moi pouco significativa na provincia. Porén, a taxa de inmigración de 2015 é inferior á de 2007, 53,4 e 41,4, respectivamente, o que indica unha perda de forza destes movementos.

Se atendemos á inmigración externa, a que provén de fóra de Galicia, vemos que se produce claramente un descenso pronunciado da taxa (pasa do 21,5 ao 14,4), un descenso máis intenso que o que se produce para Galicia e a provincia da Coruña. Este dato indica que a zona a pesar de seguir a ser un polo de recepción de inmigración en Galicia (de feito as súas taxas seguen a ser superiores) tende a ver minguado o seu potencial receptor nos últimos anos.

Nos concellos de Sada, Oleiros e A Coruña destacan en maior medida as taxas de inmigración externa, mentres que no caso da inmigración interna destacan Sada e Culleredo. A taxa de inmigración global máis baixa é a da Coruña, derivada da baixa incidencia da inmigración interna.

Táboa 29. Evolución da tasa de inmigración. 2007-2015. En tantos por mil.

	2007			2015		
	Inmigración interna	Inmigración externa	Total	Inmigración interna	Inmigración externa	Total
Arteixo	54,2	28,8	83,0	36,2	11,1	47,3
Bergondo	50,9	15,6	66,5	38,1	6,7	44,8
Cambre	48,1	16,6	64,7	35,5	8,8	44,3
Coruña, A	21,1	20,6	41,7	20,7	15,8	36,6
Culleredo	58,3	20,8	79,1	40,1	9,9	50,0
Oleiros	50,1	23,2	73,3	37,8	15,1	52,8
Sada	50,8	31,2	82,0	40,6	16,8	57,4
GALP	31,9	21,5	53,4	27,0	14,4	41,4
Provincia	26,5	16,9	43,4	23,5	11,0	34,4
Galicia	23,5	17,2	40,8	22,5	11,0	33,4

Fonte: Estatística de variacións residenciais. IGE.

A evolución do saldo migratorio segue unha secuencia moi similar á dos dous momentos de maior intensidade da crise económica que sufriu España e Galicia durante o período comprendido entre 2007 e 2015. Así, houbo un descenso brusco do saldo ata 2009, un leve repunte ata 2011, para posteriormente volver a descender ata 2013, onde se alcanza un decrecemento do -0,2. Nos dous últimos anos vólvese a producir unha recuperación do saldo, sobre todo en 2015 motivado seguramente por unha mellora das expectativas de carácter económico.

En cambio a tónica seguida por Galicia é a dun descenso paulatino do saldo migratorio, tendo saldos negativos nos últimos anos. A provincia segue o mesmo esquema pero dun xeito menos intenso e cunha certa ralentización da dinámica negativa nos últimos anos.


A nivel de concellos as caídas máis bruscas ata 2009 prodúcense en Arteixo, Oleiros e Sada, sendo máis matizadas no caso da Coruña, aínda que en 2009 teña un saldo negativo, e Cambre. A recuperación nos dous últimos anos do saldo migratorio é máis intensa en Oleiros, Sada e Arteixo, as taxas acumuladas ascenden a 15,1, 10,7 e 9,2, respectivamente. Aínda habendo recuperación nos seus rexistros, as taxas seguen a ser máis baixas en A Coruña e Cambre.

Táboa 30. Evolución da tasa de saldo migratorio. 2007-2015. En tantos por mil.

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Arteixo	38,4	22,2	12,7	2,8	1,9	6,8	-5,1	1,8	7,4
Bergondo	27,5	9,0	13,6	2,2	3,3	10,4	1,8	5,2	2,2
Cambre	16,2	13,3	12,2	0,0	6,0	2,8	0,5	2,5	1,0
Coruña, A	6,3	2,8	-1,2	2,2	5,2	1,0	-0,9	2,0	3,2
Culleredo	25,8	16,9	12,2	11,3	5,4	-1,5	2,0	4,4	2,7
Oleiros	21,0	23,1	4,5	15,4	9,9	4,0	3,0	5,5	9,6
Sada	33,8	32,5	17,5	5,5	9,5	11,2	8,3	1,3	9,4
GALP	13,3	8,9	3,2	4,1	5,5	2,2	-0,2	2,5	4,2
Provincia	8,3	6,7	3,4	3,2	2,6	0,7	-1,0	-0,1	0,2
Galicia	7,1	6,4	3,8	2,4	1,7	0,4	-1,0	-0,8	-0,3

Fonte: Estatística de variacións residenciais. IGE.

Gráfico 5. Evolución da tasa de saldo migratorio en tantos por mil. 2007-2015.



Fonte: Movemento natural da poboación. IGE.

### Centros de ensino e nivel de estudos

No conxunto do territorio hai un total de 135 centros de ensino, que representan o 24,4% do total de centros que hai na provincia da Coruña.

En función da súa titularidade podemos sinalar que predominan os centros de carácter público sobre os privados ou concertados, 69,6% fronte a 30,4%. A presenza relativa de centros educativos de carácter privado é maior na zona que na provincia, 20,0%, e Galicia, 20,3%.

Aínda así, os centros educativos de carácter privado tenden a concentrarse no concello da Coruña 32 de 41, e contan cunha presenza significativa en Culleredo, 4 de 11 centros. No resto de concellos predomina moi claramente os centros educativos de carácter público.

**Táboa 31. Centros de ensino segundo titularidade. 2015.**


	Públicos	Privados	Total
Arteixo	12	2	14
Bergondo	3	0	3
Cambre	10	0	10
Coruña, A	48	32	80
Culleredo	7	4	11
Oleiros	8	2	10
Sada	6	1	7
GALP	94	41	135
Provincia	443	111	554
Galicia	1.129	287	1.416

Fonte: Directorio de centros de ensino. Consellería de Educación e Cultura.

Ata un 24,3% da poboación conta con estudos de terceiro grao (estudos universitarios ou superiores) unha porcentaxe netamente superior á provincial (17,8%) e á galega (15,9%). Este maior nivel formativo do GALP tamén se reflicte nas menores porcentaxes que hai de poboación analfabeta, 0,9%, fronte ao 1,5% da provincia e o 1,4% de Galicia.

En función do xénero, obsérvase unha maior porcentaxe de mulleres con estudos de terceiro grao que os homes, pero tamén unha maior porcentaxe de mulleres sen estudos e/ou analfabetas, o que seguramente estea relacionado cunha fenda xeneracional onde as mulleres con idades máis novas tenden a ter un maior nivel de estudos que as mulleres de maior idade.

A maioría da poboación conta con estudos secundarios, 54,4%, unha circunstancia que tamén se produce no conxunto da provincia e en Galicia.

**Gráfico 6. Nivel de estudos da poboación maior de 16 anos. 2011.**

Fonte: Censo de poboación e vivendas. INE.

A nivel de concellos destaca a maior presenza de persoas con formación universitaria nos concellos de Oleiros e A Coruña, 27,7% e 26,7%, concellos que como se verá máis adiante teñen un maior nivel de renda que os restantes. Estas porcentaxes baixan para os concellos de Arteixo, 11,0%, e Cambre, 16,4%, estando nunha situación intermedia os restantes concellos.

A poboación sen estudos e analfabeta ten unha maior presenza en Arteixo, 10,7% e 2,2% respectivamente, destacando tamén a maior presenza de poboación con estudos primarios no concello de Bergondo, 20,2%, sobre todo entre as mulleres, 11,6%.



**Táboa 32. Nivel de estudos da poboación maior de 16 anos segundo xénero. 2011.**

	Analfabetos		Sen estudos		Primeiro grao		Segundo grao		Terceiro grao	
	Home	Muller	Home	Muller	Home	Muller	Home	Muller	Home	Muller
Arteixo	0,5%	1,7%	4,4%	6,3%	7,6%	6,9%	33,0%	28,6%	3,9%	7,1%
Bergondo	0,0%	0,2%	2,5%	5,3%	8,6%	11,6%	29,2%	23,1%	8,1%	11,5%
Cambre	0,5%	0,3%	3,1%	5,2%	6,1%	6,8%	32,1%	29,4%	6,7%	9,7%
Coruña, A	0,2%	0,5%	2,2%	5,1%	5,0%	7,5%	26,4%	26,3%	11,9%	14,8%
Culleredo	0,5%	0,9%	3,5%	4,2%	5,3%	6,9%	29,8%	27,2%	8,9%	12,9%
Oleiros	0,3%	0,5%	2,6%	4,3%	5,1%	7,6%	28,1%	23,9%	12,4%	15,2%
Sada	0,3%	0,6%	1,9%	3,8%	6,3%	8,1%	29,7%	28,6%	10,5%	10,1%
GALP	0,3%	0,6%	2,6%	5,0%	5,4%	7,5%	27,9%	26,5%	10,7%	13,6%
Provincia	0,4%	1,1%	4,2%	7,0%	7,6%	8,7%	27,9%	25,4%	7,6%	10,2%
Galicia	0,4%	1,0%	4,3%	7,2%	8,1%	8,9%	28,4%	25,7%	6,6%	9,3%

Fonte: Censo de poboación e vivendas. INE.

### Benestar

Un dos indicadores sanitarios que podemos considerar é o de número de médicos por cada 1.000 habitantes. O seu valor para a zona está en consonancia coa estrutura por idades dado que o seu valor é máis baixo para o GALP que para a provincia e Galicia, 0,70 médicos por cada mil habitantes fronte ao 0,81 e 0,94, respectivamente.

Obviamente, a maior volume de poboación, maior número de médicos, tal e como se pode visualizar na distribución do número de médicos por concellos. Así e todo, vese unha maior cobertura no caso de Cambre ou Sada, 0,75 e 0,73, que no caso de Bergondo ou Culleredo, 0,60 e 0,61.

**Táboa 33. Médicos en atención primaria e proporción en tantos por mil . 2015.**

	Médico xeral	Médicos/1.000 habitantes
Arteixo	21	0,68
Bergondo	4	0,60
Cambre	18	0,75
Coruña, A	170	0,70
Culleredo	18	0,61
Oleiros	23	0,66
Sada	11	0,73
GALP	265	0,70
Provincia A Coruña	910	0,81
Galicia	2.569	0,94

Fonte: Servizo Galego de Saúde.

No conxunto do GALP hai 77.598 persoas que están a cobrar unha pensión, cunha presenza levemente superior de mulleres que de homes. A súa porcentaxe sobre a poboación total representa o 20,2%, unha presenza menor que a se produce para o conxunto da provincia e Galicia, 22,9% e 24,0%.

Os pensionistas teñen un maior peso específico en Bergondo, 26,1%, A Coruña, 21,5%, e Sada, 21,1%, o cal garda relación con que son os concellos que contan cun maior nivel de envellecemento. Por contra, a súa presenza relativa descende para Culleredo, Cambre e Arteixo.

Agás no caso da Coruña, que conta cun maior continxente de mulleres pensionistas, no resto de concellos hai unha maior presenza de homes pensionistas.

**Táboa 34. Número de pensionistas segundo xénero. 2015.**

	Número			% sobre poboación total		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Arteixo	2.780	2.390	5.170	9,0%	7,7%	16,7%
Bergondo	906	842	1.748	13,5%	12,6%	26,1%
Cambre	2.109	1.872	3.981	8,8%	7,8%	16,5%
Coruña, A	24.891	27.502	52.393	10,2%	11,3%	21,5%
Culleredo	2.549	2.311	4.860	8,6%	7,8%	16,4%
Oleiros	3.251	3.007	6.258	9,4%	8,7%	18,0%
Sada	1.714	1.474	3.188	11,4%	9,8%	21,1%
GALP	38.200	39.398	77.598	9,9%	10,2%	20,2%
Provincia A Coruña	130.682	127.526	258.208	11,6%	11,3%	22,9%
Galicia	328.602	327.492	656.094	12,0%	12,0%	24,0%

Fonte: IGE a partir de datos facilitados pola Seguridade Social.

As pensións non contributivas ascenderon a 4.075 no conxunto do territorio, o que supón o 5,3% das pensións totais. O acceso da poboación da zona a este tipo de pensións é notablemente menor que no caso provincial, 6,6% do total das pensións, e galego, 6,5%.

Tan só o 1,1% da poboación do GALP percibiu unha pensión non contributiva, tendo maior peso as de xubilación que as de invalidez. Esta porcentaxe foi algo maior no caso de Sada, 1,2%, mentres que é máis baixa en Cambre e Culleredo, 0,8%.

**Táboa 35. Número de pensións non contributivas segundo tipo. 2015.**

	Número			% sobre poboación total		
	Invalidez	Xubilación	Total	Invalidez	Xubilación	Total
Arteixo	123	174	297	0,4%	0,6%	1,0%
Bergondo	17	52	69	0,3%	0,8%	1,0%
Cambre	73	116	189	0,3%	0,5%	0,8%
Coruña, A	1.103	1.651	2.754	0,5%	0,7%	1,1%
Culleredo	77	170	247	0,3%	0,6%	0,8%
Oleiros	96	242	338	0,3%	0,7%	1,0%
Sada	53	128	181	0,4%	0,8%	1,2%
GALP	1.542	2.533	4.075	0,4%	0,7%	1,1%
Provincia	6.006	11.021	17.027	0,5%	1,0%	1,5%
Galicia	16.050	26.682	42.732	0,6%	1,0%	1,6%

Fonte: Consellería de Traballo e benestar.

O número de persoas que recibiron a Renda de Integración Social (RISGA) ou as Axudas de Emerxencia Social (AES) foi de 1.678 persoas, o que supón un 0,4% da poboación. A incidencia deste tipo de axudas é maior que no conxunto da provincia, 0,3%, destacando o feito de que o 48,9% das axudas da provincia se tramitan nos concellos do GALP. En cambio a nivel galego ten unha maior incidencia, 0,5%. En todos os territorios sinalados predominan as axudas do RISGA, se ben a presenza de AES é algo máis alta para o conxunto de Galicia.

A incidencia deste tipo de axudas é máis alta no caso da Coruña, 0,5% da poboación, e menor para Oleiros, Culleredo, Cambre e Bergondo.

**Táboa 36. Beneficiarios da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) e das Axudas de Emerxencia Social (AES). 2014.**

	RISGA	AES	Total	% do total sobre poboación
Arteixo	105	28	133	0,4%
Bergondo	7	4	11	0,2%
Cambre	41	10	51	0,2%
Coruña, A	1.113	205	1.318	0,5%
Culleredo	61	12	73	0,2%
Oleiros	45	7	52	0,1%
Sada	31	9	40	0,3%
GALP	1.403	275	1.678	0,4%
Provincia	2.808	624	3.432	0,3%
Galicia	9.713	2.727	12.440	0,5%

Fonte: Consellería de Traballo e benestar.


### 3.1.3. Mercado laboral

#### Afiliación.

Os datos de afiliación á Seguridade Social vannos permitir ver a evolución do volume de persoas ocupadas. O período analizado amósanos que nos anos 2009 e 2012 prodúcense os maiores descenso nas afiliacións, comezando a partir de 2014 un comportamento positivo. Ademais, tomando como referencia a variación interanual, podemos ver as tendencias paralelas que se produciron tanto para o GALP do Golfo Artabro Sur como para a provincia e Galicia.

Se en 2007 había 154.904 persoas afiliadas á Seguridade Social, en 2015 dito número era de 140.201 persoas, polo que o diferencial indica unha perda de 14.703 afiliacións.

Gráfico 7. Evolución das persoas afiliadas en porcentaxe de variación interanual.



Fonte: Tesourería da Seguridade Social. IGE.

A porcentaxe de perda de afiliación no GALP entre 2007 e 2015 é máis baixa que a rexistrada na provincia e en Galicia. Os concellos que presentan unha maior caída porcentual son Bergondo e A Coruña, ambos por riba do 12%. A destrución de emprego foi menor en Oleiros, Culleredo e Arteixo, -2,3%, -4,7% e -5,8%.

O concello da Coruña presenta o maior volume de persoas afiliadas á Seguridade Social; a notable distancia sitúanse os seus concellos limítrofes: Arteixo, Culleredo e Oleiros. Os

que menor peso teñen son Sada e Bergondo, 3,7% e 1,6%. Unha situación que garda correspondencia cos volumes de poboación dos diferentes concellos.

**Táboa 37. Persoas afiliadas 2015, peso relativo e evolución 2007-2015.**

	2015	P. relativo 2015	2007-2015
Arteixo	12.884	9,2%	-4,7%
Bergondo	2.289	1,6%	-13,8%
Cambre	9.980	7,1%	-5,8%
Coruña, A	84.876	60,5%	-12,3%
Culleredo	12.023	8,6%	-4,7%
Oleiros	12.959	9,2%	-2,3%
Sada	5.191	3,7%	-5,9%
GALP	140.201	100,0%	-9,5%
Provincia A Coruña	389.225		-10,8%
Galicia	920.981		-13,0%

Fonte: Tesourería da Seguridade Social. IGE.

Nunha aproximación á afiliación segundo xénero, un dos primeiros elementos a destacar é o impacto diferencial da crise na destrución de emprego, afectando de maneira máis acusada ao emprego masculino que ao emprego feminino. Para os concellos do GALP as afiliacións de homes baixaron un 17,2% entre 2007 e 2015, fronte a só un 0,6% no caso das mulleres. Esta asimetría tamén se reproduce a nivel provincial e galego, se ben a destrución de emprego foi máis notable para ambos xéneros nos dous territorios.

Un elemento diferencial do GALP con respecto á provincia e Galicia é que o peso das mulleres afiliadas é superior ao dos homes. Esta situación ven condicionada pola distribución no concello da Coruña, dado que nos restantes concellos predomina a afiliación dos homes sobre as mulleres.

A perda de afiliados de xénero masculino durante o período 2007-2015 foi máis intensa en Bergondo e A Coruña, -19,8% e -19,5%, respectivamente, e menos en Oleiros, -9,5%. No tocante ás mulleres, tan só nos concellos de Bergondo e A Coruña houbo unha evolución negativa no conxunto do período mentres que nos restantes concellos foi positiva.

Táboa 38. Persoas afiliadas segundo xénero en 2015 e evolución 2007-2015.

	2015		2007-2015	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Arteixo	6.630	6.254	-14,4%	8,4%
Bergondo	1.175	1.115	-19,8%	-6,4%
Cambre	5.013	4.967	-15,4%	6,5%
Coruña, A	40.692	44.184	-19,5%	-4,3%
Culleredo	6.075	5.948	-13,3%	6,1%
Oleiros	6.538	6.421	-9,5%	6,4%
Sada	2.676	2.515	-15,4%	6,9%
GALP	68.798	71.403	-17,2%	-0,6%
Provincia	198.587	190.638	-18,3%	-1,5%
Galicia	474.185	446.796	-20,3%	-3,7%

Fonte: Tesourería da Seguridade Social. IGE.

O réxime de afiliación maioritario no GALP é o réxime xeral, que representa un 77,1% do total das afiliacións, un valor superior ao que se produce na provincia e en Galicia. Os concellos de Culleredo e Arteixo son os que presentan porcentaxes máis altas de afiliación ao réxime xeral.

A porcentaxe de persoas afiliadas ao réxime de autónomos non alcanza o 20% do total, un nivel de afiliación inferior ao provincial e galego. As maiores porcentaxes alcánzanse en Bergondo, Sada e Oleiros, con porcentaxes por riba do 20%.

Derivado da escasa presenza do sector primario na contratación da zona e a clara preeminencia do sector servizos, o peso dos afiliados a réximes especiais do mar e agrario son baixos, tendo menor incidencia que na provincia da Coruña e en Galicia. As maiores porcentaxes de persoas afiliadas no réxime do mar localízanse en Sada e Oleiros, 1,8% e 0,8% do total das afiliacións.

No conxunto do GALP o peso do réxime especial de empregados do fogar é maior que no caso provincial e galego, destando a súa maior importancia relativa no concello de Bergondo.

Táboa 39. Porcentaxe de persoas afiliadas segundo réxime. 2015.

	Réxime xeral	Réxime especial de autónomos	Réxime especial agrario	Réxime especial do mar	Réxime especial empregados do fogar
Arteixo	79,0%	17,2%	0,2%	0,5%	3,2%
Bergondo	68,8%	26,3%	0,3%	0,2%	4,4%
Cambre	76,3%	19,5%	0,1%	0,2%	3,9%
Coruña, A	77,7%	17,8%	0,1%	0,6%	3,8%
Culleredo	79,1%	16,8%	0,1%	0,3%	3,7%
Oleiros	73,3%	22,2%	0,1%	0,8%	3,7%
Sada	71,2%	23,1%	0,1%	1,8%	3,8%
GALP	77,1%	18,5%	0,1%	0,6%	3,8%
Provincia	71,9%	22,5%	0,4%	2,2%	3,0%
Galicia	70,9%	23,5%	0,5%	2,1%	3,0%

Fonte: Tesourería da Seguridade Social. IGE.

Durante o período 2007-2015 produciuse un incremento das afiliacións das persoas ao réxime especial de empregados do fogar, derivado fundamentalmente ao proceso de regularización que se produciu nestas actividades. O incremento é notablemente alto no caso de Cambre e Arteixo.

O número de persoas afiliadas ten descendido nos restantes réximes no período: -12,0% para o réxime xeral, algo menos que o que sucede na provincia e en Galicia, e destacando a baixa en Bergondo e A Coruña. A redución do réxime de autónomos foi claramente menor que en Galicia ou na provincia, tendo un comportamento positivo en todos os concellos coa excepción da Coruña.


A caída de afiliacións ao réxime especial agraria foi moi clara, se ben hai que sinalar que reflicte unha evolución para valores moi baixos de afiliación para todo o período. As afiliacións ao réxime do mar tamén descendieron, -33,1%, e a un ritmo máis intenso que en Galicia ou a nivel provincial, unha situación que se produciu en todos os concellos.

Táboa 40. Evolución de persoas afiliadas segundo réxime. 2007-2015.

	Réxime xeral	Réxime especial de autónomos	Réxime especial agrario	Réxime especial do mar	Réxime especial empregados do fogar
Arteixo	-6,7%	5,2%	-88,6%	-34,3%	71,7%
Bergondo	-19,0%	8,9%	-90,3%	-50,0%	39,9%
Cambre	-9,4%	5,9%	-90,0%	-36,4%	83,0%
Coruña, A	-14,7%	-6,6%	-28,7%	-33,2%	33,4%
Culleredo	-7,0%	3,0%	-89,8%	-38,3%	52,9%
Oleiros	-4,1%	3,0%	-73,5%	-37,8%	36,1%
Sada	-8,1%	0,2%	-93,2%	-20,9%	56,0%
GALP	-12,0%	-2,5%	-77,4%	-33,1%	41,4%
Provincia	-13,0%	13,4%	-91,2%	-22,8%	46,0%
Galicia	-15,3%	13,6%	-90,9%	-23,8%	39,7%

Fonte: Tesourería da Seguridade Social. IGE.

Gráfico 8. Persoas afiliadas segundo sector de actividade. 2015.



Fonte: Tesourería da Seguridade Social. IGE.

A economía do territorio do GALP está fortemente terciarizada, tal e como se desprende do dato de que un 82,7% das persoas afiliadas pertencen ao sector servizos, unha porcentaxe que se sitúa 9,7 puntos por riba da porcentaxe provincial e 11,2 da porcentaxe galega. Esta maior presenza relativa do sector servizos vai ir en detrimento dos outros sectores, sendo a súa incidencia máis alta nos concellos da Coruña e Oleiros.



A pesar da forte presenza do sector industrial na zona, o seu peso relativo na afiliación, 10,2%, é menor que en Galicia e a provincia. Porén, no caso de Arteixo o peso da industria é claramente máis alta que nos tres territorios comentados con anterioridade.

Se analizamos a pesca xunto coa agricultura de forma agregada, obsérvase que a súa importancia relativa é máis baixa no GALP do Golfo Ártabro que na provincia e en Galicia. Aínda así, nos concellos de Sada e Bergondo a súa incidencia é algo maior que no resto dos concellos.

Por último, a construción representa o 6,2% das afiliacións no GALP, 8,0% na provincia e 7,6% en Galicia, destacando máis o seu valor en Arteixo, 9,5%, e Bergondo, 8,6%.

**Táboa 41. Persoas afiliadas segundo sector de actividade. 2015.**

	Agricultura e pesca	Industria	Construción	Servizos
Arteixo	1,4%	18,4%	9,5%	70,6%
Bergondo	2,2%	11,8%	8,6%	77,4%
Cambre	1,1%	12,7%	7,6%	78,5%
Coruña, A	0,8%	8,4%	5,1%	85,6%
Culleredo	0,9%	12,1%	7,6%	79,3%
Oleiros	1,1%	9,4%	6,3%	83,2%
Sada	2,5%	10,3%	7,4%	79,7%
GALP	1,0%	10,2%	6,2%	82,7%
Provincia	5,9%	12,9%	8,0%	73,0%
Galicia	6,6%	14,1%	7,6%	71,5%


Fonte: Tesourería da Seguridade Social. IGE.



### Paro rexistrado

Se analizamos o volume de desemprego do GALP Golfo Ártabro Sur a partir dos datos de paro rexistrado do Servizo Público de Emprego, podemos ver que a partir de 2008 iníciase un forte incremento do paro rexistrado que chega ata 2013. A partir deste ano hai un punto de inflexión, iniciándose unha tendencia descendente dos rexistros. Unha tendencia que reproduce a liña seguida pola provincia e Galicia.

**Gráfico 9. Evolución do paro rexistrado no GALP Golfo Artabro Sur.**



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia. IGE.

Se tomamos en consideración o conxunto do período 2007-2015 podemos observar que o paro rexistrado incrementouse nun 64,3%, unha porcentaxe superior á producida na provincia e en Galicia, pasando de ter 19.537 persoas paradas rexistradas en 2007, a ter en 2015 un total de 32.096 persoas.

A Coruña é o concello que ten un maior volume de persoas rexistradas no paro, un total de 20.684 persoas en 2015. Neste concello as persoas rexistradas aumentaron un 58,1%, un rexistro claramente inferior ao que se produciu en Culleredo, 90,2%, e Arteixo, 80,5%.

**Táboa 42. Evolución do paro rexistrado por concellos.**

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2007-2015
Arteixo	1.649	1.910	2.619	2.851	3.045	3.457	3.467	3.219	2.976	80,5%
Bergondo	292	331	419	434	493	588	617	562	488	67,1%
Cambre	1.181	1.237	1.657	1.815	1.933	2.201	2.285	2.193	1.951	65,2%
Coruña, A	13.079	13.671	17.705	19.510	20.591	23.038	23.535	22.256	20.684	58,1%
Culleredo	1.371	1.326	1.496	2.012	2.234	2.406	2.709	2.794	2.608	90,2%
Oleiros	1.282	1.461	1.931	2.119	2.222	2.551	2.624	2.496	2.239	74,6%
Sada	683	697	953	1.037	1.091	1.212	1.270	1.201	1.150	68,4%
GALP	19.537	20.633	26.780	29.778	31.609	35.453	36.507	34.721	32.096	64,3%
Provincia	61.635	65.812	82.938	90.008	95.245	106.842	108.975	100.798	91.655	48,7%
Galicia	150.546	162.512	206.245	226.237	241.323	270.515	276.007	256.960	233.449	55,1%

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia. IGE.

Se anteriormente vimos que o descenso nas afiliacións fora máis intenso nos homes que nas mulleres, a consecuencia lóxica é que tamén se produza un maior aumento de demandantes rexistrados de xénero masculino que feminino. Se os primeiros aumentaron para o conxunto do GALP un 63,0% entre 2008 e 2015, as segundas creceron un 37,1%. En ámbolos dous casos os valores están por riba dos que se producen en Galicia e na provincia.

A pesar desta evolución, a porcentaxe de mulleres paradas é máis alta que a dos homes, unha 53,6% fronte a un 46,4%, circunstancia que se produce en todos os concellos, aínda que en Bergondo as proporcións son moi similares.

Por outra banda, nos concellos de Cambre, Arteixo e Culleredo o aumento de homes parados é especialmente intenso, mentres que o maior incremento relativo de mulleres paradas, produciuse nos concellos de Sada e en Culleredo.

Táboa 43. Distribución do paro rexistrado segundo xénero.


	2008		2015		Porcentaxe 2015		Evolución	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Arteixo	736	1.174	1.413	1.563	47,5%	52,5%	92,0%	33,1%
Bergondo	142	189	243	245	49,8%	50,2%	71,1%	29,6%
Cambre	425	812	889	1.062	45,6%	54,4%	109,2%	30,8%
Coruña, A	5.553	8.118	9.574	11.110	46,3%	53,7%	72,4%	36,9%
Culleredo	588	908	1.089	1.290	45,8%	54,2%	85,2%	42,1%
Oleiros	599	862	1.042	1.197	46,5%	53,5%	74,0%	38,9%
Sada	290	406	521	629	45,3%	54,7%	79,7%	54,9%
GALP	8.333	12.469	14.771	17.096	46,4%	53,6%	77,3%	37,1%
Provincia	26.115	39.697	42.557	49.098	46,4%	53,6%	63,0%	23,7%
Galicia	64.601	97.910	107.932	125.517	46,2%	53,8%	67,1%	28,2%

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia. IGE.

Sen grandes variacións con respecto á provincia e Galicia, a parte máis importante dos parados rexistrados sitúase entre os 35 e 44 anos, seguidos moi de cerca polos que teñen entre 45 e 54 anos. A continuación virían os maiores de 54 anos, seguidos polos que teñen entre 25 e 34 anos. Por último, situaríanse os menores de 25 anos.

Esta distribución dos parados rexistrados por idade reflíctese para todos os concellos da zona marítima, se ben en Bergondo e Sada hai unha maior presenza de parados maiores de 54 anos que noutros concellos, un continxente de poboación que é máis difícil de reintegrar ao mercado laboral.

Gráfico 10. Paro rexistrado segundo idade. 2015.



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia. IGE.

Táboa 44. Distribución do paro rexistrado segundo idade por concellos. 2015.

	Menores 25	De 25 a 34	De 35 a 44	De 45 a 54	Maiores 54
Arteixo	5,4%	17,9%	29,9%	25,1%	21,7%
Bergondo	3,7%	17,8%	26,0%	24,8%	27,7%
Cambre	4,7%	17,3%	25,8%	30,0%	22,3%
Coruña, A	4,6%	19,5%	27,7%	25,8%	22,5%
Culleredo	5,7%	19,0%	27,5%	27,3%	20,5%
Oleiros	4,9%	18,4%	26,7%	28,3%	21,7%
Sada	4,0%	17,4%	24,9%	26,3%	27,4%
GALP	4,7%	19,0%	27,6%	26,3%	22,5%
Provincia	4,9%	19,9%	27,0%	26,0%	22,2%
Galicia	5,2%	20,0%	26,8%	25,9%	22,1%

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia. IGE.

A destrución de emprego durante o período 2007-2015 centrouse fundamentalmente entre as persoas que teñen entre 35 e 54 anos. Así se desprende do aumento dun 93,2% dos parados que teñen entre 45 e 54 anos, e do 78,2% dos que están entre os 35 e os 44 anos. Os que teñen entre 45 e 54 anos aumentaron máis intensamente en Cambre e Culleredo, mentres que os que se sitúan no intervalo anterior o fixeron en Arteixo e A Coruña.

O aumento dos parados rexistrados maiores de 54 anos tamén foi significativo, 63,5%, situándose por riba dos valores relativos da provincia e Galicia, estando por riba desta referencia os concellos de Sada e Cambre.

O aumento dos parados que teñen entre 25 e 34 anos foi menor que nos outros intervalos de idade, 11,7%, chegando incluso a descender no concello de Arteixo, -3,4%. Os parados rexistrados menores de 25 anos descenderon durante este período, se ben a un nivel menor que o que se produce en Galicia e na provincia, debido sobre todo a que unha parte importante deste colectivo retoma os estudos ao verse reducidas as expectativas de traballo ou emigra a outros territorios. Este descenso é claramente máis visible en Bergondo, Cambre ou Sada.

Aínda que non se pode contar co indicador de porcentaxe de paro dado que a Enquisa de Poboación Activa non desagrega a información a nivel local, pódese definir unha porcentaxe do paro rexistrado para o conxunto de poboación de entre 16 e 64 anos, é dicir, sobre a poboación potencialmente activa. Analizando esta porcentaxe pódese observar que o seu valor é similar á provincial e levemente menor ao do conxunto de Galicia. A nivel de concellos, a porcentaxe de paro rexistrado máis baixa prodúcese en Oleiros, mentres que son maiores en Arteixo, A Coruña e Culleredo.

**Táboa 45. Número de parados rexistrados, poboación de entre 16 e 64 anos, porcentaxe de paro rexistrado. 2015.**

	Paro rexistrado	Poboación de entre 16 e 64 anos	% paro rexistrado
Arteixo	2.976	21.418	13,9%
Bergondo	488	4.119	11,8%
Cambre	1.951	16.522	11,8%
Coruña, A	20.684	155.464	13,3%
Culleredo	2.608	19.852	13,1%
Oleiros	2.239	22.677	9,9%
Sada	1.150	9.600	12,0%
GALP	32.096	249.652	12,9%
Provincia	91.655	718.962	12,7%
Galicia	233.449	1.729.491	13,5%


Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE.

**Táboa 46. Evolución do paro rexistrado segundo idade. 2007-2015.**

	Menores 25	De 25 a 34	De 35 a 44	De 45 a 54	Maiores 54
Arteixo	-10,0%	-3,4%	89,6%	106,1%	85,3%
Bergondo	-41,9%	6,1%	71,6%	75,4%	80,0%
Cambre	-24,2%	10,1%	41,3%	143,2%	103,3%
Coruña, A	-13,3%	14,2%	84,5%	82,9%	53,2%
Culleredo	-11,1%	11,1%	62,9%	135,1%	87,3%
Oleiros	-10,6%	10,8%	64,3%	104,2%	66,8%
Sada	-20,7%	19,0%	78,8%	91,1%	105,9%
GALP	-14,1%	11,7%	78,2%	93,2%	63,5%
Provincia	-24,7%	5,8%	58,9%	71,7%	55,0%
Galicia	-23,3%	10,7%	65,6%	77,3%	58,5%

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia. IGE.

Analizando conxuntamente xénero e idade obsérvase que a prevalencia dos intervalos de idade sinalados con anterioridade vense alterados segundo a persoa parada sexa home ou muller. O perfil prevalente entre as mulleres é a das que teñen entre 35 e 44 anos, mentres que para os homes é o de 45 e 54 anos. Por outra parte en todos os intervalos de idade hai máis mulleres desempregadas que homes, coa excepción das que teñen menos de 25 anos.


**Gráfico 11. Distribución do paro rexistrado segundo xénero e idade. 2015.**

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia. IGE.

En relación a Galicia e a provincia da Coruña, no conxunto do GALP hai unha maior presenza de parados con estudos universitarios, 22,3%, pero tamén de parados analfabetos e con estudos primarios incompletos, 25,0%. Por tanto, hai un continxente de parados moi cualificado dentro do territorio que convive cun grupo cun nivel formativo moi baixo. Predomina claramente a porcentaxe de parados con estudos secundarios, 46,4%.

A presenza significativa de parados rexistrados analfabetos ven derivada principalmente do concello da Coruña, 15,4% dos parados. Neste mesmo concello sitúase unha das porcentaxes máis altas de demandantes con estudos postsecundarios, 23,9%, estando só por riba o valor acadado en Oleiros, 25,3%.

Máis da metade dos parados rexistrados teñen estudos secundarios nos concellos de Arteixo, Bergondo, Sada e Cambre, estando por tanto moi preto dos valores provinciais e galegos.

**Gráfico 12. Distribución do paro rexistrado segundo nivel de estudos. 2015.**

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia. IGE.

**Táboa 47. Distribución do paro rexistrado segundo nivel de estudos. 2015.**

	Analfabetos	Estudos primarios incompletos	Estudos primarios completos	Estudos secundarios	Estudos postsecundarios
Arteixo	3,8%	3,6%	12,0%	66,7%	13,9%
Bergondo	1,6%	8,8%	12,5%	54,9%	22,1%
Cambre	6,6%	16,1%	7,4%	50,4%	19,5%
Coruña, A	15,4%	13,2%	5,1%	42,4%	23,9%
Culleredo	7,7%	16,9%	7,5%	47,6%	20,4%
Oleiros	6,6%	14,2%	6,9%	47,0%	25,3%
Sada	6,4%	16,7%	7,1%	51,7%	18,0%
GALP	12,1%	12,9%	6,4%	46,4%	22,3%
Provincia	6,6%	9,3%	10,1%	53,7%	20,3%
Galicia	4,6%	7,1%	12,9%	57,0%	18,4%


Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia. IGE.

As persoas que se atopan en desemprego proceden principalmente de dúas actividades vinculadas ao sector servizos como son o comercio e as actividades administrativas, 17,0% e 12,8%. A continuación, e ao redor do 10%, situáanse a construción, hostalería e industria manufactureira.



No resto de actividades significativas destacan as pertencentes ao sector servizos. Hai que indicar que os demandantes parados procedentes de actividades agrarias e pesqueiras representan o 1,5%.


**Gráfico 13. Distribución do paro rexistrado segundo actividade de procedencia. 2015.**



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia. IGE.

Un indicador que nos pode permitir ver a presenza de mulleres nas diferentes actividades económicas é o peso relativo destas nas diferentes actividades de procedencia dos demandantes de emprego. Así, a presenza das mulleres nas actividades de fogares e nas sanitarias e de servizos sociais ou educación é moi maioritaria, representando o 90,4%, 83,6% e 70,1% dos demandantes.

En liñas xerais pódese observar que as actividades vinculadas a servizos teñen unha maior presenza feminina, mentres que se reduce notablemente para transporte, fornecemento de auga, industrias extractivas, agricultura e pesca e construción, con porcentaxes por baixo do 25%.

**Gráfico 14. Porcentaxe de mulleres paradas segundo actividade de procedencia. 2015.**

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia. IGE.


Os parados de longa duración, os que están en situación de desemprego máis dun ano, representan ao 48,5% dos demandantes rexistrados, unha porcentaxe similar á que se produce na provincia da Coruña e en Galicia. Os parados de curta duración, de 0 a 6 meses, representan o 34,3%, unha vez máis sen grandes diferenzas coa provincia e Galicia.

En función do xénero obsérvase que algo máis da metade das demandantes mulleres son paradas de longa duración, sendo menor a porcentaxe no caso dos homes.

Os parados de longa duración teñen unha maior presenza nos concellos de Bergondo e A Coruña, 50,2% e 49,2%; en ambos concellos a presenza relativa dos homes e mulleres como persoas desempregadas de longa duración é maior que no resto de concellos.

Aínda predominando as persoas desempregadas de longa duración, nos concellos de Arteixo, Culleredo e Oleiros, a presenza relativa de parados de curta duración aumenta, o que pode indicar unha maior mobilidade na contratación nestes concellos.

Gráfico 15. Distribución dos parados rexistrados segundo tempo de busca de emprego. 2015.



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia. IGE.

Táboa 48. Distribución do paro rexistrado segundo tempo de busca de emprego. 2015.

	0 a 6 meses			Máis de 6 meses e 1 ano			Máis de 1 ano		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Arteixo	42,1%	36,9%	39,3%	13,8%	13,6%	13,7%	44,1%	49,5%	46,9%
Bergondo	37,0%	33,5%	35,0%	13,2%	15,9%	14,5%	49,8%	50,2%	50,2%
Cambre	39,3%	36,2%	37,6%	15,1%	14,6%	14,9%	45,6%	49,3%	47,6%
Coruña, A	38,8%	34,7%	36,6%	13,9%	14,5%	14,2%	47,3%	50,8%	49,2%
Culleredo	41,5%	37,4%	39,3%	15,0%	14,7%	14,8%	43,4%	47,8%	45,8%
Oleiros	40,5%	37,9%	39,1%	13,8%	14,9%	14,4%	45,8%	47,1%	46,5%
Sada	37,0%	35,1%	36,0%	14,4%	14,9%	14,8%	48,6%	49,8%	49,2%
GALP	36,3%	32,6%	34,3%	14,0%	14,5%	14,3%	46,6%	50,1%	48,5%
A Coruña	39,4%	35,9%	37,5%	13,9%	14,4%	14,2%	46,7%	49,7%	48,3%
Galicia	40,0%	35,6%	37,6%	14,2%	14,3%	14,3%	45,8%	50,0%	48,1%


Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia. IGE.

### Contratación

Os contratos rexistrados na zona marítima descenderon abruptamente ata 2009, pasando de estar rexistrados 165.890 contratos a 120.847. Posteriormente durante os anos 2009 e 2012 produciuse unha estabilización dos contratos nun nivel moi baixo, tendo escasa incidencia a reforma laboral de 2010 que incentivaba a contratación temporal e/ou eventual.

A partir de 2013, recupérase a contratación a un ritmo sostido ata 2015. Aínda así, o número de contratos rexistrados en 2015 segue a ser inferior ao rexistrado en 2007, polo que non se recuperaron os rexistros previos á crise económica.

**Gráfico 16. Número de contratos rexistrados no GALP Golfo Artabro Sur. 2007-2015.**



Fonte: Base de contratos rexistrados. Consellería de Traballo e Benestar.

No período 2007-2015 a contratación baixou un 4,6%, un ritmo superior ao que sucedeu na provincia e en Galicia. A nivel de concellos do GALP hai un comportamento dispar, por unha banda concellos como Bergondo, Oleiros, Culleredo ou Cambre teñen aumentado notablemente o volume de contratos rexistrados no período, sobre todo no caso do primeiro concello, se ben hai que ter en conta que este incremento está sustentado nun claro aumento da contratación temporal e/ou eventual.

En cambio, concellos como Sada, A Coruña ou Arteixo rexistran un menor número de contratos en 2015 que en 2007. A tónica marcada pola Coruña vai condicionar o rexistro que obteña globalmente o GALP dado o seu importante volume de contratos.

Táboa 49. Número de contratos 2015, peso relativo e evolución 2007-2015.

	2015	Porcentaxe 2015	Evolución 2007-2015
Arteixo	12.038	7,6%	-10,9%
Bergondo	9.522	6,0%	110,0%
Cambre	5.605	3,5%	17,6%
Coruña, A	113.384	71,6%	-11,0%
Culleredo	8.089	5,1%	22,1%
Oleiros	7.250	4,6%	27,0%
Sada	2.389	1,5%	-27,7%
GALP	158.277	100,0%	-4,6%
Provincia	363.530		-2,7%
Galicia	877.834		1,5%

Fonte: Base de contratos rexistrados. Consellería de Traballo e Benestar.

No territorio prodúcese un predominio da contratación feminina sobre a masculina, 51,7% e 48,3%, ao revés do que sucede no caso provincial e galego onde predomina a masculina, 51,1% e 52,8%, respectivamente. Fóra desta tendencia xeral do territorio, sitúanse os concellos de Culleredo, Sada e Cambre, nos que predominan os contratos rexistrados por homes.

A evolución da contratación no período 2007-2015 presenta un comportamento diverxente segundo xénero, dado que mentres os contratos a homes descendeu nun 9,2%, os rexistrados para mulleres aumentou un leve 0,2%. A nivel provincial a destrución da contratación produciuse para os dous xéneros, se ben de maneira máis matizada para as mulleres, mentres que o conxunto de Galicia recuperou e mesmo aumentou os niveis de contratación.

Nos concellos de Sada e A Coruña a contratación descendeu de igual maneira para homes e mulleres. En Bergondo, Oleiros e Culleredo aumentan as contratacións para ambos xéneros se ben, para os dous primeiros, de maneira máis intensa para as mulleres e no caso do último, para os homes. No caso de Arteixo e Cambre a contratación masculina descendeu e aumentou a feminina, dunha maneira máis notable en Cambre.

Táboa 50. Número de contratos segundo xénero en 2015 e evolución 2007-2015.


	2015		Evolución 2007-2015	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Arteixo	47,4%	52,6%	-26,3%	9,8%
Bergondo	38,0%	62,0%	36,2%	214,1%
Cambre	52,6%	47,4%	-3,3%	54,7%
Coruña, A	48,2%	51,8%	-11,7%	-10,4%
Culleredo	61,8%	38,2%	25,1%	17,5%
Oleiros	45,0%	55,0%	6,9%	50,0%
Sada	55,1%	44,9%	-29,9%	-24,9%
GALP	48,3%	51,7%	-9,2%	0,2%
Provincia	51,1%	48,9%	-3,9%	-1,3%
Galicia	52,8%	47,2%	1,6%	1,4%

Fonte: Base de contratos rexistrados. Consellería de Traballo e Benestar.

A metade dos contratos rexistrados da zona marítima son realizados a persoas de entre 16 e 34 anos, unha porcentaxe similar á da provincia e Galicia, 49,1% e 49,2%. No intervalo intermedio (de 35 a 54 anos) concéntrase o 45,2% da contratación en 2015, mentres que os maiores de 54 anos teñen rexistrados o 4,8% dos contratos.

A prevalencia dos contratos para o intervalo máis novo é unha característica máis evidente no concello de A Coruña, 52,0%, Oleiros, 51,3% e Sada, 49,9%, mentres que nos restantes concellos predomina a contratación no intervalo de idade intermedio. Hai que sinalar a maior porcentaxe de persoas contratadas maiores de 54 anos no concello de Culleredo, que chega a un 7,1%, 4,8% no conxunto do GALP.

Gráfico 17. Distribución dos contratos por idade. 2015.



Fonte: Base de contratos rexistrados. Consellería de Traballo e Benestar.

**Táboa 51. Distribución porcentual dos contratos por idade. 2015.**

	De 16 a 34 anos	De 35 a 54 anos	De 55 e máis anos
Arteixo	42,8%	53,0%	4,3%
Bergondo	46,7%	47,8%	5,5%
Cambre	46,0%	49,6%	4,4%
Coruña, A	52,0%	43,4%	4,6%
Culleredo	44,9%	48,0%	7,1%
Oleiros	51,3%	42,8%	5,9%
Sada	49,9%	45,1%	5,0%
GALP	50,0%	45,2%	4,8%
Provincia A Coruña	49,1%	45,7%	5,2%
Galicia	49,2%	45,6%	5,3%

Fonte: Base de contratos rexistrados. Consellería de Traballo e Benestar.

Os contratos eventuais, 40,1%, ou por obra e servizo, 36,1%, predominan claramente entre as diferentes modalidades de contratación, un predominio que tamén se rexistra no conxunto de Galicia e na provincia da Coruña. A continuación se sitúan os contratos de interinidade, 12,4%, e os indefinidos, 5,5%.

Os contratos por obra e servizo teñen unha presenza moi alta no concello de Bergondo, 75,2%, mentres que os eventuais a teñen en Sada, 52,1%, Oleiros, 49,7%, e Culleredo, 47,2%. Pola súa banda, os contratos de interinidade teñen maior presenza en A Coruña e Oleiros, concellos onde hai unha maior presenza de servizos sanitarios e educativos.

A contratación indefinida acada rexistros modestos en todos os concellos, indo do 6,8% en Arteixo a un ínfimo 2,6% en Bergondo.

**Táboa 52. Distribución porcentual dos contratos por tipoloxía. 2015.**

	Indefinido ordinario e fomento do emprego	De obra ou servizo	Eventual por circunst. da produción	Interinid.	En prácticas	Para a formación	Outros	Conversión a indefinidos
Arteixo	6,8%	39,8%	39,4%	8,7%	0,5%	0,7%	0,9%	3,0%
Bergondo	2,6%	75,2%	16,2%	1,9%	0,5%	0,6%	0,5%	2,5%
Cambre	5,9%	43,1%	36,4%	7,4%	0,7%	1,8%	1,5%	3,2%
Coruña, A	5,6%	33,2%	41,0%	14,3%	0,7%	0,9%	1,1%	3,3%
Culleredo	5,5%	33,1%	47,2%	8,2%	0,6%	0,9%	1,1%	3,4%
Oleiros	5,8%	25,0%	49,7%	14,0%	0,4%	0,9%	1,0%	3,1%
Sada	4,6%	25,2%	52,1%	7,3%	2,2%	1,0%	2,5%	5,1%
GALP	5,5%	36,1%	40,1%	12,4%	0,7%	0,9%	1,1%	3,2%
Provincia	4,9%	37,8%	39,0%	11,7%	0,6%	1,2%	1,8%	2,9%
Galicia	4,6%	34,7%	43,2%	10,5%	0,6%	1,4%	2,3%	2,8%

Fonte: Base de contratos rexistrados. Consellería de Traballo e Benestar.

Como nota negativa na evolución da contratación da zona hai que sinalar o descenso da contratación indefinida entre 2007 e 2015, 12,4%, unha tendencia compartida coa provincia e o conxunto de Galicia. Tamén se produce descensos na contratación por obra ou servizo, -5,2%, mentres aumentan as contratación de interinidade, 6,9%, e eventual, 2,3%.

No caso da contratación por obra e servizo contradí a tendencia seguida pola provincia e Galicia, que veu aumentada a contratación neste período. Como dato singular destaca tamén que mentres en Galicia e no conxunto da provincia descenden os contratos en formación, aumenta no caso do territorio, o que indica que é unha figura contractual que pode estar sendo empregada para dar saída laboral a persoas máis novas.

**Táboa 53. Evolución 2007-2015 dos contratos por tipoloxía.**

	GALP	Provincia	Galicia
Indefinido ordinario e fomento do emprego	-12,4%	-12,1%	-17,5%
De obra ou servizo	-5,2%	1,7%	1,7%
Eventual por circunstancias da produción	2,3%	-1,0%	13,1%
Interinidade	6,9%	16,3%	6,7%
En prácticas	-50,0%	-41,2%	-27,3%
Para a formación	20,8%	-9,6%	-6,9%
Outros	-19,7%	-24,4%	-20,5%
Conversións a indefinidos	-48,1%	-48,8%	-50,8%
Total de contratos rexistrados	-4,6%	-2,7%	1,5%

Fonte: Base de contratos rexistrados. Consellería de Traballo e Benestar.

Ao falar da evolución da temporalidade o GALP aumentou a súa taxa entre 2007 e 2015 (8 décimas máis), ao igual que sucede en Galicia e na provincia, (13 décimas e 7 décimas respectivamente). A taxa de temporalidade sitúase no 94,3% da contratación, unha taxa levemente máis alta no caso das mulleres.

Por concellos, Bergondo e Sada acadan as maiores cotas de temporalidade na contratación (97,3% e 95,1%, respectivamente), mentres que Cambre é o concello coa menor taxa (93,8R, un valor inferior á media galega e provincial). En función do xénero destaca o alto grao de temporalidade da contratación de mulleres que se rexistra no concello de Bergondo, (98,5%).



**Táboa 54. Evolución da tasa de temporalidade na contratación segundo xénero.**

	2007			2015		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Arteixo	92,7%	91,5%	94,3%	92,9%	91,6%	94,1%
Bergondo	95,6%	95,3%	95,9%	97,3%	95,3%	98,5%
Cambre	92,0%	93,2%	89,9%	93,8%	93,5%	94,2%
Coruña, A	93,6%	92,7%	94,3%	94,2%	94,1%	94,3%
Culleredo	94,0%	94,5%	93,3%	94,2%	94,7%	93,4%
Oleiros	93,8%	93,6%	94,0%	94,0%	94,4%	93,6%
Sada	94,4%	93,9%	95,1%	95,1%	95,9%	94,1%
GALP	93,5%	92,9%	94,2%	94,3%	94,0%	94,5%
Provincia	94,2%	93,9%	94,5%	94,9%	94,7%	95,2%
Galicia	93,9%	93,5%	94,4%	95,2%	95,3%	95,2%

Fonte: Base de contratos rexistrados. Consellería de Traballo e Benestar.

Un dos trazos singulares da contratación é a presenza dunha maior contratación a tempo parcial na zona marítima que no conxunto da provincia e Galicia, 43,9% fronte ao 39,7% e 36,5%, este tipo de contratación ten maior presenza en Oleiros e A Coruña, sobre todo no primeiro concello onde prevalecen os contratos desta modalidade.

A contratación a tempo completo é a predominante no territorio, 55,7%, unha porcentaxe que é notablemente maior en Bergondo, 86,3%, Arteixo, Culleredo e Sada, con porcentaxes por riba do 60%.

**Táboa 55. Distribución dos contratos segundo tipo de xornada. 2015.**

	A tempo completo	A tempo parcial	Fixo discontinuo
Arteixo	69,3%	30,5%	0,1%
Bergondo	86,3%	13,7%	0,1%
Cambre	53,8%	46,2%	0,0%
Coruña, A	51,8%	47,7%	0,5%
Culleredo	63,7%	36,3%	0,0%
Oleiros	45,7%	53,9%	0,3%
Sada	61,6%	37,8%	0,6%
GALP	55,7%	43,9%	0,4%
Provincia	59,8%	39,7%	0,5%
Galicia	63,0%	36,5%	0,5%

Fonte: Base de contratos rexistrados. Consellería de Traballo e Benestar.

Segundo o nivel de estudos a contratación revela un maior volume de contratación de persoas que contan con estudos secundarios, 59,6% dos contratos, ao igual que sucede na provincial e en Galicia. Os contratados con estudos superiores, 15,6%, están levemente por riba do caso galego e provincial. Os contratados con estudos primarios, 20,0%, ou analfabetos, 4,6%, teñen un nivel de contratación similar ao que se produce na provincia e en Galicia.

Detéctase un maior nivel de contratación de persoas con estudos superiores en Bergondo e menor en Cambre, 23,2% fronte ao 9,3%. As persoas con estudos secundarios teñen unha maior presenza en Oleiros, 64,7%, mentres que os que contan con estudos primarios ou son analfabetos destacan máis en Arteixo, 27,3% e 6,5% da contratación.

Táboa 56. Distribución dos contratos segundo nivel de estudos. 2015.

	Analfabetos	Estudios primarios	Estudios secundarios	Estudios superiores	Sen clasificar
Arteixo	6,5%	27,3%	54,8%	11,3%	0,1%
Bergondo	0,9%	17,3%	58,5%	23,2%	0,0%
Cambre	2,8%	29,8%	57,9%	9,3%	0,2%
Coruña, A	5,1%	18,9%	60,0%	15,8%	0,2%
Culleredo	2,2%	23,3%	59,4%	14,9%	0,1%
Oleiros	2,5%	17,2%	64,7%	14,9%	0,7%
Sada	5,4%	20,5%	58,2%	15,7%	0,2%
GALP	4,6%	20,0%	59,6%	15,6%	0,2%
Provincia	4,0%	20,5%	61,1%	14,3%	0,2%
Galicia	4,6%	20,4%	62,0%	12,8%	0,1%

Fonte: Base de contratos rexistrados. Consellería de Traballo e Benestar.


Por último, se falamos de sectores de actividade económica, o peso do sector servizos no conxunto do territorio vólvese a poñer en evidencia. O 85,0% dos contratos son rexistrados neste sector, 4,8 puntos por riba da porcentaxe provincial e 8,2 puntos da galega.

En cambio, o peso da industria no conxunto do territorio descende claramente en relación a Galicia e a provincia, se ben os concellos de Arteixo e Culleredo se sitúan claramente por riba tanto da media do territorio como da provincia e Galicia.

Da construción deriva o 6,5% da contratación, sendo o seu peso específico máis importante no caso de Culleredo, Bergondo e Cambre.

Tal e como sucedía coas afiliacións á Seguridade Social, o peso da agricultura e pesca na contratación é moi baixo, 0,8%, destacando algo máis a súa importancia para o concello de Sada, 2,4%.

**Gráfico 18. Distribución dos contratos por sector de actividade. 2015.**



Fonte: Base de contratos rexistrados. Consellería de Traballo e Benestar.

**Táboa 57. Distribución dos contratos segundo sector de actividade. 2015.**

	Agricultura e pesca	Industria	Construción	Servizos
Arteixo	0,5%	29,1%	8,3%	62,1%
Bergondo	0,2%	9,9%	10,8%	79,0%
Cambre	0,5%	5,0%	10,0%	84,4%
Coruña, A	0,9%	5,2%	5,1%	88,9%
Culleredo	0,2%	15,2%	19,8%	64,8%
Oleiros	0,6%	2,0%	3,5%	93,9%
Sada	2,4%	6,9%	5,1%	85,6%
GALP	0,8%	7,7%	6,5%	85,0%
Provincia	2,3%	11,1%	6,3%	80,2%
Galicia	3,2%	14,3%	5,7%	76,8%

Fonte: Base de contratos rexistrados. Consellería de Traballo e Benestar.

### 3.1.4. Estrutura económica e empresarial

#### Renda e PIB

O GALP Golfo Ártabro Sur é un territorio cun importante nivel de riqueza se o miramos en termos de renda bruta dispoñible e produto interior bruto. En termos de renda “per capita” a súa media situouse en 17.942,77€ en 2009, claramente por riba do rexistro da provincia, 15.759,80€, e de Galicia, 14.965,44€. Se tomamos como referencia o PIB “per capita”, o valor para o territorio situouse en 26.530,68€, rexistro claramente por riba dos valores provincial e galego.

Ademais, a renda dispoñible bruta do territorio representa o 37,9% da renda da provincia e o 16,4% no caso galego, mentres que o seu PIB representa o 41,6% do da provincia e o 18,7% do galego, o que pode dar unha idea do importante peso específico da economía desta zona para Galicia.

Táboa 58. Renda dispoñible bruta e renda dispoñible bruta por habitante.

	Miles de euros			Euros por habitante		
	2007	2008	2009	2007	2008	2009
Arteixo	360.454,00	390.213,00	407.218,00	12.720,26	13.289,74	13.569,86
Bergondo	104.895,00	110.736,00	113.254,00	15.864,34	16.552,47	16.835,74
Cambre	327.854,00	343.572,00	358.697,00	14.438,45	14.895,16	15.311,92
Coruña, A	4.261.430,00	4.474.318,00	4.578.006,00	17.409,51	18.217,17	18.605,85
Culleredo	422.079,00	449.595,00	479.489,00	15.523,89	16.086,28	16.834,80
Oleiros	597.086,00	636.150,00	676.265,00	18.636,82	19.328,80	20.188,82
Sada	217.412,00	237.562,00	239.449,00	15.730,56	16.656,99	16.388,28
GALP	6.291.210,00	6.642.146,00	6.852.378,00	16.859,24	17.581,35	17.942,77
Provincia	16.797.470,00	17.617.795,00	18.060.688,00	14.786,77	15.417,91	15.759,80
Galicia	39.333.308,00	40.986.404,00	41.857.615,00	14.156,65	14.676,18	14.965,44

Fonte: Contas de distribución da renda dos fogares por concellos. IGE.

Porén esta riqueza non ten unha distribución homoxénea en todo o territorio. Se tomamos en consideración o índice municipal de renda dos fogares (un índice que permite comparar os niveis de renda coa media galega, onde os valores menores de 100 estan por baixo da media galega e os maiores de 100 se sitúan por riba), obsérvase que mentres o conxunto do territorio se sitúa claramente por riba da media galega, está por baixo o concello de Arteixo e moi preto da media os concellos de Cambre e Sada.

En cambio os concellos de Oleiros e A Coruña tiran claramente para arriba da media do territorio, obtendo valores máis altos que o resto de concellos.

Táboa 59. Índice Municipal de Renda dos Fogares.

2009	
Arteixo	90,7
Bergondo	112,5
Cambre	102,3
Coruña, A	124,3
Culleredo	112,5
Oleiros	134,9
Sada	109,5
GALP	119,9
Provincia	105,3
Galicia	100,0

Fonte: Elaboración propia a partir das contas de distribución da renda dos fogares por concellos. IGE.

O volume global de PIB do territorio concéntrase claramente nos concellos da Coruña e Arteixo, sobre todo no primeiro, 60,3% do PIB. Pero se tomamos o PIB “per capita” destaca de xeito moi acentuado o concello de Arteixo, 70.939,00€, un dos concellos coa renda máis alta de Galicia. Este dato ven explicado pola importante presenza de empresas industriais no polígono de Sabón (como Inditex) que tiran á alza deste indicador.


Tamén obtén un valor moi alto o concello de Bergondo, 35.362,00€, e A Coruña, 25.480,00€. En cambio, os restantes concellos teñen un PIB “per capita” máis baixo que o que se produce para Galicia e a Provincia.

Táboa 60. Evolución do PIB e PIB per capita.

	2010			2012		
	Miles de euros	Porcentaxe	Euros por habitante	Miles de euros	Porcentaxe	Euros por habitante
Arteixo	2.164.867,00	20,9%	70.604,00	2.211.230,00	21,6%	70.939,00
Bergondo	229.138,00	2,2%	33.806,00	239.539,00	2,3%	35.362,00
Cambre	358.333,00	3,5%	15.076,00	343.079,00	3,3%	14.260,00
Coruña, A	6.308.069,00	60,8%	26.117,00	6.181.312,00	60,3%	25.480,00
Culleredo	508.326,00	4,9%	17.815,00	483.143,00	4,7%	16.630,00
Oleiros	585.287,00	5,6%	17.420,00	557.833,00	5,4%	16.259,00
Sada	223.253,00	2,2%	14.943,00	227.041,00	2,2%	14.939,00
GALP	10.377.273,00	100,0%	26.996,27	10.243.177,00	100,0%	26.530,68
Provincia	24.990.780,00		21.939,00	24.619.607,00		21.599,00
Galicia	57.052.549,00		20.574,00	54.644.082,00		19.748,00

Fonte: Produto interior bruto municipal. Base 2008. IGE.

**Gráfico 19. PIB per capita por concello. 2012.**



Fonte: Produto interior bruto municipal. Base 2008. IGE.


### Tecido empresarial

O número de empresas destruídas pola crise desde 2009 ascendeu a un total de 1.983. A caída foi paulatina a partir dese ano, sendo a redución para o conxunto do período 2007-2014 dun 3,4%, unha diminución similar á provincial e galega.

Esta redución do tecido empresarial durante o período produciuse principalmente nos concellos da Coruña e Sada, -6,6% e -3,5%, mentres que nos restantes concellos o número de empresas que hai en 2014 é maior que o que había en 2007. Así, destaca o incremento que se produciu en Bergondo, un 13,5% máis de empresas, e en Culleredo ou Arteixo, 5,5% e 4,2%.

Hai que sinalar que o 65% do tecido empresarial procede do concello da Coruña, destacando a cotinuación os concellos de Oleiros e Arteixo, 8,4% e 7,5%.



**Gráfico 20. Evolución do número de empresas no GALP Golfo Artabro Sur.**

Fonte: Directorio de empresas e unidades locais. IGE.

**Táboa 61. Número de empresas, peso relativo e evolución 2007-2014.**

	2014	Porcentaxe 2014	Evolución 2007-2014
Arteixo	2.439	7,5%	4,2%
Bergondo	857	2,6%	13,5%
Cambre	1.906	5,9%	0,9%
Coruña, A	21.076	65,0%	-6,6%
Culleredo	2.233	6,9%	5,5%
Oleiros	2.714	8,4%	2,1%
Sada	1.188	3,7%	-3,5%
GALP	32.413	100,0%	-3,4%
Provincia	83.265		-3,3%
Galicia	198.808		-3,4%

Fonte: Directorio de empresas e unidades locais. IGE.

Os efectos negativos da crise económica no tecido empresarial obsérvanse moi claramente se tomamos como referencia a evolución das altas e baixas empresariais. Se ata 2009 o número de altas era máis alto que o das baixas, aínda que o diferencial entre ambas viña descendendo desde 2007, a partir deste ano é máis alto o número de baixas, o que explica o decrecemento do número de empresas no territorio.

**Gráfico 21. Evolución da porcentaxe de altas e baixas de empresas no GALP.**


Fonte: Directorio de empresas e unidades locais. IGE.

A especialización terciaria das empresas da zona é moi manifesta para o conxunto do GALP, ata o 80,5% das empresas proceden dos servizos, un rexistro por riba do que se recolle para a provincia e Galicia. A presenza dos servizos é mais clara nos concellos de A Coruña, 83,8%, e Oleiros, 82,2%.

O 13,7% das empresas proceden da construción, unha porcentaxe claramente maior no caso de Arteixo, 20,5%, Bergondo, 18,2%, Sada, 17,5%, e Cambre, 17,1%.

Tan só o 5,8% das empresas son de carácter industrial, se ben no caso de Bergondo, Arteixo e Cambre esta porcentaxe é igual ou superior ao 10%, o que denota unha maior peso do sector industrial nestes concellos.



**Gráfico 22. Distribución das empresas por sector de actividade. 2014.**

Fonte: Directorio de empresas e unidades locais. IGE.


**Táboa 62. Distribución das empresas por sector de actividade. 2014.**

	Industria, incluída a enerxía	Construción	Servizos
Arteixo	11,6%	20,5%	67,9%
Bergondo	14,0%	18,2%	67,8%
Cambre	10,0%	17,1%	72,9%
Coruña, A	4,1%	12,1%	83,8%
Culleredo	8,7%	16,4%	74,9%
Oleiros	4,8%	13,1%	82,2%
Sada	6,4%	17,5%	76,1%
GALP	5,8%	13,7%	80,5%
Provincia	7,0%	15,6%	77,4%
Galicia	7,5%	15,8%	76,6%

Fonte: Directorio de empresas e unidades locais. IGE.

Entre as empresas do sector industrial destacan por número as de fabricación de produtos metálicos, as de confección de roupa de vestir e a reparación de maquinaria, que teñen máis de 200 empresas cada unha destas actividades no territorio.

Entre as actividades que contan con máis de 100 empresas destacan industria da alimentación, artes gráficas, fabricación de mobles e outras industrias manufactureiras.

**Gráfico 23. Distribución das empresas do sector da industria. 2014.**

Fonte: Directorio de empresas e unidades locais. IGE.

As empresas vinculadas ao comercio, sexa a retallo ou por xunto, as vinculadas ao sector hostelero, e as actividades xurídicas son as máis destacadas dentro das que operan no sector servizos.

**Táboa 63. Distribución das empresas do sector servizos. 2014.**

	Número	%
Comercio a retallo	4.191	16,1%
Comercio por xunto e intermediarios do comercio	2.744	10,5%
Servizos de comidas e bebidas	2.703	10,4%
Actividades xurídicas e de contabilidade	2.197	8,4%
Servizos técnicos de arquitectura e enxeñaría; ensaios e análises técnicas	1.721	6,6%
Transporte terrestre e por tubaxe	1.452	5,6%
Actividades sanitarias	1.384	5,3%
Actividades inmobiliarias	1.121	4,3%
Outros servizos persoais	1.115	4,3%
Educación	980	3,8%
Actividades auxiliares aos servizos financeiros e aos seguros	753	2,9%
Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas	719	2,8%
Actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares ás empresas	549	2,1%
Outras actividades profesionais, científicas e técnicas	438	1,7%
Servizos a edificios e actividades de xardinaría	426	1,6%
Publicidade e estudos de mercado	384	1,5%
Programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática	353	1,4%

Actividades de creación, artísticas e espectáculos	314	1,2%
Actividades deportivas, recreativas e de entretemento	306	1,2%
Reparación de ordenadores, efectos persoais e artigos de uso doméstico	258	1,0%
Actividades asociativas	245	0,9%
Actividades postais e de correos	193	0,7%
Almacenamento e actividades anexas ao transporte	190	0,7%
Actividades de aluguer	155	0,6%
Servizos de aloxamento	143	0,5%
Actividades de servizos sociais sen aloxamento	122	0,5%
Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical	120	0,5%
Actividades das sedes centrais; actividades de consultoría de xestión empresarial	113	0,4%
Actividades de xogos de azar e apostas	106	0,4%
Edición	98	0,4%
Actividades veterinarias	87	0,3%
Actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas	76	0,3%
Investigación e desenvolvemento	72	0,3%
Servizos financeiros, agás seguros e fondos de pensións	54	0,2%
Outros servizos	210	0,8%
Total	26.092	100,0%

Fonte: Directorio de empresas e unidades locais. IGE.

A metade das empresas son persoas físicas (autónomos), sendo o seu peso específico no total das empresas algo menor que no caso da provincia ou do conxunto galego. O peso dos autónomos é maior no caso do concello de Oleiros, Cambre ou Arteixo, mentres descende para Bergondo e A Coruña.

O peso das sociedades limitadas é algo máis alto que no conxunto galego e provincial, destacando a súa presenza sobre todo no concello de Bergondo, 52,2%.

As sociedades anónimas representan o 2,3% das empresas, aumentado o seu peso en Bergondo, Arteixo e A Coruña.

**Táboa 64. Distribución das empresas segundo condición xurídica. 2014.**

	Persoas físicas	Sociedades anónimas	Sociedades de responsabilidad limitada	Sociedades cooperativas	Outros
Arteixo	54,5%	3,1%	34,4%	0,1%	7,9%
Bergondo	38,0%	3,9%	52,2%	0,1%	5,8%
Cambre	56,0%	1,6%	33,1%	0,3%	9,1%
Coruña, A	48,6%	2,6%	37,7%	0,3%	10,9%
Culleredo	55,0%	1,3%	35,2%	0,5%	8,0%
Oleiros	60,5%	1,1%	31,0%	0,1%	7,3%
Sada	57,7%	1,2%	32,6%	0,2%	8,4%
GALP	51,0%	2,3%	36,6%	0,2%	9,8%
Provincia	55,9%	1,7%	31,5%	0,4%	10,5%
Galicia	55,9%	1,6%	32,6%	0,5%	9,5%

Fonte: Directorio de empresas e unidades locais. IGE.

Sen grandes diferenzas con respecto á provincia e Galicia, máis do 60% das empresas non conta con asalariados, mentres que un 30,8% son microempresas (teñen menos de 10 asalariados). Un 3% son pequenas empresas (entre 10 e 49 empregados), mentres que as medianas (entre 50 e 249 empregados) representan o 0,6% e as grandes o 0,1%.

As pequenas e medianas empresas teñen unha maior presenza relativa en Bergondo e Arteixo, o que indica a presenza dun tecido empresarial de maior dimensión vinculado aos seus polígonos industriais.

**Táboa 65. Distribución das empresas segundo estrato de asalariados. 2014.**

	Sen asalariados	De 1 a 9 asalariados	De 10 a 49 asalariados	De 50 a 249 asalariados	de 250 ou máis asalariados
Arteixo	64,7%	29,8%	4,1%	1,3%	0,2%
Bergondo	60,1%	31,5%	6,9%	1,5%	0,0%
Cambre	67,7%	28,2%	3,7%	0,4%	0,0%
Coruña, A	66,4%	29,5%	3,4%	0,6%	0,1%
Culleredo	66,3%	29,0%	3,7%	0,9%	0,0%
Oleiros	71,6%	26,0%	2,1%	0,3%	0,0%
Sada	68,3%	28,9%	2,5%	0,3%	0,1%
GALP	66,7%	27,1%	3,2%	0,6%	0,1%
Provincia	65,5%	30,8%	3,1%	0,5%	0,1%
Galicia	64,3%	32,2%	3,1%	0,4%	0,1%

Fonte: Directorio de empresas e unidades locais. IGE.

### Sector agrario

A distribución das terras no conxunto do territorio a nivel de usos indica que predomina a superficie forestal, 48,1% da superficie total do territorio, moi por baixo dos valores rexistrados para a provincia, 59,8%, e Galicia, 65,1%. En Culleredo e Arteixo dita porcentaxe ascende ao 63,7% e 58,3%, mentres que descende para A Coruña e Oleiros ata o 31,7% e 32,5%.

A superficie urbanizable ou destinada a outros usos representa o 36,6% da superficie total, un valor notablemente máis alto que o da provincia e Galicia, 13,5% e 11,1%. Esta porcentaxe sitúase claramente por riba do 50% no caso dos concellos de Oleiros, A Coruña ou Sada.

Tan só un 15,2% da superficie está destinada ao cultivo ou pradería, nun nivel máis baixo que a provincia ou Galicia. Os concellos de Bergondo e Cambre usan máis dun 20% da súa superficie para estes usos, o que o sitúa por riba dos valores relativos dos outros concellos da zona.

**Táboa 66. Distribución das terras segundo uso. 2014.**

	Superficie forestal total	Superficie de cultivo e prado	Outras superficies	Superficie total do concello
Arteixo	5.458	1.816	2.094	9.368
Bergondo	1.433	784	1.055	3.272
Cambre	1.695	913	1.466	4.074
Coruña, A	1.198	356	2.228	3.783
Culleredo	3.931	787	1.454	6.173
Oleiros	1.417	368	2.581	4.366
Sada	1.125	128	1.496	2.749
GALP	16.257	5.152	12.374	33.785
Provincia	475.114	212.276	107.648	795.038
Galicia	1.926.097	703.556	327.817	2.957.469

Fonte: Censo agrario. IGE.

As gandería porcina é a que ten unha presenza maioritaria dentro do gando traballado no GALP, sobre todo nos concellos de Culleredo e Arteixo. A continuación síguelle o bovino, cunha presenza máis clara en Arteixo, Cambre e Culleredo. A presenza do gando avícola é notorio no concello de Bergondo, se ben ten un peso menor no conxunto do territorio que as outras dúas ganderías.

Táboa 67. Número de Unidades Gandeiras segundo tipoloxía. 2009.

	Bovinos	Ovinos	Caprinos	Porcinos	Equinos	Aves	Coellas nais	Total
Arteixo	1.208	18	2	2.578	37	46	17	3.906
Bergondo	284	6	1	9	9	276	1	586
Cambre	684	11	0	326	39	19	1	1.080
Coruña, A	38	4	0	9	3	2	0	56
Culleredo	431	8	0	2.819	12	17	1	3.288
Oleiros	35	5	0	5	2	5	0	52
Sada	16	8	1	434	3	413	0	875
GALP	2.696	60	4	6.180	105	778	20	9.843
Provincia	282.745	3.054	458	67.849	4.821	19.411	1.149	379.487
Galicia	761.979	18.605	3.513	264.777	16.048	205.842	3.345	1.274.109

Fonte: Censo agrario. IGE.

O conxunto do territorio recolle 808 Unidades de Traballo Ano no sector agrario, maioritariamente unidas a explotacións de carácter familiar. Pódese observar que o peso do sector agrario é maior en Arteixo (305 UTAs), seguido a notable distancia por Cambre (157), e Culleredo (113).

Táboa 68. Número de UTAs (Unidades de Traballo Ano) segundo man de obra empregada. 2009.

	Familiar	No familiar	Total
Arteixo	260	45	305
Bergondo	64	34	98
Cambre	133	24	157
Coruña, A	21	11	32
Culleredo	101	12	113
Oleiros	37	5	43
Sada	41	19	60
GALP	657	150	808
Provincia	26.857	3.080	29.937
Galicia	78.399	9.034	87.433

Fonte: Censo agrario. IGE.

### 3.1.5. Sector pesqueiro

#### Incidencia do sector pesqueiro

O sector pesqueiro ten unha incidencia modesta pero significativa no conxunto da economía do territorio. As empresas vinculadas ao sector pesqueiro representan o 41,7% das empresas deste sector a nivel provincial, traballando un total de 1.966 persoas nas súas diversas actividades.

Das 442 empresas vinculadas ao sector pesqueiro, 343 atópanse situadas no concello da Coruña e dedícanse fundamentalmente a actividades comerciais, sexa polo miúdo ou por xunto. Este dato reflicte a importancia central da lonxa da Coruña no conxunto do territorio e a súa posición destacada na economía pesqueira de Galicia, tal e como se verá cando falemos do seu volume de vendas. A unha notable distancia da Coruña, destaca a continuación o número de empresas presentes en Sada, 23 empresas.

O procesamento ou a fabricación de conservas ten un peso marxinal no territorio e nos diferentes concellos.

Táboa 69. Empresas do sector pesqueiro segundo CNAE. 2014.

	1021 Procesamento de pescados, crustáceos e moluscos	1022 Fabricación de conservas de pescado	4638 Comercio por xunto de peixe, marisco e outros produtos alimenticios	4723 Comercio polo miúdo de peixe e marisco	Total
Arteixo	1	0	12	4	17
Bergondo	0	1	3	0	4
Cambre	0	0	8	8	16
Coruña, A	1	2	152	188	343
Culleredo	0	0	5	15	20
Oleiros	0	1	14	4	19
Sada	1	0	14	8	23
GALP	3	4	208	227	442
Provincia	11	36	506	508	1.061
Galicia	31	105	1.293	1.343	2.772

Fonte: Directorio SABI.

As 1.966 persoas que están afiliadas ao sector pesqueiro no GALP Golfo Ártabro Sur representan o 13,0% das persoas afiliadas a este sector da provincia da Coruña e ao 5,7% de Galicia. Neste territorio destaca dunha maneira clara as persoas vinculadas a actividades de comercialización por xunto, representando o 40,8% das persoas afiliadas ao sector, mentres que un 13,9% se dedica á comercialización polo miúdo. A maior especialización nestas actividades é clara se o comparamos cos rexistros obtidos por ambas actividades a nivel galego, 16,0% e 5,7%.

En cambio, descende a importancia das persoas afiliadas á pesca mariña, acuicultura ou fabricación de conserva con respecto á presenza que teñen para o conxunto da provincia e Galicia.

**Táboa 70. Persoas afiliadas ao sector pesqueiro segundo CNAE. 2015.**

	0311 Pesca Mariña	0321 Acuicultura Mariña	1021 Procesa- mento de pescados	1022 Fabricación de conservas de pescado	4638 Comercio por xunto de peixe e marisco	4723 Comercio polo miúdo de peixe e marisco	Total	Peso relativo
Arteixo	37	11	22	13	99	42	223	11,4%
Bergondo	x	x	x	x	14	x	22	1,1%
Cambre	16	x	x	15	65	18	124	6,3%
Coruña, A	339	56	23	95	436	151	1.098	55,8%
Culleredo	x <sup>3</sup>	x	x	24	68	24	150	7,6%
Oleiros	56	x	x	x	73	19	177	9,0%
Sada	68	19	0	18	47	20	172	8,8%
GALP	526	114	49	168	802	274	1.966	100,0%
A Coruña	5.625	2.259	384	4.245	1.885	722	15.120	
Galicia	11.763	5.876	2.111	7.427	5.538	1.986	34.701	

Fonte: Tesourería Xeral da Seguridade Social. IGE.

O número de persoas afiliadas a actividades do sector pesqueiro representa o 1,4% do total de afiliacións do territorio, un rexistro inferior ao que se rexistra para A Coruña, 3,9%, ou Galicia, 3,8%.

O peso específico das afiliacións ao sector pesqueiro aumenta no caso do concello de Sada, 3,3% do total, mentres que se mantén nun nivel moi semellante para os concellos restantes.

<sup>3</sup> Cando o número de persoas é inferior a 3 substitúese o seu valor por unha X para preservar o segredo estatístico.



**Táboa 71. Persoas afiliadas aos sector pesqueiro e peso relativo sobre o total de persoas afiliadas. 2015.**

	Afiliados sector pesqueiro	Afiliados totais	Peso relativo
Arteixo	223	12.884	1,7%
Bergondo	22	2.289	1,0%
Cambre	124	9.980	1,2%
Coruña, A	1.098	84.876	1,3%
Culleredo	150	12.023	1,2%
Oleiros	177	12.959	1,4%
Sada	172	5.191	3,3%
GALP	1.966	140.201	1,4%
A Coruña	15.120	389.225	3,9%
Galicia	34.701	920.981	3,8%

Fonte: Tesourería Xeral da Seguridade Social. IGE.



### **Poboación traballadora no sector pesqueiro**

A afiliación ao réxime do mar segue unha clara tendencia descendente entre os anos 2007 e 2015, o seu descenso é do 33,1% que é máis alto que o 22,8% provincial e o 23,8% galego. A caída abrupta que se produce en 2010 a nivel galego e provincial tamén se ve reflectido no caso do GALP, onde pasa de ter 1.079 afiliacións a 873, continuando cunha evolución negativa ata 2015.


En todos os concellos producíronse baixadas nas afiliacións, destacando pola súa importancia as reducións na Coruña, -38,3%, e Oleiros, -37,8%. En Sada tamén se rexistra unha evolución negativa, se ben o descenso foi algo menos acusado que nos dous concellos sinalados.

Táboa 72. Evolución das persoas afiliadas ao réxime do mar.

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2007-2015
Arteixo	94	82	85	85	61	69	62	58	62	-34,3%
Bergondo	9	7	8	7	4	4	3	3	4	-50,0%
Cambre	35	28	24	27	22	25	23	25	22	-36,4%
Coruña, A	712	706	658	654	542	542	511	498	476	-33,2%
Culleredo	60	62	62	63	44	41	37	42	37	-38,3%
Oleiros	160	152	144	137	112	115	108	101	99	-37,8%
Sada	121	113	111	107	89	94	98	98	96	-20,9%
GALP	1.190	1.148	1.091	1.079	873	889	842	823	796	-33,1%
Provincia	11.010	10.642	10.315	10.129	9.138	9.020	8.760	8.636	8.502	-22,8%
Galicia	25.354	24.255	23.882	23.254	21.476	20.927	20.116	19.804	19.311	-23,8%

Fonte: Tesourería Xeral da Seguridade Social. IGE.

Gráfico 24. Evolución das persoas afiliadas ao réxime do mar no GALP.



Fonte: Tesourería Xeral da Seguridade Social. IGE.

Nas confrarías de pescadores presentes no GALP aparecen rexistradas un total de 339 persoas sociais, habendo unha presenza claramente maioritaria de homes. No conxunto das confrarías de Galicia a presenza de mulleres é maior debido sobre todo a unha maior presenza de actividades de marisqueo.

A confraría de pescadores da Coruña ten un maior número de persoas sociais, 186, seguida pola de Sada, Mera e Lorbé.


**Táboa 73. Persoas afiliadas ás confrarías segundo xénero. 2016.**

	Homes	Mulleres	Total
Confraría de Pescadores de A Coruña	134	52	186
Confraría de Pescadores de Lorbé	31	0	31
Confraría de Pescadores de Mera	38	1	39
Confraría de Pescadores de Sada	82	1	83
GALP	285	54	339
Galicia	9.485	4.468	13.953

Fonte: Rexistro de Confrarías. Xunta de Galicia.

Entre 2007 e 2015 o número de permisos de marisqueo pasou de 150 a 101, habendo unha certa recuperación no último ano. A confraría da Coruña concentra o maior número de permisos de marisqueo, sendo a súa presenza marxinal ou inexistente nas outras tres confrarías.

**Gráfico 25. Evolución dos permisos de marisqueo no GALP.**



Fonte: Consellería de Medio Rural e do Mar. IGE.

Táboa 74. Evolución dos permisos de marisqueo.

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2007-2015
Confraría de A Coruña	145	136	131	128	114	104	102	86	92	-36,6%
Confraría de Mera	0	0	0	0	0	1	2	2	1	NP
Confraría de Lorbé	0	0	0	0	0	1	1	1	0	NP
Confraría de Sada	5	3	3	3	2	2	2	8	8	60,0%
GALP	150	139	134	131	116	108	107	97	101	-32,7%
A Coruña	2.059	1.973	1.842	1.785	1.730	1.698	1.629	1.585	1.614	-21,6%
Galicia	4.755	4.555	4.281	4.123	3.970	3.954	3.903	3.748	3.826	-19,5%

Fonte: Consellería de Medio Rural e do Mar. IGE.


### Descargas en lonxa

O conxunto das lonxas do GALP venderon en 2015 case 41.000 toneladas de produto fresco, o que supón o 22,2% das vendas realizadas en Galicia. O importe das mesmas ascendeu a case 79 millóns de euros, un 17,2% do total galego.

No conxunto do período 2007-2015 o volume de vendas ten aumentado máis que no conxunto de Galicia, 39,7% fronte ao 4,8%. O crecemento das vendas en volume foi especialmente alto nos anos 2009 e 2014, mentres que o maior descenso se produciu no último ano.

O conxunto de vendas do territorio concéntrase fundamentalmente na lonxa da Coruña, 98,9% do volume global, que ve incrementadas as súas vendas nun 54%. A lonxa de Sada veu reducido drasticamente o seu volume de vendas durante o período 2007-2015, pasando de case 3.000 a 371 en 2015. Pola súa parte, o punto de venda da confraría da Coruña ten uns volumes máis modestos de venda, se ben os ten incrementado no período de referencia.

A lonxa da Coruña foi o punto de venda con maior volume de descargas de toda Galicia en 2015, e o segundo polo valor do importe das súas vendas, o que pode dar unha idea da significación que ten para o desenvolvemento pesqueiro tanto da zona marítima como para o conxunto da comunidade galega.

**Gráfico 26. Evolución das vendas en lonxas. En miles de quilos.**

Fonte: Plataforma Tecnolóxica da Pesca. Consellería de Medio Rural e do Mar.

**Táboa 75. Evolución das vendas nas lonxas. En miles de quilos.**

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015
A Coruña (Confraría)	12,5	4,1	11,2	9,6	29,5	54,9	28,7	47,4	59,6
A Coruña (Lonxa)	25.747,1	27.039,1	37.283,5	38.657,8	37.461,4	40.701,2	39.935,0	49.365,5	39.650,2
Sada	2.934,3	1.708,1	1.356,4	1.494,8	865,2	504,7	160,9	52,9	370,9
GALP	28.693,9	28.751,3	38.651,1	40.162,2	38.356,1	41.260,9	40.124,6	49.465,7	40.080,7
Galicia	172.248,8	173.568,7	195.786,7	187.394,7	183.501,3	175.004,0	163.434,2	187.177,8	180.463,9

Fonte: Plataforma Tecnolóxica da Pesca. Consellería de Medio Rural e do Mar.

**Táboa 76. Variación interanual e acumulada do período das vendas nas lonxas en miles de quilos.**

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2007-2015
A Coruña (Confraría)	-67,3%	174,3%	-14,8%	208,1%	86,2%	-47,8%	65,3%	25,8%	375,8%
A Coruña (Lonxa)	5,0%	37,9%	3,7%	-3,1%	8,6%	-1,9%	23,6%	-19,7%	54,0%
Sada	-41,8%	-20,6%	10,2%	-42,1%	-41,7%	-68,1%	-67,1%	601,3%	-87,4%
GALP	0,2%	34,4%	3,9%	-4,5%	7,6%	-2,8%	23,3%	-19,0%	39,7%
Galicia	0,8%	12,8%	-4,3%	-2,1%	-4,6%	-6,6%	14,5%	-3,6%	4,8%

Fonte: Plataforma Tecnolóxica da Pesca. Consellería de Medio Rural e do Mar.

A pesar do aumento de vendas en volume o valor das vendas ten descendido entre 2007 e 2015, pasando de case 92 millóns de euros a case 79 millóns. Este descenso no importe afecta tanto á lonxa de Sada como a da Coruña, mentres que ten aumentado no caso do punto de venta da confraría da Coruña.

A caída do importe produciuse fundamentalmente nos anos 2008 e 2009, seguindo unha dinámica negativa tamén nos tres últimos anos. Esta tónica é a seguida pola lonxa da Coruña; en cambio na de Sada, a caída produciuse ao longo de todos os anos coa excepción de 2010, e sobre todo en 2015, derivado máis dun aumento das vendas que da alza do prezo de venda por quilogramo.

Outro dato que explica a caída do importe de vendas é que se en 2007 o prezo medio pagado por quilogramo era de 3,20€, en 2015 o seu prezo caeu ata o 1,97€.

**Táboa 77. Vendas en lonxas. En miles de euros.**

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015
A Coruña (Confraría)	157,79	33,55	129,82	146,62	331,22	393,69	267,42	412,34	436,72
A Coruña (Lonxa)	89.851,83	82.983,60	75.320,75	79.350,13	79.892,87	83.370,50	82.977,20	82.038,05	78.233,76
Sada	1.809,98	1.159,72	927,79	1.218,74	997,61	820,70	279,11	59,65	236,63
GALP	91.819,60	84.176,87	76.378,35	80.715,49	81.221,71	84.584,89	83.523,73	82.510,04	78.907,11
Galicia	463.429,95	451.323,01	422.372,55	458.381,01	474.847,00	440.533,56	413.422,05	432.341,13	458.194,92

Fonte: Plataforma Tecnolóxica da Pesca. Consellería de Medio Rural e do Mar.

**Táboa 78. Variación interanual e acumulada do período das vendas nas lonxas en miles de euros.**

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2007-2015
A Coruña (Confraría)	-78,7%	287,0%	12,9%	125,9%	18,9%	-32,1%	54,2%	5,9%	176,8%
A Coruña (Lonxa)	-7,6%	-9,2%	5,3%	0,7%	4,4%	-0,5%	-1,1%	-4,6%	-12,9%
Sada	-35,9%	-20,0%	31,4%	-18,1%	-17,7%	-66,0%	-78,6%	296,7%	-86,9%
GALP	-8,3%	-9,3%	5,7%	0,6%	4,1%	-1,3%	-1,2%	-4,4%	-14,1%
Galicia	-2,6%	-6,4%	8,5%	3,6%	-7,2%	-6,2%	4,6%	6,0%	-1,1%

Fonte: Plataforma Tecnolóxica da Pesca. Consellería de Medio Rural e do Mar.

As especies máis vendidas en función do seu valor de venta no conxunto do territorio foron a pescada, case 22 millóns de euros en 2015, peixe sapo, lirio e xurelo. Tamén se situou por riba dos 2 millóns de euros de venta a xarda pintada, bonito do norte, rapantes, xarda e bocarte. Como se pode observar, esta zona marítima está especializada en especies do grupo de peixes, mentres que noutras zonas marítimas galegas ten un maior protagonismo o grupo dos bivalbos.

Se atendemos ao volume de vendas cobra maior protagonismo os lirios, se ben segue a destacar a pescada, xurelo e xarda pintada.

Con respecto a 2007, e dentro das principais especies, ve aumentado o seu valor e volume o lirio, o xurelo, o bonito, a xarda, o bocarte, ou a boga, estes dous últimos de maneira moi notable dados os baixos rexistros que tiñan en 2007. En cambio descendeu para a pescada, peixe sapo, rapantes, percebe ou sardiña.

Os datos de vendas para o conxunto do territorio veñen condicionados polas vendas da lonxa da Coruña, dado o seu maior peso específico. En 2015 as especies con maior venta por importe para o punto de venta da confraría da Coruña foi a ameixa fina, a xapónica, o gavián, a ameixa xaponesa ou o berberecho.

No caso da lonxa de Sada, as especies con maior volume de venta e importe foron a xarda pintada e a boga, tendo un peso específico importante tamén o xurelo e a sardiña.

**Táboa 79. Ventas por especie en lonxa segundo quilos, euros e prezo medio.**

	2015			2007		
	Quilos	Importe €	Medio €/Kg	Quilos	Importe €	Medio €/Kg
Pescada	5.961.692,1	21.873.378,64	3,67	6.576.818,7	26.074.099,09	3,96
Peixe sapo	1.192.890,7	7.420.054,50	6,22	1.537.033,2	10.023.593,69	6,52
Lirio	8.193.869,0	7.224.737,34	0,88	2.073.018,6	1.697.118,14	0,82
Xurelo	5.060.186,8	5.197.203,26	1,03	3.552.509,4	3.068.341,80	0,86
Xarda pintada	5.158.241,1	3.407.405,30	0,66	N.C	N.C	N.C
Bonito do norte	822.096,9	3.217.185,17	3,91	443.084,0	1.700.068,34	3,84
Rapantes	516.238,1	2.419.205,93	4,69	725.245,0	3.457.463,56	4,77
Xarda	2.867.551,8	2.131.919,76	0,74	1.836.608,2	1.012.124,47	0,55
Bocarte	1.636.384,7	2.127.933,97	1,30	754,1	2.393,60	3,17
Percebe	103.798,3	1.848.240,98	17,81	94.425,8	2.092.428,67	22,16
Sardiña	792.374,8	1.759.074,70	2,22	2.906.645,5	1.825.874,50	0,63
Boga	2.469.311,9	1.374.456,42	0,56	103.519,3	26.758,84	0,26
Cigala	86.890,4	1.374.330,30	15,82	734.298,3	11.503.049,00	15,67
Congro	768.612,0	1.306.394,31	1,70	523.571,0	1.009.035,99	1,93
Ollomol	70.322,5	1.082.702,76	15,40	58.266,0	661.778,77	11,36

Robaliza	81.398,5	977.483,09	12,01	43.101,9	560.885,94	13,01
Polbo	191.251,8	961.614,76	5,03	283.789,1	1.359.034,38	4,79
Pota pequena	393.974,8	881.099,17	2,24	1.196.148,8	1.844.168,37	1,54
Sanmartiño	68.306,4	795.191,14	11,64	61.416,8	478.203,32	7,79
Bertorella de lama	245.066,1	739.205,65	3,02	490.312,8	1.386.383,37	2,83
Xuliana	140.066,4	733.386,12	5,24	802.527,0	4.526.938,41	5,64
Linguado	49.394,1	645.307,44	13,06	26.534,1	494.638,56	18,64
Castañeta	547.795,3	636.676,93	1,16	332.676,8	675.600,19	2,03
Sargo común	130.662,5	546.923,64	4,19	71.620,4	233.983,49	3,27
Pota voadora	305.235,0	496.401,34	1,63	N.C	N.C	N.C
Centola	62.624,3	474.606,23	7,58	64.718,1	567.776,37	8,77
Cabra de altura	106.098,6	446.480,92	4,21	66.431,8	143.566,77	2,16
Abadexo	79.563,3	410.780,77	5,16	59.840,6	326.835,49	5,46
Rodaballo	17.151,7	317.087,03	18,49	15.532,3	345.692,50	22,26
Faneca	197.126,8	303.653,13	1,54	120.135,0	180.933,99	1,51
Resto de especies	1.764.567,4	5.776.994,17	3,27	3.893.327,6	14.540.831,07	3,73
Total	40.080.743,6	78.907.114,87	1,97	28.693.909,7	91.819.600,68	3,20

Fonte: Plataforma Tecnolóxica da Pesca. Consellería de Medio Rural e do Mar.

Táboa 80. Evolución das vendas por especie en lonxa segundo quilos, euros e prezo medio.

	Evolución 2007-2015		
	Quilos	Importe €	Medio €/Kg
Pescada	-9,4%	-16,1%	-7,3%
Peixe sapo	-22,4%	-26,0%	-4,6%
Lirio	295,3%	325,7%	7,3%
Xurelo	42,4%	69,4%	19,8%
Xarda pintada	N.P	N.P.	N.P.
Bonito do norte	85,5%	89,2%	1,8%
Rapantes	-28,8%	-30,0%	-1,7%
Xarda	56,1%	110,6%	34,5%
Bocarte	216.912,8%	88.801,0%	-59,0%
Percebe	9,9%	-11,7%	-19,6%
Sardiña	-72,7%	-3,7%	252,4%
Boga	2.285,4%	5.036,5%	115,4%
Cigala	-88,2%	-88,1%	1,0%
Congro	46,8%	29,5%	-11,9%
Ollomol	20,7%	63,6%	35,6%
Robaliza	88,9%	74,3%	-7,7%
Polbo	-32,6%	-29,2%	5,0%
Pota pequena	-67,1%	-52,2%	45,5%
Sanmartiño	11,2%	66,3%	49,4%
Bertorella de lama	-50,0%	-46,7%	6,7%
Xuliana	-82,5%	-83,8%	-7,1%



Linguado	86,2%	30,5%	-29,9%
Castañeta	64,7%	-5,8%	-42,9%
Sargo común	82,4%	133,7%	28,1%
Pota voadora			
Centola	-3,2%	-16,4%	-13,6%
Cabra de altura	59,7%	211,0%	94,9%
Abadexo	33,0%	25,7%	-5,5%
Rodaballo	10,4%	-8,3%	-16,9%
Faneca	64,1%	67,8%	2,0%
Resto de especies	-54,7%	-60,3%	-12,3%
Total	39,7%	-14,1%	-38,5%

Fonte: Plataforma Tecnolóxica da Pesca. Consellería de Medio Rural e do Mar.

### Buques rexistrados

O porto da Coruña é o que conta cun maior número de barcos pesqueiros da zona, 103, seguido polo de Sada, 36, Lorbé, 14, e Mera, 7. O conxunto das embarcacións da zona representan o 2,8% das embarcacións de toda Galicia.

As embarcacións de artes menores predominan en todos os portos pesqueiros, representando o 72,5% das embarcacións. A continuación destacan as embarcacións auxiliares, 15, e as embarcacións de cerco, 13. Estas últimas concentranse fundamentalmente no porto de Sada.

As grandes embarcacións de arrastre ou de palangre están asociadas na súa totalidade ao porto da Coruña.

En liñas xerais as embarcacións do territorio tenden a ter un maior volume e potencia que as que se recollen para o conxunto galego. A excepción a esta regra son as embarcacións de palangre en superficie nas que as súas dimensións e potencia media é algo menor.

**Táboa 81. Buques rexistrados nos portos do GALP, en Galicia e porcentaxe sobre o total galego. 2016.**

	A Coruña	Lorbe	Mera - Oleiros	Sada	GALP	Galicia	Porcentaxe GALP/Gal.
Auxiliares Pesca	2	2	0	11	15	1.288	1,2%
Caladero Nacional Arrastre	7	0	0	0	7	69	10,1%
Caladero Nacional Artes Menores	82	12	7	15	116	3.929	3,0%
Caladero Nacional Cerco	3	0	0	10	13	148	8,8%
Pesquería Comunitaria Arrastre Neafo	4	0	0	0	4	26	15,4%
Pesquería Internacional Palangre Superficie	5	0	0	0	5	67	7,5%
Total	103	14	7	36	160	5.721	2,8%

Fonte: Rexistro de buques pesqueiros. Plataforma Pesca de Galicia.

**Táboa 82. Toneladas brutas de arqueo e cabalos de potencia segundo caladoiro e tipo de pesca no GALP e Galicia. Media. 2016.**

	GALP		Galicia	
	Promedio de Arqueo Bruto	Promedio Potencia CV	Promedio de Arqueo Bruto	Promedio Potencia CV
Auxiliares Pesca	22,80	155,06	18,32	147,16
Caladero Nacional Arrastre	147,57	525,00	141,91	453,64
Caladero Nacional Artes Menores	3,93	37,22	2,41	28,92
Caladero Nacional Cerco	31,23	220,69	30,71	213,73
Pesqueria Comunitaria Arrastre Neafc	229,25	623,00	212,50	614,88
Pesqueria Internacional Palangre Superficie	284,00	789,00	221,34	707,72
Media total	28,59	124,09	20,00	100,29

Fonte: Rexistro de buques pesqueiros. Plataforma Pesca de Galicia.




### 3.1.6. Sector turístico

#### Aloxamento

A oferta de aloxamento no GALP Golfo Ártabro Sur mantívose estable durante o período comprendido entre 2009 e 2013, tendo neste último ano un total de 156 establecementos. O número de prazas ofertadas é de 10.763 en 2013, un rexistro que tamén se mantivo moi estable neste período.

A Coruña concentra a metade dos establecementos do territorio. A continuación sitúase Arteixo e Oleiros, 19 e 18 establecementos. Bergondo e Culleredo teñen un número máis baixo, 14, mentres que Sada conta con 10 establecementos. O concello de Cambre é o que ten un maior déficit de oferta, xa que só conta con 2 establecementos.

Gráfico 27. Evolución do número de aloxamentos no GALP.



Fonte: Directorio de Empresas e Actividades Turísticas. IGE.

Táboa 83. Evolución do número de aloxamentos por concellos.

	2009	2010	2011	2012	2013
Arteixo	19	19	19	21	19
Bergondo	14	14	14	14	14
Cambre	2	2	2	2	2
Coruña, A	78	78	78	81	79
Culleredo	13	14	14	14	14
Oleiros	19	19	19	18	18
Sada	10	10	10	10	10
GALP	155	156	156	160	156
A Coruña	959	978	1.015	1.120	1.100
Galicia	2.748	2.792	2.866	3.068	3.002

Fonte: Directorio de Empresas e Actividades Turísticas. IGE.

Case a metade dos establecementos son pensións, en tanto que un 36,5% son hotéis de diferente categoría. En relación ao primeiro tipo de aloxamento destaca claramente a súa presenza na Coruña, e despois en Arteixo e Culleredo, mentres en relación aos segundos salienta notablemente A Coruña, situándose de seguido Oleiros e Arteixo.

Os campamentos son o terceiro tipo de aloxamento máis frecuente na zona, seguido polos apartamentos turísticos. No que respecta ao primeiro tipo, a súa relevancia é máis notoria no concello de Bergondo.

Gráfico 28. Distribución do número de aloxamentos segundo tipoloxía. 2013.



Fonte: Directorio de Empresas e Actividades Turísticas. IGE.


**Táboa 84. Distribución do número de aloxamentos segundo tipoloxía. 2013.**

	Hoteis	Pensións	Turismo rural	Campament. de turismo	Apartament. turísticos	Total
Arteixo	9	8	1	1	0	19
Bergondo	3	3	0	8	0	14
Cambre	0	2	0	0	0	2
Coruña, A	28	48	0	0	3	79
Culleredo	4	8	1	0	1	14
Oleiros	10	3	0	2	3	18
Sada	3	3	0	2	2	10
GALP	57	75	2	13	9	156
Provincia	269	558	173	50	50	1.100
Galicia	894	1.261	600	116	131	3.002

Fonte: Directorio de Empresas e Actividades Turísticas. IGE.

En 2013 a zona marítima ofertaba 404 prazas de aloxamento máis que en 2009, un aumento que se xestou sobre todo no ano 2012. Porén, se comparamos coa evolución na provincia e en Galicia, o aumento do número de prazas foi inferior, mentres no GALP aumenta un 3,9%, na provincia e Galicia foi dun 9,0% e 7,9%, respectivamente.

Case a metade das prazas concéntrase no concello da Coruña, destacando a continuación as que se ofertan en Bergondo e Oleiros. Coa excepción dos concellos de Cambre e Sada onde se produciu un estancamento das prazas ofertadas, no resto de concellos veuse incrementado modestamente o número de prazas, entre os que destacan os aumentos na Coruña e Bergondo.

**Gráfico 29. Evolución do número de prazas.**

Fonte: Directorio de Empresas e Actividades Turísticas. IGE.


Táboa 85. Evolución do número de prazas.

	2009	2010	2011	2012	2013	2009-2013
Arteixo	712	712	712	753	720	1,1%
Bergondo	1.651	1.649	1.707	1.706	1.713	3,8%
Cambre	82	82	82	82	82	0,0%
Coruña, A	4.794	4.800	4.831	5.068	5.077	5,9%
Culleredo	718	734	734	734	734	2,2%
Oleiros	1.473	1.480	1.480	1.469	1.508	2,4%
Sada	929	929	929	929	929	0,0%
GALP	10.359	10.386	10.475	10.741	10.763	3,9%
Provincia	42.667	43.209	44.306	47.274	46.498	9,0%
Galicia	119.435	121.077	123.652	129.723	128.902	7,9%

Fonte: Directorio de Empresas e Actividades Turísticas. IGE.

A gran maioría das prazas ofertadas sitúanse en establecementos hoteleiros, 57,2%, destacando a continuación as dos campamentos, 23,4%, o que explica a importante presenza de prazas en Bergondo. As pensións ofertan un total de 1.507 prazas, mentres que os apartamentos 549. O turismo rural ten escasa presenza na zona, dado que oferta só un total de 22 prazas, un número modesto comparado con outros territorios.

Gráfico 30. Número de prazas segundo tipo de establecemento.



Fonte: Directorio de Empresas e Actividades Turísticas. IGE.

Un indicador que nos permite ver a calidade da oferta turística da zona marítima é o dos establecementos e prazas hoteleiras segundo categoría. O GALP conta con 35 hoteis de unha e dúas estrelas que ofertan 2.037 prazas, o que representa o 61,4% dos hoteis pero só o 33,1% de prazas. Os 16 hoteis de catro e cinco estrelas ofertan un total de 3.115 prazas, un 50,6% das prazas. Estes datos se os comparamos co que sucede para Galicia, un 47,5% das prazas son de hoteis de unha ou dúas estrelas fronte ao 30,3% de catro ou cinco estrelas, indícanos a existencia dunha oferta de maior calidade na zona.

A meirande parte dos establecementos e prazas de catro e cinco estrelas concéntranse na principal urbe do territorio, A Coruña, o que fai pensar na necesidade dunha oferta de calidade algo máis descentralizada. De feito, só hai un número significativo de prazas hoteleiras de catro e cinco estrelas nos concellos de Sada e Oleiros. Neste último concello tamén destaca a forte presenza de prazas en hoteis de tres estrelas, oferta moi vinculada á presenza de praias de calidade na súa costa.

**Táboa 86. Distribución dos hoteis segundo categoría. 2013.**

	1 estrela	2 estrelas	3 estrelas	4 estrelas	5 estrelas	Total
Arteixo	1	7	0	1	0	9
Bergondo	1	1	1	0	0	3
Cambre	0	0	0	0	0	0
Coruña, A	9	5	3	10	1	28
Culleredo	1	2	0	1	0	4
Oleiros	3	3	2	2	0	10
Sada	1	1	0	1	0	3
GALP	16	19	6	15	1	57
Galicia	331	308	147	99	9	894

Fonte: Elaboración propia a partir do directorio de Empresas e Actividades Turísticas. Turgalicia.

**Táboa 87. Distribución das prazas de hoteis segundo categoría. 2013.**

	1 estrela	2 estrelas	3 estrelas	4 estrelas	5 estrelas	Total
Arteixo	49	339	0	27	0	415
Bergondo	19	79	45	0	0	143
Cambre	0	0	0	0	0	0
Coruña, A	442	289	557	2.496	168	3.952
Culleredo	42	344	0	61	0	447
Oleiros	112	165	407	129	0	813
Sada	93	64	0	234	0	391
GALP	757	1.280	1.009	2.947	168	6.161
Galicia	11.399	15.401	12.461	15.425	1.688	56.374

Fonte: Elaboración propia a partir do directorio de Empresas e Actividades Turísticas. Turgalicia.

### Empresas turísticas

O peso específico do turismo na zona tamén se pode analizar observando o peso específico que ten o tecido empresarial vinculado a este sector no territorio. Se consideramos dentro do sector turístico a aquelas empresas dedicadas a servizos de aloxamento, as de servizos de comidas e bebidas e as actividades de axencias de viaxes, o GALP conta cun total de 2.922 empresas turísticas, un 9,0% do total das empresas da zona.

Na provincia e en Galicia as empresas turísticas representan o 11,2% do tecido empresarial, polo que se pode ver que aínda hai marxe de medre nas empresas da zona para poder equipararse á media provincial e galega.

Se observamos o peso específico do sector turístico por concellos, o seu peso é máis alto para Sada e Arteixo, en tanto que descende claramente para Bergondo, e, en menor medida, Oleiros e Cambre.

**Táboa 88. Número de empresas turísticas e porcentaxe sobre o total de empresas. 2014.**

	Empresas turísticas	Empresas totais	Porcentaxe turísticas/totais
Arteixo	241	2.439	9,9%
Bergondo	52	857	6,1%
Cambre	152	1.906	8,0%
Coruña, A	1.929	21.076	9,2%
Culleredo	211	2.233	9,4%
Oleiros	214	2.714	7,9%
Sada	123	1.188	10,4%
GALP	2.922	32.413	9,0%
Provincia	9.356	83.265	11,2%
Galicia	22.182	198.808	11,2%

Fonte: Directorio de empresas e unidades locais.

As empresas de hostalería e restauración predominan claramente no tecido empresarial da zona, tendo descendido algo o seu número entre 2008 e 2014. A continuación se sitúan as empresas dedicadas a servizos de aloxamento, que viron minguar o seu número no período sinalado anteriormente. Por último, as empresas de axencias de viaxe e operadores turísticos aumentaron o seu número neste período.




Táboa 89. Número de empresas turísticas segundo tipoloxía. 2014.

	Servizos de aloxamento	Servizos de comidas e bebidas	Actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos	Total empresas turísticas
Arteixo	11	225	5	241
Bergondo	7	45	0	52
Cambre	4	144	4	152
Coruña, A	92	1.788	49	1.929
Culleredo	8	195	8	2.233
Oleiros	11	199	4	214
Sada	10	107	6	123
GALP	143	2.703	76	4.944
Provincia	783	8.390	183	9.356
Galicia	2.017	19.736	429	22.182

Fonte: Directorio de empresas e unidades locais.

Gráfico 31. Evolución das empresas turísticas.



Fonte: Directorio de empresas e unidades locais.

### Viaxeiros segundo punto de destino

Para analizar os movementos turísticos que se produciron no territorio imos tomar como referencia as estatísticas dispoñibles para o punto turístico do concello da Coruña, único dato dispoñible desagregado nas fontes estatísticas consultadas. En 2015 rexistráronse un total de 407.870 viaxeiros, un número menor que o que se produciu en 2007.

Despois de Santiago de Compostela, A Coruña é o punto de destino principal para os turistas que se achegan a Galicia.

As pernoctacións ascenderon a un total de 840.482 en 2015, un número que se sitúa tan só por detrás de Santiago, tendo decrecido só un 4,4% entre 2007 e 2015. Ademais, a estadía media aumentou de 1,9 a 2,1 días durante este período, o que permite ver unha presenza máis duradeira dos visitantes e un maior potencial de gasto.

A contracción do turismo nacional entre 2007 e 2015 explica en grande maneira a baixada do número de viaxeiros e noites neste período. Por contra, o turismo estranxeiro viu aumentado claramente tanto o seu número de persoas como de noites, sendo apreciable tamén o incremento da estadía media.

**Táboa 90. Número de viaxeiros segundo punto turístico.**

	2007	2015	Evolución 2007-2015
A Coruña	454.523	407.870	-10,3%
Santiago de Compostela	573.035	752.673	31,3%
Lugo	163.654	130.663	-20,2%
Ribadeo	60.786	67.931	11,8%
Viveiro	33.046	N.C	N.C
Ourense	103.465	111.402	7,7%
O Grove	111.230	102.104	-8,2%
Sanxenxo	229.101	230.824	0,8%
Vigo	399.454	299.682	-25,0%

Fonte: Enquisa de ocupación hoteleira.

**Táboa 91. Número de noites segundo punto turístico.**

	2007	2015	Evolución 2007-2015
A Coruña	878.835	840.482	-4,4%
Santiago de Compostela	1.153.533	1.290.565	11,9%
Lugo	265.226	211.739	-20,2%
Ribadeo	104.259	109.283	4,8%
Viveiro	64.486	0	-100,0%
Ourense	177.347	193.704	9,2%
O Grove	338.376	275.383	-18,6%
Sanxenxo	798.899	725.781	-9,2%
Vigo	726.462	604.169	-16,8%

Fonte: Enquisa de ocupación hoteleira.

**Táboa 92. Estadía media en noites segundo punto turístico.**

	2007	2015
A Coruña	1,9	2,1
Santiago de Compostela	2,0	1,7
Lugo	1,6	1,6
Ribadeo	1,7	1,6
Viveiro	2,0	N.C.
Ourense	1,7	1,7
O Grove	3,0	2,7
Sanxenxo	3,5	3,1
Vigo	1,8	2,0

Fonte: Enquisa de ocupación hoteleira.

**Táboa 93. Número de viaxeiros, noites e estadia media segundo procedencia no concello da Coruña.**

	2007			2015		
	Residentes en España	Residentes no estranxeiro	Todas as procedencias	Residentes en España	Residentes no estranxeiro	Todas as procedencias
Número de viaxeiros	389.211	65.312	454.523	334.370	73.500	407.870
Número de noites	750.533	128.302	878.835	674.353	166.129	840.482
Estadia media	1,93	1,96	1,93	2,02	2,26	2,06

Fonte: Enquisa de ocupación hoteleira.

### Viaxeiros en cruceiro e avión

Un último indicador significativo dos movementos turísticos acontecidos na zona marítima do GALP é o tráfico de viaxeiros en cruceiro ou en avión. O número de persoas que viaxaron a través de cruceiro que fixeron escala no porto da Coruña ascendeu a 129.597, mentres que en avión foron 979.000.

O turismo de cruceiros estase convertendo nunha oportunidade clara para a zona, dado que pasou de rexistrar 57.517 viaxeiros en 2008 a duplicar con creces esa cifra en 2014. A afluencia de viaxeiros tivo os seus maiores rexistros en 2012 e 2013.

En cambio os viaxeiros en avión teñen descendido no período 2007-2014, -21,7%, sobre todo entre os anos 2012 e 2013 dado que en 2014 hai un certo repunte. Esta pauta decrecente afecta máis intensamente ao aeroporto de Vigo, mentres que o de Santiago mantén o seu volume durante o período.

**Táboa 94. Evolución do número de viaxeiros en cruceiros segundo portos.**

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2008-2014
Porto de Vigo	216.333	222.948	233.644	253.637	240.352	171.800	176.019	-18,6%
Porto da Coruña	57.517	53.574	70.695	128.563	140.890	156.890	129.597	125,3%
Porto de Ferrol	3.722	2.445	640	9.422	7.069	10.905	39.017	948,3%
Galicia	277.572	278.967	304.979	391.622	388.311	339.595	344.633	24,2%

Fonte: Puertos del Estado. Anuario Estadístico e Resumen General del Tráfico Portuario.

Táboa 95. Evolución do número de viaxeiros en avión segundo aeroportos. En miles de persoas.

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2007-2014
A Coruña	1.251	1.161	1.056	1.086	1.003	835	831	979	-21,7%
Santiago	2.010	1.876	1.926	2.158	2.452	2.188	2.067	2.077	3,3%
Vigo	1.405	1.278	1.103	1.093	976	829	678	680	-51,6%
Galicia	4.666	4.315	4.085	4.337	4.431	3.852	3.576	3.736	-19,9%

Fonte: Ministerio de Fomento. Anuario estadístico.



### 3.1.7. Patrimonio medioambiental protexido

Segundo o Plan de Ordenación do Litoral, no título III capítulo I, apartado 5 (“O patrimonio natural”), as características e hábitat de interese comunitario do Patrimonio Natural da zona é o seguinte segundo área protexida:

#### **ZEC Costa de Dexo**

A ZEC da Costa de Dexo (ES1110009) ten unha superficie total de 346 ha.

A fronte costeira aberta entre a rías da Coruña e de Ares e Betanzos, cunha importante extensión de cantís mariños, illotes e vexetación de herbas e matos costeiros en bo estado de conservación, de grande interese pola súa xeomorfoloxía e alto valor paisaxístico. A relevancia e singularidade deste espazo natural vese potenciada por atoparse encravado nunha das zonas máis densamente poboadas e transformadas de Galicia (área metropolitana da cidade da Coruña).

Esténdese pola faixa litoral entre o cabo de Mera e o porto de Lorbé (aproximadamente 11 km de costa), cun rango de altitudes que vai desde os cero aos 38 m s.n.m. Desde o punto de vista xeolóxico, a zona encádrase totalmente na unidade de xistos cristalinos de Bergondo, rochas metamórficas moi sensibles á meteorización física, o que se reflicte na paisaxe de cantís fortemente erosionados e con perfil costeiro serrado, con numerosas calas e enseadas, algunhas rematadas en pequenas praias encaixadas (Fontenla, Canabal, Porto de Dexo, A Garroteira, entre as maiores), furnas (cova mariñas) e algúns illotes (Insua do Seixo, O Marolete, A Marola, Serrón da Torrella), de altura en xeral media ou baixa e sen apenas afloramentos rochosos por riba dos cantís.

Como excepción, na punta do Seixo Branco, pode observarse unha rechamante veta de pórfiro granítico, que dá nome a este lugar.

Hábitats de interese comunitario (incluídos no anexo I da Directiva 92/43/CEE):

- Estuarios.
- Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas.
- Uzais secos atlánticos costeiros de *Erica vagans*.
- Arco Bergantiñán.

No Arco Bergantiñán inclúese parte do LIC Costa da Morte e da ZEPA Costa da Morte (norte).

### **ZEC Costa da Morte.**

Na ZEC da Costa da Morte (ES1110005), a superficie total é de 11.809 ha.

Engloba un extenso tramo de costa entre o cabo Fisterra e a praia de Alba (Arteixo) que, con excepción dunha gran parte da ría de Camariñas e dos núcleos habitados máis importantes, abrangue a totalidade do litoral noroccidental de Galicia e algúns dos treitos máis afastados e mellor conservados da costa galega.

Esta ZEC atinxe ao redor de 152 km de litoral, dos que sobre un 17% (26 km) se corresponde con depósitos areosos de praia-duna. Ademais, un 38% da área protexida (4.539 ha) ocupa augas mariñas, principalmente ao sur e sueste de cabo Fisterra, no tramo Camariñas-Arou e na parte externa da ría de Corme e Laxe.

Aínda que á existencia no pasado de múltiples factores de degradación, as diferentes zonas húmidas, como Traba e Baldaio, aínda conservan un gran valor, atesourando importantes e moi variadas mostras de vexetación de estuario e palustre. Pola súa parte, os sistemas dunares están moi ben representados e inclúen múltiples macroformas sedimentarias e erosivas, algunhas pouco comúns ou case únicas no ámbito cántabro-atlántico ou español, como as dunas parabólicas, as dunas remontantes ou placas eólicas (con mostras excelentes nos “montes brancos” das praias da Barra do Medio, en Ponteceso, e Trece-Santa Mariña, en Camariñas, que se elevan por riba dos 100 m de altura, así como en Lourido, Nemiña e Rostro, entre outras), as dunas colgadas (Razo, Santa Mariña) ou as varxas (Trece). As praias e turbeiras fósiles (como as de Razo e Baldaio), as grandes extensións de coídos ou praias de cantos (con exemplos singulares como o de Cuño, en Muxía), os numerosos complexos de covas mariñas ou furnas (como as de Muxía-Nemiña, Roncudo ou Sisargas), as franxas cuaternarias (cabo San Hadrián, por exemplo) e a abundancia de megaformas e microformas graníticas (como en cabo Vilán e cabo Veo ou en punta Nariga) son elementos xeomorfolóxicos dun grande interese.

Non en van esta ZEC engloba até cinco Puntos de Interese Xeolóxico (recoñecidos polo IGME) de importancia estatal ou autonómica: Lagoa de Baldaio (C-110), Franxas Cuaternarias de Cabo San Hadrián (C-111), Praia do Trece (placas eólicas) (C-112), Penas Abaladoiras de Muxía (C-113) –que atinxe ás praias de cantos, franxa litoral e depósitos de praias e placas eólicas de Lourido– e Coído de Cuño (C-114).

Ademais dos hábitats de interese comunitario (incluídos no Anexo I da Directiva 92/43/CEE), relacionados máis abaixo, esta ZEC conta con importantes representacións de vexetación helofítica (carriceiras, masegares, espadanedos e formacións de ciperáceas) no estuario do Anllóns, as lagoas de Traba e Campo do Lago-Brañas Mouras e as marismas de Baldaio.

Habitats de interese comunitario:

- Estuarios.
- Chairas lamacentas ou areosas que non están cubertas de auga cando hai marea baixa.
- Lagoas costeiras.
- Vexetación anual sobre restos mariños acumulados.
- Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas.
- Vexetación anual pioneira con *Salicornia* e outras especies de zonas lamacentas ou areosas.
- Prados salinos atlánticos (*Glauco-Puccinellietalia maritima*).
- Matos halófilos mediterráneos e termoatlánticos (*Sarcocornetea fruticosi*).
- Dunas móbiles embrionarias.
- Dunas móbiles de litoral con *Ammophila arenaria* (dunas brancas).
- Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea (dunas grises): dunas grises termoatlánticas (*Crucianellion maritima*).
- Dunas con céspedes do *Malcolmietalia*.
- Dunas con vexetación esclerófila do *Cisto-Lavanduletalia*.
- Uzais húmidos atlánticos de zonas mornas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*.
- Uzais secos europeos
- Uzais secos atlánticos costeiros de *Erica vagans*.
- Uzais oromediterráneos endémicos con toxo.
- Prados húmidos mediterráneos de herbas altas do *Molinio-Holoschoenion*.
- Turbeiras altas activas.
- "Mires" de transición.
- Turbeiras baixas alcalinas.
- Rochedos silíceos con vexetación pioneira do *Sedo-Scleranthion* ou do *Sedo albi-Veronicion dillenii*.
- Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion*, *Alnion incanae*, *Salicion albae*).



### ZEC de Betanzos-Mandeo

A ZEC de Betanzos-Mandeo (ES1110007) ten unha superficie total de 1.020 ha.

O espazo natural está integrado polo estuario e o curso baixo e medio do río Mandeo (25 km), parte do seu afluente o río Zarzo, o tramo baixo do río Mendo (9 km) e a desembocadura do río Lambre (Ponte do Porco).

A zona de estuarios (530 ha) do sistema Mandeo-Mendo-Lambre abrangue desde as inmediacións de Betanzos até a parte máis interna da ría do mesmo nome, augas abaixo, entre a localidade de Miño e a punta de Moruxo, á beira da praia de Gandarío, ao longo de case 7 km, e constitúe unha das maiores extensións de marisma litoral de Galicia, contando cunhas 170 ha de xunqueiras e prados halófilos e unha ampla extensión de augas abrigadas de fondo de ría (algo máis de 200 ha), que só parcialmente descubren coas baixamareas. A influencia das mareas faise notar, no caso do Mandeo, até uns 12 km da súa desembocadura. A parte máis baixa da conca deste río é o dominio dos xistos de Bergondo, mentres que augas arriba, a partir do monte da Espenuca (Coirós), predominan os granitos de dúas micas, con notables afloramentos que fan que o río se encaixe considerablemente ao longo duns 8 km no tramo central da ZEC, presentando unha considerable pendente (3%) entre Lagoa e Collantres, onde discorre entre os 220 e os 20 m s.n.m. En contraste, tanto río arriba como río abaixo, a pendente suavízase, sen superar o 0,6%.

Ademais dos hábitats de interese comunitario (incluídos no Anexo I da Directiva 92/43/CEE) relacionados máis abaixo, a ZEC presenta pequenas formacións de vexetación helofítica (principalmente carriceiras de *Phragmites australis* e formacións de ciperáceas) no estuario.

- Chairas lamacentas ou areosas que non están cubertas de auga cando hai marea baixa.
- Vexetación anual pioneira con *Salicornia* e outras especies de zonas lamacentas ou areosas.
- Prados de *Spartina* (*Spartinion maritimi*).
- Prados salinos atlánticos (*Glauco-Puccinellietalia maritimae*).
- Matos halófilo mediterráneos e termoatlánticos (*Sarcocornetea fruticosi*).
- Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion*, *Alnion incanae*, *Salicion albae*).
- Carballeiras galaico-portuguesas con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*.

### **ZEC Encoro de Abegondo-Cecebre**

A ZEC Encoro de Abegondo-Cecebre sitúase nun val da zona sublitoral na provincia de A Coruña, ocupando unha superficie de 493 ha. Este espazo atópase delimitado en torno ás augas embalsadas do Encoro de Cecebre, infraestrutura construída en torno á unión dos ríos Mero e Barcés para servir de abastecemento á cidade de A Coruña, incluíndo ademais as dúas colas que forma o encoro, unha por cada un dos vales dos ríos que o alimentan, así como os tramos inmediatos río arriba. Deste modo, este Lugar de Importancia Comunitaria repártese en 5 municipios:

Cambre, Betanzos, Carral, Abegondo e Oza dos Ríos.

Neste espazo diferenciáronse un total de 16 unidades, das que a maioría se inclúen no grupo UA800 Áreas urbanas e industriais, que conta con 4, repartíndose as demais nos grupos restantes (salvo o UA100 Hábitats mariños e costeiros, imposible de atoparse nesta zona interior).

No que a hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE se refire considerase prioritario (un 13%), o tipo Nat-2000 91E0 Bosques aluviais. Non obstante, o grupo no que se concentra un maior número de tipos de hábitats é o grupo Formacións herbosas naturais e seminaturais, no cal se inclúen ata 3 tipos de interese comunitario.


Entre os hábitats destacables cítanse os seguintes:

- Augas oligotróficas cun contido de minerais moi baixo das chairas areentas (*Littorelletalia uniflorae*).
- Lagos eutróficos naturais con vexetación *Magnopotamion* ou *Hydrocharition*.
- Estanques temporais mediterráneos.
- Formacións herbosas con *Nardus*, con numerosas especies, sobre substratos silíceos de zonas montañosas (e de zonas submontañosas da Europa continental).
- Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion*, *Alnion incanae*, *Salicion albae*).

Mapa 6: ZEC Costa de Dexo



Mapa 7: ZEC Costa da Morte



Mapa 8: ZEC Betanzos-Mandeo



Mapa 9: ZEC Encoro de Abegondo-Cencebre



### 3.1.8. Patrimonio cultural e histórico

Segundo o Rexistro da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, os bens de interese cultural presentes no GALP en 2016 son os seguintes:

Concello	Denominación	Tipo de ben cultural
Bergondo	Mosteiro e Igrexa de San Salvador de Bergondo	Monumento
	Pazo de Láncara ou Mariñán cos seus parques e xardíns	Conxunto histórico
Cambre	Igrexa de Santa María de Cambre	Monumento
	Torre de Andeiro	Monumento
Coruña, A	Arquivo do Reino de Galicia	
	Biblioteca Pública do Estado da Coruña	
	Casas Paredes	Monumento
	Castelo de San Antón	Monumento
	Castro de Elviña	Monumento
	Cidade Vella da Coruña	Conxunto histórico
	Conxunto formado polas portas do Parrote, do Cravo e de San Miguel, xardín de San Carlos e murallas	Monumento
	Igrexa de Santa María do Campo da Coruña	Monumento
	Igrexa de Santiago da Coruña	Monumento
	Igrexa parroquial de San Xurxo da Coruña	Monumento
	Museo de Belas Artes da Coruña	Monumento
	Praza de Santa Bárbara	Conxunto histórico
	Ruínas do ex-convento de San Francisco da Coruña	Monumento
	Torre de Hércules	Monumento
Culleredo	Torre de Celas	Monumento
Oleiros	Castelo de Santa Cruz de Oleiros	Monumento
	Torre de Lorbé	Monumento
	Torres de Coruxo	Monumento
Sada	Torres de Meirás	Sitio histórico

No Mapa de Equipamentos Culturais do Consello da Cultura Galega sinálanse os seguintes museos e centros de interpretación:

Concello	Denominación
A Coruña	Aquarium Finisterrae. Casa dos peixes
	Aquarium Finisterrae.Casa dos peixes
	Casa das ciencias
	Casa das ciencias
	Casa museo Casares Quiroga
	Casa museo Casares Quiroga
	Casa museo Emilia Pardo Bazán
	Casa museo María Pita
	Casa museo Picasso
	Colección de reloxos do Concello de A Coruña
	Domus. La casa del hombre
	Domus. La casa del hombre (exposición permanente)
	Museo arqueolóxico e histórico Castelo de San Antón
	Museo de arte contemporáneo Unión Fenosa (MACUF)
	Museo de belas artes de A Coruña
	Museo militar regional
Museo militar regional	
Arteixo	Museo Santiago Rey Fernández-Latorre
Cambre	Museo do xacemento romano
	Museo Wenceslao Fernández Flórez
Culleredo	Museo dos muíños Acea Da Ma
	Museo dos muíños Andrés Pan Vieiro
	Xardín botánico Ría do Burgo
	Xardín botánico Ría do Burgo e Aula de Natureza Juan Lembeye
Oleiros	Centro de visitantes do monumento natural costa Dexo-Serantes. Aula do mar
	Museo dos Oleiros
	Museo dos Oleiros do centro cultural de As Torres
Sada	Museo galego de arte contemporánea Carlos Maside

Entre as festas de interese turístico da zona segundo Turgalicia destacan as seguintes:

Concello	Denominación	Ámbito de interese turístico
A Coruña	Fogueiras de San Xoan	Internacional
Sada	Festas patronais de San Roque	Galego

Dentro do territorio do GALP están presentes os seguintes faros segundo o Plan de Ordenación do Litoral:

Concello	Denominación
A Coruña	Faro da Torre de Hércules
	Faro de Castelo de San Antón
	Faro de Oza
Oleiros	Faro de Santa Cristina
	Faro de Meda
Sada	Escollo Pulgueira

Por outra banda, dentro do arquitectura industrial e militar marítima presente na zona segundo o Plan de Ordenación do Litoral destaca a seguinte:

Concello	Denominación	Tipo
Arteixo	Fábrica de Xabroón de Uxes	Arquitectura Industrial
Coruña, A	Capitanía Xeral na praza da Constitución	Arquitectura Militar
	Cuartel de Atocha	Arquitectura Militar
	Fábrica de Tabacos da Palloza	Arquitectura Industrial
	Museo militar regional da Coruña ou Xefatura de Artillería	Arquitectura Militar
Culleredo	Fábrica Cross en O Burgo	Arquitectura Industrial
	Fábrica Cross. Casa da Xuventude en O Burgo	Arquitectura Industrial
	Fábrica Cross. Edificio A Escada en O Burgo	Arquitectura Industrial
Oleiros	Peirao de Santa Cruz. Liáns	Arquitectura Marítima. Porto/peirao
	Peirao de Mera. Maianca	Arquitectura Marítima. Porto/peirao
	Fábrica de Cervexa de Santa Cristina. Perillo	Arquitectura Industrial
	Casa do Fareiro	Arquitectura Marítima

Dentro do patrimonio arqueolóxico da zona marítima destaca o seguinte segundo o Plan de Ordenación do Litoral:

Concello	Denominación	Tipo
Arteixo	Xacemento de Freán	Asentamento ao aire
	Xacemento Neolítico de O Reiro	Asentamento ao aire
	Xacemento de Rubión	Asentamento ao aire
	Castro do Cociñadoiro	Castro
	Castro de Suevos	Castro
	Castro de Rañobre	Castro
	Castro da Pastoriza	Castro
	Castro de Galán	Castro
	Castro de Figueroa	Castro
	Castro de Laxobre	Castro
	Castro de As Penouqueiras	Castro
	Castro de Sta. Incia	Castro
	Castro de O Campo	Castro
	Castro de Chamín	Castro
	Castro de Armentón	Castro
	Castro de Freón	Castro
	Castro de Vigo	Castro
	Castro de Sta. Leocadia	Castro
	Castro de Canzobre	Castro
	Coto do Castelo	Castro
	Castro de Castelo	Castro
	Castro de Larín	Castro
	Medoñas	Túmulo/Mamoa
	Mámoa de Canteira	Túmulo/Mamoa
	Mámoa da Agra de Bons	Túmulo/Mamoa
	Mámoa de Fragavella	Túmulo/Mamoa
	Mámoa de Loureda	Túmulo/Mamoa
	Mámoa de Alvite	Túmulo/Mamoa
	Coto do Castro de Outeiro	Castro
	As Croas/Os Castros de Freán	Castro
Bergondo	Castro de Sta. María de Babío	Castro
	"Os Fornos". Os Castros	Castro
	Castro de Bergondiño	Castro
	Castro de Santa Marta de Babío	Castro
	Castro de Lubre	Castro
	Castro de Montecelo	Castro
	Castro de Ouces	Castro
	Castro de Carrío	Castro
	Castro de Cortiñán	Castro
Cambre	Monte da Pombeira	Achado illado
	Penas da Nosa Señora	Ao aire libre
	Castro de Armental	Castro

	Castro de Pravió	Castro
	Castro de Fraís	Castro
	Castro de Sigrás	Castro
	Torre das Arcas	Lugar funerario
	Ponte do Burgo	Ponte/Pontella
	Ponte do Burgo	Ponte/Pontella
Coruña, A	Arqueta dos Frailes	Alxibe
	Petroglifo de El Polvorín	Ao aire libre
	Petroglifo de Punta Herminia	Ao aire libre
	Castro de Nostián	Castro
	Cemiterio Vello	Fosa
	Mámoa do Monte das Antas	Túmulo con cámara
	Mámoa de Monte de Cambás	Túmulo/Mamoa
	Mámoa de Juan de Castiñeira	Túmulo/Mamoa
Culleredo	A Estima da Vella	Asentamento
	Torreiro do Río	Asentamento
	Castro de Rutis	Castro
	Castro de Alvedro	Castro
	Castro de Cillobre	Castro
	Ponte Alvedro	Construcións Tradicionais. Ponte/Pontella
	Ponte Alvedro	Construcións Tradicionais. Ponte/Pontella
	Mámoa de A Zapateira	Túmulo/Mamoa
	Mámoa de A Zapateira	Túmulo/Mamoa
	Mámoa do Monte da Zapateira	Túmulo/Mamoa
	Mámoa de A Zapateira	Túmulo/Mamoa
	Mámoa de A Covada 1	Túmulo/Mamoa
	Mámoa de A Covada 2	Túmulo/Mamoa
	Mámoa de A Covada 3	Túmulo/Mamoa
Oleiros	Ría do Burgo	Achado illado
	Xacemento romano da Praia de Portelo -	Asentamento
	O Castro	Asentamento
	Castro de Punta Roza	Castro
	Castro de Punta Torrella	Castro
	Castro de Subiña	Castro
	Castro Morro Canide	Castro
	Castro de Xaz	Castro
	Castro de Santa Cristina	Castro
	Castro de Montrove	Castro
	Castro de Sarro	Castro
	Castro de Xoez	Castro
	Castro das Gobernas	Castro
	Rúa do Castro	Castro
	Castromén	Castro
	Os Redondos	Castro



	Batería de Mera	Estrutura defensiva
	Necrópole medieval de Santa María de De	Necrópole
	A Torre	Torre/Mota
	As Medoñas	Túmulo/Mamoa
	As Medorras	Túmulo/Mamoa
	Medorra	Túmulo/Mamoa
Sada	Castro de San Amandi	Castro
	Castro de Taibo	Castro
	Os Castros de Pazos	Castro
	Castro de Meirás	Castro
	Castro de Tarabelo	Castro
	Castro de Samoedo	Castro
	O Castelo	Castro
	Castro de Veigue	Castro
	Castro de Riobao	Castro
	Os Castros	Castro
	O Castelo	Castro
	Os Castros	Castro

A zona marítima tamén conta cun número moi apreciable de pazos, segundo o POL:

Concello	Denominación
Arteixo	Pazo de Anzobre. Armentón
	Pazo de Figueroa. Arteixo
	Pazo de Mosende en Preguín. Lañas
	Pazo de Atín. Loureda
	Pazo das Cobadas. Sorrizo
	Pazo de Arixón. Sorrizo
Bergondo	Pazo de Babío
	Pazo de Casal. Babío
	Pazo de Armuño. Lubre
	Pazo de Aldao. Moruxo
	Pazo de Moruxo. Moruxo
	Pazo do Curro. Moruxo
	Pazo de Ouces no Casal. Ouces
	Pazo da Fonte ou San Vitorio. Vixoi
	Pazo de Trasdoval. Vixoi
Cambre	Pazo de Pravio. Pravio
Coruña, A	Pazo de Cornide, na Praza de Santa María do Campo. A Coruña
	Pazo de Xustiza (sede do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia). A Coruña
	Pazo da Pasaxe nas Xubias. Elviña
	Pazo da Peregrina en Río de Quintas. Elviña
	Pazo de Feáns (ruínas). Elviña
	Pazo da Pasaxe nas Xubias. Oza
	Pazo de San Xosé en San Xosé de Casanova. Viñas

Culleredo	Pazo de Culleredo en O Curro. Culleredo
	Pazo de Liñares (Casa dos Lembeye). Culleredo
	Pazo de San Fernando en Liñares. Culleredo
	Pazo dos Ferrer en O Curro. Culleredo
	Pazo de Correa en Avda. Vilaboa nº 42, Vilaboa. Rutis
	Pazo de Vilaboa. Rutis
Oleiros	Pazo de Arillo. Dorneda
	Pazo de Xaz en Dorneda
	Pazo de Abella. Iñás
	Pazo de Arenaza e xardíns. Iñás
	Pazo de Fontes. Iñás
	Pazo de Franzomel e xardíns. Liáns
	Pazo de Lóngora. Liáns
	Pazo do Río en Montrove. Liáns
	Pazo da Barcala. Nós
	Pazo da Carballeira en Vilanova. Nós
	Pazo de Santa María do Vilar de Nós
	Pazo das Torres. Oleiros
	Pazo de Miraflores. Oleiros
	Pazo de Pousada. Oleiros
Pazo da Granxa. Perillo	
Sada	Pazo de Fortiñón. Mondego
	Pazo de Trasín. Mondego
	Pazo de Castro de Enriba. Osedo
	Pazo de Castro de Samoedo. Osedo

Dentro da rica arquitectura relixiosa do GALP o Plan de Ordenación do Litoral identifica os seguintes elementos:

Concello	Denominación
Arteixo	Igrexa de Armentón (parroquial de San Pedro)
	Igrexa de Arteixo (parroquial de Santiago)
	Igrexa de Barrañán (parroquial de San Xián)
	Igrexa de Chamín (parroquial de Santaia)
	Igrexa de Lañas (parroquial de Santa Mariña)
	Igrexa de Larín (parroquial de Santo Estevo)
	Igrexa de Loureda (parroquial de Santa Maria)
	Igrexa de Monteagudo (parroquial de San Tomé)
	Igrexa de Morás (parroquial de Santo Estevo)
	Igrexa de Oseiro (parroquial de San Tirso)
	Igrexa-Santuario de Santa María. Pastoriza
	Igrexa de Sorrizo (parroquial de San Pedro)
	Igrexa de Suevos (parroquial de San Martiño)
	Capela de San Martiño. Lañas
	Capela de San Paio ou Santa Icia. Morás

	Capela de Uxes. Morás
Bergondo	Igrexa de Babío (parroquial de Santa Marta)
	Mosteiro e igrexa parroquial de San Salvador de Bergondo
	Ermida de Santo André en Armuño. Lubre
	Igrexa de Lubre (parroquial de San Xoán Bautista)
	Igrexa de Moruxo (parroquial de San Vincenzo)
	Igrexa de Ouces (parroquial de San Xoán)
	Igrexa de Rois (parroquial de Santa Mariña)
	Igrexa de Vixoi (parroquial de San Fiz)
	Capela do Casal. Babío
	Capela de San Cidre. Bergondo
	Capela de San Roque. Bergondo (Mariñán)
	Capela de Santo Antón de Covas. Bergondo
	Capela de San Gregorio do Casal. Ouces
Cambre	Igrexa de Sigrás (parroquial de Santiago)
Coruña, A	Cemiterio de San Amaro. A Coruña
	Convento de Santa Bárbara das Clarisas Descalzas. A Coruña
	Convento e igrexa de Santo Domingo. A Coruña
	Igrexa Castrense na rúa San Andrés. A Coruña
	Igrexa da Orde Terceira. A Coruña
	Igrexa das MM. Capuchinas. A Coruña
	Igrexa parroquial da Resurrección do Señor no Barrio das Flores e centro parroquial. A Coruña
	Igrexa parroquial de San Francisco. A Coruña
	Igrexa parroquial de San Nicolás. A Coruña
	Igrexa parroquial de Santa Lucía. A Coruña
	Igrexa de Elviña (parroquial de San Vicenzo)
	Igrexa de Oza (parroquial de Santa María)
	Ermida da Grela e igrexario. Viñas
	Igrexa de Viñas (parroquial de San Cristovo)
	Igrexa de Visma (parroquial de San Pedro)
	Capela do Lazareto (parroquial antiga de Oza). Oza
	Capela de San Xosé en San Xosé de Casanova. Viñas
Culleredo	Igrexa vella de Culleredo (parroquial de Santo Estevo)
	Igrexa do Burgo (parroquial de Santiago)
	Igrexa de Rutis (parroquial de Santa María)
	Capela de Fontemaior. Culleredo
	Capela de Villa Celina en Vilaboa. Rutis
Oleiros	Igrexa de Dexo (parroquial de Santa María)
	Igrexa de Dorneda (parroquial de San Martiño)
	Igrexa de Iñás (parroquial de San Xurxo)
	Igrexa de Liáns (parroquial de Santaia)
	Igrexa de Santa Cruz. Liáns
	Ruínas de Ibarrola (San Paio e xardíns)
	Igrexa de Maianca (parroquial de San Cosme)
	Igrexa de Nós (parroquial de San Pedro)

	Igrexa de Oleiros (parroquial de Santa María)
	Igrexa de Perillo (parroquial de Santa Locaia)
	Capela de San Paio de Montrove. Liáns
	Capela de Santa Ana de Maianca
	Capela de San Marcos. Nós
Sada	Cemiterio municipal de Sada
	Igrexa de Carnoedo (parroquial de Santo André)
	Igrexa de Meirás (parroquial de San Martiño)
	Igrexa de Mondego (parroquial de San Xián)
	Igrexa de Mosteirón (parroquial de San Nicolao)
	Igrexa de Osedo (parroquial de San Xián)
	Igrexa de Sada (parroquial vella de Santa María)
	Igrexa de Soñeiro (parroquial de San Xián)
	Igrexa de Veigue (parroquial de Santa Comba)
	Capela de San Mamede. Carnoedo
	Capela de Piñeiro. Meirás
	Capela e Convento das Siervas de María e xardíns. Mosteirón
	Capela de San Roque no Castro de Samoedo. Osedo
	Capela de San Roque de Sada
Capela do Espírito Santo. Soñeiro	

Dentro das construcións tradicionais que forman parte do patrimonio etnográfico como os horreos, fontes, cruceiros, petos, pombais ou pontes destacan o seguintes:

Concello	Denominación
Arteixo	Fonte da Rúa da Raña. Oseiro
	Fonte do Santuario de Pastoriza
	Fonte en Pastoriza (na estrada)
	Hórreo do Cura. Armentón
	Hórreo en Anzobre
	Hórreo en Armentón
	Hórreo de Xoana de Amadeo. Arteixo
	Hórreo en Figueroa (I)
	Hórreo en Figueroa (II)
	Hórreo nos Baños. Arteixo
	Hórreo en Branqueza. Barrañán
	Hórreo en Santaia de Abaixo. Chamín
	Hórreo na igrexa de Chamín
	Hórreo na Igrexa. Lañas
	Hórreo en Quintáns. Val de Loureda
	Hórreo no Igrexario (I) Loureda
	Hórreo no Igrexario (II) Loureda
	Hórreo no Igrexario (III) Loureda
	Hórreo no Igrexario (IV) Loureda
Hórreo da Casa Añón. Morás	

	Hórreo en Uxes. Morás (I)
	Hórreo en Uxes. Morás (II)
	Hórreo na Maceira. Oseiro
	Hórreo en Suevos (I)
	Hórreo en Suevos (II)
	Pombal do Pazo de Anzobre
	Pombal en Morás
	Pombal en Galán. Oseiro
	Ponte dos Brozos. Arteixo
	Ponte e muíño de Rañal. Oseiro
	Cruceiro do Adro de Armentón
	Cruceiro do Pazo de Anzobre
	Cruceiro do Igrexario de Arteixo
	Cruceiro de San Xián de Barrañán
	Cruceiro do Igrexario de Chamín
	Cruceiro do Igrexario de Larín
	Cruceiro do Igrexario de Loureda
	Cruceiro de Santo Tomé de Monteagudo
	Cruceiro da Capela de Uxes. Morás
	Cruceiro de Santo Estevo de Morás
	Cruceiro do Adro de San Tirso de Oseiro
	Cruceiro de Pastoriza (fronte a fachada da Igrexa)
	Cruceiro de Pastoriza (na Virxe do Monte)
	Cruceiro de Pastoriza (trala ábsida da Igrexa)
Bergondo	Fonte en Rois
	Fonte de San Vitorio. Vixoi
	Hórreo en Moruxo
	Hórreo en Rois
	Peto de Ánimas do Pisón. Vixoi
	Cruceiro de San Salvador de Bergondo
	Cruceiro da Obra do Pano. Lubre
	Cruceiro de San Xoán de Ouces
	Cruceiro en Rois
Cambre	Fonte de Estorrentada. Cambre
	Hórreo en Pravio
	Peto de Santo Antón. Sigrás
	Pombal en Sigrás
	Ponte de Alvedro ou Xira (entre Cambre e Culleredo). Sigrás e Almeiras
	Ponte de Sigrás (entre os concellos de Cambre e Culleredo)
	Ponte de Alvedro ou Xira. Almeiras - Sigrás
	Ponte de Sigrás. Almeiras - Sigrás
	Ponte romana do Burgo
	Cruceiro do Adro. Cambre
	Cruceiro do Adro de Santiago de Sigrás
	Cruceiro do Souto. Sigrás
Coruña, A	Fonte de San Vincenzo de Elviña

	Lavadoiro en Feáns. Elviña
	Hórreo do século XVI en Santa Margarida. A Coruña
	Hórreo da antiga reitoral de Elviña
	Hórreo en Pena Redonda. Elviña
	Hórreo en San Vincenzo de Elviña
	Hórreo no Martinete. Viñas
	Hórreos en Vioño (2). Viñas
	Cruceiro da igrexa de San Andrés. A Coruña
	Cruceiro de Carracedo. Elviña
	Cruceiro do adro de San Vicenzo de Elviña
	Cruceiro de San Cristovo das Viñas
	Cruceiro de Labañou. Visma
Culleredo	Fonte de Fontemaioir. Culleredo
	Fonte en Tarrío. Culleredo
	Hórreo na rúa Fonte do Souto. Culleredo
	Hórreo en Boedo (II). Veiga
	Ponte de Vilaboa. Rutis
	Cruceiro de Santo Estevo de Culleredo
	Cruceiro do Pazo de San Fernando en Liñares. Culleredo
Oleiros	Fonte de Miraflores. Oleiros
	Hórreo do Pazo de Arenaza. Iñás
	Hórreo en Bastiagueiro. Liáns
	Hórreo fronte á Casa do Concello. Oleiros
	Hórreo na Rabadeira. Oleiros
	Cruceiro de San Martiño de Dorneda
	Cruceiro da Ferrala. Liáns
	Cruceiro de Santaia de Liáns
	Cruceiro de San Cosme de Maianca
	Cruceiro de San Pedro de Nós
	Cruceiro de Santa Locaia de Perillo
Sada	Hórreo en Fortiñón. Mondego
	Hórreo no Tarabelo de Abaixo. Sada
	Cruceiro de Carnoedo
	Cruceiro de San Martiño de Meirás
	Cruceiro do Amexeiral. Mondego
	Cruceiro do Castro de Samoedo. Osedo
	Cruceiro de Pazos. Sada
	Cruceiro de Sadadarriba. Sada
	Cruceiro de San Xiao de Soñeiro
	Cruceiro do Espírito Santo. Soñeiro
	Cruceiro de Santa Comba de Veigue

Hai outros elementos do patrimonio etnográfico que tamén hai que destacar como:

Concello	Denominación
Cambre	Ponte do Burgo (entre Cambre e Culleredo). O Temple e O Burgo
Cambre	Ponte do Burgo. O Temple - O Burgo
Bergondo	Torre de Leis no Campo de Leis. Lubre
Cambre	Xardín Botánico Ría do Burgo
Coruña, A	Xardíns da Rosaleda. A Coruña
Coruña, A	Xardíns de Méndez Núñez. A Coruña
Cambre	Paraugas do Burgo

Por último, dentro do directorio de rutas de sendeirismo de Turgalicia recóllese o seguinte itinerario para a zona marítima:

PR-G17. Ruta arredor de Cambre. A senda comeza na propia vila de Cambre, e fai un paseo polo rico patrimonio da zona (antigo monasterio de Santa María de Cambre, castros de Cambre e de Armental ou Pena de Nosa Señora), aproveitando tamén para ofrecer vistas sobre o pobo de Cambre.



### 3.1.9. Metodoloxía

Na elaboración do diagnóstico seguiu-se unha triple perspectiva metodolóxica que recollía metodoloxías de carácter cuantitativo como a análise de datos e información secundaria, metodoloxías cualitativas que afondaban na interpretación de datos a través de xuntanzas e reunións de traballo, e accións de participación encamiñadas a xerar dinámicas de colaboración que integraban diferentes perspectivas (técnica, cidadá, sectorial) na diagnose da situación actual do territorio e do Grupo de Acción Local de Pesca.

O conxunto de actividades desenvolvidas para realizar o diagnóstico do territorio agrupáronse nas seguintes fases:

**Figura 1. Esquema das fases na realización do diagnóstico.**



1. Presentación metodoloxía e obxectivos. Para garantir a participación e transparencia do proceso tiveron lugar reunións e xornadas abertas ao conxunto da comunidade da zona marítima onde se explicaba cal era o obxeto do diagnóstico e a necesidade de ter unha visión global sobre o estado do territorio.

2. Análise de información. Recolléronse as fontes de carácter estatística de diversos institutos (IGE, INE) e rexistros administrativos, así como as derivadas de estudos, monografías, plans e fontes normativas.

3. Traballo de campo participativo. A través da participación de axentes e entidades do territorio e aplicando técnicas de diagnose cualitativa como o DAFO, procedeuse a afondar na situación das problemáticas, necesidades e recursos da zona.

Para unha descrición máis pomenorizada das actividades recoméndase ver o capítulo 10 sobre o proceso seguido no Plan de Participación, onde se recollen as actuacións realizadas para elaborar o diagnóstico.



## 3.2. Análise DAFO

### Análise interna

FORTALEZAS
Ámbito pesqueiro
<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Produtos do Mar de Calidade.</li> <li>2. Produtos do día das embarcacións costeiras artesanais.</li> <li>3. A lonxa da Coruña entre as primeiras de España en venda de pescado fresco. Dinamismo do Porto da Coruña.</li> <li>4. Gran número de PEMES que traballan en actividades relacionadas coa venda, transformación e elaboración de produtos do mar en fresco, conxelado e distintos graos de elaboración (no porto da Coruña, polígonos industriais da zona e no resto de concellos relacionados).</li> <li>5. Festas de valoración e exaltación dos produtos do mar.</li> <li>6. Calidade de servizo e servizo personalizado e cercanía ao consumidor das peixerías tradicionais.</li> </ol>
Ámbito turístico
<ol style="list-style-type: none"> <li>7. Potencial turístico do Porto da Coruña.</li> <li>8. Sada e Coruña teñen a maior número de amarres do norte de España para embarcacións de recreo.</li> <li>9. Actividades náuticas e marítimas adaptadas no territorio.</li> <li>10. Asociacións de Cociñeiros con estrelas Michelin do territorio que traballan con produtos do mar do territorio.</li> <li>11. Importante número de praias con bandeira Azul.</li> <li>12. Existencia de pemes de ocio náutico no territorio.</li> </ol>
Ámbito ambiental e patrimonial
<ol style="list-style-type: none"> <li>13. Enclave privilexiado, valores medioambientais da ría do Burgo, da ría de Sada e Betanzos e da Costa da Morte de Arteixo e da Zona do Faros de Hércules e Mera e Costa de Dexo.</li> <li>14. Existencia no territorio de rutas ornitolóxicas de interese.</li> <li>15. Bo estado de barrios Mariñeiros de Sada, A Tenencia e Fontán.</li> <li>16. Mantense no territorio o oficio de Carpintería de Ribeira, Porto de Lorbé.</li> <li>17. Existencia de entidades vinculadas á recuperación de embarcacións tradicionais no territorio e patrimonio material e inmaterial.</li> <li>18. Importante riqueza patrimonial: Torre de Hércules, lonxas da Coruña, extenso patrimonio arquitectónico de alto valor e interese.</li> <li>19. Valorización do patrimonio costeiro defensivo, patrimonio submariño, afundimentos.</li> <li>20. Festival Mar de Mares.</li> </ol>

Ámbito formación e cualificación
21. Alta cualificación da poboación activa. 22. Interese na actividade de Redeiros. Posibilidades de diversificación cara a artesanía. 23. Departamentos de investigación Mariña na Universidade da Coruña e Instituto de Español de Oceanografía. 24. Experiencia en Proxectos de Cooperación Transnacional e nivel rexional e estatal. 25. Sector bateiro dinámico, con empresa que traballa no I+D+i relacionado co cultivo de Mexillón. 26. Pemes que traballan en terra na investigación de novos cultivos con algas.
Ámbito infraestruturas
27. Área ben conectada por varias vías co resto de Galicia, da península e de Europa. 28. O Porto da Coruña é dinamizador da actividade pesqueira da comunidade. 29. Proxecto Smart Cities na Coruña.
Ámbito sociodemográfico
30. Dinamismo demográfico. 31. Territorio xerador de riqueza (PIB per cápita). 32. Taxas de envellecemento e dependencia global relativamente baixas. 33. Existencia de Centros Especiais de Emprego no territorio. 34. Inmigrantes traballando nas embarcacións pesqueiras. 35. Única Asociación de Mulleres do Sector Pesqueiro a Asociación de Redeiras de Lorbé. Existencia de Asociacións de Mulleres activas no territorio.

DEBILIDADES	
Ámbito pesqueiro	
1.	Confrarías do territorio con problemas económicos, necesidade de diversificación de ingresos.
2.	Problemas de relevo xeracional na actividade pesqueira.
3.	Escaso prezo do produto pesqueiro.
4.	Intrusismo profesional nos redeiros, competencia desleal, baixada de prezos, baixa visualización das Redeiras.
5.	Redución do número de redeiras, falla de cursos de formación de novas redeiras/os.
6.	A lonxa de Sada experimenta un retroceso pola venda na lonxa da Coruña e o menor número de descargas de sardiña, xurelo e das artes de cerco.
7.	Os descartes en artes de arrastre.
8.	Falta de trazabilidade dos produtos da pesca.
9.	Descenso no número de peixerías tradicionais.
10.	Falta de campañas para o consumo de pescado fresco, falta de coñecemento dos clientes máis xóvenes.
11.	Falla de empoderamento e de visibilización das mulleres no sector da pesca e do marisqueo o que implica a necesidade da creación dunha asociación de mulleres do sector pesqueiro no territorio.
12.	Falla de xestión das redes ao final da súa vida útil.
13.	Falla dun punto de venda e local para aseo e garda de aparellos de marisqueo na ría do Burgo.
Ámbito turístico	
14.	Escasa calidade na atención ao turista, especialmente nas localidades da contorna metropolitana.
15.	Estacionalización de tempada turística.
16.	Falla integración do turismo mariñeiro con outros produtos turísticos do territorio.
17.	Escaseza de prazas hoteleiras nas localidades da contorna de A Coruña.
Ámbito ambiental e patrimonial	
18.	Deterioro medioambiental (ría do Burgo).
19.	Descoñecemento acerca do valor natural da zona
20.	Ría do Burgo con problemas de hidrocarburos e mareas tóxicas, baixo rendemento produtividade.
21.	Necesidades de mellora nas pequenas e medianas empresas do Porto da Coruña a nivel tecnolóxico e na redución da pegada de Carbono.
22.	Lixo mariños nas costas e praias e portos do territorio, falta de concienciación ambiental.
Ámbito formación e cualificación	
23.	Falla de formación dos pescadores e mariscadores de A Coruña.

24. Falla de conexión entre o sector do mar e os centros de Investigación.
25. Acuicultura con necesidade de persoal formado en mantemento e instalación.
26. Problemas para instalación de proxectos pilotos para novos cultivos mariños.
27. Falla formación para internacionalización de Pemes.
28. Necesidade de adaptación das actividades turística a persoas con discapacidade.
29. Falta de aproveitamento e adaptación das novas tecnoloxías para persoas con discapacidade.
30. Necesidades de formación complementaria dos inmigrantes que traballan na pesca.
31. Mellorar Know How do territorio.
32. Falla de Servizos de aconsellamento a emprendedores e sobre innovación ás empresas en localidades pequenas.

Ámbito infraestruturas

33. Comunicaci3ns por terra entre localidades deficiente.
34. Ausencia de infraestruturas que permitan un acceso ordenado á liña de costa.



**Análise externa.**

OPORTUNIDADES	
Ámbito pesqueiro	
1.	Recuperación de bancos marisqueiros e antigas concesións marisqueiras.
2.	Venda de produtos con marca (Pesca de Rías, Reserva da Biosfera As Mariñas Coruñesas e Terra do Mandeo).
3.	Trazabilidade dos produtos do mar.
4.	Venda directa á restauración.
5.	Crecemento Azul.
6.	Plan da Frota Costeira Artesanal no Programa Operativo Estatal.
7.	Concesión no porto exterior zonas de percebe e outros recursos do mar.
Ámbito turístico	
8.	Coruña como produto turístico consolidado.
9.	Crecemento da demanda de portos deportivos e do turismo náutico.
10.	Eventos náuticos de gran importancia: regatas de grandes veleiros na Coruña, a Copa Balbina de embarcacións tradicionais en Sada, regatas de traíñas, etc.
11.	Incremento no derradeiros anos do número de cruceiros, con miles de turistas que desembarcan no Porto da Coruña.
12.	Xeodestino da Axencia Galega de Turismo, Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.
13.	O turismo con discapacidade está en alza.
14.	Vindeira lei de Turismo Mariñeiro e regulamentación do embarque de turistas en embarcacións profesionais.
Ámbito ambiental e patrimonial	
15.	Valores naturais non suficientemente valorizados nin coñecidos.
16.	Rico patrimonio cultural material.
Ámbito formación e cualificación	
17.	Territorio de base innovadora.
18.	Rede Farnet de Cooperación GALP's, Rede Española Grupos de Pesca e Rede de Mulleres do Sector Pesqueiro.

AMEAZAS	
Ámbito pesqueiro	
1.	Intrusión profesional no sector marisqueiro.
2.	Flota Artesanal fora dos TAC's.
3.	Baixos prezos na venda da lonxa.
4.	Falta de visibilización das mulleres no sector pesqueiro.
5.	Auxe da pesca deportiva, que pode facer perigar os recursos pesqueiros.
6.	Descenso do consumo de peixe e produtos do mar frescos, falla de relevo xeracional.
7.	Incremento de custes da nave de redeiras/os.
Ámbito turístico	
8.	Competencia turística doutros territorios.
9.	Trabas regulatorias (altos prezos nas taxas de "chárter").
Ámbito ambiental e patrimonial	
10.	Dragado da ría do Burgo.
11.	O cambio climático.
Ámbito formación e cualificación	
12.	Competencia territorial con outras zonas de Galicia: ausencia de cultura de cooperación institucional.
13.	Necesidade de mellora da Gobernanza no territorio.
Ámbito infraestruturas	
14.	Presións urbanísticas e infraestruturais sobre a liña de costa.

### 3.3. Principais retos

O principal reto ao que se enfronta o GALP é a mellora da economía das poboacións do litoral tomando como base o incremento da capacidade organizativa do sector pesqueiro, a dinamización do turismo, favorecendo a elevación do nivel de renda e calidade de vida, e a conservación da contorna, dos recursos naturais e do seu patrimonio.

Preténdese, con **carácter xeral**:

- Conseguir que o GALP Golfo Ártabro Sur sexa un referente territorial na promoción de actuacións, en base á Xestión Integrada da Zona Costeira, mediante a innovación, a comunicación e a colaboración entre entidades, institucións, empresas e sociedade civil.
- Asociar o desenvolvemento do territorio cos principios que inspiraron a creación da Reserva da Biosfera das Mariñas Coruñesas e as Terras do Mandeo.
- Reforzar a creación de emprego, priorizando a colectivos como a mocidade, as mulleres, as persoas con diversidade funcional ou en risco de exclusión social e aquelas paradas de longa duración, apostando polo emprego de calidade e que responda a criterios de responsabilidade social.
- Reforzar o empoderamento das mulleres do sector pesqueiro e do territorio, incrementando a súa visibilización en base ao recoñecemento da súa labor, a loita contra a violencia de xénero, o fomento de accións para súa formación e cooperación e a promoción de accións que contribúan á mellorar a calidade de vida das unidades de convivencia.
- Interiorizar a colaboración e cooperación con entidades, institucións e empresas doutros territorios, como ferramenta de traballo para poñer en marcha proxectos que respondan aos retos formulados.

Os retos que se formulan en canto ao **sector pesqueiro** son:

- Acadar un desenvolvemento social integrador e sostible do sector pesqueiro, adecuando a súa cadea de valor en torno á innovación, a formación, unha economía de baixas emisións de carbono e a colaboración vertical e horizontal entre o sector, e deste co seu entorno.
- Conseguir un modelo de desenvolvemento do sector pesqueiro que supoña unha mellora para todos os elos da cadea de valor: para o sector extractivo, o tecido empresarial e o comercial, así como tamén para o conxunto dos consumidores.

- Mellorar o consumo, sobre todo local, e o recoñecemento e valor dos produtos do mar, como parte dunha dieta saudable, na que destacan as propiedades duns recursos obtidos de maneira artesanal e de grande calidade.
- Consegur que a pesca costeira artesanal sexa un modelo produtivo de referencia na economía local da zona costeira.
- Dignificar e revalorizar o traballo do mar, converténdoo nunha alternativa de emprego, e contribuíndo deste xeito a garantir o relevo xeracional e a continuidade das actividades.

Os retos que se formulan en relación ao **desenvolvemento económico** son:

- Promover o desenvolvemento azul, ligado ao turismo e as actividades do mar, e a diversificación da economía do litoral en base á calidade, a sostibilidade e a innovación, o coñecemento científico e a colaboración e a cooperación de todos os axentes do territorio e doutros territorios afíns.
- Fomentar o turismo mariñeiro ou de litoral de calidade, innovador, sostible e cun carácter integrador, que poña en valor os recursos patrimoniais, paisaxísticos, e facéndoo dunha maneira consciente e respectuosa co medio.

Os retos en relación ao aproveitamento e **valorización dos recursos naturais e culturais** do territorio son:

- Mellorar o medioambiente e a biodiversidade das rías e do litoral, en base á sensibilización, o voluntariado e a responsabilidade social corporativa; tamén a cooperación de institucións, entidades e empresas do territorio e da sociedade civil.
- Acadar que a sociedade sexa consciente da importancia que ten o coidado e o uso racional da auga, como un dos principais recursos que xera vida, e que une a terra e o mar.
- Contribuír á redución do impacto ambiental e a presión que xera poboación da zona costeira e a foránea, sobre o medio físico e a contorna, concienciando á mesma da necesidade de respectar os recursos e de manter unha visión do seu aproveitamento e reutilización.
- Reducir a pegada de carbono en todas as iniciativas e proxectos que se poñan en marcha, ao tempo que se procura unha adaptación dos que xa están funcionando, apostando por modelos eficientes e limpos enerxeticamente.
- Favorecer a recuperación do patrimonio cultural material e inmaterial marítimo, en base ao coñecemento do sector e a colaboración de institucións, entidades e empresas do noso territorio.



## 4. Misión, Visión e Valores

### 4.1. Misión

O GALP Golfo Ártabro Sur contribuirá a mellorar o desenvolvemento social e económico da zona costeira, impulsando unha actividade económica innovadora e vencellada á valorización racional do mar e ao aproveitamento sostible dos seus recursos, apoiando unha mellora e diversificación dos seus usos sociais, económicos e turísticos.

### 4.2. Visión

O GALP Golfo Ártabro Sur quere ser un referente no desenvolvemento sostible da zona costeira, contando cun sector pesqueiro comprometido coa biodiversidade e a innovación, e un territorio intelixente que poña en valor os recursos culturais e naturais, como factores de dinamismo económico e como sinais de identidade propia.

### 4.3. Valores

O GALP Golfo Ártabro Sur comprométese cos seguintes valores.

1. O litoral e, en especial, a ría debe ser unha zona cultural e medioambientalmente coidada e rexenerada que mellore a calidade de vida da poboación e incremente a actividade pesqueira e usos turísticos diversos.
2. O Golfo Ártabro Sur terá ao sector pesqueiro como eixe de desenvolvemento da zona costeira apoiando iniciativas que poñan en valor a profesión e os produtos pesqueiros, así como o seu recoñecemento, prestando especial atención ás mulleres do mar.
3. A costa deber ser un espazo estruturado e ordenado que xere emprego de calidade e benestar para súa comunidade sempre dende o respecto aos recursos mariños, os valores paisaxísticos e o conxunto do medio natural e cultural.
4. O fomento dun sector turístico con actividades e servizos, dunha náutica deportiva que aposte pola calidade, e do valor social do deporte como instrumento de integración de persoas con diversidade funcional.

5. Un litoral que se sinta orgulloso da tradición mariñeira, que amose todo o seu potencial patrimonial e que sexa vivo, conectando hábitats e territorios de alto valor natural.
6. Un territorio dinámico e participativo no que colaboren todos os axentes locais no desenvolvemento económico e social da zona costeira.



## 5. Plan de acción

### 5.1. Estrutura e contidos do plan de acción

#### 5.1.1. Mapa plan acción.

**OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1.** Mellora da competitividade do sector pesqueiro, creación de emprego e atracción de mocidade, en especial a través do aumento do valor engadido dos produtos pesqueiros, da integración vertical, da innovación en todas as fases da cadea de subministro dos produtos pesqueiros; e garantir unha actividade sostible promovendo o uso eficiente dos recursos biolóxicos mariños.

**Obxectivo específico 1.1:** Consolidar ao final do período de programación a cadea de valor do sector pesqueiro local.

**Liña de actuación 1.1.1.** Incrementar o valor engadido dos produtos do mar de maneira diferencial e sostible.

**Liña de actuación 1.1.2.** Apostar por un modelo innovador na comercialización dos produtos pesqueiros locais.

**Liña de actuación 1.1.3.** Promover un consumo responsable e de base local sostible.

**Obxectivo específico 1.2:** Conseguir un sector pesqueiro profesional, innovador e igualitario no conxunto do territorio.

**Liña de actuación 1.2.1.** Mellorar as condicións de traballo, profesionalidade e cualificación do sector.

**Liña de actuación 1.2.2.** Traballar no recoñecemento social, igualdade e empoderamento do sector pesqueiro.

**OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2.** Creación de emprego e oportunidades económicas a través da diversificación da economía local das zonas pesqueiras cara novas actividades económicas, entre elas as que ofrece o crecemento azul e os sectores marítimos en senso amplo, favorecendo a formación, a innovación e o fomento do emprego.

**Obxectivo específico 2.1.:** Identificar ao final do período, ao Golfo Ártabro como un destino turístico de referencia a nivel ambiental, paisaxístico e mariñeiro, dentro do xeodestino Rías Altas.

**Liña de actuación 2.1.1.** Desenvolver un produto turístico diferenciado e competitivo.

**Liña de actuación 2.1.2.** Promover un turismo accesible, inclusivo e sostible.

**Liña de actuación 2.1.3.** Fomentar o turismo mariñeiro no territorio GALP e iniciativas de posta en valor do mundo mariñeiro.

**OBXECTIVO ESTRATÉXICO 3.** Fomento do aproveitamento sostible do patrimonio medio ambiental das zonas pesqueiras, incluíndo operacións de mitigación do cambio climático e de transición a unha economía de baixas emisións de carbono.

**Obxectivo específico 3.1.** Adoptar medidas que incidan no coidado e preservación do medio natural e os seus recursos, favorecendo a mellora da biodiversidade.

**Liña de Actuación 3.1.1.** Promover accións vencelladas directamente ao medio mariño.

**Liña de Actuación 3.1.2.** Maior conservación e posta en valor dos recursos naturais da zona costeira.

**Liña de Actuación 3.1.3.** Prestar especial atención á auga como recurso que favorece a riqueza da zona costeira.

**Obxectivo específico 3.2.** Contribuír á redución da pegada de carbono.

**Liña de Actuación 3.2.1.** Atender á problemática do cambio climático.

**Liña de Actuación 3.2.2.** Favorecer un modelo de desenvolvemento enerxético sostible.

**OBXECTIVO ESTRATÉXICO 4: Fomento do benestar social e do patrimonio cultural das zonas pesqueiras.**

**Obxectivo específico 4.1.: Incrementar substancialmente o patrimonio cultural recuperado valorizado, contribuíndo ao reforzo da identidade territorial, a proxección internacional e a dinamización social e turística.**

**Liña de actuación 4.1.1. Recuperar e poñer en valor o patrimonio marítimo-costeiro.**

**Liña de actuación 4.1.2. Reforzar a proxección e a identidade do Golfo Ártabro Sur a través da posta en valor do seu patrimonio mariñeiro.**

**OBXECTIVO ESTRATÉXICO 5. Reforzo das comunidades no desenvolvemento local e da gobernanza, dos recursos pesqueiros e actividades marítimas locais.**

**Obxectivo específico 5.1. Establecer mecanismos de gobernanza para axilizar a intermediación coas diferentes administracións implicadas no desenvolvemento do territorio.**

**Liña de actuación. 5.1.1. Reforzar o coñecemento da estratexia do GALP no territorio.**

**OBXECTIVO ESTRATÉXICO 6: Fomento da cooperación**

**Obxectivo específico 6.1.: Crear un modelo de cooperación na implementación do programa 2014-2020 do FEMP.**

**Liña de actuación 6.1.1. Promover iniciativas de cooperación en diferentes ámbitos sectoriais.**

### 5.1.2. Plan de acción: obxectivos, liñas de actuación e medidas.

**OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1.** Mellora da competitividade do sector pesqueiro, creación de emprego e atracción de mocidade, en especial a través do aumento do valor engadido dos produtos pesqueiros, da integración vertical, da innovación en todas as fases da cadea de subministro dos produtos pesqueiros; e garantir unha actividade sostible promovendo o uso eficiente dos recursos biolóxicos mariños.

***Obxectivo específico 1.1: Consolidar ao final do período de programación a cadea de valor do sector pesqueiro local.***

Cómpre indicar que cando nos referimos á pesca, estamos usando un concepto xenérico, incluíndo ao conxunto de actividades produtivas do sector: pesca, marisqueo, acuicultura, ou outras actividades e servizos relacionados con estas.

Este obxectivo específico céntrase na atención de tres piares básicos da cadea de valor: a produción, a transformación e comercialización, e o consumo. As actividades que se tentan promover orientanse ao conxunto de colectivos, tentando incrementar o valor engadido dos produtos do mar, a través dun modelo innovador no seu tratamento e incidindo na importancia do consumo, sobre todo, de base local.



<b>Liña de actuación 1.1.1. Incrementar o valor engadido dos produtos do mar de maneira diferencial e sostible.</b>	
<b>Descrición</b>	
Nesta liña agrúpanse medidas relacionadas co ámbito produtivo, onde se aposta por desenvolver iniciativas na transformación dos produtos, enfocándose cara un modelo de explotación sostible, vinculado á pesca artesanal e a figuras de protección como a Reserva da Biosfera.	
<b>Medidas</b>	
<ol style="list-style-type: none"> <li>1. <b>Promoción de proxectos de investigación, modernización e innovación asociados á cadea de valor do produto pesqueiro, incidindo de maneira especial na industria da transformación (aproveitamento de algas, elaboración de conservas, novas gamas de produtos, produtos derivados, aproveitamento de descartes, etc.).</b></li> <li>2. <b>Proxectos que reforcen a calidade dos produtos pesqueiros, destacando os beneficios que teñen nunha alimentación saudable e incidindo nas súas potencialidades e propiedades diferenciais.</b></li> <li>3. <b>Apoio de iniciativas que reforcen a conexión dos produtos do mar coa figura da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo: distintivos, marcas ou selos de calidade.</b></li> <li>4. <b>Iniciativas e proxectos que fomenten a pesca costeira artesanal, como por exemplo, coa recuperación das artes tradicionais da pesca como elemento que engade valor ao produto pesqueiro.</b></li> <li>5. <b>Proxectos que melloren as condicións para a obtención de produtos do mar, actuando sobre zonas de pesca e marisqueo: rexeneración de zonas de marisqueo, mellora da calidade das augas, etc.</b></li> <li>6. <b>Proxectos de acuicultura ecolóxica.</b></li> </ol>	
<b>Potenciais beneficiarias</b>	
Confrarías, asociacións do sector pesqueiro, empresas, persoas físicas.	
<b>Indicadores</b>	
<p>I04. Número de empregos creados nos proxectos financiados.  I05. Número de empregos consolidados nos proxectos financiados.  I06. Número de empresas creadas.  I07.1. Número global de actividades /operacións subvencionadas de carácter produtivo e non produtivo.  I08. Número de actividades /operacións subvencionadas relacionadas coa redución da pegada de carbono.</p>	
<b>Intensidade de axuda</b>	
6,0% do programa de axudas (292.500,00€).	

Liña de actuación 1.1.2. Apostar por un modelo innovador na comercialización dos produtos pesqueiros locais.	
Descrición	
<p>Estas medidas buscan unha comercialización responsable dende o punto de vista ambiental, reforzando neste sentido o potencial que teñen os mercados de proximidade; malia todo, non se esquece o potencial que pode ter a apertura cara novos mercados no exterior. Hai unha clara atención cara a demanda dos potenciais consumidores tendo en consideración o seu perfil. Por último as medidas tamén abordan a necesidade da integración de innovacións tecnolóxicas para mellorar o ciclo comercial e loxístico dos produtos.</p>	
Medidas	
<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Apoio a proxectos que aposten polos circuitos curtos de comercialización, consumo de proximidade, contribuíndo á redución da pegada de carbono.</li> <li>2. Promoción de iniciativas innovadoras e modernizadoras para a comercialización dos produtos pesqueiros, adaptándoas á realidade social: vivendas unifamiliares, produtos precociñados, elaboracións novidosas, envasados, etiquetado, etc.</li> <li>3. Medidas que potencien a introdución de innovacións tecnolóxicas na comercialización dos recursos e produtos do mar: creación de redes de apoio para potenciar a innovación, deseño e establecemento de plataformas <i>online</i>, lonxas <i>online</i>, apoios no proceso loxístico,...</li> <li>4. Accións de internacionalización do tecido empresarial da zona costeira para optimizar a comercialización dos produtos pesqueiros locais.</li> </ol>	
Potenciais beneficiarias	
Confrarías, asociacións do sector pesqueiro, empresas, persoas físicas.	
Indicadores	
<p>I04. Número de empregos creados nos proxectos financiados.            I05. Número de empregos consolidados nos proxectos financiados.            I06. Número de empresas creadas.            I07.1. Número global de actividades /operacións subvencionadas de carácter produtivo e non produtivo.            I08. Número de actividades /operacións subvencionadas relacionadas coa redución da pegada de carbono.</p>	
Intensidade de axuda	
6,0% do programa de axudas (292.500,00€).	



<b>Liña de actuación 1.1.3. Promover un consumo responsable e de base local sostible.</b>	
<b>Descrición</b>	
Nesta liña recóllense medidas orientadas a reforzar o consumo dos produtos locais, en especial o produto fresco, prestando especial atención ao potencial que ten o consumo colectivo e reforzando a vinculación co sector da hostalería e restauración da zona costeira.	
<b>Medidas</b>	
<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Accións de sensibilización dirixidas á poboación para reforzar o consumo dos produtos pesqueiros, marisqueiros e da acuicultura locais, apoiándose no consumo de produto en fresco, na posta en valor das propiedades nutricionais e saudables dos produtos, na potenciación da vinculación coa Reserva da Biosfera, no consumo de proximidade,...</li> <li>2. Proxectos que promovan o consumo dos produtos do mar, en especial o consumo colectivo, como por exemplo en escolas, residencias, albergues, etc.</li> <li>3. Apoio de iniciativas que reforcen o consumo, con garantías, de produtos nos establecementos de restauración e hostalería locais, sobre todo produtos da pesca de baixura, marisqueo ou a acuicultura local.</li> </ol>	
<b>Potenciais beneficiarias</b>	
Administración local, confrarías, asociacións do sector pesqueiro, empresas, persoas físicas.	
<b>Indicadores</b>	
<p>I04. Número de empregos creados nos proxectos financiados.</p> <p>I05. Número de empregos consolidados nos proxectos financiados.</p> <p>I06. Número de empresas creadas.</p> <p>I07.1. Número global de actividades/operacións subvencionadas de carácter produtivo e non produtivo.</p>	
<b>Intensidade de axuda</b>	
6,0% do programa de axudas (292.500,00€).	

**Obxectivo específico 1.2: Conseguir un sector pesqueiro profesional, innovador e igualitario no conxunto do territorio**

Perséguese acadar un sector máis forte e cohesionado, mediante unha mellora no recoñecemento social e profesional do seu traballo. Incídese na necesidade de fomentar o coñecemento, a cualificación e a dignificación do conxunto de actividades. Tamén se considera axeitado o feito de promover un sector máis igualitario, tanto a nivel de traballos como de acceso ao mercado laboral neste ámbito.

**Liña de actuación 1.2.1. Mellorar as condicións de traballo, profesionalidade e cualificación do sector.**

Descrición
Esta medidas céntranse en acadar un sector profesional con mellores condicións de traballo, máis igualitario e no que se coide e respecte o medio e os recursos. Incídese tamén na necesidade de incrementar a súa profesionalización, tendo en consideración que isto influirá de maneira directa na mellora do sector.
Medidas
<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Proxectos de mellora tecnolóxica e innovación nas actividades do sector e na flota pesqueira: actuacións en diferentes actividades (marisqueo, pesca, acuicultura, servizos, transformación, etc.), aparellos que favorezan unha maior preservación das especies e do medio, melloras en elementos de seguridade e accesibilidade a bordo das embarcacións, etc.</li> <li>2. Accións enfocadas á mellora profesional nos oficios do mar: formación orientada a colectivos específicos (redeiras, mariñeiros, mecánicos,...), mellora da cualificación profesional e acreditación de competencias profesionais nas ocupacións do sector, accións vinculadas ás artes e oficios, formación para incidir na necesidade de xerar valor engadido na pesca.</li> </ol>
Potenciais beneficiarias
Confrarías, asociacións do sector pesqueiro, empresas, persoas físicas.
Indicadores
<p>I04. Número de empregos creados nos proxectos financiados.            I05. Número de empregos consolidados nos proxectos financiados.            I06. Número de empresas creadas.            I07.1. Número global de actividades/operacións subvencionadas de carácter produtivo e non produtivo.            I08. Número de actividades /operacións subvencionadas relacionadas coa redución da pegada de carbono.</p>
Intensidade de axuda
4,8% do programa de axudas (234.000,00€).

<b>Liña de actuación 1.2.2. Traballar no recoñecemento social, igualdade e empoderamento do sector pesqueiro.</b>	
<b>Descrición</b>	
Trátase de mellorar a imaxe do sector facéndoo máis atractivo para a xeración de emprego e un sector ordenado e preocupado pola súa continuidade. Tamén se procura garantir que sexa un sector no que haxa as mesmas oportunidades para todas as persoas que traballan nel e se visibilice o importante papel que teñen as mulleres no conxunto de actividades pesqueiras.	
<b>Medidas</b>	
<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Iniciativas que fomenten a conexión entre o mundo do mar e a sociedade, con especial fincapé na xuventude, mediante proxectos xeradores de emprego, de visibilización do sector, de difusión do traballo dos colectivos do mar, programas de visitas a lonxas, etc.</li> <li>2. Proxectos de apoio e reforzo da pesca costeira artesanal, baseados na utilización de técnicas e prácticas tradicionais.</li> <li>3. Medidas destinadas á loita e prevención contra o furtivismo.</li> <li>4. Apoio de iniciativas e proxectos que fomenten o relevo profesional no sector pesqueiro.</li> <li>5. Accións que redunden no empoderamento das mulleres do mar, tanto a nivel de visibilidade e representación, como na mellora das condicións de traballo (melloras en instalacións, embarcacións).</li> <li>6. Proxecto de apoio e reforzo da inserción laboral das mulleres no conxunto de actividades do sector, tanto extractivas, como de transformación, servizos, investigación.</li> </ol>	
<b>Potenciais beneficiarias</b>	
Confrarías, asociacións do sector pesqueiro, empresas, persoas físicas.	
<b>Indicadores</b>	
<p>I04. Número de empregos creados nos proxectos financiados.</p> <p>I05. Número de empregos consolidados nos proxectos financiados.</p> <p>I06. Número de empresas creadas.</p> <p>I07.1. Número global de actividades/operacións subvencionadas de carácter produtivo e non produtivo.</p>	
<b>Intensidade de axuda</b>	
7,2% do programa de axudas (351.000,00€).	



**OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2.** Creación de emprego e oportunidades económicas a través da diversificación da economía local das zonas pesqueiras cara novas actividades económicas, entre elas as que ofrece o crecemento azul e os sectores marítimos en senso amplo, favorecendo a formación, a innovación e o fomento do emprego.

***Obxectivo específico 2.1.: Identificar ao final do período, ao Golfo Ártabro como un destino turístico de referencia a nivel ambiental, paisaxístico e mariñeiro, dentro do xeodestino Rías Altas.***

Este obxectivo céntrase en converter o Golfo Ártabro como un destino atractivo dende o punto de vista turístico, aproveitando o potencial que supón o xeodestino Rías Altas, e a afección da zona costeira á Reserva da Biosfera, como elemento tractor da economía local. Para isto é necesario aproveitar o potencial existente a nivel de infraestruturas, de recursos, do que supón o propio sector pesqueiro, optimizando as potencialidades deste conxunto de factores. Apóstase por un modelo de turismo sostible, integrador e inclusivo cos visitantes, no que o turismo mariñeiro, poida ser un valor engadido neste sentido.

<b>Liña de actuación 2.1.1. Desenvolver un produto turístico diferenciado e competitivo.</b>	
<b>Descrición</b>	
Trátase de promover proxectos que garantan posta en marcha dun turismo sostible, vinculado a Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas Terras do Mandeo, e que teña en conta ao mar, as súas actividades e recursos como un reclamo para favorecer o mesmo.	
<b>Medidas</b>	
<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Apoio a iniciativas que desenvolvan produtos e servizos turísticos que se asocien coa marca de calidade e sustentabilidade da Reserva da Biosfera, así como con outras marcas de calidade de prestixio.</li> <li>2. Apoio a proxectos de turismo, que se vinculen á valorización dos recursos ambientais e ao compromiso de conservación do patrimonio. Por exemplo: roteiros mariñeiros e do litoral, visitas a espazos submariños protexidos, observación de aves, turismo de natureza, rutas xeolóxicas, iniciativas de turismo familiar, ecoturismo, etc.</li> <li>3. Iniciativas destinadas a programar un turismo de eventos con contidos mariñeiros ou pesqueiros, promovendo o establecemento de programacións conxuntas e coordinadas entre axentes do territorio. Por exemplo, feiras gastronómicas de exaltación dos produtos pesqueiros nos concellos (mexillón, xiba, ...), xornadas sobre cultura e patrimonio mariñeiro, etc.</li> <li>4. Promoción de iniciativas que melloren a xestión das actividades turísticas: información do territorio, recursos, dotacións e servizos; melloras ou innovacións tecnolóxicas como centrais de reservas online, aplicativos para móbiles, etc.</li> <li>5. Proxectos orientados ao deseño de paquetes turísticos en colaboración coas axencias e institucións con competencia en turismo.</li> </ol>	
<b>Potenciais beneficiarias</b>	
Administracións locais, asociación do sector pesqueiro, asociacións de utilidade pública, confrarías, empresas, persoas físicas.	
<b>Indicadores</b>	
<p>I04. Número de empregos creados nos proxectos financiados.</p> <p>I05. Número de empregos consolidados nos proxectos financiados.</p> <p>I06. Número de empresas creadas.</p> <p>I07.2. Número global de actividades /operacións subvencionadas de carácter produtivo e non produtivo.</p> <p>I08. Número de actividades /operacións subvencionadas relacionadas coa redución da pegada de carbono.</p>	
<b>Intensidade de axuda</b>	
10,5% do programa de axudas (511.875,00€).	

<b>Liña de actuación 2.1.2. Promover un turismo accesible, inclusivo e sostible.</b>	
<b>Descrición</b>	
Esta liña recolle proxectos relacionados con mundo marítimo e pesqueiro na súa vertente máis lúdica e recreativa. Iniciativas que teñan en conta un mellor aproveitamento das infraestruturas e equipamentos existentes no territorio antes que crear novas infraestruturas. E que ao mesmo tempo sexan accesibles e inclusivas. E sobre todo, que haxa un emprendemento social vinculado a actividades costeiras e do mar con colectivos en exclusión.	
<b>Medidas</b>	
<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Creación ou mellora de empresas de servizos turísticos vinculados ao turismo náutico, deportivo ou de lecer: estación e escolas náuticas, empresas de servizos náuticos ou relacionadas coa pesca deportiva, etc.</li> <li>2. Apoio a proxectos e iniciativas que integren o carácter inclusivo e accesible do turismo para todo tipo de colectivos, facilitando o acceso a servizos: persoas con discapacidade, persoas maiores, turismo de familias, familias con persoas dependentes, entre outros.</li> <li>3. Proxectos de creación, adaptación ou mellora de infraestruturas, equipamentos, servizos e espazos públicos do litoral: portos accesibles e adaptados con rampas de acceso, pantaláns e peiraos axeitados, accesos a praias e instalacións deportivas, equipamentos para mobilización de discapacitados, equipamentos de integración e socialización, etc.</li> <li>4. Apoio a iniciativas ou eventos relacionados con actividades pesqueiras, náuticas e deportivas, como por exemplo: feiras pesqueiras, feiras sobre náutica, rutas de embarcacións tradicionais, regatas, xornadas mariñeiras, etc.</li> <li>5. Proxectos que impliquen a creación ou posta en valor de infraestruturas, servizos e actividades como elemento de reforzo do atractivo turístico da zona: centros de interpretación, museos do mar vivos, infraestruturas do patrimonio costeiro, etc.</li> </ol>	
<b>Potenciais beneficiarias</b>	
Administracións locais, asociación do sector pesqueiro, asociacións de utilidade pública, confrarías, empresas, persoas físicas.	
<b>Indicadores</b>	
<p>I04. Número de empregos creados nos proxectos financiados.</p> <p>I05. Número de empregos consolidados nos proxectos financiados.</p> <p>I06. Número de empresas creadas.</p> <p>I07.2. Número global de actividades /operacións subvencionadas de carácter produtivo e non produtivo.</p>	
<b>Intensidade de axuda</b>	
7,5% do programa de axudas (365.625,00€).	

**Liña de actuación 2.1.3. Fomentar o turismo mariñeiro no territorio GALP e iniciativas de posta en valor do mundo mariñeiro.**

Descrición
<p>Esta liña de actuación céntrase na promoción de iniciativas de turismo mariñeiro, dende unha concepción ampla do concepto. Abórdanse medidas destinadas a poñer en valor o conxunto do patrimonio do mar, tanto material como inmaterial. Tamén vincular o turismo co potencial que teñen as actividades do mar (empresas de transformación, visitas a peiraos, carpinterías de ribeira, pesca-turismo, etc.). Orientarse cara un modelo turístico no que haxa sinerxía co sector do comercio e a hostalería, apoiando a súa profesionalización e vinculación co mar, para valorizar o patrimonio local e os propios produtos da zona. Por último, poñer en valor o mundo do mar, achegando este ás escolas.</p>
Medidas
<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Medidas que fomenten a visibilización das actividades e do traballo da xente do mar, facendo especial fincapé no traballo das mulleres, co obxectivo de promover iniciativas de turismo mariñeiro: visitas a peiraos, visitas de traballo con redeiras, rutas para ver o marisqueo, turismo a bordo das embarcacións, etc.</li> <li>2. Impulso de accións de turismo responsable na costa, baseadas na valorización das actividades tradicionais da pesca e o aproveitamento sostible dos seus recursos.</li> <li>3. Realización de iniciativas de turismo que aproveiten o potencial que poden ofrecer as empresas extractivas e transformadoras.</li> <li>4. Iniciativas de valorización das actividades e recursos do sector marítimo pesqueiro, tendo en conta as actividades desenvoltas tradicionalmente e de maneira artesanal. Por exemplo: instalacións para uso e coidado de embarcacións de vela tradicional, espazos para material, pantaláns, etc.</li> <li>5. Impulso de proxectos vinculados ao comercio e á hostalería, co obxectivo de poñer en valor o patrimonio local e a gastronomía asociadas aos produtos da zona, en especial aos do mar. Por exemplo: actividades formativas destinadas a mellorar o vínculo entre estes sectores e o mundo do mar, actividades que resalten a cociña atlántica, deseño e realización de roteiros gastronómico-pesqueiros, actividades de lecer vinculadas ao ámbito náutico, etc.</li> <li>6. Apoio á creación ou adaptación de infraestruturas e servizos de hostalería relacionadas coa propia zona pesqueira e co mundo mariñeiro.</li> <li>7. Programa de formación e accións dirixidas á mellora da profesionalización e da calidade do sector turístico, en especial a hostalaría e comercio.</li> <li>8. Apoio a integración nos programas escolares de actividades e contidos vinculados ao mundo do mar. Por exemplo, a semana azul, actividades extraescolares vinculadas co ocio marítimo ou o patrimonio marítimo pesqueiro, etc.</li> </ol>
Potenciais beneficiarias
<p>Administracións locais, asociación do sector pesqueiro, asociacións de utilidade pública, confrarías, empresas, persoas físicas.</p>
Indicadores
<p>I04. Número de empregos creados nos proxectos financiados.  I05. Número de empregos consolidados nos proxectos financiados.  I06. Número de empresas creadas.  I07.2. Número global de actividades /operacións subvencionadas de carácter produtivo e non produtivo.</p>
Intensidade de axuda
<p>12,0% do programa de axudas (585.000,00€).</p>

**OBXECTIVO ESTRATÉXICO 3. Fomento do aproveitamento sostible do patrimonio medio ambiental das zonas pesqueiras, incluíndo operacións de mitigación do cambio climático e de transición a unha economía de baixas emisións de carbono.**

***Obxectivo específico 3.1. Adoptar medidas que incidan no coidado e preservación do medio natural e os seus recursos, favorecendo a mellora da biodiversidade.***

A influencia da zona pola Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, fai que exista unha orientación importante da estratexia cara o que significa esta figura de valorización e preservación do patrimonio e o medio natural desta zona costeira. As actuacións a desenvolver céntranse na mellora do coidado do medio mariño e dos seus recursos de maneira específica, e tamén na conservación e valorización conxunta dos recursos do entorno. Préstase especial atención á problemática dos residuos e á importancia da auga, sobre todo tendo en consideración a influencia que ten esta no medio mariño, se falamos de augas residuais, nunha zona cunha alta presión urbanística.





<b>Liña de Actuación 3.1.1. Promover accións vencelladas directamente ao medio mariño.</b>	
<b>Descrición</b>	
As medidas que se promoven orientanse a recuperar e protexer os espazos naturais do litoral e os fondos mariños, incidindo tamén na concienciación sobre o impacto que ten a poboación sobre o propio medio. Promóvense tamén iniciativas vinculadas ao ámbito da custodia do territorio e a investigación do medio e os recursos mariños.	
<b>Medidas</b>	
<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Proxectos que impliquen a creación, recuperación e protección de espazos naturais do litoral e os fondos mariños. Por exemplo: a mellora da vexetación no fronte litoral da costa, a recuperación de marismas e o acondicionamento de brañas, espazos dunares, reservas pesqueiras, espazos naturais de interese local (ENIL), etc.</li> <li>2. Posta en marcha de proxectos de rexeneración ambiental e de recuperación e mellora da biodiversidade existente na zona, con vocación de proxección e de seren referentes internacionais. Por exemplo: recuperación de ambientes degradados, accións de limpeza e conservación do medio mariño e costeiro e dos cauces fluviais;</li> <li>3. Programas e accións de sensibilización, dirixidas ao colectivo de profesionais do mar, para incidir na importancia da pesca sostible e a preservación dos recursos e o medio mariño.</li> <li>4. Accións de custodia do medioambiente no ámbito marítimo.</li> <li>5. Realización de accións de investigación e divulgación que poñan de relevo a importancia e a riqueza da biodiversidade mariña.</li> </ol>	
<b>Potenciais beneficiarias</b>	
Administracións locais, asociación do sector pesqueiro, asociacións de utilidade pública, confrarías, empresas, persoas físicas.	
<b>Indicadores</b>	
<p>I04. Número de empregos creados nos proxectos financiados.</p> <p>I05. Número de empregos consolidados nos proxectos financiados.</p> <p>I06. Número de empresas creadas.</p> <p>I07.3. Número global de actividades/operacións subvencionadas de carácter produtivo e non produtivo.</p> <p>I08. Número de actividades /operacións subvencionadas relacionadas coa redución da pegada de carbono.</p>	
<b>Intensidade de axuda</b>	
5,6% do programa de axudas (273.000,00€).	

<b>Liña de Actuación 3.1.2. Maior conservación e posta en valor dos recursos naturais da zona costeira.</b>	
<b>Descrición</b>	
Esta liña agrupa medidas de sensibilización, investigación e recuperación ambiental, destacando a importancia que ten o coñecemento dos diferentes hábitat, e as potencialidades existentes para promover iniciativas xeradoras de emprego vinculadas ao ámbito ambiental e de aproveitamento dos residuos.	
<b>Medidas</b>	
<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Programas e iniciativas de investigación e divulgación sobre os espazos naturais, culturais e paisaxísticos a recuperar e protexer. Por exemplo, a elaboración dun inventario ou catálogo de todos estes recursos.</li> <li>2. Medidas que fomenten a mellora do coñecemento científico e a súa divulgación, sobre a ría e o litoral e que axuden a descubrir oportunidades emprego a través da conservación do medio.</li> <li>3. Proxectos de investigación, formación e divulgación en temas relacionados co lixo mariño. Por exemplo, programas de intervención artística a través da reutilización destes residuos coa finalidade de facer visible o problema dos contaminantes mariños, proxectos de redución e reutilización do lixo mariño colaborando co sector pesqueiro e colectivos sociais,...</li> <li>4. Apoio a accións destinadas á elaboración e divulgación de plans de xestión e de sostibilidade dos recursos, en especial co sector pesqueiro (RSC, etc).</li> <li>5. Realización de accións de sensibilización e formación sobre a importancia de coidar o medio mariño e terrestre. Con carácter xeral: visibilizar o impacto da cidadanía sobre o medioambiente, programas de voluntariado ambiental ou traballo directo con colectivos para limpar o lixo, accións de sinalización destinadas á preservación de zonas de costa, aulas de natureza, actividades e rutas para xerar conciencia ambiental, etc. Con carácter específico: accións divulgativas e formativas con escolares (Programa Ecomar), programas divulgativos e educativos para diferentes colectivos (entidades locais, hostalería e turismo, comercio, industria, tecido veciñal).</li> <li>6. Actuacións de loita fronte á erosión e o cambio climático. Por exemplo, medidas que podan previr inundacións en zonas de costa.</li> </ol>	
<b>Potenciais beneficiarias</b>	
Administracións locais, asociación do sector pesqueiro, asociacións de utilidade pública, confrarías, empresas, persoas físicas.	
<b>Indicadores</b>	
<p>I04. Número de empregos creados nos proxectos financiados.  I05. Número de empregos consolidados nos proxectos financiados.  I06. Número de empresas creadas.  I07.3. Número global de actividades/operacións subvencionadas de carácter produtivo e non produtivo.  I08. Número de actividades /operacións subvencionadas relacionadas coa redución da pegada de carbono.</p>	
<b>Intensidade de axuda</b>	
5,6% do programa de axudas (273.000,00€).	

<b>Liña de Actuación 3.1.3. Prestar especial atención á auga como recurso que favorece a riqueza da zona costeira.</b>
<b>Descrición</b>
Recóllense un conxunto de medidas que teñen por fin concienciar sobre a importancia que ten o consumo consciente da auga e a influencia que pode ter esta sobre o medioambiente, en especial o medio mariño. Sobre todo polos aspectos relacionados coa depuración de augas residuais ou ben, a influencia de determinados elementos contaminantes que persisten na auga.
<b>Medidas</b>
<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Apoio a programas de investigación e accións de divulgación e sensibilización sobre a importancia da calidade das augas e do ciclo da auga, con especial consideración sobre os contaminantes persistentes na mesma, os efectos das augas residuais,...</li> <li>2. Proxectos e iniciativas que incidan na mellora da calidade das augas, o aproveitamento sostible e o uso responsable.</li> </ol>
<b>Potenciais beneficiarias</b>
Administracións locais, asociación do sector pesqueiro, asociacións de utilidade pública, confrarías, empresas, persoas físicas.
<b>Indicadores</b>
<p>I04. Número de empregos creados nos proxectos financiados.</p> <p>I05. Número de empregos consolidados nos proxectos financiados.</p> <p>I06. Número de empresas creadas.</p> <p>I07.3. Número global de actividades /operacións subvencionadas de carácter produtivo e non produtivo.</p> <p>I08. Número de actividades /operacións subvencionadas relacionadas coa redución da pegada de carbono.</p>
<b>Intensidade de axuda</b>
2,8% do programa de axudas (136.500,00€).

**Obxectivo específico 3.2. Contribuír á redución da pegada de carbono.**

Preténdese atender a problemática do cambio climático, mediante unha maior concienciación da poboación e a posta en marcha de medidas que incidan no ámbito enerxético, a través da utilización de enerxías limpas e renovables ou medidas orientadas á mellora da eficiencia enerxética.

<b>Liña de Actuación 3.2.1. Atender á problemática do cambio climático.</b>	
<b>Descrición</b>	
Contémplanse medidas de sensibilización orientadas a concienciar á poboación local, sobre o impacto negativo de determinadas actividades no medioambiente. Tamén a promoción de iniciativas que supoñan a redución de emisións vinculadas ao transporte.	
<b>Medidas</b>	
<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Programas e actividades que fomenten o uso do transporte colectivo, promovendo a recuperación do transporte marítimo como medio alternativo</li> <li>2. Accións de divulgación sobre o significado da pegada ecolóxica. Por exemplo, programas de visitas a experiencias industriais que teñan pegada ecolóxica.</li> </ol>	
<b>Potenciais beneficiarias</b>	
Administracións locais, asociación do sector pesqueiro, asociacións de utilidade pública, confrarías, empresas, persoas físicas.	
<b>Indicadores</b>	
I04. Número de empregos creados nos proxectos financiados. I05. Número de empregos consolidados nos proxectos financiados. I06. Número de empresas creadas. I07.3. Número global de actividades /operacións subvencionadas de carácter produtivo e non produtivo. I08. Número de actividades /operacións subvencionadas relacionadas coa redución da pegada de carbono.	
<b>Intensidade de axuda</b>	
1,2% do programa de axudas (58.500,00€).	

<b>Liña de Actuación 3.2.2. Favorecer un modelo de desenvolvemento enerxético sostible.</b>	
<b>Descrición</b>	
Preténdese fomentar o uso eficiente e racional da enerxía no conxunto de infraestruturas, instalacións, ou mesmo en embarcacións, incluíndo tamén a instalación de enerxías limpas e renovables.	
<b>Medidas</b>	
<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Actuacións enfocadas á instalación de enerxías renovables ou accións que conleven unha mellora da eficiencia enerxética en instalacións (portos, lonxas, etc.), equipamentos (maquinaria, instalacións de frío, procesado, etc.), embarcacións, co fin de acadar unha maior autosuficiencia enerxética.</li> <li>2. Promoción de circuítos curtos enerxéticos, aproveitando os recursos do mar e residuos, valorizándoos para mellorar a pegada ecolóxica no ámbito local.</li> <li>3. Apoio á promoción de iniciativas de posta en marcha ou investigación de xeración de enerxía a partir do mar, reducindo as emisións de CO2 en todo o ámbito costeiro.</li> </ol>	
<b>Potenciais beneficiarias</b>	
Administracións locais, asociación do sector pesqueiro, asociacións de utilidade pública, confrarías, empresas, persoas físicas.	
<b>Indicadores</b>	
<p>I04. Número de empregos creados nos proxectos financiados.</p> <p>I05. Número de empregos consolidados nos proxectos financiados.</p> <p>I06. Número de empresas creadas.</p> <p>I07.3. Número global de actividades /operacións subvencionadas de carácter produtivo e non produtivo.</p> <p>I08. Número de actividades /operacións subvencionadas relacionadas coa redución da pegada de carbono.</p>	
<b>Intensidade de axuda</b>	
4,8% do programa de axudas (234.000,00€).	

**OBXECTIVO ESTRATÉXICO 4: Fomento do benestar social e do patrimonio cultural das zonas pesqueiras.**

***Obxectivo específico 4.1.: Incrementar substancialmente o patrimonio cultural recuperado valorizado, contribuíndo ao reforzo da identidade territorial, a proxección internacional e a dinamización social e turística.***

Considérase necesario incrementar a recuperación do patrimonio da zona costeira, pero tamén a súa valorización, apostando por un modelo vivo, no que se divulgue o patrimonio inmaterial e o material. Deste xeito, pódese aproveitar todo o seu potencial para dinamizar o turismo na zona e a súa proxección cara o exterior.

<b>Liña de actuación 4.1.1. Recuperar e poñer en valor o patrimonio marítimo-costeiro.</b>	
<b>Descrición</b>	
Esta medidas van destinadas á identificación, conservación e valorización do patrimonio, principalmente material, da zona costeira, facendo que este poida ser utilizado con diferentes utilidades.	
<b>Medidas</b>	
<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Investigación e recuperación dos recursos patrimoniais marítimo-costeiros; sobre todo desde o punto de vista do seu aproveitamento cultural e turístico. Por exemplo, a recuperación de infraestruturas e xacementos na zona do litoral ou nos fondos mariños.</li> <li>2. Proxectos de identificación e posta en valor de espazos, infraestruturas e instalacións patrimoniais existentes, mediante o aproveitamento para actividades formativas, museísticas, de servizos ambientais ou turísticos entre outros.</li> <li>3. Programas ou actuacións orientadas á mellora de espazos identitarios ou núcleos tradicionais mariñeiros (portos, barrios mariñeiros, arquitectura mariñeira, etc.), para reforzar a identidade territorial e contribuír a un modelo de turismo máis atractivo.</li> <li>4. Recuperación e posta en valor das embarcacións históricas e tradicionais mariñeiras, incluíndo a posta en marcha de proxectos de carpintería de ribeira.</li> </ol>	
<b>Potenciais beneficiarias</b>	
Administracións locais, asociación do sector pesqueiro, asociacións de utilidade pública, confrarías, empresas, persoas físicas.	
<b>Indicadores</b>	
<b>I04. Número de empregos creados nos proxectos financiados.</b> <b>I05. Número de empregos consolidados nos proxectos financiados.</b> <b>I06. Número de empresas creadas.</b> <b>I07.4. Número global de actividades /operacións subvencionadas de carácter produtivo e non produtivo.</b>	
<b>Intensidade de axuda</b>	
6,0% do programa de axudas (292.500,00€).	

<b>Liña de actuación 4.1.2. Reforzar a proxección e a identidade do Golfo Ártabro Sur a través da posta en valor do seu patrimonio mariñeiro.</b>	
<b>Descrición</b>	
Tratase de aproveitar o extenso patrimonio vinculado ao mar, co fin de reforzar a identidade territorial e aproveitar o mesmo como elemento que contribúa á dinamización social, económica e turística da zona costeira.	
<b>Medidas</b>	
<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Accións de investigación e divulgación da historia e tradicións mariñeiras da zona. Por exemplo: proxectos de recuperación da toponimia ou microtoponimia na zona costeira ou marítima, proxectos de valorización e difusión de antigas artes de pesca, actividades e oficios tradicionais do mar (redeiras, carpintería de ribeira, ...), etc.</li> <li>2. Realización de actividades, eventos ou proxectos que recuperen e poñan en valor o patrimonio marítimo: exposicións sobre oficios tradicionais, recuperación de embarcacións tradicionais, recuperación de tradicións mariñeiras, programas de visitas a carpinterías de ribeira, regatas de traíñeiras, encontros de vela tradicional, formación para navegar en embarcacións tradicionais, etc.</li> </ol>	
<b>Potenciais beneficiarias</b>	
Administracións locais, asociación do sector pesqueiro, asociacións de utilidade pública, confrarías, empresas, persoas físicas.	
<b>Indicadores</b>	
<p>I04. Número de empregos creados nos proxectos financiados.</p> <p>I05. Número de empregos consolidados nos proxectos financiados.</p> <p>I06. Número de empresas creadas.</p> <p>I07.4. Número global de actividades /operacións subvencionadas de carácter produtivo e non produtivo.</p>	
<b>Intensidade de axuda</b>	
4,0% do programa de axudas (195.000,00€).	

**OBXECTIVO ESTRATÉXICO 5. Reforzo das comunidades no desenvolvemento local e da gobernanza, dos recursos pesqueiros e actividades marítimas locais.**

***Obxectivo específico 5.1. Establecer mecanismos de gobernanza para axilizar a intermediación coas diferentes administracións implicadas no desenvolvemento do territorio.***

Este obxectivo céntrase en promover actuacións en rede con entidades do territorio principalmente, co fin de promover o desenvolvemento local dunha maneira participativa, potenciando a colaboración e sinerxía de diferentes programas ou figuras que afectan ao territorio, e optimizando os recursos.

<b>Liña de actuación. 5.1.1. Reforzar o coñecemento da estratexia do GALP no territorio.</b>	
<b>Descrición</b>	
Estas actuacións pretenden reforzar e visibilizar ao GALP, como entidade dinamizadora de base local. Preténdese realizar accións que impulsen e animen á posta en marcha da estratexia, destacando os principais obxectivos que se formulan na mesma.	
<b>Medidas</b>	
<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Constitución de espazos de participación entre o GALP e as administracións locais para o impulso e seguimento dos proxectos de desenvolvemento da estratexia do EDLP; así como a unificación dunha estratexia de comunicación conxunta.</li> <li>2. Apoio a accións de divulgación e adaptación da estratexia do GALP entre os sectores sociais do territorio e entre as diferentes instancias das administracións implicadas.</li> <li>3. Apoio ao impulso de actividades de dinamización (foros, xornadas, congresos, etc.) do GALP co fin de dar a coñecer os eixes estratéxicos (turismo, patrimonio, medio ambiente, etc.) e de xerar e impulsar iniciativas vinculadas á EDLP.</li> </ol>	
<b>Potenciais beneficiarias</b>	
Administracións locais, asociacións do sector pesqueiro, asociacións de utilidade pública, confrarías.	
<b>Indicadores</b>	
I07.5. Número global de actividades /operacións subvencionadas de carácter produtivo e non produtivo.	
<b>Intensidade de axuda</b>	
5,0% do programa de axudas (243.750,00€).	



**OBXECTIVO ESTRATÉXICO 6: Fomento da cooperación*****Obxectivo específico 6.1.: Crear un modelo de cooperación na implementación do programa 2014-2020 do FEMP.***

Preténdese acadar un modelo de traballo orientado ao traballo en rede, para afianzar iniciativas na que poden estar implicado diferentes axentes territoriais, tanto no ámbito económico, coma social ou institucional.

**Liña de actuación 6.1.1. Promover iniciativas de cooperación en diferentes ámbitos sectoriais.**

Descrición
Tentaranse promover iniciativas que fomenten a economía social en diferentes ámbitos económicos, como elementos de reforzo da cohesión social. Tamén iniciativas xerais orientadas á promoción do emprego en ámbitos relacionados coas actividades do mar, sobre todo colaborando con diferentes colectivos ou axentes. Tamén se tentarán promover iniciativas conxuntas co obxectivo de reforzar a cooperación no ámbito ambiental, ou no aproveitamento e valorización de infraestruturas do territorio.
Medidas
<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Proxectos que fomenten a economía social en diferentes ámbitos sociais e económicos da zona pesqueira.</li> <li>2. Proxectos conxuntos de difusión da cultura mariñeira e promoción dos produtos do mar.</li> <li>3. Apoio ao desenvolvemento de iniciativas turísticas conxuntas en torno ao mar e apoio á creación de servizos complementarios.</li> <li>4. Proxectos de colaboración entre entidades educativas, a distintos niveis, e o sector pesqueiro para a detección de novas oportunidades de emprego e a realización de accións formativas de calidade.</li> <li>5. Apoio a proxectos conxuntos do territorio do GALP, e con outros territorios, que fomenten a cultura emprendedora en sectores relacionados co mar e a creación de empresas e servizos turísticos e de recuperación e posta en valor do patrimonio material e inmaterial mariñeiro.</li> <li>6. Proxectos de cooperación con outras reservas da biosfera que estean en zonas litorais e teñan GALP e que sirvan para coñecer e intercambiar experiencias, incrementar a sensibilización social e a creatividade.</li> <li>7. Proxectos de cooperación que potencien o voluntariado ambiental e a conciencia na protección do medio e os recursos.</li> <li>8. Apoio a proxectos de transferencia de boas prácticas, coñecementos entre confrarías, centros de investigación-universidades e empresas; e entre territorios e empresas.</li> <li>9. Apoio a posta en marcha de proxectos de colaboración para o aproveitamento diverso das instalacións existentes das diferentes administracións do territorio GALP.</li> </ol>
Potenciais beneficiarias
Administracións locais, asociacións do sector pesqueiro, asociacións de utilidade pública, confrarías, empresas, persoas físicas.

Indicadores
<b>I04. Número de empregos creados nos proxectos financiados.</b>
<b>I05. Número de empregos consolidados nos proxectos financiados.</b>
<b>I06. Número de empresas creadas.</b>
<b>I07.6. Número global de actividades /operacións subvencionadas de carácter produtivo e non produtivo.</b>
<b>I08. Número de actividades /operacións subvencionadas relacionadas coa redución da pegada de carbono.</b>
Intensidade de axuda
<b>5,0% do programa de axudas (243.750,00€).</b>



## 5.2. Principais características da estratexia

Este apartado sintetiza as principais características da estratexia incluídas no Regulamento do FEMP (Cap. III Desenvolvemento sostible das zonas de Pesca) e no regulamento de disposicións comúns (art. 33). Faise referencia ao carácter integrado e innovador da estratexia, á contribución da estratexia á creación de emprego, a promoción da igualdade, a contribución ao desenvolvemento sostible do territorio, a complementariedade da EDLP con outros programas e o establecemento de redes. Por último, tamén se analiza a pertinencia da estratexia co obxectivo de ver como o plan de acción dá resposta ás necesidades do territorio, a través do conxunto de liñas de actuación que se tentarán poñer en marcha.

### 5.2.1. Carácter integrado e multisectorial da estratexia

Unha das principais preocupacións para o GALP Golfo Ártabro Sur é a de acadar o desenvolvemento sostible da zona costeira, botando man da integración do conxunto de axentes do territorio, onde o sector pesqueiro debe ter un papel de dinamizador a nivel económico e social.

O traballo en rede é outro dos factores de relevancia, sendo un feito destacable, o interese por vincular a estratexia local coa Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo. Os obxectivos e retos son complementarios entre axentes, se falamos de conquistar melloras na zona litoral e na sostibilidade dos recursos, con carácter global.


Para afondar na integración, cómpre abordar o desenvolvemento territorial en base ao desenvolvemento do sector pesqueiro e do sector turístico.

O sector pesqueiro, necesita reforzar as súas relacións, vertical e horizontalmente, co obxectivo último de incrementar o consumo dos produtos locais, e por tanto as rentas para o sector, dignificando o traballo no mesmo. A principal aposta que se fai pasa pola recuperación da pesca costeira artesanal, como modelo de pesca sostible, a nivel de persoas, recursos e medio mariño e costeiro. Este modelo produtivo necesita encetar os intereses de todos os axentes implicados, polo cal a estratexia se orienta a mellorar as rendas para o sector, botando man dun modelo produtivo innovador, non só a nivel tecnolóxico, senón a nivel de actividades e transformacións nos produtos. A maiores, apóstase por un modelo inclusivo e colaborativo, integrando persoas e colaborando con axentes do territorio.

A integración no sector pesqueiro enténdese dende dous puntos de vista, o interno e o externo, tendo en consideración os axentes implicados. A nivel interno a colaboración de persoas profesionais do sector está vinculada á xeración de maior valor engadido nos

produtos pesqueiros. Neste sentido, hai unha clara orientación cara a innovación no ámbito da produción, pero tamén da transformación e a comercialización, integrando todos os elos da cadea vertical da pesca. A nivel externo é prioritario recuperar o consumo de base local, establecendo iniciativas que afonden no consumo a nivel global na sociedade, e a nivel particular, sobre todo nos sectores vecellados ao turismo, a hostalería e a restauración. Fálase tamén de que o sector traballe da man do consumo colectivo.

**Figura 2. Niveis de integración no sector pesqueiro.**



Por outra banda, é necesario establecer vínculos co sector turístico, xa que mar e turismo son o binomio de referencia se falamos de desenvolvemento. O crecemento azul enténdese cunha forte centralidade nun turismo que aposta por valorizar os produtos do mar, dun xeito tradicional, reforzando as propiedades e calidade diferencial dos produtos. O turismo mariñeiro é tamén un enfoque estratéxico, se o unimos ao potencial que ten o turismo náutico e de lecer relacionado co ocio marítimo. Cómpre recordar a importancia de integrar un concello como A Coruña, co que implica a nivel poboacional. Malia ás debilidades relacionadas co sector do turismo, enténdese que existe un potencial importante para valorizar, botando man de figuras importantes, como a citada Reserva da Biosfera.

A nivel de turismo, a integración é máis plena, xa que falamos de recursos pesqueiros, ambientais e patrimoniais, co cal estamos pechando o ciclo de valorización integrada da zona costeira.

Figura 3. Niveis de integración entre o sector pesqueiro e o turismo.



O carácter integrado da estratexia defínese pola capacidade que teñen as medidas establecidas na mesma para dar resposta aos retos formulados no territorio, se ben é necesario ser conscientes de que todas as problemáticas existentes na zona non poden ser resoltas mediante a EDLP.

O carácter integrado da estratexia ten unha alta intensidade no primeiro obxectivo relacionado coa mellora da competitividade do sector pesqueiro. Neste sentido apréciase unha capacidade importante para atender ás demandas do sector, xa que o enfoque que se lle tenta dar, apostando por un modelo artesanal e sostible, está directamente aliñado cos obxectivos que persegue este Fondo. A cooperación e integración de intereses entre sector pesqueiro e turístico, pode ser atendida baixo as medidas que se contemplan en calquera dos dous obxectivos específicos que se formulan, relacionados cos produtos e o sector.

Do mesmo xeito, no segundo obxectivo estratéxico, o modelo de diversificación da economía local, oriéntase cara un modelo de cohabitación do turismo con todo o que implica o mar, non só no produtivo, senón nos aspectos ambientais e patrimoniais vinculados ao mesmo. Aquí a estratexia integra tamén claramente os intereses de ambos sectores, reforzándose mutuamente. É evidente, que si pretendemos reforzar o desenvolvemento dunha zona costeira, estas actividades deben ir da man.

A integración de factores ambientais na estratexia é tamén decisiva, no sentido de que mellorar a situación ambiental da zona costeira, vai a supoñer externalidades positivas tanto para o sector pesqueiro, como para o turismo. Malia todo, neste caso, as capacidades das medidas indicadas na estratexia poden contribuír á concienciación e sensibilización das problemáticas ambientais, pero non a dar solución ás problemáticas estruturais da zona costeira, como son a contaminación ambiental ou a presión urbanística. Desta maneira, outros fondos estruturais, poderían dar unha resposta satisfactoria ou atender a problemáticas de raíz, como por exemplo, todo o que ten que ver coa calidade das augas, tanto das rías como da propia zona do litoral; problemática esta de grande impacto a nivel social, económico e ambiental. Para dar cumprimento a este obxectivo, sería necesario favorecer unha maior integración entre o GALP e as entidades do territorio de diferentes sectores, tendo unha importancia relevante o papel das administracións públicas competentes na materia (sobre todo no vinculado aos recursos hídricos e as zonas de costa e portuarias).

No vinculado aos aspectos patrimoniais, a aposta estratéxica pasa pola integración dos factores culturais, vinculados ao mundo do mar, como elemento de reforzo da identidade local. A recuperación e valorización patrimonial, é un elemento que vai a definir as características do entramado social da zona costeira, facendo esta diferente doutras. Apóstase de maneira importante por un modelo vivo e dinámico de valorización do patrimonio, como por exemplo na promoción de iniciativas como regatas de embarcacións tradicionais, o impulso da carpintería de ribeira, ou a musealización viva do patrimonio marítimo e costeiro.

Por último, a mellora da gobernanza e a cooperación, danlle un carácter transversal á estratexia, potenciando a participación e traballo en rede de axentes do territorio, pero tamén foráneos.

## 5.2.2. Carácter innovador da estratexia

Os principais factores de innovación que contén a estratexia do GALP Golfo Ártabro Sur, están relacionados co desenvolvemento da actividade pesqueira, abordando diferentes actividades, de cara á mellora do valor engadido dos produtos pesqueiros e a mellora das condicións de traballo no sector. Tamén no feito de incidir na importancia que ten o GALP, á hora de ser un factor dinamizador no territorio, que aglutine o traballo de diferentes axentes e entidades, de cara a acadar o desenvolvemento sostible do territorio.

A proposta estratéxica introduce sustancialmente factores de innovación nos dous obxectivos vinculados á mellora da competitividade do sector pesqueiro. Por unha banda, os factores de innovación fan referencia a melloras asociadas á cadea de valor dos produtos pesqueiros, sobre todo no relacionado co ámbito da transformación dos produtos pesqueiros (liña de actuación 1.1.1.), e coa transformación a nivel da súa comercialización, apoiándose principalmente en melloras tecnolóxicas, que posibiliten unha comercialización adaptada á necesidades do mercado ou ás innovacións na cadea loxística (liña de actuación 1.1.2.). Por outra banda, establécese como obxectivo específico, a necesidade de desenvolver un sector pesqueiro profesional, innovador e igualitario (obxectivo específico 1.2.). Quizais o factor de innovación sexa a recuperación dun modelo tradicional de pesca vinculada a prácticas artesanais, pero conxugándoo cunha serie de innovacións a nivel de actividades e da flota, que permitan mellorar as condicións de traballo no sector. Tamén o afianzamento do sector, promovendo un modelo máis igualitario e inclusivo á hora de traballar.

En resumo, podemos dicir que se aposta por un modelo de pesca sostible e respectuoso co medio, potenciando a conexión do sector pesqueiro con outros sectores, algo que se aprecia se analizamos os obxectivos vinculados á diversificación da economía local, en base ao turismo, ou na relación entre as actividades pesqueiras e o entorno ambiental e patrimonial.

Outro dos factores de innovación é o papel do GALP, como axente dinamizador de base local. A respecto disto, o plan de acción da estratexia enceta e promove o traballo vertebrado entre diferentes sectores económicos (pesqueiro e turístico fundamentalmente), sociais (ambientais, patrimoniais) e institucionais (administracións implicadas no desenvolvemento da zona costeira, a Reserva da Biosfera, etc.). Neste sentido, o GALP debe converterse nun elemento facilitador que mellore a gobernanza de todos os axentes, facilitando a posta en marcha de iniciativas coordinadas ou cando menos, conscientes da necesidade de afrontar os retos comúns que se formulan no territorio.

A continuación sintetizamos con maior nivel de detalle os elementos que poden supoñer factores de innovación asociados directamente ao plan de acción da estratexia.

OBXECTIVO ESTRATÉGICO	OBXECTIVO ESPECÍFICO	LIÑA DE ACTUACIÓN	MEDIDAS INNOVADORAS	FACTORES DE INNOVACIÓN	
1	1	1	1,3,4,6	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Cadea de valor dos produtos</li> <li>• Conexión coa Reserva da Biosfera</li> <li>• Pesca costeira artesanal</li> <li>• Acuicultura ecolóxica</li> </ul>	
		2	2,3,4	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Produtos innovadores</li> <li>• Innovacións loxísticas</li> <li>• Internacionalización</li> </ul>	
		3	1,2,3	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Produto fresco</li> <li>• Consumo colectivo</li> <li>• Consumo local con garantías</li> </ul>	
	2	1	1,2,	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Mellora tecnolóxica e innovación en actividades e flota</li> <li>• Cualificación e competencias profesionais</li> </ul>	
			2	5,6	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Empoderamento das mullers</li> <li>• Inserción laboral das mesmas</li> </ul>
2	1	1	1,4	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Reserva da Biosfera e turismo</li> <li>• Xestión das actividades turísticas</li> </ul>	
		2	2,3	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Carácter inclusivo e accesible</li> <li>• Adaptación infraestruturas</li> </ul>	
		3	3,8	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Iniciativas de turismo</li> <li>• Programas escolares</li> </ul>	
3	1	1	4,5	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Custodia do medioambiente</li> <li>• Biodiversidade mariña</li> </ul>	
				2	3,6
		3	1,2	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Auga e contaminantes</li> <li>• Calidade e uso responsable</li> </ul>	
	2	1	1,2	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Transporte marítimo</li> </ul>	



				<ul style="list-style-type: none"> <li>• Pegada ecolóxica</li> </ul>
		2	2,3	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Circuitos curtos enerxéticos</li> <li>• Enerxía do mar</li> </ul>
4	1	2	1	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Microtoponimia</li> </ul>
5	1	1	1	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Rede local</li> </ul>
6	1	1	1,4,5,6	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Economía social</li> <li>• Entidades educativas</li> <li>• Cultura emprendedora no mar</li> <li>• Cooperación entre Reservas da Biosfera</li> </ul>

En definitiva, apóstase por un modelo innovador, no sentido de que a estratexia se orienta cara a promoción de actuacións en base á Xestión Integrada da Zona costeira, mellorando a gobernanza e colaboración entre entidades, institucións, tecido empresarial e outros axentes da sociedade civil.

### 5.2.3. Contribución da estratexia á creación de emprego

A estratexia do Golfo Ártabro Sur, atende dende diferentes niveis a problemática de xeración de emprego de base local e afincado sobre todo nos sectores pesqueiro e do turismo, actividades estratéxicas para a zona costeira. De feito, a creación de emprego é un dos retos que se formula con carácter xeral en todos os ámbitos ou áreas estratéxicas.

Potenciar a creación de emprego atendendo a diferentes colectivos con dificultades de inserción laboral é outro dos retos. Ademais, aboga por un emprego de calidade que incorpore principios de responsabilidade social neste ámbito.

A potenciación do emprego recóllese a nivel das medidas que se van a implementar no plan de acción, a distribución orzamentaria e os criterios de selección de proxectos.

#### Medidas para a creación de emprego no Plan de Acción

O emprego é unha das principais preocupacións na zona costeira, sobre todo, no que supón a continuidade da actividade pesqueira e o apoio a determinados colectivos con maiores dificultades para introducirse no mercado laboral.

Unha das apostas, vinculadas ao desenvolvemento pesqueiro, é a da xeración de emprego en actividades vencelladas á transformación de produtos pesqueiros, como alternativa para a xeración de novas empresas, ou diversificación de negocio das existentes. Tamén se recolle a promoción da pesca costeira artesanal, como un modelo de xeración de emprego de base local e sostible, tentando garantir sempre o relevo xeracional e continuidade desta actividade. Para apoiar isto, contémpanse medidas orientadas a facer máis atractivo o traballo no sector, mellorando e dignificando as condicións de traballo e a cualificación e competencia profesional. Poténciase a xeración de emprego entre a xente moza, incidindo tamén de maneira especial, na inserción laboral das mulleres no conxunto de actividades do sector, non só puramente extractivas, como por exemplo, o marisqueo a pé.

A diversificación da actividade económica na zona costeira diríxese cara un modelo onde o turismo é unha das principais vías para o desenvolvemento económico da zona, e por ende, de creación de emprego. Neste caso poténciase a xeración de emprego en actividades que conectan ao mundo do turismo co sector pesqueiro, a través de diferentes iniciativas; entre elas, o que pode supor a xeración en sectores coma o da hostalería, restauración ou servizos e actividades complementarias no turismo. Tamén se promove o emprego en actividades que vinculan ao mundo da náutica e o ocio marítimo, entendido de maneira ampla. O enfoque do turismo mariñeiro, poñendo en valor o patrimonio costeiro e a vinculación co mundo do mar, reforza esta visión, coa posta en marcha de iniciativas novidasas que conxugan a valorización dos recursos pesqueiros coa tradición e cultura da xente do mar.

Dende o ámbito ambiental considéranse prioritarias actuacións de sensibilización e mellora dos ecosistemas e hábitats costeiros, que implican a xeración de novos servizos vinculados a estas actividades, e por tanto empregos: formación, investigación, accións de recuperación, acondicionamento de espazos, tratamento de residuos, actividades orientadas á preservación da biodiversidade da zona, etc. Tamén se poden promover actuacións vinculadas á mellora da eficiencia enerxética ou instalacións de enerxías renovables, que implicarían un reforzo da creación de emprego, se ben, vinculado de maneira máis directa a ese sector concreto.

No referente á valorización do patrimonio, a principal orientación das medidas é cara proxectos de carácter non produtivo, se ben as iniciativas relacionadas coa valorización dos espazos, infraestruturas ou instalacións vinculadas ao patrimonio poderían implicar a creación de postos de emprego.

### **Distribución orzamentaria e creación de emprego.**

Os investimentos de carácter produtivos, vinculados directamente á creación de emprego, terán como mínimo unha distribución orzamentaria do 65% do programa de

axudas. Se vemos a distribución orzamentaria do plan financeiro, pódese apreciar como existe un reforzo no conxunto de medidas orientadas á mellora da competitividade do sector pesqueiro, a creación de emprego e oportunidades económicas a través da diversificación da economía local e o fomento do aproveitamento sostible do patrimonio ambiental. Nestes tres obxectivos estratéxicos é onde se vai a concentrar, en maior medida a xeración directa ou consolidación de postos de emprego. Este feito apréciase ao ver o potenciamento cara investimentos de carácter produtivo, que son os que xeran o emprego.

#### **Criterios de selección de proxectos.**

O emprego é un dos principais factores que potencian a concesión de axuda a un determinado proxecto. Un dos criterios que se prima é o de conceder maior puntuación nos proxectos a aqueles concellos da zona costeira que presentan unha porcentaxe de paro máis elevada, co obxectivo de reforzar a creación de emprego nos mesmos.

O 20% da puntuación, no que respecta a iniciativas produtivas, ten que ver coa incidencia das mesmas na creación ou consolidación de emprego. Neste apartado hai unha clara aposta por potenciar a xeración de emprego ligado ao sector pesqueiro, sendo este sector o que obtén unha puntuación máis elevada. Co obxectivo de integrar e favorecer a cohesión social da zona costeira, introdúcese unha serie de criterios que discriminan positivamente a creación de emprego en determinados colectivos, que chamamos desfavorecidos. Deste xeito, promóvese a creación de emprego de mulleres, persoas mozas, en desemprego ou emprendedoras de negocio, persoas maiores, paradas de longa duración, persoas discapacitadas, persoas afectadas por migracións, con dificultades de integración social ou en risco de exclusión social. A maiores disto, tamén se valora a creación ou consolidación de emprego, tendo en consideración o volume de investimento que supón o proxecto.

Ademais, dentro das persoas promotoras dos proxectos, tamén se valoran dentro das súas características aquelas que fan alusión a colectivos con maiores dificultades de integración laboral ou que pertencen ao sector pesqueiro, outorgando unha discriminación positiva con respecto a outros colectivos.

#### 5.2.4. Promoción da igualdade entre homes e mulleres e non discriminación

Dende Europa vense desenvolvendo normativa Comunitaria en Materia de igualdade dende as súas primeiras directivas (76/ 207 CEE, relativa ao principio de Igualdade de trato entre mulleres e homes no acceso ao emprego, a formación e a promoción profesional e as condicións de traballo), ate o Tratado de Lisboa no 2007 no que se recoñece como principio fundamental o dereito á igualdade de mulleres e homes e a súa promoción e aplicación práctica en todos os estados membro.

O Concepto de *mainstreaming* de xénero- transversalidade de xénero- foi acuñado, a partir da aprobación da Plataforma de Acción con motivo da IV Conferencia Internacional sobre Mulleres, das Nacións Unidas, en Beijing no ano 1995, e o seu contido asumido como estratexia global de intervención para o avance no obxectivo da igualdade efectiva entre mulleres e homes. De todos os acordos conseguidos en Beijing, son dúas as estratexias clave para a consecución da igualdade de xénero que van marcar o cambio na execución das actuacións:

- A implementación do enfoque integrado de xénero (*mainstreaming*)
- O fornecemento do empoderamento das mulleres

A nivel estatal, teñen o seu marco xeral de intervención e reforzo a nivel legislativo coa Lei orgánica para a igualdade efectiva entre mulleres e homes (Ley 3/2007) e no marco autonómico coa Lei para a igualdade de mulleres e homes na Comunidade Autónoma de Galicia, aprobada o 15 de Xuño de 2004 polo Parlamento de Galicia e a Lei 2/2007, do 28 de Marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia (DOG 13/04/2007).

A definición máis completa e detallada de *mainstreaming* de xénero no marco das políticas europeas é a facilitada polo Grupo de Expertos do Consello de Europa:

*“O mainstreaming de xénero é a organización, mellora, desenvolvemento e avaliación dos procesos políticos, de modo que unha perspectiva de igualdade de xénero se incorpore a todas as políticas, a todos os niveis e en todas as etapas, polos actores normalmente involucrados na adopción de medidas políticas”.*

O concepto de transversalidade de xénero ven a recoñecer as desigualdades entre mulleres e homes, coma un déficit democrático e de responsabilidade correspondente ao conxunto das institucións públicas. Introducir a perspectiva de xénero aporta unha nova maneira de enfoque dos problemas, necesidades e demandas, tendo que conxugar eficiencia e benestar, inclusión e diversidade na busca de respostas que melloren a calidade de vida das comunidades. Para conseguilo é preciso unha aplicación efectiva do

principio de Igualdade de Oportunidades, que require a posta en práctica dos seguintes elementos clave na estratexia do cambio:

- Visibilizar a situación de mulleres e homes.
- Identificar os sistemas de discriminación de xénero.
- Propiciar as dinámicas de cambio necesarias para correxir as situacións de desigualdade detectadas.

Esta inclusión ten unha consecuencia clara: un cambio de modelo e de óptica de traballo. Unha mirada explicativa ao tipo de relacións e comportamentos nas interaccións entre mulleres e homes e as súas posicións sociais, permiten enfocar, analizar e comprender as características definitorias de mulleres e homes no sistema socio-económico actual.

Avanzar cara a equiparación plena de dereitos e condicións das mulleres e homes, significa asentar o principio de igualdade como valor central das sociedades democráticas, asumindo o reto de superar o desequilibrio entre a situación de mulleres e homes dende a corresponsabilidade e a equidade. Baixo esta perspectiva encamiñouse a normativa e o conxunto de recomendacións, propostas políticas, tanto dende a Unión Europea como no contexto internacional e recolle os seguintes elementos:

- a. A igualdade de oportunidades entre mulleres e homes como unha cuestión clave para a xustiza social.
- b. A integración da transversalidade de xénero favorece a construción de sociedades máis xustas e máis democráticas.
- c. A igualdade de oportunidades entre mulleres e homes posibilitará a plena incorporación das mulleres nos ámbitos social, político e económico.

Capacitar e facilitar o acceso en igualdade de condicións ás mulleres resulta imprescindible para calquera organización social e comunitaria. Esta circunstancia implica recuperar e poñer en valor o traballo realizado polas mulleres, así como favorecer e garantir a súa participación, empoderamento e visibilización en tódolos sectores económicos.

A través da integración de actuacións transversais búscase dar prioridade ao obxectivo de identificar e propiciar as transformacións necesarias para garantir o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no sector pesqueiro. Na seguinte táboa preséntase a modo de exemplo unha posible ordenación de como levar a cabo este obxectivo indicando os mecanismo para a incorporación do principio de igualdade e as posibles medidas para acometelo no programa de axudas e nas áreas de comunicación e de xestión na EDLP.

Programa de axudas				
Mecanismo igualdade de oportunidades	Obxectivo estratéxico	Obxectivo específico	Liña de actuación	Medidas de exemplo
Fornecer a cultura participativa en clave de xénero, e garantir a composición equilibrada nos equipos de traballo.	1	1.2	1.2.2	Formación para a xestión e metodoloxías de traballo colaborativos con perspectiva de xénero.
	5	5.1	5.1.1	
Promover o equilibrio igualitario no mercado laboral no sector.	1	1.1	1.1.1	Deseño dunha campaña informativa para sensibilizar sobre os estereotipos de xénero na sociedade e no sector pesqueiro en particular.
Favorecer a autonomía das mulleres no deseño da súa traxectoria profesional e na súa vida persoal.	1	1.2	1.2.1	Obradoiros de empoderamento persoal e liderado colectivo para mulleres socias do GALP.
	6	6.1	6.1.1	
Fomentar a participación das mulleres en programas de promoción económica e emprego.	1	1.2	1.2.2	Accións formativas para o emprendemento laboral das mulleres mozas no sector pesqueiro.
	3	3.1	3.1.1	
Impulsar alianzas e redes de mulleres para favorecer o seu empoderamento colectivo.	1	1.1	1.1.2	Realización de Xornadas e Encontros de mulleres profesionais do sector.  Obradoiros de capacitación en novas tecnoloxías da información e comunicación para mulleres "Mulleres nas REDES".
	2	2.1	2.1.3	
	6	6.1	6.1.1.	
Por en valor os coñecementos e formas de facer tradicionais das mulleres no sector (incluíndo a participación e modelos relacionais).	1	1.1	1.1.1	Exposicións itinerantes en espazos clave dos municipios das mulleres no sector.  Elaboración dun <i>graffite</i> para visibilizar ás mulleres no sector pesqueiro.
	2	2.1	1.1.3	
			2.1.3	

Diagnose das desigualdades que poñan de manifesto a situacións diferenciais e o desequilibrio de xénero no sector.	4	4.1	4.1.1 4.1.2	Integrar instrumentos e ferramentas de análise con perspectiva de xénero nos deseños de investigacións e diagnoses.
Estratexia de comunicación inclusiva.	2 3	2.1 3.1	2.1.1 2.1.2 3.1.2	Deseño e implementación de protocolos para unha linguaxe inclusiva, para a eliminación da reprodución de roles e estereotipos de xénero sexistas.

Área de comunicación		
Mecanismo de igualdade de oportunidades	Cometido	Medidas de exemplo
Promover e difundir unha imaxe da organización comprometida co principio de Igualdade entre homes e mulleres.	Exemplaridade  Promoción da igualdade de oportunidades	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Impulsar a participación equilibrada de mulleres e homes, facendo visibles as mulleres nas diferentes organizacións, garantido a representatividade pública (roldas de prensa, accións, presentacións...).</li> <li>• Reforzar o desenvolvemento dunha convivencia multicultural dende o respecto aos dereitos humanos.</li> </ul>
Velar polo uso non sexista da linguaxe e coidar a posta en valor dun tratamento igualitario nos contidos e imaxes utilizadas no desenvolvemento das actividades e accións programáticas e comunicativas.	Facilitar ferramentas e recursos didácticos non sexistas	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Favorecer a visibilidade da presenza das mulleres dentro do sector evitando estereotipos sexistas e linguaxe excluínente.</li> <li>• Deseño dun boletín informativo sobre pautas para corrixir o uso sexista da linguaxe no tratamento da información.</li> <li>• Revisión e corrección do uso sexista en todos os documentos e instancias utilizadas.</li> </ul>


Área de xestión		
Mecanismo de igualdade de oportunidades	Cometido	Medidas de exemplo
Facilitar instrumentos e recursos didácticos non sexistas en materia de saúde e riscos laborais.	Promoción da saúde, diversidade e procedementos en igualdade.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Faladorios para fomentar actitudes saudables e seguras para o desenvolvemento persoas e profesional.</li> <li>• Elaboración dunha guía sobre doenzas, riscos, enfermidades, etc. dirixida ás diferentes actividades profesionais.</li> </ul>
Difundir a importancia da corresponsabilidade de intereses e responsabilidade para a autonomía de mulleres e homes.	Procesos en clave de igualdade e diversidade.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Difusión dos dereitos dos homes a solicitar e facer uso do permiso de paternidade.</li> <li>• Obradoiro dirixido as persoas socias da entidade para fornecer o concepto de corresponsabilidades.</li> </ul>
Sensibilizar sobre o significado da igualdade.	Sensibilización e divulgación.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Apoiar a creación de redes pola igualdade de xénero mediante o uso das tecnoloxías da información e a comunicación "Mulleres enREDando".</li> <li>• Creación de espazos web sobre igualdade de xénero e recursos específicos vinculados co sector da pesca (entidades, asociacións de mulleres redeiras, mariscadoras... doutras localizacións xeográficas).</li> <li>• Accións de sensibilización e información sobre a igualdade entre mulleres e homes nas que se convida a participar a diferentes organizacións e asociacións.</li> </ul>
Integrar a transversalidade de xénero nos procedementos administrativos e de xestión das organizacións.	Favorecer a análise con perspectiva de xénero.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Integrar criterios de xénero na conformación dos equipos de traballo para garantir o equilibrio na participación de mulleres e homes.</li> <li>• Análise e adaptación dos instrumentos e ferramentas utilizadas para facilitar información detallada e desagregada por sexo.</li> <li>• Creación dun "órgano ou vogalía da muller" para operativizar as necesidades específicas das asociadas.</li> </ul>



### 5.2.5. Contribución ao principio de desenvolvemento sostible

O principio de desenvolvemento sostible é un concepto que nace no seo da Comisión Mundial de Medio Ambiente e Desenvolvemento de Nacións Unidas, a finais dos anos 80. Este concepto implica que o desenvolvemento se debe favorecer encetando tres piares básicos que son o do crecemento económico, os recursos naturais e a sociedade, sen comprometer a vida, nin a calidade de vida da especie humana.<sup>4</sup> Isto implica que haxa unha relación duradeira do benestar social co medio ambiente e a bonanza económica.

Figura 4. Ámbitos da sostibilidade.




O proceso de participación realizado para a elaboración da estratexia, ven a reforzar o concepto de desenvolvemento sostible, xa que é unha preocupación presente por parte de todas as persoas e entidades participantes. O desenvolvemento sostible é un enfoque pertinente, se temos en consideración que estamos nunha zona costeira de alta presión demográfica, urbanística, e de alta concentración da actividade económica e empresarial. A urbe da Coruña e o conxunto de concellos da área metropolitana supón un impacto ambiental no medio debido ao importante conxunto de actividades que desenvolven no territorio.

<sup>4</sup> Extraído do Informe Brundtland de 1987, elaborado para nación Unidas.

Froito desa conciencia pola preservación do medio e os recursos, crease a Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas Terras do Mandeo, declarada como tal o 28 de maio de 2013. A reserva afecta fundamentalmente ás bacías dos ríos Mero e Mandeo, e ao litoral das rías de Betanzos e a Coruña, polo cal comparte territorio co GALP. Na estratexia, podemos apreciar como se pon de relevancia a necesidade de fomentar a colaboración coa mesma, co obxectivo de contribuír á sostibilidade da zona costeira.

A importancia da sostibilidade no conxunto da estratexia apreciase tamén no orzamento, onde é importante a partida que se destina ao terceiro obxectivo, que recolle actuacións vencelladas ao ámbito ambiental.

**Gráfico 32. Medidas vinculadas directamente co principio do desenvolvemento sostible.**



A nivel temático o primeiro obxectivo estratéxico mantén unha forte vinculación con iniciativas concretas vencelladas ao desenvolvemento sostible. Falamos dun modelo de desenvolvemento económico do sector pesqueiro que aposta por ser innovador pero sostible, afianzando a pesca costeira artesanal para obter maior valor engadido. Fálase da rexeneración ou mellora de zonas de marisqueo, ou proxectos de acuicultura ecolóxica. Por outra banda, preténdese favorecer a comercialización en circuitos curtos e de proximidade, para reducir a pegada ambiental que supón o transporte. Outro ámbito no que se pretenden promover medidas sostibles é no referente ao consumo, fomentando o consumo de peixe fresco, potenciando a vinculación coa Reserva da Biosfera como elemento distintivo que reforcé a calidade dos produtos pesqueiros.

En canto ao sector pesqueiro, introdúcense medidas destinadas a fomentar a preservación das especies, apostando por modelos extractivos respectuosos co medio, fomentando a pesca artesanal, loitando contra o furtivismo e garantindo o relevo profesional.

O segundo obxectivo estratéxico recolle un elenco de propostas para favorecer a valorización dos recursos ambientais e patrimoniais como ferramentas para acadar un modelo de turismo sostible e responsable. Preténdese favorecer a conexión das actividades económicas vencelladas ao turismo co sector pesqueiro, mediante a posta en valor de técnicas artesanais e a introducción dunha serie de melloras que reforcen a profesionalización do sector do turismo.

O terceiro obxectivo, de fomento do aproveitamento sostible do patrimonio natural e os seus recursos, é o que presenta un grao de relación máis elevado co desenvolvemento sostible. As medidas a poñer en marcha son moi amplas, destacando as relacionadas coa recuperación e protección de espazos naturais, a rexeneración ambiental, a mellora da biodiversidade e a investigación relacionada con esta, a loita contra a erosión e o cambio climático, ou a mellora da calidade das augas. Tamén se presentan unha serie de medidas que son específicas para o sector pesqueiro, atendendo problemáticas coma a do lixo mariño, a importancia da pesca sostible e a preservación dos recursos mariños, ou o establecemento de plans de xestión dos recursos. Por último, están as medidas relacionadas coa ámbito enerxético, ligadas íntimamente á sostibilidade ambiental.

No referente ao ámbito patrimonial, que é o cuarto obxectivo, as medidas de valorización promoven a recuperación de prácticas tradicionais que son máis respectuosas co medio e os recursos. Un claro exemplo, pode ser a carpintería de ribeira.

Nos dous últimos obxectivos, de gobernanza e cooperación, falamos de iniciativas de sensibilización ou de dinamización que están encetadas co resto de propostas estratéxicas. Nelas faise fincapé na cooperación coa Reserva da Biosfera, a promoción de proxectos de voluntariado ambiental, ou a transferencia de boas prácticas a outros territorios ou entidades.

### 5.2.6. Complementariedade

A execución de diferentes programas no territorio, pon de relevo a necesidade de ver como se complementan o conxunto de actuacións, que promoven cada un deles. Un exemplo moi claro, é a convivencia no mesmo territorio de programas similares, como pode ser o o que nos atinxe ou o Leader.

Para analizar a complementariedade da estratexia con outros programas, realizamos unha serie de matrices de análise que cruzan os obxectivos de ambas, para ver como se complementan á hora de acadar o desenvolvemento sostible do territorio, a través da implementación dos respectivos plans de acción.

No caso que nos toca imos analizar a complementariedade con outras ferramentas de planificación de relevancia ou influencia no programa do FEMP e no territorio. Falamos da Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia (RIS3), o Plan Integral de Turismo de Galicia, o Plan de Ordenación do Litoral, o Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia e a Estratexia Galega de Acuicultura.

#### **Complementariedade coa RIS3**

A RIS3 é a Estratexia de especialización intelixente de Galicia, a cal pretende acadar a competitividade, o crecemento económico e emprego sostible e de calidade a través da innovación. Pretende dinamizar os sectores endóxenos e tractors da economía galega, entre os cales se atopan o sector pesqueiro e o turístico, eixes centrais da EDLP desta zona pesqueira.

Existe un aliñamento da EDLP do Golfo Ártabro Sur coa RIS3 principalmente no relacionado cos retos 1 e 3, que abordan respectivamente a xestión innovadora dos recursos naturais e culturais, e o establecemento dun novo modelo de vida saudable relacionado co envellecemento activo. Aínda que está presente en todos os obxectivos, a complementariedade da estratexia é menos intensa no segundo reto da RIS3, dado que a investigación e a tecnoloxía está presente no impulso de moitas de medidas do plan.

MATRIZ DE COMPLEMENTARIEDADE. RIS3 ESTRATEXIA DE ESPECIALIZACIÓN INTELIXENTE DE GALICIA		Obxectivos da EDLP					
OBXECTIVOS RIS3		1	2	3	4	5	6
RETO 1 Xestión innovadora de recursos naturais e culturais.	Prioridade 1: Valorización dos recursos do mar.	▲	●	●			
	Prioridade 2: Modernización da acuicultura.	▲					
	Prioridade 3: Modernización dos sectores agrogandeiro, pesqueiro e forestal	▲	▼	●			
	Prioridade 4: Mellora da obtención de enerxía a partir dos recursos naturais.			▲			
	Prioridade 5: Modernización do sector turístico e das industrias culturais a través das TIC.		▲	▲	▲		
RETO 2 O modelo industrial da Galicia do futuro.	Prioridade 1: Diversificación dos sectores industriais tractores.						
	Prioridade 2: Mellora da competitividade industrial.						
	Prioridade 3: Impulso da economía do coñecemento.	▼	▼	▼	▼	▼	▼
RETO 3 Novo modelo de vida saudable baseado no envellecemento activo.	Prioridade 1: Envellecemento activo.		●				
	Prioridade 2: Alimentación saudable e segura.	▲					

▲=Alta, ● = Media, ▼ = Baixa.

Dentro da RIS3 no reto 1 “Xestión innovadora de recursos naturais e culturais”, existe un grao de complementariedade alto da prioridade 1. Esta fai referencia a poñer en valor os produtos do mar, do mesmo xeito que na estratexia do GALP se aposta, de maneira importante, por incrementar tanto a cadea de valor no seu conxunto, como os produtos pesqueiros locais dunha maneira diferencial e sostible. No mesmo sentido, aínda que cun grao de relación media, a prioridade 1 está presente nos obxectivos 2 e 3 da estratexia, sobre todo no que se refire á posta en valor do produto a través da gastronomía e a mellora da biodiversidade ou a concienciación e o aproveitamento do lixo mariño.

Dentro do reto 1, a prioridade 2 recollida na Estratexia RIS3, recóllese unha medida específica de promoción da acuicultura ecolóxica.

A prioridade 3, que ten coma obxectivo “Modernizar os sectores pesqueiro, agrícola, gandeiro e forestal para que as explotacións sexan máis eficientes e rendibles e tamén para xerar produtos e servizos innovadores”, garda relación cos obxectivos 1, 2 e 3 da estratexia. No que respecta ao obxectivo 1, ten unha alta complementariedade xa que

unha das apostas principais do sector pesqueiro é a innovación e a modernización da industria extractiva, transformadora e comercializadora, adaptándoa ás novas esixencias de calidade do mercado. Polo que respecta ao segundo obxectivo ten unha relación baixa xa que ao buscar un destino turístico baseado no mundo mariñeiro incide implicitamente na adaptación e modernización do sector pesqueiro. No terceiro obxectivo a complementariedade é baixa, atendendo a factores relacionados con proxectos vinculados ao aproveitamento sostible dos recursos e iniciativas que atenden á redución da contaminación da auga. No mesmo sentido, tamén garda relación coa preservación e coidado do medio ambiente, a súa posta en valor e coa optimización dos recursos e o uso sostible da enerxía.

A prioridade 4 da RIS3, ten coma obxectivo o de “Diversificar o sector enerxético galego mellorando a explotación dos recursos naturais para obter enerxía, en especial a través da produción de biomasa, da enerxía undimotriz, das torres eólicas offshore e dos biocombustibles de orixe mariña”. Alíñase de maneira importante co obxectivo 3.2 da estratexia que aborda a redución da pegada de carbono e a utilización de enerxías limpas e renovables e a mellora da eficiencia enerxética.

Por último, a prioridade 5 da citada estratexia de innovación RIS3, ten unha complementariedade alta co obxectivo estratéxico 2 da EDLP, sobre a “creación de emprego e oportunidades económicas a través da diversificación da economía local”, especialmente a través do desenvolvemento dun produto turístico de marcado carácter mariñeiro. Esta mesma prioridade da RIS3, tamén garda relación alta cos obxectivos 2 e 3 da estratexia, xa que este dous obxectivos inflúen dunha maneira relevante na configuración dun destino turístico diferenciado de alto valor ambiental (Reserva da Biosfera) e cultural. Pódese dicir, que estes dous obxectivos son os vectores dun desenvolvemento turístico sostible.

Con respecto ao reto 2 da RIS3, xa comentamos a transversalidade que recolle a EDLP do Golfo Ártabro Sur en canto o impulso e transferencia da investigación e coñecementos de base tecnolóxica nos diferentes obxectivos estratéxicos da estratexia.

A EDLP do Golfo Ártabro Sur garda relación co terceiro reto da RIS3, “novo modelo de vida saudable e segura”. A vinculación ten que ver coa promoción dun consumo responsable e de calidade de produtos pesqueiros locais. Desta maneira, tradúcese nun reforzo da calidade dos produtos e nunha mellora da alimentación, tal e como promove nas liñas do obxectivo estratéxico 1. A complementariedade en relación ao envellecemento activo, contéplase na liña de actuación 2.1.2 na que se establecen medidas dirixidas á promoción dun turismo accesible, inclusivo e sostible; medidas relativas á promoción de actividades costeiras con colectivos dependentes.

### Complementariedade co Plan Integral de Turismo de Galicia

O Plan Integral de Turismo de Galicia (PITG) pretende dinamizar ao conxunto da economía galega e á creación de emprego, a través da posta en valor das actividades de turismo. Esta ferramenta pretende afianzar ao sector turístico galego, facéndoo competitivo, proactivo, innovador e coordinado, cunha visión internacional. Deste xeito, situaríase a Galicia como un destino diferencial, multiexperiencial, e orientado a un modelo europeo de turismo sostible.

Na EDLP o turismo é un factor de suma importancia, xa que constitúe unha actividade económica de referencia e ao mesmo tempo, o principal ámbito de diversificación económica ao que se pode acoller o sector pesqueiro. Hai que destacar tamén a importancia que teñen as actividades náuticas e o turismo mariñeiro dentro da zona costeira e o aproveitamento dos produtos pesqueiros e os recursos naturais e ambientais, como elementos que reforzan a visión dun turismo sostible.

MATRIZ DE COMPLEMENTARIEDADE. PLAN INTEGRAL DE TURISMO DE GALICIA.						
LIÑAS ESTRATÉXICAS PITG	OBXECTIVOS DA EDLP					
	1	2	3	4	5	6
L.E. 1: O Camiño de Santiago como eixe vertebrador de novas alternativas de turismo e modelo demostrador internacional.	▲	▲				
L.E.2: A oferta turística baseada no patrimonio e nos recursos endóxenos diferenciais, buscando a desestacionalización e os novos públicos.		▲	▲	▲		
L.E.3: Galicia como destino ambiental, social e economicamente sostible.		▲	▲	▲		
L.E.4. O fomento do talento e o aproveitamento das novas tecnoloxías para acadar un sector competitivo e un destino intelixente.		●				
L.E.5: A promoción e comercialización de Galicia como destino único baseado nun modelo á demanda.		▼				
L.E.6: O consenso e a cooperación entre o sector público e privado para un marco eficiente e xerador de oportunidades.						●
▲=Alta, ● = Media, ▼ = Baixa.						

A EDLP mostra un grao de complementariedade alto coa primeira liña estratéxica do PITG. Na liña estratéxica 2.1.1 inclúense medidas concretas vinculadas á valorización do Camiño Inglés. Fálase da ruta marítima inglesa, vinculada incluso ás tradicións marítimas e recollendo o concepto de “navegar o camiño”. O Camiño constitúese coma un recurso e un potencial á hora de promover iniciativas turísticas .

A segunda liña estratéxica do PITG ten unha importante relación co obxectivo segundo da EDLP, polo cal podemos indicar que existe unha alta complementariedade.

Existen medidas vinculadas a accións especializadas dirixidas a públicos específicos, como pode ser por exemplo o turismo náutico. Tamén hai un forte peso de medidas vinculadas ao turismo gastronómico (cociña atlántica), con accións encamiñadas ao consumo de produtos pesqueiros locais. O turismo mariñeiro ten unha alta sinerxía coas medias contempladas no PITG, reforzando a posta en valor dos produtos pesqueiros locais e o aproveitamento dos espazos naturais e os aspectos culturais. Tamén se contempla unha relación desta liña estratéxica coas medidas do obxectivo específico 3.2, “Valorizar os espazos naturais a través dun aproveitamento sostible”, que están relacionadas con actividades de lecer e deportivas na zona costeira. Sucede algo similar co obxectivo cuarto da Estratexia, no referente á valorización do patrimonio costeiro, sobre todo no vinculado a aspectos culturais da cultura tradicional mariñeira e o patrimonio industrial costeiro.

Hai que indicar que o PITG recolle o “turismo mariñeiro” como un dos produtos cabeceira de marca. Isto implica o apoio de iniciativas e o impulso de eventos neste ámbito, facendo tamén referencia a proxectos concretos impulsados polos GALP, como poden ser as Campañas “Come o Mar” ou “Margalaica”.

A liña estratéxica terceira “Galicia como destino ambiental, social e economicamente sostible”, vincúlase de maneira puntual coa liña de actuación 2.1.1, en relación a medidas que contemplan a promoción da accesibilidade no turismo . Tamén se complementa co obxectivo terceiro, no relativo ás medidas que contemplan preservación da paisaxe do litoral e a mellora da biodiversidade, para que reverta de maneira directa no medioambiente e no turismo de alto valor ecolóxico.

A liña estratéxica cuarta do PITG, ten un grao medio de complementariedade, sobre todo se falamos das innovacións tecnolóxicas vencelladas á xestión, información ou prestación de servizos turísticos, ou incluso a mellora de infraestruturas, que se recollen de maneira principal, no obxectivo específico 2.1. da estratexia.

En relación á liña estratéxica quinta do PITG tamén ten sinerxía coas medidas recollidas na liña de actuación 2.1.3 da estratexia, onde se reforza a comercialización de produtos de turismo mariñeiro, ou a vinculación do turismo co mundo mariñeiro. A vinculación é feble, tendo relación coa intermediación e a comercialización de produtos. Tamén ten relación co obxectivo 2.1., cando nos referimos a constituir un turismo de destino



ambiental e cultural que axude á desestacionalización da actividade turística en determinadas épocas e o posible impacto que pode xerar no impulso do turismo interno e de proximidade.

Para rematar a liña estratéxica sexta mostra un grao medio de complementariedade coa estratexia do GALP Golfo Ártabro Sur, xa que contempla dentro das accións de carácter conxunto de todos os concellos de maneira colaborativa en relación a comunicación e a posta en marcha de iniciativas turística no territorio.

Tamén se recolle na EDLP a importancia que ten o feito de aproveitar a figura dos xeodestinos, para a promoción de novos proxectos na zona costeira aproveitando a figura da Reserva da Biosfera. Por outra banda, contéplase a colaboración público-privada, en ambas estratexias, como unha ferramenta para mellorar a gobernanza e o impulso do sector turístico.

### **Complementariedade co Plan de Ordenación do Litoral de Galicia**

O Plan de Ordenación do Litoral (POL) é un marco normativo que pretende establecer un modelo de xestión da zona costeira, ordenando os seus usos e atendendo á súa configuración natural e antrópica, así como aos seus procesos e dinámicas. Este documento reforza os valores identitarios das diferente zonas, atendendo a diferentes elementos como poden ser a paisaxe, os recursos do territorio, ou as peculiaridade e singularidades de cada zona costeira.

O POL e a EDLP son complementarios na medida en que se recollen unha serie de actuacións que vertebran a construción e preservación da paisaxe de litoral e de humidaís, o respecto polos espazos ambientais e o coidado e posta en valor dos elementos identitarios da poboación, entre os que destaca o patrimonio. Podemos indicar que hai un grao de complementariedade importante entre as medidas que se propoñen na EDLP, en relación ás temáticas que aborda o POL.

## MATRIZ DE COMPLEMENTARIEDADE. PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL

ACTUACIÓN PRIORITY DO POL	OBXECTIVOS DA EDLP					
	1	2	3	4	5	6
1. Actuacións de cooperación e coordinación coas distintas administracións públicas e entidades con incidencia no eido litoral			●	▼		▲
2. Actuacións orientadas á protección dos valores naturais e patrimoniais existentes no ámbito do Plan de Ordenación do Territorio			▲	▲		
3. Actuacións orientadas a suplir déficits en materia de infraestruturas						
4. Actuacións para o fomento do coñecemento e regulación do uso público do espazo litoral		●	●	▼		
5. Actuacións de fomento do coñecemento orientadas á investigación e divulgación técnica e científica	●					●
6. Actuacións de promoción e investigación da paisaxe do litoral			●			

▲=Alta, ● = Media, ▼ = Baixa.

A colaboración entre os axentes do territorio para darlle cohesión ás iniciativas que se promovan na zona costeira recóllese no POL e está claramente incardinada coa estratexia do GALP Golfo Ártabro Sur no que ten que ver coas actuacións de cooperación e coordinación entre administracións e entidades, que teñen incidencia no litoral. A relación máis relevante aparece enunciada no obxectivo específico 3.1 da EDLP “medidas que incidan no coidado e preservación do medio natural e os seus recursos, favorecendo a mellora da biodiversidade”, xa que se contemplan varias medidas en sintonía co POL. Tamén no obxectivo estratéxico 4 cando se fai referencia a recuperación do patrimonio existente incídese na necesidade de planificar e promover proxectos conxuntos no territorio. Pero é no obxectivo específico 6.1 no que se recolle claramente iniciativas de cooperación en diferentes ámbitos sectoriais.

No referente a actuacións orientadas á protección dos valores naturais e patrimoniais existentes aparece unha alta complementariedade coas medidas recollidas no obxectivo específico 3.1. da EDLP e todo o obxectivo estratéxico 4 referente a posta en valor do patrimonio marítimo-costeiro. Tamén na liña de actuación 2.1.1 tamén se encadra dentro das actuacións relacionadas coa valorización dos recursos ambientais e conservación do patrimonio do litoral. Estas liñas coinciden coas actuacións que se formulan no POL, en canto á rexeneración de zonas ou a mellora de espazos de especial valor paisaxístico.

En relación ás actuacións orientadas a suplir déficits en materia de infraestruturas ou a promoción e a investigación da paisaxe do litoral, a complementariedade é inexistente coa EDLP, xa que no POL se recollen actuacións específicas que non coinciden coa estratexia.

En relación ás actuacións para o fomento do coñecemento e regulación do uso público do espazo litoral tamén se aprecia unha complementariedade importante co conxunto da estratexia, no sentido de que estamos a falar de medidas vinculadas ao establecemento de espazos turísticos sustentables, á recuperación de sendas tradicionais ou a habilitación de puntos de observación da paisaxe. Esta complementariedade céntrase sobre todo nos obxectivos estratéxicos segundo e terceiro da estratexia. Incluso no obxectivo cuarto se fai referencia á recuperación e posta en valor do patrimonio costeiro con uso público preferencial.

As actuacións de fomento do coñecemento orientadas á investigación e divulgación técnica e científica teñen certa complementariedade coa liña de actuación 1.1.1 e coa liña 6.1.8 no referente a promoción de proxectos de investigación sobre a posta en valor dos produtos pesqueiros e á transferencia de coñecementos entre o sector e os centros de investigación.

### **Complementariedade co Plan de Desenvolvemento Rural de Galicia**

O Plan de Desenvolvemento Rural de Galicia (PDR), aprobado pola Comisión Europea, é o instrumento que regula a distribución de fondos comunitarios para o desenvolvemento rural en Galicia. O seu principal obxectivo é o de crear un marco coherente e firme que garanta o futuro do medio rural no mantemento e a creación de emprego. Na actualidade veñen de aprobarse as estratexias de desenvolvemento local dos Grupos de desenvolvemento local, aínda en fase pendentes da súa publicación.

Se ben falamos de ámbitos sectoriais diferentes, a complementariedade entre ambos programas, tanto a EDLP como o PDR, é importante, tendo en consideración a principal finalidade de ambas ferramentas, que se centra na creación do emprego e na mellora da cohesión social das zonas agrarias e costeiras. En ambos casos o que se pretende é mellorar as condicións de vida e de traballo das poboacións do medio rural e costeiro, se falamos tanto da finalidade do Programa Leader, coma dos Grupos de Acción Local do sector pesqueiro.

MATRIZ DE COMPLEMENTARIEDADE. PLAN DE DESENVOLVEMENTO RURAL DE GALICIA						
MEDIDAS DO PDR	OBXECTIVOS DA EDLP					
	1	2	3	4	5	6
1. Transferencia de coñecementos e innovación na agricultura, silvicultura e nas zonas rurais	▲		▼			▲
2. Mellora da viabilidade das explotacións e a competitividade de todos os tipos de agricultura en todas as rexións e promoción de tecnoloxías agrícolas innovadoras nas explotacións e na xestión sostible dos bosques.	▲					
3. Fomentar a organización da cadea alimentaria, en particular a transformación e comercialización dos produtos agrícolas, o benestar animal e a xestión de riscos no sector agrícola.	▲	▼				
4. Restaurar, preservar e conservar os ecosistemas relacionados coa agricultura e a silvicultura			▲			
5. Promover a eficiencia dos recursos e alentar o paso a unha economía hipocarbónica e resistente ao cambio climático nos sectores agrícola, alimentario e silvícola.			▲			
6. Fomentar a inclusión social, a redución da pobreza e o desenvolvemento económico nas zonas rurais.		▲				

▲ = Alta, ● = Media, ▼ = Baixa.

Existe unha alta relación entre as medidas contempladas no PDR, coas medidas relacionadas co obxectivo estratéxico 1 da EDLP sobre a mellora da competitividade do sector e no obxectivo sexto que versa sobre proxectos de cooperación en diferentes ámbitos e territorios. Esta complementariedade maniféstase en aspectos como a conexión de iniciativas coa figura da Reserva da Biosfera, o empoderamento do sector, a investigación e coñecemento. A innovación do sector é unha das demandas máis patentes na configuración da estratexia, en aspectos como clave como a transformación e a comercialización de produtos locais. Tamén se incardina a estratexia da EDLP coa prioridade da innovación da silvicultura a través do obxectivo terceiro ao promover proxectos de preservación e mellora da paisaxe do litoral.

En relación á mellora da viabilidade, a competitividade e a promoción de tecnoloxías no sector primario que se refire o punto 2 do PDR, na EDLP é un aspecto transversal, pero recóllese de maneira explícita no obxectivo estratéxico primeiro, relativo a mellora da competitividade do sector pesqueiro. As medidas contempladas neste obxectivo están encamiñadas á innovación e á mellora da capacidade estratéxica do sector na produción, transformación e comercialización do produtos locais, e sempre dende un compromiso coa preservación do medio.

En relación ao terceiro punto de medidas do PDR, relativo ao fomento da organización da cadea alimentaria, sobre todo a transformación e comercialización dos produtos agrícolas, á estratexia do GALP garda unha alta complementariedade xa que o sector pesqueiro, a través do obxectivo estratéxico 1, incide de maneira central no consumo e mellora da calidade e, por tanto, da seguridade dos produtos pesqueiros locais. A mellora da transformación e comercialización dos produtos pesqueiros é unha demanda constante do sector pesqueiro.

O cuarto punto de medidas do PDR garda unha alta complementariedade co conxunto da estratexia do GALP Golfo Ártabro Sur. As medidas recollidas na estratexia teñen como base principal da súa execución a preservación e posta en valor do medio, en especial na mesma liña que o conxunto do territorio que forma parte da figura de protección ambiental da Reserva da Biosfera. Pero é o obxectivo estratéxico 3 da EDLP, o que cataliza todos os aspectos relacionados coa eliminación da contaminación, a calidade das augas, a sostibilidade e biodiversidade do medio e recursos mariños.

Con respecto ao punto 5 do PDR, en ámbolos dous sectores (mariño e agrario), a loita contra o cambio climático é unha preocupación común, que reforza a complementariedade deste tipo de políticas no territorio. A EDLP recolle un obxectivo específico, o 3.2, que aborda a problemática da redución da pegada de carbono e o incremento da eficiencia enerxética. As medidas contempladas oríentanse á redución de emisións de CO<sub>2</sub>, así como á eficiencia enerxética e aproveitamento enerxético con enerxías limpas e renovables.

En relación ao punto sexto do PDR, “fomentar a inclusión social, a redución da pobreza e o desenvolvemento económico nas zonas rurais”, é un aspecto transversal en toda a planificación das actuacións da estratexia do GALP Golfo Ártabro Sur, se ben, aparece dunha maneira máis concisa na liña de actuación 2.1.2, con unha serie de medidas encamiñadas á creación e adaptación de infraestruturas, servizos e actividades que sexan accesibles e inclusivas no desenvolvemento do sector turístico da zona costeira.

### Complementariedade coa Estratexia Galega de Acuicultura

A Estratexia Galega da Acuicultura ten como obxectivo fundamental e básico o de dotar á actividade acuícola en Galicia dun modelo de desenvolvemento dinámico, sostible, equilibrado e de calidade nos aspectos ambientais, sociais e económicos. Para iso formula unha serie de obxectivos xerais, os que figuran na táboa, en tres ámbitos: o ambiental, o económico e o social

MATRIZ DE COMPLEMENTARIEDADE. ESTRATEXIA GALEGA DE ACUICULTURA		OBXECTIVOS DA EDLP							
		OBXECTIVOS DA ESGA		1	2	3	4	5	6
Ambientais	A integración territorial e paisaxística			▲					
	A busca da salvagarda e potenciación da biodiversidade	●		▲					
	O respecto ambiental da actividade produtiva	▲							
	O avance na consideración positiva da imaxe, derivada do	▲							
Económicos	Reforzamento das estruturas produtivas	▲							
	Reformulación e adecuación de estruturas administrativas								
	Adecuación e reforzo das estruturas asociativas							●	
	Dispoñibilidade de financiación suficiente								
Sociais	Desenvolvemento de liñas de promoción do emprego de calidade no sector acuícola	▲							
	Avance en sistemas produtivos que aporten produtos de calidade e con garantías hixiénico–sanitarias	▲							
	Fortalecemento da capacidade de aseguramento alimentario da acuicultura	▲							
		▲ =Alta, ● = Media, ▼ = Baixa.							

A preocupación polo coidado medioambiental e paisaxístico é común nas dúas estratexias. Podemos dicir que existe un grao alto de complementariedade entre ambas estratexias. A EDLP contempla no seu terceiro obxectivo unha liña de actuación orientada ao coidado da paisaxe do litoral. Neste sentido promove medidas relativas á potenciación da biodiversidade, sobre todo a través da figura da Reserva da Biosfera. As medidas fan fincapé na preservación do medio natural e os recursos, de xeito que favorezan e reforcen a mellora da biodiversidade e constitúan, desta maneira, un modelo de territorio sostible. Na mesma liña, a proposta da estratexia de fomentar unha acuicultura ecolóxica, reforza a súa imaxe como actividade ambientalmente sostible, tal e como se recolle na ESGA.

En relación a obxectivos do ámbito económico, que se recollen na Estratexia Galega de Acuicultura, a complementariedade coa EDLP garda relación cos factores relacionados coas estruturas tanto produtivas como asociativas. Neste sentido, todos proceso de innovación do sector, así como posta en marcha de proxectos de cooperación, van nesta dirección.

En relación aos aspectos sociais da EGA, observamos unha complementariedade coa estratexia do GALP Golfo Ártabro Sur ao promover unha acuicultura ecolóxica, e polo tanto, supón un avance importante na produción de produtos marisqueiros de calidade e de seguridade alimentaria. A acuicultura ecolóxica é, tamén, un factor importante de promoción do emprego de calidade.

A acuicultura de moluscos na estratexia do Golfo Ártabro Sur ten unha relación de complementariedade coa Estratexia Galega de Acuicultura, a pesar de que é unha actividade moi limitada a un tipo de produto marisqueiro.

### 5.2.7. Redes

Os mecanismos de colaboración entre o GALP con outras entidades do territorio ou mesmo fora del están recollidos en diferentes lugares da estratexia. Así, aparece recollido expresamente dentro dos seus valores a consecución dun territorio dinámico e participativo no que colaboren todos os axentes locais da zona costeira.

A tipoloxía de axentes sobre os que se vai establecer os mecanismos de cooperación pódense dividir segundo o seguinte esquema:



Dentro do Plan de Acción o obxectivo estratéxico 6 recóllense actuacións destinadas a fomentar a cooperación do GALP con outros axentes, entidades e institucións. Os ámbitos prioritarios son os relacionados coa cohesión social e económica, actividades do mar, medioambiente, e optimización do uso de infraestruturas.

As iniciativas a desenvolver conxuntamente teñen que ver coa xestión de proxectos de fomento da economía social, a difusión da cultura e patrimonio mariñeiro, o creación de novos produtos e servizos turísticos, o fomento da cultura emprendedora no territorio, a realización de accións formativas para o sector pesqueiro, medidas destinadas ao coidado e preservación do medio ambiente ou ao fomento do voluntariado ambiental.

Nos restantes obxectivos estratéxicos recóllese de xeito transversal en diferentes medidas a necesidade de establecer colaboración e sinerxias entre distintos axentes e entidades para desenvolver as actuacións, sobre todo as vinculadas á mellora de



formación no sector pesqueiro, a consolidación dunha marca turística de calidade para o territorio, ou os proxectos de investigación e conservación en materia medioambiental.

Por último, no plan de comunicación recóllese expresamente a posibilidade de realizar campañas conxuntas de comunicación con outras entidades para promover produtos ou servizos locais, ou realizar actividades de dinamización ou formación.

### 5.2.8. Análise de pertinencia da estratexia

O obxectivo da análise da pertinencia da estratexia é ver se a estratexia da EDLP atende ás necesidades do territorio que se formulan no diagnóstico. Así poderemos contrastar a coherencia da estratexia en relación a dar resposta ás problemáticas identificadas nos diferentes eixes ou temáticas centrais da planificación do GALP.

Para realizar a análise temos en consideración as debilidades que se recolleron na elaboración do DAFO que elaborou o GALP na identificación das principais necesidades da zona costeira. No seguinte cadro facemos unha ordenación por ámbitos das principais problemáticas:



<b>DEBILIDADES</b>	
<b>Recursos e actividade pesqueira</b>	
1.	Confrarías do territorio con problemas económicos, necesidade de diversificación de ingresos
2.	Problemas de relevo xeracional na actividade pesqueira
3.	Escaso prezo do produto pesqueiro
4.	Intrusismo profesional nos redeiros, competencia desleal, baixada de prezos, baixa visualización das Redeiras
5.	Redución do número de redeiras, falla de cursos de formación de novas redeiras/os
6.	A Lonxa de Sada experimenta un retroceso pola venda na Lonxa da Coruña e escaseo de sardiña, xurelo e das artes de cerco
7.	Os descartes en artes de arrastre.
8.	Falta de trazabilidade dos produtos da pesca
9.	Descenso no número de peixerías tradicionais
10.	Falta de campañas para o consumo de pescado fresco, falta de coñecemento dos clientes máis xóvenes
11.	Falla de empoderamento e de visibilización das Mulleres no sector da pesca e do marisqueo o que implica a necesidade de creación dunha asociación de mulleres do sector pesqueiro no territorio
12.	Falla de xestión das redes ao final da súa vida útil
13.	Falla dun punto de venda e local para aseo e garda de aparellos de marisqueo na Ría do Burgo
<b>Recursos turísticos</b>	
14.	Escasa calidade na atención ao turista, especialmente nas localidades da contorna metropolitana
15.	Estacionalización de tempada turística
16.	Falla integración do turismo mariñeiro con outros produtos turísticos do territorio
17.	Escaseza de prazas hoteleiras nas localidades da contorna de A Coruña
<b>Recursos ambientais e culturais</b>	
18.	Deterioro medioambiental (ría do Burgo)
19.	Descoñecemento acerca do valor natural da zona
20.	Ría do Burgo con problemas de hidrocarburos e mareas tóxicas, baixo rendemento produtividade.
21.	Necesidades de mellora nas Pemes do Porto da Coruña a nivel tecnolóxico e na redución da pegada de Carbono
22.	Lixo mariños nas costas e praias e portos do territorio, falta de concienciación ambiental
<b>Formación/cualificación/coñecementos</b>	
23.	Falla de formación dos pescadores e mariscadores de A Coruña
24.	Falla de conexión entre o sector do mar e os centros de Investigación
25.	Acuicultura con necesidade de persoal formado en mantemento e instalación.
26.	Problemas para instalación de proxectos pilotos para novos cultivos mariños.
27.	Falla formación para internacionalización de Pemes
28.	Necesidade de adaptación das actividades turística a persoas con discapacidade
29.	Falta de aproveitamento e adaptación das novas tecnoloxías para persoas con discapacidade
30.	Necesidades de formación complementaria dos inmigrantes que traballan na pesca
31.	Mellorar Know How do territorio
32.	Falla de Servizos de aconsellamento a emprendedores e sobre innovación ás empresas en localidades pequenas
<b>Infraestruturas de comunicación</b>	
33.	Comunicacións por terra entre localidades deficientes.
34.	Ausencia de infraestruturas que permitan un acceso ordenado á liña de costa

Para facilitar o traballo e facer máis comprensible a información tivemos en conta os diferentes ámbitos temáticos que agrupaban problemáticas similares. Non se tivo en conta para esta análise da pertinencia o ámbito temático das infraestruturas de comunicación porque excede á finalidade do FEMP para a posta en práctica deste tipo de iniciativas. No seguinte cadro sinálase a relación existente entre o DAFO e os obxectivos estratéxicos do Plan de Acción:

DEBILIDADES OU AMEAZAS	OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS						Nº de liñas de actuación que atenden
	Obxectivo 1	Obxectivo 2	Obxectivo 3	Obxectivo 4	Obxectivo 5	Obxectivo 6	
D1		3	2	2		1	8
D2	1						1
D3	2	1	1				4
D4	1						1
D5	1						1
D6	3					1	4
D7	1						1
D8	2	1	1				4
D9	1						1
D10	1						1
D11			1				1
D12			1				1
D13	1						1
D14		1				1	2
D15		3		2		1	6
D16		1					1
D17		1					1
D18			3				3
D19			3	2	2	1	8
D20				1			1
D21				1			1
D22				1			1
D23						1	1
D24						1	1
D25	1						1
D26	1		1			1	3
D27	1					1	2
D28		1					1
D29		1					1
D30						1	1
D31		1	2	2		1	6
D32						1	1
Debilidades cubertas por obxectivo	17	14	15	11	2	12	

## 6. Plan de financiamento

### 6.1. Distribución global do orzamento

Na elaboración do orzamento para executar a estratexia empregouse unha estimación do gasto previsto para o período 2016-2020 segundo as diferentes liñas de actuación contempladas no Plan de Acción. Para realizar esta estimación no relativo ao **programa de axudas** (75% do total do orzamento) establecéronse os seguintes pasos:

- Sinalar unha porcentaxe de referencia para cada un dos obxectivos estratéxicos segundo as prioridades definidas no proceso de participación. A asignación desta porcentaxe foi realizada pola Comisión de Seguimento.
- A continuación, seguiuuse o mesmo esquema de marcar prioridades para as diferentes liñas de actuación marcadas na Estratexia.
- A estimación para cada ano do período foi lineal, coa excepción do ano 2016 onde a estimación foi nula para todas as liñas e apartados debido a que o GALP aínda non está habilitado para executar o programa de axudas do FEMP.
- A distribución do orzamento global debía respectar a distribución dun 65% do gasto total do programa de axudas para proxectos produtivos e un 35% para proxectos non produtivos.

Por outra banda, a porcentaxe de **gastos de xestión** representa o 25% do orzamento total, equidistribuindo o gasto para actividades de explotación e animación, e realizando unha estimación lineal para os anos do período 2016-2020, coa excepción do 2016.

Táboa 96. Distribución dos gastos do orzamento segundo tipoloxía de gasto.

	2016	2017	2018	2019	2020	Total	%
Gastos de xestión	-	250.000,00	250.000,00	250.000,00	250.000,00	1.000.000,00	25,0%
Programa de axudas	-	750.000,00	750.000,00	750.000,00	750.000,00	3.000.000,00	75,0%
<b>Gastos totais</b>	-	<b>1.000.000,00</b>	<b>1.000.000,00</b>	<b>1.000.000,00</b>	<b>1.000.000,00</b>	<b>4.000.000,00</b>	<b>100,0%</b>

Táboa 97. Distribución dos gastos segundo obxectivos e tipoloxía.

	2016	2017	2018	2019	2020	Total	% Prod.- N Prod	% axudas	% gasto total
Obxectivo estratéxico 1	Productivos	196.500,00	196.500,00	196.500,00	196.500,00	786.000,00	87,3%	30,0%	19,7%
	Non productivos	28.500,00	28.500,00	28.500,00	28.500,00	114.000,00	12,7%		2,9%
Obxectivo estratéxico 2	Productivos	197.250,00	197.250,00	197.250,00	197.250,00	789.000,00	87,7%	30,0%	19,7%
	Non productivos	27.750,00	27.750,00	27.750,00	27.750,00	111.000,00	12,3%		2,8%
Obxectivo estratéxico 3	Productivos	55.500,00	55.500,00	55.500,00	55.500,00	222.000,00	37,0%	20,0%	5,6%
	Non productivos	94.500,00	94.500,00	94.500,00	94.500,00	378.000,00	63,0%		9,5%
Obxectivo estratéxico 4	Productivos	30.750,00	30.750,00	30.750,00	30.750,00	123.000,00	41,0%	10,0%	3,1%
	Non productivos	44.250,00	44.250,00	44.250,00	44.250,00	177.000,00	59,0%		4,4%
Obxectivo estratéxico 5	Productivos	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,0%	5,0%	0,0%
	Non productivos	37.500,00	37.500,00	37.500,00	37.500,00	150.000,00	100,0%		3,8%
Obxectivo estratéxico 6	Productivos	7.500,00	7.500,00	7.500,00	7.500,00	30.000,00	20,0%	5,0%	0,8%
	Non productivos	30.000,00	30.000,00	30.000,00	30.000,00	120.000,00	80,0%		3,0%
Total programa de axudas	Productivos	487.500,00	487.500,00	487.500,00	487.500,00	1.950.000,00	65,0%	100,0%	48,8%
	Non productivos	262.500,00	262.500,00	262.500,00	262.500,00	1.050.000,00	35,0%		26,3%
Gastos de xestión	Total	750.000,00	750.000,00	750.000,00	750.000,00	3.000.000,00	<b>100,0%</b>		<b>75,0%</b>
	Gastos de explotación	200.000,00	200.000,00	200.000,00	200.000,00	800.000,00			20,0%
	Gastos de animación	50.000,00	50.000,00	50.000,00	50.000,00	200.000,00			5,0%
	Total gastos de xestión	250.000,00	250.000,00	250.000,00	250.000,00	1.000.000,00			<b>25,0%</b>
Total estratexia		1.000.000,00	1.000.000,00	1.000.000,00	1.000.000,00	4.000.000,00			<b>100,0%</b>

## 6.2. Plan de financiamento

**OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1.** Mellora da competitividade do sector pesqueiro, creación de emprego e atracción de mocidade, en especial a través do aumento do valor engadido dos produtos pesqueiros, da integración vertical, da innovación en todas as fases da cadea de subministro dos produtos pesqueiros; e garantir unha actividade sostible promovendo o uso eficiente dos recursos biolóxicos mariños.

	Gasto			Porcentaxe	
	Productivos	Non productivos	Total	Productivos	Non productivos
<b>Obxectivo estratéxico 1</b>	<b>786.000,00</b>	<b>114.000,00</b>	<b>900.000,00</b>	<b>87,3%</b>	<b>12,7%</b>
Obxectivo específico 1.1	474.000,00	66.000,00	540.000,00	87,8%	12,2%
Liña de actuación 1.1.1	159.000,00	21.000,00	180.000,00	88,3%	11,7%
Liña de actuación 1.1.2	159.000,00	21.000,00	180.000,00	88,3%	11,7%
Liña de actuación 1.1.3	156.000,00	24.000,00	180.000,00	86,7%	13,3%
Obxectivo específico 1.2	312.000,00	48.000,00	360.000,00	86,7%	13,3%
Liña de actuación 1.2.1	126.000,00	18.000,00	144.000,00	87,5%	12,5%
Liña de actuación 1.2.2	186.000,00	30.000,00	216.000,00	86,1%	13,9%

**OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2.** Creación de emprego e oportunidades económicas a través da diversificación da economía local das zonas pesqueiras cara novas actividades económicas, entre elas as que ofrece o crecemento azul e os sectores marítimos en senso amplo, favorecendo a formación, a innovación e o fomento do emprego.

	Gasto			Porcentaxe	
	Productivos	Non productivos	Total	Productivos	Non productivos
<b>Obxectivo estratéxico 2</b>	<b>789.000,00</b>	<b>111.000,00</b>	<b>900.000,00</b>	<b>87,7%</b>	<b>12,3%</b>
Obxectivo específico 2.1	789.000,00	111.000,00	900.000,00	87,7%	12,3%
Liña de actuación 2.1.1	276.000,00	39.000,00	315.000,00	87,6%	12,4%
Liña de actuación 2.1.2	198.000,00	27.000,00	225.000,00	88,0%	12,0%
Liña de actuación 2.1.3	315.000,00	45.000,00	360.000,00	87,5%	12,5%

**OBXECTIVO ESTRATÉXICO 3. Fomento do aproveitamento sostible do patrimonio medio ambiental das zonas pesqueiras, incluíndo operacións de mitigación do cambio climático e de transición a unha economía de baixas emisións de carbono.**

	Gasto			Porcentaxe	
	Productivos	Non productivos	Total	Productivos	Non productivos
<b>Obxectivo estratéxico 3</b>	<b>222.000,00</b>	<b>378.000,00</b>	<b>600.000,00</b>	<b>37,0%</b>	<b>63,0%</b>
Obxectivo específico 3.1	156.000,00	264.000,00	420.000,00	37,1%	62,9%
Liña de actuación 3.1.1	63.000,00	105.000,00	168.000,00	37,5%	62,5%
Liña de actuación 3.1.2	63.000,00	105.000,00	168.000,00	37,5%	62,5%
Liña de actuación 3.1.3	30.000,00	54.000,00	84.000,00	35,7%	64,3%
Obxectivo específico 3.2	66.000,00	114.000,00	180.000,00	36,7%	63,3%
Liña de actuación 3.2.1	12.000,00	24.000,00	36.000,00	33,3%	66,7%
Liña de actuación 3.2.2	54.000,00	90.000,00	144.000,00	37,5%	62,5%

**OBXECTIVO ESTRATÉXICO 4: Fomento do benestar social e do patrimonio cultural das zonas pesqueiras.**

	Gasto			Porcentaxe	
	Productivos	Non productivos	Total	Productivos	Non productivos
<b>Obxectivo estratéxico 4</b>	<b>123.000,00</b>	<b>177.000,00</b>	<b>300.000,00</b>	<b>41,0%</b>	<b>59,0%</b>
Obxectivo específico 4.1	123.000,00	177.000,00	300.000,00	41,0%	59,0%
Liña de actuación 4.1.1	75.000,00	105.000,00	180.000,00	41,7%	58,3%
Liña de actuación 4.1.2	48.000,00	72.000,00	120.000,00	40,0%	60,0%

**OBXECTIVO ESTRATÉXICO 5. Reforzo das comunidades no desenvolvemento local e da gobernanza, dos recursos pesqueiros e actividades marítimas locais.**

	Gasto			Porcentaxe	
	Productivos	Non productivos	Total	Productivos	Non productivos
<b>Obxectivo estratéxico 5</b>	<b>0,00</b>	<b>150.000,00</b>	<b>150.000,00</b>	<b>0,0%</b>	<b>100,0%</b>
Obxectivo específico 5.1	0,00	150.000,00	150.000,00	0,0%	100,0%
Liña de actuación 5.1.1	0,00	150.000,00	150.000,00	0,0%	100,0%

**OBXECTIVO ESTRATÉXICO 6: Fomento da cooperación**

	Gasto			Porcentaxe	
	Productivos	Non productivos	Total	Productivos	Non productivos
<b>Obxectivo estratéxico 6</b>	<b>30.000,00</b>	<b>120.000,00</b>	<b>150.000,00</b>	<b>20,0%</b>	<b>80,0%</b>
Obxectivo específico 6.1	30.000,00	120.000,00	150.000,00	20,0%	80,0%
Liña de actuación 6.1.1	30.000,00	120.000,00	150.000,00	20,0%	80,0%

## 7. Capacidade do Grupo de Acción Costeira

### 7.1. Experiencia do Grupo de Acción Costeira

O Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Golfo Ártabro Sur, constituíse o 8 de Outubro de 2008, co nome de Grupo de Acción Costeira “Golfo Ártabro” e cun ámbito de actuación máis amplo do actual, que cumpría coa normativa dos GAC e do Fondo Europeo de Pesca, e cun número de 56 socios, ata o 31 de decembro de 2015.

Na Asemblea Xeral celebrada o 12 de Xuño de 2015, acordouse os cambios estatutarios para adaptarse a normativa dos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro 2014-2020, cun período de transición para cumprir os requisitos da normativa que estaba en vigor.

Na actualidade, o Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Golfo Ártabro Sur, ten os seus estatutos actualizados á nova normativa dos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro 2014-2020 e rexistrados no Rexistro de Asociacións. O ámbito territorial actual comprende os concellos de Arteixo, A Coruña, Cambre, Culleredo, Oleiros, Sada e Bergondo.

Durante a execución do anterior plan presentáronse un total de 43 proxectos (15 produtivos e 28 non produtivos), dos cales foron financiados 32 (6 produtivos e 26 non produtivos). O orzamento executado ascendeu a 1.860.381,47€.

A continuación, recóllese en modelo ficha a experiencia do GALP na execución do programa anterior, e en dous proxectos de cooperación con outras entidades do sector: Proxecto Come o Mar e Proxecto Shades.



DENOMINACIÓN DO PROGRAMA/PROXECTO
Fondo Europeo de Pesca. Programa dos Grupos de Acción Costeira.
PERÍODO DE EXECUCIÓN
2007-2015
ORZAMENTO EXECUTADO
1.860.381,47€
NÚMERO DE ACTIVIDADES OU PROXECTOS DESENVOLVIDOS
Financiáronse, 6 Proxecto Productivos e 26 Proxectos non Productivos. Realizáronse 9 Visitas de Estudio e Intercambio de Experiencias. 10 Seminarios, Xornadas, actividades sobre temáticas de Xestión Integrada Zonas Costeira, Valorización Produtos locais, Turismo, Discapacidade, Medio Ambiente e Valorización do Patrimonio marítimo entre outros. Editouse material divulgativo, e merchandising para as xornadas (bolígrafos, pendrive,...) 2 Actividades de recepción de Visitas de Estudio da Rede Española de Desenvolvemento Rural e de 6 GAC´s de Reggio Calabria Italia.
NÚMERO DE ASOCIADOS NA EXECUCIÓN DO PROGRAMA
56 socios
AMBITO TERRITORIAL DE ACTUACIÓN
Termos municipais de Narón, Neda, Fene, Mugardos, Ares, Cabanas, Pontedeume, Miño, Paderne, Bergondo, Sada, Oleiros, Cambre, Culleredo e Arteixo.
OBXECTIVOS PRINCIPAIS DO PROGRAMA
Colaborar na gobernanza da zona, participando activamente na construción da capacidade organizativa da zona pesqueira e servindo de núcleo de converxencia e representación das persoas particulares, entidades e axentes socioeconómicos con interese no desenvolvemento integral e equilibrado da zona para alcanzar os seguintes obxectivos: <ul style="list-style-type: none"> <li>• O desenvolvemento económico, social e medio ambiental sostible mediante unha Xestión Integrada da Zona Costeira.</li> <li>• Xerar emprego e diversificar a actividade nas zonas costeiras.</li> <li>• Mellora ambiental e concienciación medioambiental.</li> <li>• Cooperación.</li> </ul>
ESTRATEGIAS DE PARTICIPACIÓN DESENVOLVIDAS
Para promover a participación realizáronse xornadas de difusión do programa, en tódolos concellos do territorio. Outras actividades foron os seminarios sobre xestión integradas das Zonas Costeiras, o patrimonio e cultura marítima, mellora do medio ambiente, de innovación con centros tecnolóxicos, e de turismo, e sobre a discapacidade e o turismo, e formación para emprendedores, entre os máis importantes.
Como actividades de formación e intercambio de experiencias dos membros da Xunta Directiva e das Confrarías asociadas, realizáronse visitas de estudos a outros GAC´s e territorios, como poden ser Delta del Ebro, GDP de Cádiz, GDP de Málaga, etc.

Congresos de Mulleres do Sector Pesqueiro, así como convenios con outras entidades como ADR Mariñas – Betanzos.

#### DESCRIPCIÓN DO INSTRUMENTO DE FINANCIAMENTO (UE,ADMON AUTONOMICA, ...)

Fondo Europeo de Pesca (FEP): 2007-2013. Eixe 4, desenvolvemento sustentable das zonas pesqueiras. Consellería do Mar. Ministerio de Agricultura, Alimentación e medio ambiente.

#### SOCIOS ESTRANXEIROS (SI/NON)

Non.

#### DESCRIPCIÓN DOS PRINCIPAIS FITOS ACADADOS

Xeración de emprego, mellora do patrimonio das confrarías de pescadores, involucración do sector pesqueiro no desenvolvemento sostible das zonas costeiras, diversificación do sector pesqueiro. Mellora dos servizos náuticos e turísticos, valorización do patrimonio mariñeiro e dos produtos locais da pesca. Formación do sector a través de viaxes de intercambio de experiencias.

#### DENOMINACIÓN DO PROGRAMA/PROXECTO

Come o Mar

#### PERÍODO DE EXECUCIÓN

2013-2015

#### ORZAMENTO EXECUTADO (por parte do Gac Golfo Ártabro)

2013: 19.210,01€

2014: 14.245,42€

2015: 14.000,42€

Total: 47.455,85€

#### NÚMERO DE ACTIVIDADES OU PROXECTOS DESENVOLVIDOS

En 2013 foron 537 empresas participantes (41 do GAC2), 12 xornadas formativas (2 GAC2), 422 establecementos de restauración dos (39 do GAC2). Rutas de tapas; paquetes turísticos, 3 mercados mariñeiros, 20 obradoiros de cociña (2 GAC2), imaxe corporativa, merchandising, 1 microsite, 1 presentación pública en Hostal Reis Católicos, 120.000 folletos, 151.600 encartes en prensa, cuñas en radio e concurso radiofónico, redes sociais: Facebook, microbús promocional. Showcooking. II Congreso Mulleres do Sector Pesqueiro.

En 2014 a actividades implicaron a 332 empresas (40 do GAC2) e 743 actividades, e se realizaron: 13 anuncios en prensa, banner publicitario en periódico dixital 15 días e dúas páxinas web: Turgalicia e Alacena Roja. 39 cuñas publicitarias en Radio. Publicacións en Twitter, cea fin de campaña benéfica, 14 xornadas informativas (2 GAC2), deseño imaxe corporativa, carteleira e merchadising, páxina web, Facebook, material con códigos QR, información en galego e castelán, artigos en prensa, acto inauguración campaña, liña 900 información.

En 2015, participaron 256 empresas na campaña, reducindo o número de empresas participantes a aquelas máis participativas. Entre as actividades máis destacadas: 200.000 trípticos, presentación oficial Hostal Reis Católicos, 22 anuncios en prensa, vídeo promocional, reportaxe e difusión en programas da Televisión de Galicia, 40 cuñas de radio, redes sociais: Facebook e Twitter. Sorteio de lotes de produtos do mar, 10 patrocinadores do programa, acto de peche do programa, 20 Showcooking e outros eventos (3 GAC2).

#### NÚMERO DE ASOCIADOS NA EXECUCIÓN DO PROGRAMA

Os sete Grupos de Acción Costeira de Galicia.

#### AMBITO TERRITORIAL DE ACTUACIÓN

As actividades se desenvolveron en todos os Concellos da Franxa litoral de Galicia.

#### OBXECTIVOS PRINCIPAIS DO PROGRAMA

Potenciar e difundir a Marca Mar Galaica como un referente importante do Turismo Mariñeiro.

Fortalecer a unión e traballo en equipo de todo os Grupos de Acción Costeira cun proxecto conxunto que persigue un beneficio e obxectivo común.

Pór en valor a cultura mariñeira, a pesca tradicional e sostible e os produtos mariños do litoral galego.

Colaborar á promoción turística da Costa Galega, incrementando o atractivo turístico do destino a través da Gastronomía e a exaltación da Cultura Mariñeira.

Contribuír á desestacionalización da actividade turística.

#### ESTRATEGIAS DE PARTICIPACIÓN DESENVOLVIDAS

A través da formación, a información e visita a empresas e entidades polas empresas adxudicatarias e equipas técnicas dos GAC, anuncios en prensa e redes sociais, así como actividades de participación pública como showcooking, cartelería e merchandising.

#### DESCRIPCIÓN DO INSTRUMENTO DE FINANCIAMENTO (UE, ADMON AUTONOMICA, ...)

Fondo Europeo de Pesca (FEP) 75%, MAGRAMA (12,5%) e Xunta de Galicia (12,5%).

#### SOCIOS ESTRANXEIROS (SI/NON)

Non.

<b>DENOMINACIÓN DO PROGRAMA/PROXECTO</b>
Proxecto de cooperación Transnacional Sustainable and Holistic Approaches to Delevopment in European Seaboards (SHADES).
<b>PERÍODO DE EXECUCIÓN</b>
2013-2015
<b>ORZAMENTO EXECUTADO</b>
30.822,33€
<b>NÚMERO DE ACTIVIDADES OU PROXECTOS DESENVOLVIDOS</b>
4 xornadas de pesca a cacea nunha embarcación recreativa para ensinar os conceptos básicos da pesca. 2 visitas a embarcacións profesionais de pesca para ensinar o funcionamento da arte nunha embarcación profesional. 14 visitas a proxectos financiados polo FEP nos gac's da Mariña Ortegale e Golfo Ártabro. 1 reunión con representantes da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Xunta.
<b>NÚMERO DE ASOCIADOS NA EXECUCIÓN DO PROGRAMA</b>
9 socios.
<b>AMBITO TERRITORIAL DE ACTUACIÓN</b>
As actividades se desenvolveron nos territorios dos GAC a Mariña-Ortegale e do Gac Golfo Ártabro e Santiago de Compostela.
<b>OBJECTIVOS PRINCIPAIS DO PROGRAMA</b>
Formación de 8 pescadores da rexión de Calabria na Arte de Cacea, a nivel práctico e teórico dar a coñecer boas prácticas a pescadores e representantes dos GAC'S da Rexión de Calabria e da Administración de Calabria proxectos financiados polo Fondo Europeo de Pesca dos Gac's A Mariña Ortegale e Golfo Ártabro. Así como unha reunión con representantes da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar.
<b>ESTRATEGIAS DE PARTICIPACIÓN DESENVOLVIDAS</b>
Na formación de pescadores se contratou a dúas tradutoras para que intercambio entre os formadores e pescadores fora o máis flúida posibles. Tamén participaron as tradutoras en tódalas visitas a proxectos onde os pescadores e representantes dos GAC's da Rexión e administración da Rexión de Calabria para que houbera una boa comunicación entre eles e os promotores.
<b>DESCRIPCIÓN DO INSTRUMENTO DE FINANCIAMENTO (UE,ADMON AUTONOMICA, ...)</b>
Fondo Europeo de Pesca (FEP): 2007-2013. Eixe 4.4, Promoción da Cooperación. 6 GAC'S da rexión de Calabria. Financiado pola rexión de Calabria, Ministerio da Política Agrícola, Alimentaria e Forestal de Italia e Fondo Europeo de Pesca.
<b>SOCIOS ESTRANXEIROS (SI/NON)</b>
Si.

## 7.2. Medio físicos: espazos de traballo, dotacións e equipamentos

O Grupo de Acción Local Pesqueiro do Golfo Ártabro Sur conta para o desenvolvemento do seu traballo cunha oficina de 145,80m<sup>2</sup> sita na Casa do Mar de Sada.

Dentro deste espazo conta cos seguintes medios:

- 1 Ordenador, pantalla e teclado sobre mesa HP
- 1 Portátil HP
- 1 Impresora/fax HP
- 1 Fotocopiadora Konica Minolta Bizhub C224e
- 2 Mesas de traballo oficina
- 2 Caixóns de mesa de traballo
- 3 Armarios armarios 240x88x42
- 1 librería baixa 74x91x42
- 2 Cadeiras ergonómicas
- 4 Cadeiras confidentes
- 1 Destrutora de papel
- 1 taladradora de papel




### 7.3. Recursos humanos e técnicos

O GALP precisa dun equipo técnico que permita desenvolver o programa no conxunto do territorio con garantías. Ademais da diversidade de actividades que ten que acometer o equipo técnico, hai que ter en consideración os seguintes elementos:

- O ámbito territorial do Grupo, 7 concellos, precisa dunha relación continuada coa diversidade de axentes, polo que se precisa un maior volume de persoal para reforzar as labores de xestión e interlocución.
- O volume de poboación. O GALP está asentado nunha zona cun importante volume de poboación, 143.749 persoas, moitos deles potenciais destinatarios das accións do GALP. Para dar unha cobertura ás necesidades que se lles poden presentar á hora de acceder a axudas e realizar actuacións no marco do programa, é preciso contar con recursos suficientes que poidan dar unha resposta eficaz e eficiente.
- O incremento no orzamento previsto a xestionar polo GALP no horizonte 2014-2020, é un indicador do posible aumento de actividades tanto na xestión de proxectos, como nas tarefas de animación e divulgación do programa, o que leva implícito un incremento das cargas de traballo.
- Da experiencia na xestión do anterior programa, sábese que para conseguir un maior volume de proxectos presentados e aprobados é necesario contar cun maior número de recursos humanos, permitindo ademais mellorar e axilizar a tramitación dos expedientes.

Figura 5. Organigrama do equipo técnico.



O equipo técnico proposto estará composto polas figuras da xerencia, técnico/a e administrativo/a. Serán funcións dos diferentes postos as seguintes:

Xerencia:

- Dirixe e coordina ao resto do equipo.
- Responsable da dinamización e da xestión dos expedientes de subvencións enmarcados no FEMP.
- Responsable da consecución dos obxectivos marcados polos órganos de decisión do GALP para o desenvolvemento da EDLP.
- Informa e presta asesoramento técnico a emprendedores e empresas.
- Asesora sobre as necesidades de financiamento de proxectos enmarcados no FEMP.
- Capta e canaliza iniciativas de desenvolvemento local susceptibles de percibir fondos.
- Dinamiza colectivos para a posta en marcha de proxectos en común.
- Responsable do seguimento e avaliación da EDLP.
- Outras relacionadas.

Técnico/a:

- Asesora a promotores dende o primeiro contacto co GALP.
- Leva a cabo a dinamización e xestión de proxectos.
- Acompaña ao promotor e seguimento tras a posta en funcionamento da actividade e control das obrigas e compromisos do beneficiario.
- Outras relacionadas.

Administrativo:

- Tarefas de apoio á xerencia.
- As propias das tarefas administrativas.

No tocante á retribución e custo do equipo técnico, expónse a modo orientativo as cantidades que poderían percibir os diferentes perfís. O importe final das retribucións pode variar en función das actitudes e capacidades de cada un dos aspirantes, así como do orzamento que finalmente se aprobe para a execución da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo.

Táboa 98. Retribucións e custo total do equipo técnico.

	Retribución anuais	Cotizacións á Seguridade Social	Custo total anual
<b>Xerencia</b>	28.000,00	8.400,00	36.400,00
<b>Técnico/a</b>	23.000,00	6.900,00	29.900,00
<b>Aux. Administrativo/a</b>	17.000,00	5.100,00	22.100,00
<b>TOTAL</b>	<b>68.000,00</b>	<b>20.400,00</b>	<b>88.400,00</b>

#### Procedemento de contratación

O procedemento para a contratación do persoal do equipo técnico está baseado nos principios de publicidade, transparencia, libre concorrência, capacidade, experiencia e non discriminación. O GALP terá como referencia para a contratación de persoal as cláusulas establecidas no Convenio de Colaboración entre a Consellería do Mar da Xunta de Galicia e o Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro. Establécese o seguinte:

1. O GALP deberá dotarse de persoal para a realización das funcións que ten encomendadas como entidade colaboradora, e deberá ter como mínimo unha persoa que se encargará da súa xerencia.
2. A selección do persoal do GALP deberá cumprir os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade da convocatoria e cumprir os seguintes requisitos:
  - a. Publicación dun anuncio da oferta de emprego no diario de maior tirada na zona pesqueira ou na provincia ou provincias, nos taboleiros de anuncios dos concellos que formen parte do Grupo, no taboleiro de anuncios da sede e na páxina web que estableza a Consellería do Mar, para o cal enviará unha comunicación do anuncio á mesma.
  - b. Apertura dun prazo de quince días hábiles para a presentación de solicitudes, que empezará a contarse dende a última publicación nos medios indicados na letra anterior.
  - c. Realización dun procedemento de selección que garanta os coñecementos do persoal, diferenciando entre os diferentes perfís.
  - d. Comunicación á Consellería do Mar do resultado do proceso de selección.



3. Os postos de traballo que estableza o GALP, respectarán as retribucións fixadas no Convenio citado, e terán as seguintes características:

- Persoal xerencial: será necesario, en todo caso, titulación universitaria de licenciado, graduado ou equivalente. A persoa que ostente a xerencia terá adicación exclusiva ao posto, excluindo outras actividades profesionais ou laborais..
- Persoal técnico: terá a titulación mínima de licenciado, graduado ou equivalente.
- Persoal administrativo: Poderá ser administrativo ou auxiliar administrativo. No primeiro caso deberá ter o título de bacharelato ou equivalente. No segundo deberá ter o título da ESO ou equivalente.

4. No caso de adicacións parciais, as retribucións establecidas no Convenio, serán reducidas proporcionalmente.

5. O réxime de contratación do persoal do GALP será laboral e polo tanto seranlle de aplicación as fontes do ordenamento laboral que establece o Estatuto dos Traballadores.

6. O Convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera tipo entre os profesionais que participen no seu desenvolvemento e a Consellería, de tal xeito que non se lle poderá esixir a esta responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou efectos que acontezan no desenvolvemento da mesma.

7. O persoal do GALP fará unha declaración na que conste que non están incursas nas causas de incompatibilidade aplicables ao persoal ao servizo da Comunidade Autónoma Galega, así como no caso de que cambien as circunstancias que podan afectar á compatibilidade.

8. A persoa que ostente o cargo da xerencia, fará unha declaración na que conste a súa dedicación exclusiva ao posto, con exclusión de calquera outro tipo de actividade laboral ou profesional.

9. De ter persoal contratado, o GALP non terá que iniciar un novo proceso de selección de persoal.


Ademais do equipo técnico cóntarase coa colaboración dos órganos sociais, e poderanse externalizar algunhas das actividades a través do modelo de asistencias técnicas. A contratación deste tipo de servizos seguirá o marco normativo establecido para a contratación por parte das Administracións Públicas, e seguirá os seguintes principios: libre concorrência, publicidade, transparencia, non discriminación e igualdade.

## 8. Disposicións de xestión

### 8.1. Xestión interna do grupo

O artigo 11 dos estatutos do GALP Golfo Ártabro Sur establece que a asociación se rixe polo sistema de autogoberno e polos principios de representación, de observancia, legalidade e de democracia interna, respectando os principios que se establecen na Constitución Española e no ordenamento xurídico, máis concretamente no que se establece na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

Figura 6. Estrutura orgánica do GALP.



A Asemblea Xeral é o órgano superior de goberno do GALP, son os seus membros quen elixen á persoas que van compoñer a Xunta Directiva. As persoas que compoñen este último órgano escollerán as persoas que ostentan a Presidencia, Vicepresidencia, Secretaría e Tesourería. Nas seguintes fichas expónse as principais características de cada órgano segundo o establecido nos estatutos.

Asemblea Xeral	
<b>Composición</b>	<p>Unha persoa en representación de cada unha das entidades socias. En total hai 46 persoas socias distibuídas da seguinte maneira segundo sector:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• 14 sector pesqueiro, marisqueiro e/ou acuícola.</li> <li>• 20 sector social.</li> <li>• 7 sector público.</li> <li>• 5 sector económico.</li> </ul>
<b>Funcións</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Examinar e aprobar conta xeral de ingresos e gastos e o orzamento anual.</li> <li>• Censurar a xestión da Xunta Directiva e dos outros órganos.</li> <li>• Elixir ás persoas integrantes da Xunta Directiva.</li> <li>• Acordar a contía das cotas de ingreso e periódicas e a súa forma de pago.</li> <li>• Disposición, alleamento ou gravamento dos bens do GALP.</li> <li>• Solicitud de declaración de utilidade pública.</li> <li>• Constitución dunha federación ou rede ou integración nela.</li> <li>• Modificación de estatutos.</li> <li>• Acordar a disolución do GALP.</li> <li>• Designar aos liquidadores.</li> <li>• Ratificar a expulsión dos asociados proposta pola Xunta Directiva.</li> <li>• Aprobar o regulamento de réxime interno do GALP.</li> </ul>
<b>Sistema de voto</b>	Cada persoa representante das entidades ten un voto. O presidente terá voto de calidade en caso de empate.
<b>Adopción de acordos</b>	<p>Maioría simple de votos, agás nos casos de censura da Xunta Directiva, disposición, alleamento ou gravamento de bens, solicitud de declaración de utilidade pública, constitución dunha federación ou rede ou integración nela, modificación de estatutos, aprobación da disolución do GALP, designación de liquidadores e ratificación de expulsión de asociados, onde se require o voto de dous terzos da Asemblea. Respetaranse os límites establecidos no regulamento en relación á adopción de acordos (Regulamento 1303/2013 de disposicións comúns dos fondos. Art. 32).</p>
<b>Períodidade de reunións</b>	<p>Sesións ordinarias e extraordinarias. A sesión ordinaria convócase unha vez ao ano, dentro dos seis primeiros meses. As sesións extraordinarias poden ser convocadas por acordo da Xunta Directiva ou por petición dun 10% das entidades socias.</p>

### Xunta Directiva

<b>Composición</b>	<p>Dezasete persoas nomeadas pola Asemblea Xeral a proposta das mesas sectoriais. A distribución por sectores está estipulada da seguinte maneira:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• 8 representantes do sector pesqueiro, marisqueiro e/ou acuícola.</li> <li>• 3 representantes do sector público.</li> <li>• 3 representante do sector social.</li> <li>• 3 representante do sector económico.</li> </ul>
<b>Funcións</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aprobar a Estratexia de Desenvolvemento Local e as súas modificacións.</li> <li>• Realizar e executar accións de goberno e administración.</li> <li>• Resolver as cuestións que lle propoñan a Asemblea Xeral ou calquera entidade socia.</li> <li>• Promover a administración da asociación de conformidade cos Estatutos.</li> <li>• Nomeamento das persoas administradoras e representantes.</li> <li>• Propor dimisións, baixas ou suspensións a membros do GALP.</li> <li>• Expulsión de persoas asociadas.</li> <li>• Velar polo cumprimento das normas estatutarias e regulamentarias.</li> <li>• Resolver dúbidas sobre a interpretación das normas.</li> <li>• Presentar o informe económico financeiro anual, a conta xeral de ingresos e gastos, e informe anual de seguimento e avaliación do GALP.</li> <li>• Estudo, planificación e control das actividades económicas e financeiras.</li> <li>• Organizar e coordinar os traballos e responsabilidades dentro da asociación.</li> <li>• Planificar as actividades a desenvolver na organización.</li> <li>• Coñecer e aprobar, se procede, a memoria de actividades sociais realizadas.</li> <li>• Xestión de subvencións para a realización de proxectos no marco do FEMP.</li> <li>• Avaliación e elevación de propostas de resolución dos proxectos presentados.</li> <li>• Contratación de persoal.</li> <li>• Asesoramento á Presidencia.</li> <li>• Desenvolver cantas funcións non estean atribuídas a outros órganos sociais.</li> </ul>
<b>Sistema de voto</b>	Un voto por vogal.

<b>Adopción de acordos</b>	Maioría simple de votos de persoas asistentes á reunión. Respetaranse os límites establecidos no regulamento en relación á adopción de acordos (Regulamento 1303/2013 de disposicións comúns dos fondos. Art. 32).
<b>Períodicidade de reunións</b>	Sesións ordinarias e extraordinarias. As sesións ordinarias convócanse dúas veces ao ano. As sesións extraordinarias poden ser convocadas polo Presidente, ou solicitadas de maneira razonada por un membro da Xunta Directiva.

Presidencia	
<b>Composición</b>	Persoa elixida entre os representantes da Xunta Directiva.
<b>Funcións</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Representación legal da entidade.</li> <li>• Dirixir, coordinar e arbitrar os debates na Xunta Directiva e Asemblea Xeral.</li> <li>• Convocar e fixar a orde do día dos órganos sociais.</li> <li>• Ordenar os gastos e pagos da entidade.</li> <li>• Autorización mediante sinatura dos escritos e comunicacións.</li> <li>• Executar acordos sociais e realizar as encomendas da Xunta Directiva e Asemblea Xeral.</li> <li>• Visar as actas e vixiar a execución de acordos.</li> <li>• Subscrición de contratos en nome da asociación, outorgamento de poderes a terceiros, interpor reclamacións administrativas e ante a xurisdicción ordinaria e especiais, e aceptar donativos, legados e herdanzas e exercitar accións e propoñer excepcións.</li> <li>• Xefatura do cadro de persoal da entidade.</li> <li>• Comunicación permanente e relación coas Administracións Públicas en cantos asuntos sexan da competencia do GALP.</li> </ul>
<b>Elección</b>	Maioría simple das persoas que integran a Xunta Directiva.

### Vicepresidencia

<b>Composición</b>	Persoa elixida entre os representantes da Xunta Directiva.
<b>Funcións</b>	Realiza as funcións do presidente no caso de ausencia, enfermidade ou vacante e nas que nel delegue o presidente/a.
<b>Elección</b>	Maioría simple das persoas da Xunta Directiva.

### Secretaría

<b>Composición</b>	Persoa elixida entre os representantes da Xunta Directiva.
<b>Funcións</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actuar como tal en todas as reunións dos órganos sociais.</li> <li>• Custodiar os libros e documentos, excepto os de contabilidade, selos e o ficheiro da entidade.</li> <li>• Dirixir, organizar e coordinar o desenvolvemento administrativo da entidade.</li> <li>• Redactar e anotar nos libros correspondentes as actas dos órganos sociais, e expedir certificacións co visto bó da Presidencia.</li> <li>• Levar correspondencia ordinaria.</li> <li>• Levar o inventario de bens.</li> <li>• Levar o Libro de Asociados.</li> </ul>
<b>Elección</b>	Maioría simple das persoas da Xunta Directiva.

### Tesorería

<b>Composición</b>	Persoa elixida entre os representantes da Xunta Directiva.
<b>Funcións</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actuar como tal en todas as reunións dos órganos sociais.</li> <li>• Recadar os fondos da entidade, custodialos e investilos do modo que determine a Xunta Directiva.</li> <li>• Efectuar os pagos ordenados pola Presidencia.</li> <li>• Velar pola boa orde económica da entidade.</li> <li>• Dirixir e ordenar a contabilidade.</li> <li>• Confeccionar a conta xeral de ingresos e gastos, así como o orzamento anual de gastos e ingresos.</li> </ul>
<b>Elección</b>	Maioría simple das persoas da Xunta Directiva.

### Sobre as entidades socias.

Poden ser socias todas aquelas entidades asociativas e de representación de intereses colectivos, fundacións e outras entidades sen ánimo de lucro, administracións locais e entidades públicas dependentes destas, que desenvolvan a súa actividade dentro do ámbito territorial dos concellos que configuran a zona do Golfo Ártabro Sur, non permitindo a participación de persoas físicas ou xurídicas individuais con ánimo de lucro.

O GALP debe de estar constituído por entidades representativas dos seguintes sectores:

- Sector pesqueiro.
- Sector social.
- Sector económico.
- Sector público.

Cada unha das entidades que se asocien deben de pertencer a algún destes catro sectores.

Os criterios de representatividade serán avaliados pola Xunta Directiva, co fin de evitar a participación de entidades que non sexan representativas do territorio ben porque non teñan verdadeira implantación na zona ou porque non desenvolvan unha actividade permanente. Deste criterio estarían excluídas as entidades do sector público.

Figura 7. Procedemento para a adquisición da condición de socio/a.



Segundo os Estatutos os **dereitos** das persoas asociadas serán os seguintes:

- Participar nas actividades da asociación e nos órganos de goberno e representación, e exercer o dereito ao voto na Asemblea Xeral.
- Elixir e ser elixidas para formar parte da Xunta Directiva ou das comisións ou comités que se poidan crear.
- Votar, se procede, en Asemblea o balance do exercicio e o orzamento anual.
- Socilitar información sobre aspectos da marcha do GALP ou de aspectos que poidan ser de interese para esta.
- Os que resulten das normas legais aplicables e dos Estatutos do GALP, do regulamento de réxime internos ou dos acordos do órganos sociais.

Son obrigacións das persoas socias:

- Compartir as finalidades da asociación e colaborar para a súa consecución.
- Asistir ás asembleas xerais e acatar os acordos validamente adoptados polos órganos sociais.
- Ocupar os cargos para as que resulten elixidas e desempeñar fielmente as súas obrigacións.
- Desembolsar as cotas que se acorden.
- Participar e realizar cantas tarefas lle sexan encomendadas pola Asemblea Xeral, a Xunta Directiva ou outros espazos creados *ad hoc*.
- Cumprir os deberes que sexan establecidos a nivel estatutario ou regulamentario, e os acordos aos que se chegue na asociación.

A perda de condición de persoa socia pode derivar dos seguintes factores:

- Por decisión voluntaria da persoa asociada.
- Por incumprimento das súas obrigas ou a realización de accións que prexudiquen gravemente aos intereses da Asociación, previo expediente disciplinario.
- Pola extinción da personalidade xurídica, por perda de representatividade ou dos requisitos necesarios para a condición de asociado.
- Polo impago de cotas que se acorden en Asemblea Xeral.



### 8.1.1. Medidas de responsabilidade social corporativo do GALP

O GALP Golfo Ártabro Sur vai implementar medidas de Responsabilidade Social Corporativa para mellorar a xeración de sinerxías enre entidades e institucións do territorio. Entre estas medidas pódense sinalar as seguintes:

- A incorporación de socios promoverase activamente, en base á mellora dos procesos de comunicación e o desenvolvemento de accións de dinamización e divulgación. Estes procesos tamén afectarán a axentes externos á asociación para mellorar a súa proxección e significación no territorio.
- Difundir a innovación no territorio a través de boas prácticas e as posibilidades que nos dan as TIC'S e promovendo o *coaching*, *coworking*, e *networking*, en colaboración das Asociacións de Empresarios asociados ao GALP.
- Potenciar a difusión e preservación do patrimonio natural e cultural, a través da cooperación con outras entidades do Territorio como a Reserva da Biosfera As Mariñas Coruñesas e Terra do Mandeo da cal somos Socios.
- Mellorar a capacitación dos socios co obxectivo de que poidan acometer novas tarefas e responsabilidades dentro do GALP, e no exercicio das súas funcións nos órganos directivos.
- Traballar para igualdade de oportunidades e promover a participación de mulleres nos órganos executivos da entidade, así como potenciar e facer visible o traballo da muller do mundo do mar no noso territorio, apoiando a creación dunha asociación de mulleres do sector do mar no noso territorio.
- Mellorar os criterios de contratación e selección de provedores de bens e servizos, para que sexa máis transparente, e máis responsable a nivel social e medio ambiental. Terase en conta ás empresas sociais e centros especiais de emprego para a contratación de servizos.

A continuación explicitase o que se viña facendo ata o momento en cada unha das accións, e que é o que se pretende facer a partir de agora para mellorar a súa implementación.

**Mecanismos de participación que ten establecido a asociación candidata para os asociados**

**Que fai na actualidade:**

- Xornadas sectoriais, de formación e de intercambio de Experiencias.
- Facebook, Google+
- Blogue
- Mesas Sectoriais

**Ten previsto implantar:**

- Mecanismos on line de información dinámica (twitter).
- Almorzos de traballo multidisciplinares, con intervencións especializadas segundo a temática a abordar cunha duración máxima de 2 horas.
- Canal de YouTube

**Accións efectuadas para a incorporación de novos socios á asociación**

**Que fai na actualidade:**

- Apartado no blogue para adhesión de socios.
- Facebook

**Ten previsto implantar:**

- Actos e eventos de *networking* e confraternización.
- Colaboración con proxectos comunitarios.
- Envío de correos electrónicos personalizados a asociacións e entidades do territorio presentando o GALP.

### Mecanismos de participación que ten establecida a asociación candidata para os grupos de interese externo

#### Que fai na actualidade:

- Facebook.
- Blogue.
- Xornadas de participación pública.

#### Ten previsto implantar:

- *Newsletter* para dar información ás persoas, entidades e institucións interesadas
- Apartado de participación no blogue para propoñer ideas e proxectos.
- Información sobre actos e eventos organizados polos GALP.
- Difusión das súas iniciativas (emprendedores).
- Colaboración e relacións estratéxicas con outras entidades (públicas ou privadas) para crear sinerxías e proxección do mundo do mar.
- Almorzo de traballo en colaboración con asociacións de empresarios do territorio.
- Sinerxías con empresas e entidades externas para presentación proxectos conxuntos a convocatorias doutros fondos.

### Mecanismos para o intercambio de experiencias ou divulgación de boas prácticas en materia de emprendemento e innovación

#### Que fai na actualidade:

- Xornada de intercambio de experiencias e de boas prácticas e proxectos financiados polo GAC.
- Viaxes de estudo.
- Facebook.
- Blogue.

#### Ten previsto implantar:

- Canal de You Tube, para presentación de experiencias e proxectos.
- Almorzo de traballo con promotores e investigadores, coworking.
- Información sobre proxectos innovadores financiados polos GALP.
- Que se favorezan os proxectos que poidan ter carácter piloto e poidan implantarse noutras zonas.

### Mecanismos para a difusión das iniciativas innovadoras que teñen lugar no territorio

#### Que fai na actualidade:

- Xornada de intercambio de experiencias e de boas prácticas e proxectos financiados polo GAC.
- Viaxes de estudo.
- Facebook.
- Blogue.

#### Ten previsto implantar:

- Apartado no blogue de proxectos innovadores financiado polo GALP e outros GALP de Galicia, España e a nivel europeo.
- Promover seminarios e xornadas técnicas para promotores sobre iniciativas innovadoras no territorio.
- A través de artigos na prensa especializada e xeral.
- A través dun canal You Tube.
- Visita de intercambio de promotores a outros GALP's.
- Información sobre proxectos innovadores financiados polos GALP.
- Fomento das relacións con axentes de innovación (universidade, empresas tecnolóxicas especializadas no sector) a través de distintos espacios coworking e networking.

### Accións emprendidas para a difusión e preservación do patrimonio natural e cultural

#### Que fai na actualidade:

- Xornada de intercambio de experiencias e de boas prácticas e proxectos financiados polo GAC.
- Viaxes de estudo.
- Facebook.
- Blogue.

#### Ten previsto implantar:

- Promover un espazo web, onde se recolla todo o patrimonio natural, e cultural do territorio, en especial todo aquel relacionado coa toponimia, o patrimonio material e inmaterial relacionado co mundo mariñeiro e natural do noso litoral, a partir dunha ferramenta de participación pública.
- Preservación do medio ambiente (do mar e da costa) a través de actividades de concienciación medio ambiental, voluntariado, etc.

- Promover a participación multisectorial dende o arte, o audiovisual, as artes escénicas, musicais, etc. relacionadas co mundo mariñeiro.
- Colaboración e relacións estratéxicas con outras entidades (públicas ou privadas) para crear sinerxías e proxección dos LIC asociados ao mundo do mar.

#### Accións para favorecer a capacitación dos membros da Xunta Directiva

##### Que fai na actualidade:

- Xornada de intercambio de experiencias e de boas prácticas e proxectos financiados polo GAC, seminarios.
- Viaxes de estudo.
- Seminarios formativos

##### Ten previsto implantar:

- Xornada de intercambio de experiencias e de boas prácticas e proxectos financiados polo GALP.
- Seminarios formativos no que participen membros de Xuntas Directivas do GALP, xunto a membros doutros GALP de Galicia, España e Europa, con expertos de distintas materias.
- Viaxes de estudo.
- Seminarios formativos.
- *Networking e coworking* entre os membros da Xunta Directiva e expertos en diversas materias.

#### Mecanismos para favorecer o equilibrio entre homes e mulleres na Xunta Directiva

##### Que fai na actualidade:

- Promover a participación das mulleres na Xunta Directiva.

##### Ten previsto implantar:

- Promover unha asociación de mulleres do sector do mar.
- Promover a representación de mulleres das entidades do territorio, na Xunta Directiva do GALP, intentando chegar á paridade.
- Reunións en horarios compatibles coa vida familiar.
- Fomento positivo da participación de mulleres en idade de ser nais.

**Criterios de compra responsables para seleccionar os provedores de bens e servizos**

**Que fai na actualidade:**

- Elección de provedores en base a calidade/prezo do servizo o material prestado.
- Do ámbito territorial do GALP preferentemente, pero sen excluír aos de fóra do territorio.

**Ten previsto implantar:**

- Selección xusta e transparente dos provedores/as e establecemento dunhas condicións comerciais baseadas no beneficio mutuo que xere relacións estratéxicas de futuro.
- Ter un apartado no blogue da entidade onde as empresas poidan inscribir libremente o seus servizos ou produtos, para ter unha base de datos, que no momento necesario se poida solicitar os orzamentos ou presupostos, para a contratación de servizos ou compra de produtos. A maiores doutras medidas de publicidade, na páxina web oficial, e no seu caso en medios de comunicación.
- Elección de provedores medioambientalmente responsables, na medida do posible.
- Teranse en conta os Centros Especiais de Emprego e empresas de economía social do territorio na selección de provedores, na medida que se adapten aos servizos e actividades solicitados.



## 8.2. Procedementos de xestión do programa de axudas

### 8.2.1. Introducción

O GALP é un organismo que colabora na xestión do programa de axudas do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca. O programa de axudas é a principal ferramenta da que dispón o grupo para fortalecer o desenvolvemento da súa zona costeira, algo que debe facer respectando as condicións de acceso de todas as persoas e entidades ao financiamento. Isto é, débese respectar e garantir o principio de libre concorrência, tal e como establece a normativa reguladora en materia de subvencións e acceso ao financiamento público. Tamén é necesario establecer un procedemento claro que defina as regras de xogo á hora de ver que factores se teñen en conta para a concesión das subvencións.

O proceso para a selección de proxectos que optarán ao financiamento do FEMP, respectará e terá como referencia os principios básicos da “gobernanza” das entidades públicas, o marco institucional e xurídico do dereito aplicable (tanto comunitario coma nacional) e outra normativa vixente en materia de axudas e fondos públicos, ou ben normativa sectorial que lle afecte.

A aplicación do enfoque de DLP (Desenvolvemento Local Participativo) leva implícito un marco orzamentario, do cal vai a dispoñer o GALP neste período de programación (2014-2020) do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca. Este orzamento estrutúrase en dous apartados: os custos de xestión e os custos do programa de axudas.

Os custos de xestión son aqueles que están a disposición do GALP para afrontar o seu funcionamento como entidade colaboradora, na aplicación do programa de axudas do FEMP. Dentro destes temos que diferenciar:

- Os custos de explotación, que son os vinculados ao funcionamento do GALP (gastos correntes, de persoal, de formación, relacións públicas, gastos financeiros, gastos de supervisión e avaliación da estratexia, en relación á propia estratexia e ás operacións financiadas).
- Os custos de animación, son aqueles que pretenden poñer en valor ao propio GALP e a súa estratexia, facilitar a cooperación deste con outras entidades, ou facilitar o intercambio de información entre as entidades do territorio, co fin de que estas poidan presentar solicitudes que poidan optar a financiamento do programa de axudas.

Os custos do programas de axudas, son aqueles que están a disposición do GALP para implementar a estratexia local de desenvolvemento da zona pesqueira. O programa de axudas poderá contemplar financiamento para proxectos ou investimentos de carácter produtivo ou non produtivo.

- Os investimentos de carácter produtivo, son proxectos e actividades de carácter empresarial fundamentalmente, que teñen como obxectivo a xeración de beneficio económico para os seus promotores. Estes proxectos pretenden garantir unha suficiencia económica, para os seus promotores a longo prazo.
- Os investimentos de carácter non produtivo, son pola contra, actividades non lucrativas que perseguen a satisfacción do interese público ou a rendibilidade social. Pode que estean ligados a determinadas actividades económicas, pero non deben supor unha competencia dentro do mercado.

**Táboa 99. Distribución do orzamento do GALP en función da normativa de axudas.**

	CUSTOS DE XESTIÓN		APLICACIÓN DA EDLP	
	EXPLOTACIÓN	ANIMACIÓN	PRODUTIVOS	NON PRODUTIVOS
<b>Distribución do orzamento</b>	Máximo do 25%		Mínimo do 75%	
<b>Grao de financiamento</b>	100%		Ata 50% - 80%	Ata 50% - 100%

A axuda para os custos de explotación e animación non poderá superar o 25% do gasto público total que teña a disposición a estratexia, tal e como consta no Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 de decembro de 2013 polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca.

Cómpre indicar tamén que do montante total de orzamento que se dispoña para a aplicación da EDLP (programa de axudas), debe destinarse como mínimo o 65% ao financiamento de operacións ou proxectos de carácter produtivo.

O grao de financiamento de axuda máximo previsto para os proxectos de carácter produtivo será do 50% do gasto subvencionable da operación, porcentaxe que se poderá incrementar ata o 80%, no caso de operacións vinculadas á pesca costeira artesanal.

O grao de financiamento máximo para proxectos de carácter non produtivo será con carácter xeral do 50%. Poderá chegar ata o 100%, cando se cumpran unha serie de requisitos como que a operación teña interese colectivo, beneficiario colectivo ou ofrecer acceso público aos resultados.



**Táboa 100. Contía das axudas a investimentos produtivos e non produtivos.**

	PRODUTIVOS	NON PRODUTIVOS
Grao máximo de axuda do investimento subvencionable	50%	50%
Operacións vinculadas á pesca costeira artesanal	80%	---
Proxectos de confrarías, asociacións profesionais do sector pesqueiro, institucións, entidades sociais,... con interese colectivo, beneficiario colectivo e ofrecer acceso público aos seus resultados	80%	100%
Proxectos amparados no Regulamento UE 1407/2013 (minimis)	Máximo 200.000€ por promotor durante 3 exercicios fiscais	Máximo 150.000€ por promotor durante 3 exercicios fiscais

Para rematar, indicar que o procedemento para o desenvolvemento e selección de proxectos que imos a abordar, fará referencia exclusivamente ao programa de axudas, co cal o GALP tentará poñer en marcha a estratexia na súa zona pesqueira. A concorrencia competitiva á hora de presentar proxectos ás diferentes convocatorias de axuda, é o que motiva o establecemento dunha serie de criterios de selección, co obxectivo de escoller aqueles proxectos que máis se adapten aos obxectivos e retos da EDLP, como comentamos anteriormente.

### 8.2.2. Principios que orientan o funcionamento do GALP

O GALP é o responsable de aplicar o procedemento de selección de proxectos en función dunha serie de principios que definirán como actúa. O seu funcionamento, como entidade colaboradora na xestión de fondos públicos, terá como referencia a normativa existente que regula o funcionamento deste tipo de órganos públicos. En todo momento respectará tamén os contidos establecidos no seu ámbito estatutario ou normas regulamentarias ou instrucións que emanen por parte da administración competente.

Á hora de abordar o funcionamento ordinario no conxunto de actividades do Grupo, e por tanto na selección dos proxectos, o GALP debe tomar coma referencia os seguintes principios:

1. A igualdade e non discriminación na asignación dos fondos públicos. Todas as persoas concorrerán nas mesmas condicións ao procedemento, se ben a estratexia pode

primar que determinados colectivos sexan prioritarios, o cal se establecerá nos criterios de baremación dos proxectos. Un claro exemplo é o de reforzar a promoción de proxectos por parte de colectivos como o da mocidade, a muller, os colectivos marxinados ou con especiais dificultades de integración social, xa que entre os valores fundamentais do GALP figura o de garantir a cohesión social do territorio. Estes criterios estarán documentados e serán accesibles para potenciais promotores e a cidadanía en xeral.

2. A transparencia do gasto público. A definición duns criterios baremables obxectivamente e un procedemento claro e coñecido por todos os potenciais promotores, garantirán unha correcta decisión de que proxectos aprobar ou rexeitar. Tanto a resolución da concesión de axuda a proxectos como a súa denegación serán públicos, co obxectivo de favorecer a súa difusión, se ben respectarán en todo momento a normativa de protección de datos de carácter persoal en todo o relacionado coa información privada das persoas e entidades promotoras. Nos casos de denegación das iniciativas presentadas, indícaranse as causas que motivaron tal decisión. Terase como referencia e realizarase un cumprimento estrito da normativa relacionada en materia de subvencións.
3. A publicidade, vinculada ao principio anterior, garantirá o coñecemento por todas as persoas e entidades dos procedementos vinculados ao programa de axudas, pero tamén dos vinculados á contratación de persoas, gastos de animación, nos que incorra o grupo. Teranse en conta todas as disposicións regulamentarias nesta materia, que están recollidas no Regulamento 508/2014, no referente á información e comunicación. En concreto, ao establecido no Anexo V do citado regulamento, cando fala das operacións e medidas de información e publicidade dirixidas ao público e ás potenciais persoas beneficiarias. Tamén se terán en conta as medidas de publicidade relativas aos proxectos financiados.
4. procedemento evitará o conflito de intereses. As persoas que formen parte do órgano encargado da selección e aprobación dos proxectos asinarán unha declaración de ausencia de conflito de intereses , con carácter previo ás diferentes convocatorias de axuda. A respecto disto, cumprírase o establecido no Regulamento (UE, EURATOM) nº 966/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, de 25 do outubro de 2012, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión e polo que se derroga o Regulamento (CE, EURATOM) nº 1605/2002 do Consello . No caso de que unha persoa que forme parte do órgano responsable da decisión, manteña relación profesional ou interese persoal ou profesional coa potencial beneficiaria do proxecto, deberá indicalo mediante unha declaración por escrito no que xustifique tal relación. Esta declaración será incorporada á documentación do expediente, debendo en todo momento axeitarse ás disposicións establecidas no citado regulamento. A persoa que poda ter interese, deberá apartarse de dito procedemento en calquera das súas fases.

5. A eficacia é outro dos principios que o GALP terá presente, co obxectivo último de dar cumprimento aos fins que se formula na estratexia, mediante o cumprimento dos seus obxectivos, dunha maneira sistemática, ordenada e cuantificada.
6. A eficiencia do gasto público. Este principio debe terse presente non só no que respecta á aplicación da EDLP (programa de axudas), senón tamén no que respecta aos custos de xestión do programa. Para isto deberán solicitarse diferentes orzamentos, co obxectivo de comparar investimentos no caso de proxectos, ou das posibles actividades de animación que poida realizar o GALP. Teranse coma referencia prezos de mercado, polo cal, de existiren diferenzas notables, poderíase solicitar apoio técnico para facer unha valoración ou unha xustificación motivada do orzamento, sobre todo cando se estea a falar de investimentos dun determinado volume. Enténdese que a eficiencia é a realización dunha acción ao menor custe posible, mantendo os mesmos criterios de calidade do produto ou prestación do servizo.
7. Procurar o consenso á hora de tomar decisións. Malia a que estatutariamente se contemple unha regra de maiorías á hora de adoptar decisións, o GALP terá en conta as normas que eviten conflitos, intentando procurar que as decisións se adopten por consenso e non por maioría. Isto afondará na boa gobernanza do GALP e na mellora das relacións entre as entidades que o forman. Tanto a decisión por maioría, como os *quórum* necesarios para a súa adopción, respectarán o establecido no marco estatutario e regulamentario do grupo.

Ao marxe destes principios xerais tamén se terán en conta unha serie de factores que orientarán o funcionamento do grupo, reforzando o cumprimento dos anteriores principios, e que son:

1. A atención ao público, mediante a fixación dun horario e instalacións accesibles para o conxunto de público que demande información sobre o GALP, o programa de axudas ou calquera outra iniciativa que poida gardar relación co Grupo. Este factor determinará tamén o funcionamento do rexistro que dilixenciará a correspondente información traballada no Grupo.
2. Apoio, asesoramento e información ás potenciais persoas beneficiarias sobre as cuestións relacionadas coa subvencionalidade dos gastos dos proxectos para poder obter financiamento, a descrición dos requisitos de admisibilidade das solicitudes, os procedementos e prazos correspondentes para a presentación de axudas, os criterios de selección das operacións, os contactos que faciliten información sobre o Fondo, as condicións das axudas e o que implican en canto á súa xustificación, verificación, etc., ou incluso o feito de que a axuda implique a publicación dunha serie de factores que se conteñen na lista de operacións.

3. A tramitación dilixente do procedemento, dende o momento da súa presentación ata a súa remisión á Consellería do Mar, para a correspondente proposta de resolución.
4. A colaboración e cooperación permanente coa Consellería do Mar, en todos aqueles factores que teñan relación coa execución do Programa, con cambios ou transformacións na estrutura e réxime interno do GALP, ou coa posta en marcha de iniciativas conxuntas entre o GALP e a citada.

### 8.2.3. Criterios para evitar riscos durante a execución dos proxectos

Ao marxe das esixencias, as diferentes entidades e organismos, que establecen o Regulamento de Disposicións comúns do Fondos EIE (art. 125.4.c) e o Programa Operativo do FEMP e o propio Fondo, en relación á subvencionabilidade e condicionalidade das operacións que van a percibir axudas, o GALP debe asegurar unha correcta execución dos proxectos, para o cal debe ter unas pautas que axuden no seu seguimento.

Para abordar esta problemática formularanse unha serie de actuacións, nas que participará o GALP, relacionadas coa publicación das convocatorias, o rexistro adecuado das solicitudes, a avaliación dos criterios obxectivables e as comunicacións coas persoas ou entidades promotoras.

Seguindo a instrución ditada pola Consellería do Mar sobre este tema (instrución nº 6 relativa á declaración de ausencia de conflito de intereses no procedemento de selección de proxectos no marco das EDLP dos Grupos de Acción Local do Sector pesqueiro), deben realizarse as seguintes accións:

1. Cumprimentar as declaracións de ausencia de conflito de intereses, en función dos modelos normalizados para este fin. Este documento será entregado á persoa que instrúa o procedemento, a xerencia do GALP. Cómpre indicar que esta declaración pode afectar tanto á xunta directiva do GALP como ao seu equipo xestor.

Figura 8. Modelo de declaración de ausencia de conflicto de intereses.

The image shows two versions of a declaration form. The left version is titled 'Anexo 31' and the right version is titled 'Anexo 32'. Both forms are for the 'XUNTA DE GALICIA' and 'CONSELLERÍA DO MAR' (Directorate General of Maritime Affairs). They include logos for the Xunta de Galicia, GALP, and the European Union. The forms contain sections for 'Declaración de ausencia de conflito de intereses', 'Declaro que coñece o artigo 57 do Regulamento Financeiro (Regulamento (UE) nº 966/2012), que reza como segue:', and 'Declaro polo presente documento que, ao meu leal saber, no teño conflito de intereses con respecto aos operadores que presentaron a solicitude para participar neste procedemento.' There are also sections for 'Declaro, ao meu leal saber e entender, que non existen feitos ou circunstancias, pasados ou presentes, ou que podan existir nun futuro previsible, que puidesen poñer en cuestión a miña independencia á vista de calquera das partes.' and 'Antes de asinar asino a meu 'fido e aceptado''.

- Entenderase que existe conflito de interese cando o exercicio imparcial e obxectivo das funcións da Xunta Directiva ou persoal vinculado ao procedemento á hora de decidir sobre a concesión de axudas, se vexa comprometido por razóns familiares, afectivas, de afinidade política, interese económico ou outros motivos que poidan perturbar a decisións (en consonancia co establecido no art. 57 do Regulamento UE nº 966/2012 e normas da lexislación española vixente).
- Recompilación de declaracións de ausencia de conflito de intereses. A xerencia do GALP, requirirá de cada persoa participante no proceso de selección de operacións financiadas, as correspondentes declaracións de ausencia de conflito de intereses. Os membros da Xunta Directiva asinarán antes de realizar a proposta definitiva dos proxectos. A xerencia e o persoal técnico serán as últimas persoas en asinar ditos documentos. No caso de que a xerencia incorra en suposto conflito, trasladarase este feito á presidencia do GALP, co fin de que a persoa de maior nivel do equipo técnico, supla a este nas súas funcións.
- Tratamento e supervisión das declaracións. O GALP levará un rexistro destas declaracións asociándoas ás correspondentes convocatorias do procedemento. A

supervisión do procedemento de declaracións e a responsabilidade de manter actualizados os rexistros deberá encargarse a unha persoa que non este directamente implicada na selección de proxectos.

5. No caso de detectarse ou declararse a existencia do conflito de intereses, en calquera momento do procedemento, deberán adoptarse medidas que salvagarden a obxectividade e transparencia do proceso, notificando con carácter inmediato ao correspondente servizo da Consellería competente este feito. Todas as medidas que se adopten a este respecto, deberán estar documentadas de maneira fehaciente.
6. Con carácter posterior, o organismo intermedio de xestión poderá realizar controis para verificar que se cumpre este aspecto, tendo en conta información externa, realizando controis aleatorios ou mediante comprobacións baseadas en análises de riscos ou bandeiras vermellas.

#### 8.2.4. Procedemento de selección de proxectos

A Guía para a elaboración das estratexias de desenvolvemento local das zonas pesqueiras, publicada pola Consellería do Mar, contén unha serie de criterios orientativos para a baremación dos proxectos, tanto de natureza produtiva, coma non produtiva. Estes criterios estarán supeditados ás posibles normas que se poidan aprobar co motivo da convocatoria das diferentes ordes de axuda reguladoras nesta materia. Calquera variación neste sentido, deberá ser aprobada polo GALP, mediante a adopción do correspondente acordo nos seus órganos sociais.

A selección dos proxectos será competencia da Xunta Directiva do GALP, estando asesorada pola xerencia do grupo, a cal terá voz, pero non capacidade de voto.

O procedemento de selección dos proxectos que obterán financiamento a través da aplicación da estratexia, será similar, se ben variarán os criterios de valoración en función da tipoloxía dos proxectos.

O proceso constará dos seguintes pasos:

1. Convocatoria de ordes de axuda para o financiamento de proxectos. En función dos prazos e forma que se estipulen para a presentación dos proxectos, recolleranse as solicitudes de axuda para que o órgano decisor poida resolver a súa proposta de lista de proxectos a financiar. Teranse en conta os requirimentos que se establezan na correspondente orde de axudas, sobre todo no que afecta aos requisitos que deben cumprir as entidades ou persoas solicitantes: ter o domicilio social no ámbito territorial do GALP, desenvolver o proxecto no mesmo ámbito territorial, estar ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa seguridade social, non recibir outra axuda de fondos comunitarios para o mesmo investimento, non estar incurso en supostos de

incompatibilidade en función da normativa de subvencións, non ser unha empresa en crise, ou ben, cumprir os requisitos de ser unha peme<sup>5</sup>.

2. Recepción de solicitudes. O GALP recibirá as correspondentes solicitudes nos modelos normalizados, as cales incluírán toda a documentación pertinente que se requira en función da natureza do proxecto. A documentación achegada soportará a valoración que se faga en función dos criterios de valoración, que serán previamente definidos. Toda a información que se presente no GALP, será rexistrada correctamente, recollendo nos asentos que se realicen no seu rexistro todos os contidos mínimos que aseguren a transparencia do proceso (número de asento, datas de ingreso/saída, extracto do contido, etc.). A información do proceso será custodiada por un período mínimo de cinco anos, dende a finalización do programa. Unha vez recibidas as solicitudes e visto que cumpren os requisitos mínimos das mesmas, o equipo técnico realiza a comprobación *in situ* de que as actuacións para as que solicita a axuda non foron iniciadas emitindo a correspondente “acta de non inicio”.
3. Subsanación de solicitudes. Advertidos erros ou omisións nas solicitudes, poranse en coñecemento da entidade ou persoa promotora, coa finalidade de proceder á súa subsanación, establecendo a tal efecto un prazo determinado. De non responder en prazo, procederase á valoración coa información inicial ou ben ao arquivo da solicitude, entendendo que a promotora desiste do procedemento.
4. Exame e valoración das solicitudes. Unha vez pechado o proceso de recepción de solicitudes, o equipo técnico procederá á súa avaliación, elaborando unha proposta provisional que lle trasladará á Xunta Directiva. Posteriormente esta procederá á súa revisión e, no caso de ser necesario, o equipo técnico aclarará calquera dúbida sobre a solicitude ou a aplicación dos criterios de valoración.
5. A continuación, a Xunta Directiva emitirá unha proposta definitiva de proxectos obxecto de financiación, que lle trasladará á Consellería do Mar. Ao mesmo tempo, publicarase no taboleiro de anuncios do GALP a “Proposta de resolución definitiva da Xunta Directiva”, cos proxectos susceptibles de obter subvención por orde de puntuación acadada nos criterios de avaliación e diferenciando os proxectos produtivos dos non produtivos. Nesta proposta incídese no seu carácter provisional, o cal non crea ningún dereito a favor das persoas ou entidades solicitantes. A proposta elévase á Consellería do Mar da Xunta de Galicia, como órgano competente, por delegación, para a resolución da concesión das axudas para proxectos ao abeiro da Orde de Bases pertinente.

---


<sup>5</sup> O Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, de 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado, define que as pemes serán empresas que ocupen a menos de 250 persoas e cuxo volume de negocio anual non exceda de 50 millóns de euros, ou cuxo balance xeral anual non exceda de 43 millóns de euros.

6. A resolución definitiva da concesión de axudas será competencia da Consellería do Mar, a cal comprobará a elixibilidade dos gastos así como que a documentación e a solicitude se axuste ao procedemento de concesión das axudas. A decisión final será comunicada ás persoas promotoras. A resolución desfavorable non imposibilitará que a persoa ou entidade promotora poida reformular a solicitude e volver a concorrer en novas convocatorias de axuda.
7. Aceptación da axuda. A persoa ou entidade promotora, recibirá a comunicación da aprobación da axuda. Esta poderá expresar a aceptación/non aceptación da axuda á Consellería, mediante o escrito que reciba. De non facelo enténdese que aceptaría a axuda. A renuncia ao procedemento implicaría o arquivo da solicitude.
8. Execución do proxecto e xustificación. Unha vez que se acepte a axuda a persoa ou entidade promotora deberá poñer en marcha o proxecto xustificando de maneira dilixente os gastos nos que incorreu ao obxecto de comprobar a súa veracidade.
9. Certificación do GALP. Tanto o equipo técnico do Grupo como o Servizo de Auditoría externa, emitirán as correspondentes certificacións dos gastos acometidos pola entidade ou persoa promotora, que serán trasladadas á Consellería do Mar, para que as revise e proceda ao pagamento da subvención.
10. Pagamento da subvención. Será competencia da Consellería do Mar, a realización efectiva do pagamento da axuda, na conta designada a tal efecto por parte da persoa ou entidade promotora.
11. Por último, o GALP realizará controis periódicos dos proxectos financiados, en base a unha selección aleatoria dos mesmos, verificando que cumpre cos requisitos da súa concesión, e todos aqueles termos que se indiquen no seu momento por instrución do órgano competente da Consellería do Mar.

Todas as reunións da Xunta Directiva estarán documentadas coas correspondentes actas, reflectíndose nas mesmas todas as persoas participantes, as decisións ou acordos adoptados e os motivos de conflito de intereses, de existiren.



Figura 9. Diagrama do proceso de axudas.



## 8.2.5. Criterios de valoración dos proxectos

Os criterios de valoración dos proxectos diferéncianse en función da súa tipoloxía entre produtivos e non produtivos. O FEMP e as súas normas de desenvolvemento establecen una serie de límites de axuda que non se poderán superar, en termos cuantitativos e porcentuais, que se complementan cos límites que se establecen a nivel da estratexia.

**Táboa 101. Límites de axuda.**

	APLICACIÓN DA EDLP	
	PRODUTIVOS	NON PRODUTIVOS
<b>Importe máximo de axuda</b>	Sen límite*	150.000€
<b>% máximo de axuda</b>	50% - 80%	50 - 100%

\*Os proxectos suxeitos ao regulamento UE nº 1407/2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do tratado ás axudas de *mínimis* terá como límite os 200.000€.

Cómpre indicar que estes límites e o financiamento das operacións estarán supeditados ás condicións que establece o regulamento de disposicións comúns (RDC 1303/2013) en relación á subvencionabilidade do gasto e a súa durabilidade (art. 65 e seguintes). Respetaranse as disposicións establecidas no regulamento do FEMP, en relación á determinación das porcentaxes de cofinanciación (Art 94 e seguintes). Por outra banda, tamén se terá en conta o establecido no Regulamento 1407/2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do tratado ás axudas de *mínimis*.

A regra xeral implicará un tope de financiamento do 50%. Malia todo, teranse en consideración as seguintes excepcións á hora de determinar o grao de financiamento dos proxectos.

En relación aos proxectos produtivos:

- A porcentaxe de axuda máxima para este tipo de proxectos ascenderá ao 50% do gasto subvencionable total da operación.
- No caso de operacións vinculadas á pesca costeira artesanal a axuda poderá incrementarse ata o 80%.
- No caso de confrarías de pescadores ou asociacións profesionais do sector pesqueiro, ou asociacións integradas por ditas entidades, a porcentaxe de axuda non superará o 80%, cando a operación responda aos seguintes criterios: interese ou beneficiario colectivo ou ofrecer acceso público aos seus resultados.
- Os proxectos produtivos que se amparen no Regulamento UE nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado

ás axudas de *mínimis* (D.O. L532 do 24/12/2013), aplicaranse as porcentaxe anteriores e limitaranse a un máximo de 200.000€ por promotor durante un período de tres exercicios fiscais.

- No caso de proxectos vinculados ás medidas incluídas nos capítulos I, II e IV do título V do Regulamento do FEMP, agás os artigos 66 e 67, debe de xustificarse claramente a súa xestión a escala local. Cando se conceda axuda para estes proxectos respectaranse os criterios establecidos para as medidas en cuestión.

En relación aos proxectos non produtivos:

- A porcentaxe de axuda máxima para este tipo de proxectos ascenderá ao 50% do gasto subvencionable total da operación.
- A porcentaxe de financiamento poderá ser do 100% cando o proxecto teña interese colectivo, sexa un beneficiario colectivo ou se ofrezca acceso público aos seus resultados.
- Os proxectos produtivos que se amparen no Regulamento UE nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado ás axudas de *mínimis* (D.O. L532 do 24/12/2013), aplicaranse as porcentaxes anteriores e limitaranse a un máximo de 200.000€ por promotor durante un período de tres exercicios fiscais.

A selección de proxectos priorizarase en función da puntuación máis elevada que se obteña en relación a unha serie de criterios. Os mesmos agrúpanse en dous bloques:

- Bloque I: criterios excluíntes
- Bloque II: criterios de valoración

Antes de iniciar a clasificación dos criterios, pola tipoloxía de proxectos, cómpre falar do Bloque I, que son os criterios excluíntes. Estes son unha serie de factores que van a afectar a todos os proxectos e que son criterios que é necesario cumprir tanto no caso dos proxectos produtivos coma dos non produtivos: a viabilidade técnica, a viabilidade económica e financeira, a coherencia do proxecto coa EDLP, a ubicación do proxecto no territorio, e a adecuación á normativa sectorial.

1. **Viabilidade técnica.** A solicitude de admisión do proxecto virá acompañada dunha documentación que acredite a solvencia do proxecto dende o punto de vista técnico. Terase en conta a experiencia da persoa ou entidade que promove o proxecto na posta en marcha de iniciativas semellantes, os medios humanos e físicos dos que vai a dispor ou a coherencia do proxecto para a súa posta en marcha. Para acreditar a viabilidade terase en conta información procedente do Plan de Empresa ou Plan de

Xestión, ou ben outros documentos, anteprojectos, ou memorias de carácter técnico, nos cales conste a posibilidade de poder executar a iniciativa respectando os requirimentos dende o punto de vista normativo (urbanístico, ambiental,...). Este criterio é excluín-te, polo cal se requirirá unha puntuación mínima.

2. **Viabilidade económica e financeira.** Revisaranse os criterios de viabilidade económica e financeira, analizando conceptos como a taxa interna de rendibilidade (TIR), o valor actual neto (VAN), a rendibilidade económica e financeira. Estes conceptos analizaranse tendo en conta a documentación que se presente, entre eles as contas previsionais para 5 anos (contas de perdas e ganancias e balances previsionais), así como, aquelas certificacións bancarias, certificados de entidades ou institucións ou declaracións persoais que poidan acreditar a solvencia financeira da persoa ou entidade promotora. Para analizar a viabilidade do proxecto usarase a información que conste no Plan de Empresa. Para poder acceder ao financiamento do FEMP requirirase unha puntuación mínima, que de non acadarse implicaría a desestimación do proxecto. É necesario puntualizar que no caso dos proxectos non produtivos só se terá en conta a viabilidade financeira do proxecto, podéndoa acreditar co correspondente certificado bancario, ou certificado emitido pola correspondente entidade ou institución que solicite o proxecto.
3. **Coherencia do proxecto coa EDLP.** A principal finalidade que figure no proxecto deberá adecuarse aos obxectivos establecidos no Plan de Acción da estratexia, e por tanto, no FEMP. Este criterio é excluín-te polo que se requirirá unha puntuación mínima para que o proxecto obteña financiamento. Terase en conta a coherencia do proxecto en relación ás necesidades e debilidades diagnosticadas no territorio e en relación ás potencialidades ou oportunidades, que se formularon á hora de realizar o diagnóstico (DAFO). Tamén se verá o seu grao de adaptación aos retos e obxectivos que se definiron na estratexia, así como o reforzo das actividades ou empregabilidade de recursos da zona, a súa horizontalidade, entre outros.
4. **A ubicación no territorio do GALP.** Os proxectos deben estar localizados no ámbito territorial que abrangue o GALP, é dicir, que a entidade ou persoa solicitante teña o seu domicilio social ou estea empadroada en calquera dos concellos que pertenza ao GALP. Hai que indicar que no caso de municipios densamente poboados, como o de A Coruña, só poderán optar a financiamento do programa os integrantes do sector pesqueiro e as súas familias, segundo o establecido a nivel normativo. Os proxectos deben desenvolverse no mesmo ámbito territorial.
5. **Cumprimento da normativa sectorial.** Os proxectos deben de axustarse á normativa sectorial que lles resulte de aplicación, sexa de carácter local, autonómica, estatal ou comunitaria.

Este dous últimos criterios non puntuarían nos baremos, xa que serían causas de non admisibilidade dos propios proxectos en caso de non seren cumpridos.

Táboa 102. Criterios excluíntes na valoración dos proxectos.

PUNTUACIÓNS SOBRE OS CRITERIOS EXCLUÍNTES				
CRITERIOS	PRODUTIVOS		NON PRODUTIVOS	
	MÍNIMA	MÁXIMA	MIÑIMA	MÁXIMA
<b>Viabilidade técnica</b>	3	5	5	5
<b>Viabilidade económica</b>	2	5	-	-
<b>Viabilidade financeira</b>	2	5	2	5
<b>Coherencia coa EDLP</b>	3	5	3	5
<b>PUNTUACIÓN TOTAL</b>	10	20	10	15

A continuación pasamos ao Bloque II, que aborda os criterios de valoración en función da tipoloxía de proxectos, proxectos produtivos e non produtivos.

### Criterios de valoración para proxectos produtivos

Os criterios de valoración dos proxectos produtivos fan referencia ás características do territorio onde se promove o proxecto, ás características da persoa ou entidade promotora, á incidencia sobre a creación de emprego, á influencia de determinados factores do territorio e a aspectos relacionados con diferentes factores vinculados aos proxectos. A continuación desglosamos cada un dos criterios, establecendo a puntuación máxima que poden obter.

#### 1. Características do territorio onde se promove o proxecto.

Este criterio proporcionará como máximo unha puntuación de 10 puntos. No caso de que un proxecto afecte de maneira directa a varios concellos ou núcleos de poboación, empregárase o criterio máis favorable como regra xeral. Este matiz aplicarase a todo tipo de proxectos. Os criterios que se terán en conta son indicadores económicos, demográficos e de emprego dos concellos. Estes criterios poderán actualizarse bianualmente, a consideración do GALP, se ben o seu cambio comportará a necesidade de publicar e informar sobre os novos criterios.

<b>1.1 Características económicas do concello onde se promove o proxecto</b>		
<b>O criterio de referencia para facer a valoración será o Indicador Municipal de Renda dos Fogares (IMRF) do ano 2009 publicado polo Instituto Galego de Estatística (IGE).</b>		
<b>CRITERIO</b>	<b>CONCELLOS</b>	<b>PUNTUACIÓN MÁXIMA</b>
<b>Menor de 120</b>	Arteixo, Cambre, Sada, Culleredo e Bergondo	5
<b>Maior de 120</b>	A Coruña, Oleiros	4
<b>Puntuación máxima neste apartado</b>		<b>5</b>

<b>1.2 Características demográficas do concello onde se promove o proxecto</b>		
<b>O criterio de referencia para facer a valoración será o Índice de envellecemento da poboación do ano 2015 publicado polo Instituto Galego de Estatística (IGE).</b>		
<b>CRITERIO</b>	<b>CONCELLOS</b>	<b>PUNTUACIÓN MÁXIMA</b>
<b>Máis de 150</b>	Bergondo	4
<b>Entre 121-150</b>	Sada e A Coruña	3
<b>Entre 91-120</b>	Oleiros	2
<b>Entre 61-90</b>	Culleredo, Arteixo e Cambre	1
<b>Puntuación máxima neste apartado</b>		<b>4</b>

<b>1.3 Características laborais do concello onde se promove o proxecto</b>		
<b>O criterio de referencia para facer a valoración será a porcentaxe de paro rexistrado sobre a poboación de 16 a 64 anos, publicado polo Instituto Galego de Estatística (IGE) en 2015.</b>		
<b>CRITERIO</b>	<b>CONCELLOS</b>	<b>PUNTUACIÓN MÁXIMA</b>
<b>Entre 12,1% e 14%</b>	Arteixo, A Coruña, Culleredo	3
<b>Entre 10,1% e 12%</b>	Sada, Bergondo, Cambre	2
<b>Igual ou menor 10%</b>	Oleiros	1
<b>Puntuación máxima neste apartado</b>		<b>3</b>

## 2. Características da persoa ou entidade promotora.

Este criterio proporcionará como máximo 10 puntos. Teranse en conta as características das persoas ou entidades promotoras priorizando en función das mesmas, co obxectivo de favorecer unha maior integración e cohesión social no territorio. Diferenciaremos se o proxecto é presentado por unha persoa física ou xurídica, tendo en consideración a súa pertenza ao sector pesqueiro (traballar ou desenvolver actividade profesional no mesmo). Unha das prioridades a maiores, á que se tentará dar resposta e priorizar, é a da promoción da igualdade e o reforzo da cohesión social nos territorios. Para isto preténdese favorecer a integración de determinados colectivos que por diferentes razóns teñen máis dificultades á hora de acceder ao emprego ou á hora de promover iniciativas. Estes colectivos desfavorecidos, que van a ser priorizados á hora de baremar os proxectos, son:

- Mulleres.
- Persoas con idade inferior a 55 anos, en demanda activa de emprego ou que queiran emprender un negocio como saída ao desemprego.
- Persoas maiores de 55 anos.
- Persoas paradas de longa duración, entendendo por tales aquelas que por un período superior a 12 meses se atopen inscritas en procura de emprego nos servizos de emprego estatais, independentemente do perfil de idade ou profesional que acredite.
- Persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%.
- Persoa inmigrante ou emigrante retornada, que acredite tal situación.
- Persoas con dificultades de integración social: perceptores de Risga, presos, toxicómanos, etc.
- Persoas en risco de exclusión social: pobreza, vulnerabilidade ou marxinación, que acrediten tal situación.

### 2.1. Proxectos promovidos por persoas físicas

**O criterio de referencia para facer a valoración é o de que a persoa ou entidade promotora pertenza ao sector pesqueiro, o xénero, a idade, a situación persoal ou social e laboral.**

CRITERIOS	PUNTUACIÓN MÁXIMA
2.1.1. Persoa/entidade de alta no sector pesqueiro.	10
2.1.2. Persoa/entidade doutros sectores diferentes do anterior, que tente poñer en marcha negocios que poñan en valor os recursos/productos pesqueiros, as actividades ou o patrimonio pesqueiro.	8
2.1.3. Mulleres.	5
2.1.4. Persoa con idade inferior aos 55 anos en demanda de emprego ou emprendedora de negocio.	5
2.1.5. Persoa con discapacidade igual ou superior ao 33%.	5
2.1.6. Persoa con problemas de integración social ou en risco de exclusión.	5

2.1.7. Persoa parada de longa duración.	5
2.1.8. Inmigrante, emigrante retornado ou persoa maior de 55 anos.	5
<b>Puntuación máxima neste apartado</b>	<b>10</b>

<b>2.2. Proxectos promovidos por persoas xurídicas</b>	
<b>O criterio de referencia para facer a valoración é o de pertencer ao sector pesqueiro, ser unha entidade de economía social, que a entidade estea composta por persoas dos citados colectivos desfavorecidos, e tamén outro tipo de entidades.</b>	
<b>CRITERIOS</b>	<b>PUNTUACIÓN MÁXIMA</b>
2.2.1. Persoas xurídicas vinculadas ao sector sector pesqueiro.	10
2.2.2. Persoas xurídicas con proxectos ou actividades que poñan en valor os recursos/productos pesqueiros, as actividades ou o patrimonio pesqueiro.	8
2.2.3. Entidades públicas locais con proxectos dirixidos á comunidade pesqueira ou beneficiosos para o sector.	6
2.2.4. Empresa de economía social: cooperativas, sociedades laborais, empresas de inserción social, centros especiais de emprego, SAT,...	7
2.2.5. Empresa constituída por colectivos desfavorecidos (máis do 25% das persoas socias): mulleres, mozos e mozas, maiores de 55 anos, persoas discapacitadas ou con problemas de integración social ou en risco de exclusión, emigrantes, retornados.	7
2.2.6. Outro tipo de entidades non contempladas nos apartados anteriores.	7
<b>Puntuación máxima neste apartado</b>	<b>10</b>

### **3. Incidencia sobre a creación de emprego.**

Este criterio proporcionará como máximo 20 puntos. A creación de emprego, xunto coa cohesión social das zonas pesqueiras, é a principal finalidade que pretende abordar o FEMP. Os principais factores que determinarán a puntuación neste apartado son: que constitúan novos postos de traballo ou ben que supoña a consolidación de empregos xa existentes. Para o cálculo deste factor terase en conta o emprego neto xerado, facendo referencia ás unidades de traballo anual (UTA). Cómpre indicar que neste apartado se terá en conta a contía do proxecto, primando na valoración os proxectos de menor contía, fronte ao mesmo número de empregos xerados ou consolidados nos proxectos de maior contía.



<b>3.1. Incidencia sobre as características e o número de empregos creados</b>	
<b>O criterio de referencia para facer a valoración é o do número de empregos que se xeran no sector pesqueiro ou noutros sectores, ou a creación de emprego dos colectivos desfavorecidos.</b>	
<b>CRITERIOS</b>	<b>PUNTUACIÓN MÁXIMA</b>
<b>3.1.1. Creación do emprego neto en actividades vinculadas ao sector pesqueiro (2 puntos por emprego xerado ou a parte proporcional correspondente).</b>	10
<b>3.1.2. Creación do emprego neto (2 puntos por emprego xerado ou a parte proporcional correspondente).</b>	8
<b>3.1.3. Creación de emprego de colectivos desfavorecidos (1 puntos por emprego xerado ou a parte proporcional correspondente).</b>	4
<b>Puntuación máxima neste apartado</b>	<b>15</b>

<b>3.2. Incidencia do emprego xerado ou consolidado en función do importe do investimento realizado</b>	
<b>O criterio de referencia para facer a valoración é o emprego creado/consolidado por cada 25.000€ de investimento. O coeficiente que se aplica é: número de empregos xerados/investimento aceptado*25.000.</b>	
<b>Tanto na creación como na consolidación de emprego, terase como referencia as UTA (unidade de traballo anual) ou fracción de UTA, isto é, 1 emprego supón traballar a tempo completo durante todo o ano; de traballar a tempo parcial ou parte do ano contarase a fracción de UTA que corresponda. Só se puntuará cando se supere un mínimo de 0,25 UTAS.</b>	
<b>3.2.1 COEFICIENTE DE CREACIÓN DE EMPREGO</b>	<b>PUNTUACIÓN MÁXIMA</b>
<b>Maior ou igual a 4</b>	5
<b>De 3 a 4 (3&lt;= C &lt;4)</b>	4
<b>De 2 a 3 (2&lt;= C &lt;3)</b>	3
<b>De 1 a 2 (1&lt;= C &lt;2)</b>	2
<b>De 0 a 1 (0&lt; C &lt;1)</b>	1
<b>3.2.2 COEFICIENTE CONSOLIDACIÓN DE EMPREGO</b>	<b>PUNTUACIÓN MÁXIMA</b>
<b>Maior ou igual a 5 (5&lt;= M)</b>	5
<b>De 3 a 5 (3&lt;= M &lt;5)</b>	4
<b>De 0 a 3 (1&lt;= M &lt;3)</b>	3
<b>Puntuación máxima neste apartado</b>	<b>5</b>

#### 4. Incidencia sobre diferentes factores do territorio

Este criterio proporcionará como máximo 20 puntos. Teranse en conta factores como a incidencia en aspectos estratéxicos para a economía local, a súa incidencia medioambiental, a utilización e enerxías renovables ou a mellora da eficiencia enerxética.

<b>4.1. Incidencia sobre as aspectos estratéxicos para o territorio.</b>	
O criterio de referencia para facer a valoración é que o obxectivo xeral do proxecto estea relacionado cunha serie de factores que son considerados como “clave” para o desenvolvemento sostible do territorio. Terase en conta como referencia a relación directa do obxectivo xeral do proxecto cos seguintes factores:	
CRITERIOS	PUNTUACIÓN MÁXIMA
4.1.1. Uso sostible dos recursos, preservación, conservación e valorización dos recursos endóxenos do territorio e mellora ambiental.	10
4.1.2. Aproveitamento, preservación e valorización dos recursos pesqueiros, melloras nas condicións laborais do sector, innovacións no sector.	10
4.1.3 Aproveitamento do patrimonio cultural material e inmaterial vinculado ao mar (carpintería de ribeira, tradicións, oficios artesanais, etc.).	8
4.1.4 Iniciativas de turismo mariñeiro, turismo náutico, e actividades de lecer relacionadas co litoral.	8
<b>Puntuación máxima neste apartado</b>	<b>10</b>

<b>4.2. Incidencia sobre aspectos medioambientais.</b>	
O criterio de referencia para valorar é o impacto que pode xerar o proxecto na redución da pegada de carbono e emisións contaminantes, reducindo o impacto ambiental no territorio.	
CRITERIOS	PUNTUACIÓN MÁXIMA
4.2.1. Incidencia na adopción de medidas de mellora da calidade das augas e xestión eficiente da auga e os recursos hídricos.	5
4.2.2. O promotor dispón de certificacións de xestión medioambiental ou comprométese á súa obtención.	5
4.2.3. Adopción de prácticas medioambientalmente sostibles reguladas en diferentes normativas ou manuais.	5
4.2.4. O proxecto implica una redución, reutilización ou reciclaxe de residuos no territorio (diferentes aos esixidos por lei).	5
4.2.5. Actividades molestas en solo industrial.	4
<b>Puntuación máxima neste apartado</b>	<b>5</b>

#### 4.3. Incidencia na mitigación e adaptación ao cambio climático e transición a unha economía de baixas emisións de carbono

O criterio de referencia incide en accións concretas relacionadas coa mellora da eficiencia ou o aproveitamento enerxético ou utilización de enerxías renovables.

CRITERIOS	PUNTUACIÓN MÁXIMA
4.3.1. Utilización de enerxías renovables.	5
4.3.2. Adquisición, utilización ou reformas de equipos, equipamentos, etc. ou instalacións, reformas que melloren a eficiencia enerxética.	5
4.3.3. O proxecto implica a investigación relacionada cos aproveitamentos enerxéticos (enerxía maremotriz, biocombustibles mariños,...).	5
Puntuación máxima neste apartado	5

### 5. Aspectos relacionados coas características do proxecto

Este criterio proporcionará un máximo de 20 puntos. Este grupo de factores fai referencia a diferentes aspectos relacionados coas características e a natureza do proxecto que se vai a poñer en marcha. Valorarase a súa capacidade de innovación, o seu carácter integrador e a súa capacidade de transferencia

#### 5.1. Carácter innovador do proxecto

O carácter innovador non implica só as innovacións tecnolóxicas, senón tamén aquelas transformacións que se dan en relación á maneira de facer as cousas, isto é, nos procesos. O criterio incide no carácter novidoso do proxecto: que o proxecto sexa unha actividade innovadora ou inexistente no territorio; que implique unha innovación ou integración de TIC na cadea vertical da pesca ou noutros sectores estratéxicos da economía local; ou que supoña unha innovación nas prácticas e condicións de traballo e seguridade da poboación pesqueira.

CRITERIOS	PUNTUACIÓN MÁXIMA
5.1.1. Actividade innovadora ou inexistente no concello onde se promova o proxecto. Xuntarase informe de IAE do concello ou entidade competente.	10
5.1.2 Innovación ou incorporación de TIC na cadea vertical da pesca, novos produtos, servizos, aproveitamentos, tratamentos ou novas actividades.	10
5.1.3 Innovación en materia de prácticas, seguridade, saúde e hixiene no traballo da pesca.	10
5.1.4. Incorporación ou innovación de TIC noutros sectores.	7
Puntuación máxima neste apartado	10

**5.2. Carácter integrado do proxecto**

Este apartado centraríase en valorar a capacidade que ten o proxecto para integrar vertical ou horizontalmente a actividade do sector pesqueiro (conexión da produción – valorización - transformación – comercialización) ou doutros sectores. Tamén a capacidade para fomentar estratexias de cooperación e colaboración con outras entidades como centros de investigación, formación, universidades,... Por último ver se o proxecto recolle a conexión entre a zona desfavorecida onde se promove e a súa conexión cara un mercado potencial ou incipiente, ou mercados de proximidade.

CRITERIOS	PUNTUACIÓN MÁXIMA
5.2.1. Integra vertical ou horizontalmente actividades do sector pesqueiro.	5
5.2.2. Integra vertical ou horizontalmente actividades doutros sectores.	3
5.2.3. Cooperación ou colaboración entre entidades do territorio, ou aproveitamento conxunto de recursos do mesmo.	3
5.2.4 Colaboración con centros de investigación, formación, universidades, ou establecemento de redes, sinerxías entre entidades.	3
5.2.5 Conexión cun mercado incipiente, ou mercados de proximidade.	2
Puntuación máxima neste apartado	5

**5.3. Capacidade de transferencia e capacidade de arrastre do proxecto**

A capacidade de transferencia refírese ás posibilidades que ten o proxecto para ser exportado a outros lugares do territorio, ou ben de fóra do territorio. A capacidade de arrastre valorará o efecto multiplicador do proxecto, e a súa capacidade motora, para estimular o xurdimento de novas iniciativas na zona ou afianzar empresas e actividades existentes.

CRITERIOS	PUNTUACIÓN MÁXIMA
5.3.1. Capacidade de transferencia no territorio.	3
5.3.2. Capacidade de transferencia fóra do territorio.	2
5.3.3. Capacidade de arrastre do proxecto.	2
Puntuación máxima neste apartado	5

## Criterios de valoración para proxectos non produtivos

Algúns dos criterios empregados para a valoración dos proxectos non produtivos son similares aos criterios para os proxectos produtivos, incluíndo factores relacionados coas características do territorio, coas características das entidades promotoras e das persoas beneficiarias, a incidencia sobre determinados factores do territorio e por último, aspectos relacionados coas características do proxecto.

### 1. Características do territorio onde se promove o proxecto.

Este criterio proporcionará como máximo unha puntuación de 10 puntos. No caso de que un proxecto afecte de maneira directa a varios concellos, empregarase o criterio máis favorable como regra xeral. Este matiz aplicarase a todo tipo de proxectos. Os criterios que se terán en conta son uns indicadores económicos, demográficos e de emprego dos concellos. Estes criterios poderán actualizarse bianualmente, a consideración do GALP, se ben o seu cambio comportará a necesidade de publicar e informar sobre os novos criterios.

1.1 Características económicas do concello onde se promove o proxecto		
O criterio de referencia para facer a valoración será o Indicador Municipal de Renda dos Fogares (IMRF) do ano 2009 publicado polo Instituto Galego de Estatística (IGE).		
CRITERIO	CONCELLOS	PUNTUACIÓN MÁXIMA
Menor de 120	Arteixo, Cambre, Sada, Culleredo e Bergondo	5
Maior de 120	A Coruña, Oleiros	4
Puntuación máxima neste apartado		5

1.2 Características demográficas do concello onde se promove o proxecto		
O criterio de referencia para facer a valoración será o Índice de envellecemento da poboación do ano 2015 publicado polo Instituto Galego de Estatística (IGE).		
CRITERIO	CONCELLOS	PUNTUACIÓN MÁXIMA
Máis de 150	Bergondo	4
Entre 121-150	Sada e A Coruña	3
Entre 91-120	Oleiros	2
Entre 61-90	Culleredo, Arteixo e Cambre	1
Puntuación máxima neste apartado		4

<b>1.3 Características laborais do concello onde se promove o proxecto</b>		
<b>O criterio de referencia para facer a valoración será a porcentaxe de paro rexistrado sobre a poboación de 16 a 64 anos, publicado polo Instituto Galego de Estatística (IGE) en 2015.</b>		
<b>CRITERIO</b>	<b>CONCELLOS</b>	<b>PUNTUACIÓN MÁXIMA</b>
Entre 12,1% e 14%	Arteixo, A Coruña, Culleredo	3
Entre 10,1% e 12%	Sada, Bergondo, Cambre	2
Igual ou menor 10%	Oleiros	1
<b>Puntuación máxima neste apartado</b>		<b>3</b>

## **2. Características da entidade promotora e das persoas beneficiarias.**

Este criterio proporcionará como máximo 25 puntos. Teranse en conta as características das entidades promotoras, diferenciando entre as públicas e as privadas. En ámbolos dous casos darase prioridade aos proxectos que se promovan de forma conxunta, co obxectivo de reforzar a cohesión, a vertebración e o impacto social das medidas que se vaian a poñer en marcha.

<b>2.1. Proxectos promovidos por entidades privadas e entidades públicas</b>	
<b>O criterio de referencia para facer a valoración é a tipoloxía de entidades que promoven os proxectos e por quen están compostas. No caso das entidades públicas priorizaranse os proxectos de entidades supramunicipais, ou ben que sexan promovidos por varios concellos, para favorecer a prestación de servizos públicos e a vertebración do territorio. No caso de entidades privadas terase en conta a tipoloxía de entidades, en función da súa composición societaria ou obxecto social, priorizando tamén a presentación conxunta de proxectos.</b>	
<b>CRITERIOS</b>	<b>PUNTUACIÓN MÁXIMA</b>
<b>2.1.1. Proxecto de confrarías, asociacións e entidades do sector pesqueiro.</b>	10
<b>2.1.2. Proxecto de entidades públicas.</b>	10
<b>2.1.3. Proxecto promovido por entidades da economía social.</b>	8
<b>2.1.4. Proxecto de entidades asociativas do ámbito da igualdade, discapacidade ou integración/exclusión social.</b>	8
<b>2.1.5. Proxecto de entidades que teñan entre as súas persoas socias alomenos o 15% de mulleres, mozos/mozas, maiores de 55 anos (cumprir 1 criterio).</b>	8
<b>2.1.6. Proxecto de entidades que teñan entre as súas persoas socias alomenos o 2% de persoas con discapacidade.</b>	8
<b>2.1.7. Proxecto de ámbito supramunicipal (afecte a 2 ou máis concellos).</b>	5
<b>2.1.8. Proxecto promovido por 2 ou máis entidades.</b>	5

<b>Puntuación máxima neste apartado</b>	<b>15</b>
<b>2.2. Proxectos que teñan como destinatarios a determinados colectivos ou que promovan a igualdade</b>	
O criterio de referencia para facer a valoración é o de que os beneficiarios ou destinatarios do proxecto pertencen ao sector pesqueiro, que sexan persoas dos citados colectivos desfavorecidos, ou que promovan a igualdade e a non discriminación.	
<b>CRITERIOS</b>	<b>PUNTUACIÓN MÁXIMA</b>
2.2.1. Persoas con vinculación persoal, laboral ou profesional co sector pesqueiro	10
2.2.2. Proxecto dirixido aos nomeados como colectivos desfavorecidos	10
2.2.3 Proxectos que promovan a igualdade entre homes e mulleres e a non discriminación	10
<b>Puntuación máxima neste apartado</b>	<b>10</b>

### 3. Incidencia sobre diferentes factores do territorio

Este criterio proporcionará como máximo 25 puntos. Teranse en conta factores como a incidencia sobre aspectos estratéxicos para a economía local, a súa incidencia sobre aspectos sociais e de mellora da validez de vida das poboacións locais e a incidencia na mitigación e adaptación ao cambio climático e transición a unha economía de baixas emisións de carbono.

<b>3.1. Incidencia sobre as aspectos estratéxicos para o territorio.</b>	
O criterio de referencia para facer a valoración é que o obxectivo xeral do proxecto estea relacionado cunha serie de factores que son considerados como “clave” para o desenvolvemento sostible do territorio e o reforzo da súa cohesión social. Terase en conta como referencia a relación directa do obxectivo xeral do proxecto cos seguintes factores:	
<b>CRITERIOS</b>	<b>PUNTUACIÓN MÁXIMA</b>
3.1.1. Apostar por un uso sostible dos recursos. Preservación, conservación, reciclaxe, reutilización e valorización dos recursos endóxenos do territorio e mellora ambiental.	10
3.1.2. Aproveitamento, preservación e valorización dos recursos pesqueiros; preservación do medio mariño; melloras nas condicións laborais do sector, innovacións no sector.	10
3.1.3 Aproveitamento do patrimonio cultural material e inmaterial vinculado ao mar (carpintería de ribeira, tradicións, oficios artesanais, etc.) ou o patrimonio costeiro.	8
3.1.4 Iniciativas de turismo mariñeiro, turismo náutico, e actividades de lecer relacionadas co litoral.	8
<b>Puntuación máxima neste apartado</b>	<b>10</b>

**3.2. Incidencia sobre aspectos sociais e de prestación de servizos que melloren a calidade de vida das poboación locais.**

O criterio de referencia para valorar é a repercusión social do proxectos, mellorando a prestación de servizos á poboación, á comunidade pesqueira, a xeración de emprego e a promoción da cooperación.

CRITERIOS	PUNTUACIÓN MÁXIMA
3.2.1. Proxectos que impliquen unha mellora na prestación de servizos a colectivos desfavorecidos e á poboación en xeral.	8
3.2.2. Proxectos que promovan unha mellora da calidade de vida das persoas do sector pesqueiro, ou que procuren a conciliación da vida persoal, laboral e familiar deste colectivo.	8
3.2.3. Proxectos que supoñan a creación de postos de emprego (2 puntos por cada emprego creado ou consolidado).	6
3.2.4. Proxectos que impliquen a cooperación entre varias entidades para mellorar a calidade de vida da poboación local.	6
<b>Puntuación máxima neste apartado</b>	<b>10</b>

**3.3. Incidencia na mitigación e adaptación ao cambio climático e transición a unha economía de baixas emisións de carbono**

O criterio de referencia incide en accións concretas relacionadas coa mellora da eficiencia ou o aproveitamento enerxético ou utilización de enerxías renovables.

CRITERIOS	PUNTUACIÓN MÁXIMA
3.3.1. Utilización de enerxías renovables.	5
3.3.2. Adquisición, utilización ou reformas de equipos, equipamentos, etc. ou instalacións, reformas que melloren a eficiencia enerxética.	5
3.3.3. O proxecto implica a investigación relacionada cos aproveitamentos enerxéticos (enerxía maremotriz, biocombustibles mariños,...).	5
<b>Puntuación máxima neste apartado</b>	<b>5</b>



#### 4. Aspectos relacionados coas características do proxecto

Este criterio proporcionará un máximo de 25 puntos. Este grupo de factores fai referencia a diferentes aspectos relacionados coas características e a natureza do proxecto que se vai a poñer en marcha. Valorarase a súa capacidade de innovación, o seu carácter integrador e a súa capacidade de transferencia e capacidade de arrastre.

4.1. Carácter innovador do proxecto	
O criterio incide no carácter novidoso do proxecto: que o proxecto sexa unha actividade innovadora ou inexistente no territorio; que implique unha innovación ou integración de TIC na cadea vertical da pesca, nas prácticas, condicións de traballo e seguridade no sector, ou noutros sectores estratéxicos da economía local.	
CRITERIOS	PUNTUACIÓN MÁXIMA
4.1.1. Actividade innovadora ou inexistente no concello onde se promova o proxecto. Xuntarse informe do concello ou entidade competente.	10
4.1.2. Innovación ou incorporación de TIC na cadea vertical da pesca, novos produtos, servizos, aproveitamentos, tratamentos ou novas actividades.	10
4.1.3. Innovación en materia de prácticas, seguridade, saúde e hixiene no traballo da pesca.	10
4.1.4. Innovación ou incorporación de TIC noutros sectores.	7
<b>Puntuación máxima neste apartado</b>	<b>15</b>

4.2. Carácter integrado do proxecto	
Este apartado centraríase en valorar a capacidade de integración entre varios axentes para a promoción de proxectos, ou o establecemento de redes de cooperación.	
CRITERIOS	PUNTUACIÓN MÁXIMA
4.2.1. Supón a cooperación ou colaboración entre entidades do territorio, o aproveitamento ou valorización conxunta de recursos do mesmo.	5
4.2.1. Supón a colaboración con centros de investigación, formación, universidades, ou establecemento de redes, sinerxías entre entidades.	5
<b>Puntuación máxima neste apartado</b>	<b>5</b>

**4.3. Capacidade de transferencia e capacidade de arrastre do proxecto**

A capacidade de transferencia refírese ás posibilidades que ten o proxecto para ser exportado a outros lugares do territorio, ou ben de fóra do territorio. A capacidade de arrastre valorará o efecto multiplicador do proxecto, e a súa capacidade motora, para estimular o xurdimento de novas iniciativas na zona ou afianzar empresas e actividades existentes.

CRITERIOS	PUNTUACIÓN MÁXIMA
4.3.1. Capacidade de transferencia no territorio.	3
4.3.2. Capacidade de transferencia fóra do territorio.	2
4.3.3. Capacidade de arrastre do proxecto.	2
<b>Puntuación máxima neste apartado</b>	<b>5</b>

**8.2.6. Matriz de valoración de proxectos**

Unha vez que se realizou a correspondente valoración nos diferentes criterios, é necesario asignar a porcentaxe de axuda que lle vai a corresponder a cada proxecto que sexa seleccionado, tendo en consideración a regra xeral de financiamento, ou as excepcións que comentábamnos anteriormente. Para iso existen uns intervalos de puntuación que determinarán a cantidade de axuda, en función do investimento total que se realice, realizadas as correspondentes deducións e elementos non financiáveis. Móstranse os toques aos que poderá chegar a axuda.

INTERVALOS DE PUNTUACIÓN PROXECTOS					
Intervalo de puntuación	Productivos		Intervalo de puntuación	Non productivos	
	Regra xeral	Excepcións		Regra xeral	Excepcións
De 20 a 25	25%	40%	De 30 a 35	25%	50%
De 26 a 30	30%	48%	De 36 a 40	30%	60%
De 31 a 35	35%	56%	De 41 a 45	35%	70%
De 36 a 40	40%	64%	De 46 a 50	40%	80%
De 41 a 49	45%	72%	De 51 a 59	45%	90%
>/= de 50	50%	80%	>/= de 60	50%	100%

Como comentamos anteriormente entendemos que as excepcións son:

PROXECTOS PRODUTIVOS	PROXECTOS NON PRODUTIVOS
<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Operacións vinculadas á pesca costeira artesanal</b></li> <li>• <b>Proxectos promovidos por confrarías e asociacións profesionais do sector pesqueiro con interese colectivo, beneficiario colectivo ou acceso público a resultados</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Operacións con interese colectivo, beneficiario colectivo ou acceso público a resultados</li> </ul>

Para acadar financiamento os proxectos produtivos deben acadar como mínimo un total de 20 puntos, o cal implicará ter unha axuda do 25% dos gastos elixibles dos proxectos como regra xeral, ou o 40% no caso das excepcións. De acadar 50 puntos ou máis na valoración tería dereito ao 50% da axuda ou ao 80%, no mesmo sentido.

Para acadar financiamento nos proxectos non produtivos é necesario acadar unha puntuación de 30 puntos, que implicaría o 25% de axuda como regra xeral e o 50%, no caso das excepcións comentadas. De obter 60 puntos ou máis na valoración, o proxecto sería financiado ao 50% ou ao 100%, dependendo das súas condicións, falando sempre dos gastos que sexan elixibles.



## 8.2.7. Cadro resumo proxectos produtivos

CRITERIOS DE VALORACIÓN PROXECTOS PRODUTIVOS			
0	CRITERIOS EXCLUÍNTES	Mínima	máxima
0.1.	Viabilidade técnica	3	5
0.2.	Viabilidade económica	2	5
0.3.	Viabilidade financeira	2	5
0.4.	Coherencia coa EDLP	3	5
	<b>Puntuación total</b>	<b>10</b>	<b>20</b>
	CRITERIOS BAREMABLES	Máxima	
<b>1</b>	<b>Características do territorio onde se promove o proxecto</b>	<b>10</b>	
1.1.	Características económicas do concello onde se promove o proxecto	5	
1.2.	Características demográficas do concello onde se promove o proxecto	4	
1.3.	Características laborais do concello onde se promove o proxecto	3	
<b>2</b>	<b>Características da persoa ou entidade promotora</b>	<b>10</b>	
2.1.	Proxectos promovidos por persoas físicas	10	
2.2.	Proxectos promovidos polas persoas xurídicas	10	
<b>3</b>	<b>Incidencia sobre a creación de emprego</b>	<b>20</b>	
3.1.	Incidencia sobre as características e o número de empregos creados	15	
3.2.	Incidencia do emprego xerado ou consolidado en función do importe do investimento realizado	5	
<b>4</b>	<b>Incidencia sobre diferentes factores do territorio</b>	<b>20</b>	
4.1.	Incidencia sobre as aspectos estratéxicos para o territorio.	10	
4.2.	Incidencia sobre aspectos medioambientais.	5	
4.3.	Incidencia na mitigación e adaptación ao cambio climático e transición a unha economía de baixas emisións de carbono	5	
<b>5</b>	<b>Aspectos relacionados coas características do proxecto</b>	<b>20</b>	
5.1.	Carácter innovador do proxecto	10	
5.2.	Carácter integrado do proxecto	5	
5.3.	Capacidade de transferencia e capacidade de arrastre do proxecto	5	
	<b>Puntuación Total</b>	<b>100</b>	

## 8.2.2. Cadro resumo proxectos non produtivos

CRITERIOS DE VALORACIÓN PROXECTOS NON PRODUTIVOS			
0	CRITERIOS EXCLUÍNTES	Mínima	máxima
0.1.	Viabilidade técnica	5	5
0.2.	Viabilidade económica	-	-
0.3.	Viabilidade financeira	2	5
0.4.	Coherencia coa EDLP	3	5
	<b>Puntuación total</b>	<b>10</b>	<b>15</b>
CRITERIOS BAREMABLES			Máxima
<b>1</b>	<b>Características do territorio onde se promove o proxecto</b>		<b>10</b>
1.1.	Características económicas do concello onde se promove o proxecto		5
1.2.	Características demográficas do concello onde se promove o proxecto		4
1.3.	Características laborais do concello onde se promove o proxecto		3
<b>2</b>	<b>Características da entidade promotora e das persoas beneficiarias</b>		<b>25</b>
2.1.	Proxectos promovidos por entidades privadas e públicas		15
2.2.	Proxectos que teñan como destinatarios a determinados colectivos ou que promovan a igualdade		10
<b>3</b>	<b>Incidencia sobre diferentes factores do territorio</b>		<b>25</b>
3.1.	Incidencia sobre as aspectos estratéxicos para o territorio.		10
3.2.	Incidencia sobre aspectos sociais e de prestación de servizos que melloren a calidade de vida das poboación locais.		10
3.3.	Incidencia na mitigación e adaptación ao cambio climático e transición a unha economía de baixas emisións de carbono		5
<b>4</b>	<b>Aspectos relacionados coas características do proxecto</b>		<b>25</b>
4.1.	Carácter innovador do proxecto		15
4.2.	Carácter integrado do proxecto		5
4.3.	Capacidade de transferencia e capacidade de arrastre do proxecto		5
<b>5</b>	<b>Puntuación Total</b>		<b>100</b>


## 9. Seguimento e avaliación

### 9.1. Introducción

Na implementación de políticas públicas cobra especial relevancia o seguimento e a avaliación sobre o seu grao de execución, que se materializa a través da posta en marcha de diferentes accións públicas, que nalgúns casos implican a colaboración de entidades privadas para a súa posta en marcha. Isto débese á labor de fiscalización e control do gasto público que deben realizar as diferentes entidades. Tamén á necesidade de atender á eficacia do gasto, dende o punto de vista da utilidade pública, vendo se os recursos públicos satisfacen as necesidades das diferentes poboacións e territorios.

O seguimento e avaliación deste tipo de plans ou programas queda de manifesto en diferentes disposicións normativas, atendendo a diferentes niveis de análise, que respectan o ámbito territorial e o ámbito competencial.

Figura 10. Fluxo de información ascendente para o seguimento dos Fondos.



*Artigo 108 do FEMP*

*Os obxectivos do sistema común de seguimento e avaliacións serán os seguintes:*

- a) poñer de manifesto o progreso e os logros da PPC e a PMI para estimar a súa incidencia xeral e avaliar a eficiencia, a eficiencia e a pertinencia das operacións do FEMP;*
- b) contribuir a seleccionar mellor os obxectivos da axuda para a PPC e a PMI;*
- c) impulsar un proceso común de aprendizaxe en relación co seguimento e a avaliación;*
- d) proporcionar avaliacións sólidas e con bases fácticas respecto das operacións do FEMP para a súa incorporación ao proceso de adopción de decisións.*

No ámbito comunitario e a nivel global o Regulamento do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (Regulamento UE 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello), establece no seu articulado a creación dun sistema común de seguimento e avaliación; recóllese no seu capítulo VI, adicado ás accións de seguimento, avaliación, información e comunicación do Fondo. Este sistema de control créase co obxectivo de avaliar a eficacia do FEMP, valorando o grao de adecuación e os resultados para conquistar as Prioridades da Unión, que fixa a mesma norma no seu artigo sexto. O artigo 108 establece os obxectivos que debe atender a avaliación. Por outra banda, o artigo 109, indica que se establecerá un sistema de indicadores relativos á situación inicial do programa, á súa execución financeira, ás realizacións e aos resultados do programa operativo. Deste xeito a implementación dos programas nos diferentes estados, poderá medirse con criterios homoxéneos para avaliar a consecución e logros e resultados a nivel global de toda a UE.

Desenvolvendo a anterior norma establécese un Regulamento Delegado sobre a construción do sistema común de seguimento e avaliación das operacións financiadas no marco do FEMP (Regulamento delegado UE nº1014/2014). Este regulamento complementa o exposto no artigo 107 do Regulamento do FEMP, recollendo indicadores de contexto, de realizacións e de resultados.

Se descendemos no ámbito territorial, vemos que o último eslabón da cadea son as zonas costeiras, as cales a través das súas EDLP, fixan os criterios que orientarán a distribución dos fondos deste programa. O regulamento de disposicións comúns (Regulamento UE 1303/2013 do Parlamento e o Consello) indica que as estratexias locais de desenvolvemento do sector pesqueiro deberán incluír disposicións específicas de cara á súa avaliación (art. 33.1.f). Do mesmo xeito, establece no artigo seguinte, no apartado g, “que se realizará un seguimento da posta en práctica da

estratexia... e das operacións subvencionadas e levar a cabo actividades de avaliacións específicas vinculadas a esa estratexia”.

Esta motivación anterior, determina a creación dun sistema de avaliación e seguimento que conxugue a obtención de información e o seu fluxo a diferentes niveis. Por unha banda debemos obter a información esixida e necesaria do propio programa, a través dun sistema de indicadores. Por outra, podemos contar con información complementaria e directa da execución do mesmo, facéndoo dunha maneira participada coas impresións das propias comunidades (enfoque participativo da EDLP).

## 9.2. Obxectivos da avaliación e seguimento

O GALP terá como principal obxectivo neste apartado, o de avaliar o grao de execución da EDLP, en relación ás diferentes medidas e apartados que a mesma contén. Por unha banda, e con carácter principal, o máis importante é o de ver cal é o alcance e a execución do programa de axudas, que xestiona o GALP, motivo principal da súa creación. Do mesmo xeito, é necesario ver como é o funcionamento do propio Grupo, para ver se está cumprindo os retos que se definen na propia estratexia.

A modo de resumo os principais obxectivos que se formulan son:

1. Avaliar o alcance e a repercusión da posta en marcha do GALP e do seu programa de axudas. Para realizar esta análise é preciso ver sobre o planificado, cal é o grao de execución no cumprimento dos obxectivos definidos. É necesario analizar parámetros como o grao de execución financeira, o grao de eficacia, pertinencia e coherencia na execución da EDLP, en relación ás necesidades do territorio. Ver tamén como se están a desenvolver todas as accións vinculadas á divulgación, animación e sensibilización do GALP e o propio programa de axudas.
2. Analizar as problemáticas e logros acadados na execución da estratexia, co obxectivo de poder ir redefinindo ou afinando aspecto á hora de implementar a mesma.
3. Ver o grao de aliñamento da EDLP, coa principal prioridade do FEMP “Aumentar o emprego e a cohesión territorial...”, e coas prioridades xenéricas da Unión, de cara ao horizonte 2020, isto é, como se contribúe ao crecemento para acadar unha economía intelixente, sostible e integradora.
4. Analizar o grao de contribución aos principios horizontais da Unión: gobernanza, desenvolvemento sostible, innovación, igualdade de oportunidades e non discriminación.



5. Analizar o funcionamento orgánico do Grupo, en relación ao cumprimento das súas funcións, e tamén a execución das actividades asociadas á explotación e animación da EDLP.
6. Establecer medidas, en base á información analizada, que permitan realizar correccións de cara ao cumprimento axeitado dos fins do programa.

### 9.3. Sistema de indicadores

O sistema de seguimento do programa inclúe un conxunto común de indicadores de contexto, resultados e produtividade, incluídos os indicadores que deban utilizarse para o establecemento de obxectivos cuantificados en relación cos diferentes ámbitos de aplicación.

Os indicadores de contexto son o punto de partida, para definir o marco estratéxico (plan de acción) orientando a posta en marcha da estratexia no ámbito local. Á hora de realizar a análise do diagnóstico da zona, téñense en conta os mesmos, co obxectivo de parametrizar as condicións sociais, económicas, laborais, ambientais, etc., nas que se atopa o territorio ao inicio do período. Cómpre indicar a dificultade que existe á hora de cuantificar algúns deles, xa que o nivel de desagregación dos datos non está desagregado ata o ámbito municipal.

O resto de indicadores (resultados, produtividade e obxectivos) miden o alcance do programa, co obxectivo de establecer un criterio común que posibilite unha posterior avaliación do rendemento do programa a nivel local, autonómico, estatal e comunitario.


O conxunto normativo que regula o Fondo establece un sistema de indicadores, onde, relacionado coa prioridade que nos atinxe (Prioridade IV do FEMP: Aumentar o emprego e a cohesión social), céntrase en valorar o alcance do programa en relación á xeración de emprego e a creación de empresas.

Co obxectivo de dar cumprimento ao estipulado nas diferentes normas, e en concreto, ao Regulamento delegado UE nº1014/2014, os indicadores de resultados que se contemplan con carácter xeral a todas as actuacións do programa de axudas son:

- Emprego creado no sector.
- Emprego mantido no sector.
- Número de empresas creadas.

A proposta de indicadores que realizamos, nas correspondentes táboas, ten en consideración a diferenciación que se establece en relación aos gastos de xestión e os gastos de aplicación do programa. Deste xeito, podemos ofrecer información en relación as diferentes medidas do programa.

**Figura 11. Aplicación das EDLP no marco do FEMP e o Regulamento de disposicións comúns 1303/2013 dos fondos EIE.**



No que respecta aos gastos asociados ao programa de axudas (art. 62.1.b) teranse en conta os seguintes indicadores:

- Gasto público, concedido ao abeiro do programa de axudas, diferenciando entre investimentos produtivos e non produtivos.
- Inversión total, que supoñería o investimento total realizado pola persoa ou entidade promotora, co cal diferenciaríamos a porcentaxe de financiamento do programa.
- Emprego xerado, diferenciando entre a creación ou consolidación dos mesmos.
- Número de empresas creadas.

- Número global de actividades ou operacións subvencionadas diferenciando en función da tipoloxía de investimentos.
- Número de actividades ou operacións subvencionadas diferenciando en función dos obxectivos.
- Número de operacións relacionadas co cambio climático e a redución da pegada de carbono

En relación aos gastos de actividades de cooperación (art. 62.1.c), cómpre indicar que non se contemplan na aplicación orzamentaria da EDLP, sendo obxecto dunha convocatoria específica. Isto fará que sexan obxecto dunha avaliación específica tendo en consideración as disposicións que estableza a correspondente orde.

En canto aos custos de funcionamento e animación (art. 62.1.d), teranse en consideración os seguintes indicadores:

- Operacións de gastos de explotación, nos diferentes exercicios económicos.
- Operacións de actividades de animación, diferenciando entre operacións de diferentes ámbitos en xeral, e o ambiental en particular.
- Operacións financiadas de posta en valor e divulgación ou difusión da EDLP dentro e fóra do territorio.
- Beneficiarias das operacións de animación.
- Beneficiarias de operacións de formación.

Por último, con carácter global, atenderase aos seguintes factores:

- Gasto público total, que se realizara agrupando a partida de gastos asociados á xestión e á aplicación da EDLP.
- Investimento total, incluíndo os custes correntes e a animación.
- Poboación obxecto da EDLP, que terá en conta as limitacións establecidas para os núcleos con poboación que exceden da aplicación da EDLP.
- Número total de actividades ou operacións financiadas.
- Número total de promotores que promoveron iniciativas vinculadas ao programa.
- Número de persoas ou entidades asesoradas como potenciais beneficiarias do programa de axudas.

Na táboa de indicadores reflectimos os resultados que se esperan acadar ao final da aplicación do Programa. Os resultados esperados sinálanse en termos globais, debido ás dificultades que implica a súa planificación a un nivel inferior. Isto non implica que na obtención da información se teñan en consideración unha serie de factores que afonden no nivel de desagregación da mesma.

**Táboa 103. Cadro de indicadores para o seguimento na aplicación da EDLP. Art. 62.1.b FEMP.**

CÓDIGO INDICADOR	Aplicación da EDLP	Resultados esperados
<b>I01</b>	Gasto público total en proxectos produtivos	3.168.750,00 €
<b>I02</b>	Gasto público total en proxectos non produtivos	1.706.250,00 €
<b>I03</b>	Inversión total en proxectos produtivos e non produtivos	8.950.000 €
<b>I04</b>	Número de empregos creados nos proxectos financiados	25
<b>I05</b>	Número de empregos consolidados nos proxectos financiados	95
<b>I06</b>	Número de empresas creadas	15
<b>I07</b>	Número global de actividades /operacións subvencionadas de carácter produtivo e non produtivo	54
<b>I07.1</b>	Obxectivo 1: Mellora da competitividade do sector pesqueiro	15
<b>I07.2</b>	Obxectivo 2: Creación de emprego e oportunidades económicas a través da diversificación	18
<b>I07.3</b>	Obxectivo 3. Fomento do aproveitamento sostible do patrimonio	7
<b>I07.4</b>	Obxectivo 4: Fomento do benestar social e do patrimonio	6
<b>I07.5</b>	Obxectivo 5: Reforzo das comunidades no desenvolvemento local e gobernanza	5
<b>I07.6</b>	Obxectivo 6: Fomento da cooperación	3
<b>I07.7</b>	Número global de actividades /operacións subvencionadas de carácter produtivo	29

<b>I07.8</b>	Número global de actividades /operacións subvencionadas de carácter non produtivo	25
<b>I08</b>	Número de actividades /operacións subvencionadas relacionadas coa redución da pegada de carbono: mellora da eficiencia enerxética, emprego de enerxías alternativas, redución ou mitigación do cambio climático, transición a unha economía de baixas emisións de carbono	5

**Táboa 104. Cadro de indicadores para o seguimento das actividades de cooperación do GALP. Art. 62.1.c FEMP.**

<b>CÓDIGO INDICADOR</b>	<b>Actividades de cooperación</b>	<b>Resultados esperados</b>
<b>I09</b>	Número total de proxectos de cooperación subvencionados	1

**Táboa 105. Cadro de indicadores para o seguimento dos costes de funcionamento e animación do GALP. Art. 62.1.d FEMP.**

<b>CÓDIGO INDICADOR</b>	<b>Costes de funcionamento e animación</b>	<b>Resultados esperados</b>
<b>I10</b>	Número de proxectos de custos de explotación (anualidades)	7
<b>I11</b>	Número total de actividades/operacións de animación e promoción territorial	15
<b>I12</b>	Número de actividades/operacións de posta en valor, difusión, divulgación do GALP, da EDLP ou do programa de axudas no territorio	7
<b>I13</b>	Número de actividades/operacións de posta en valor, difusión, divulgación do GALP, da EDLP ou do programa de axudas fóra do territorio	2
<b>I14</b>	Número de persoas beneficiarias de accións de animación e promoción territorial	500
<b>I15</b>	Número de persoas beneficiarias de acción de formación	100

Táboa 106. Cadro de indicadores para o seguimento global do Programa.

CÓDIGO INDICADOR	Indicadores de carácter global	Resultados esperados
I16	Gasto público total (Incluído Custes correntes e animación)	6.500.000 €
I17	Inversión total programas de axudas e custes correntes e de animación	15.450.000 €
I18	Poboación obxecto do GAL	98.708
I19	Número de actividades/operacións subvencionadas (62.1.b/.c/.d)	77
I20	Número total e tipo de promotores	50
I21	Número de persoas/entidades asesoradas para a aplicación do programa	120

Estes indicadores están asociados a unha proposta orzamentaria de 6.500.000€ para o conxunto da estratexia. De variar a cantidade, sería necesario actualizar os mesmos tendo en consideración que as cifras non se variarían de maneira proporcional.

Outro elemento a ter en conta é a matriz de asociación do sistema de indicadores á estrutura do Plan de Acción, co obxectivo de ver a correspondencia entre obxectivos e indicadores. Na táboa correspondente indícase a asociación anterior.

Táboa 107. Cadro de indicadores sobre os resultados esperados na aplicación da EDLP.

CÓDIGO INDICADOR	ART. 62.1.B						ART. 62.1.C	ART 62.1.D
	OE1	OE2	OE3	OE4	OE5	OE6		
I01	•	•	•	•	•	•		
I02	•	•	•	•	•	•		
I03	•	•	•	•	•	•		
I04	•	•	•	•	•	•		
I05	•	•	•	•	•	•		
I06	•	•	•	•	•	•		
I07	•	•	•	•	•	•		
I07.1	•							
I07.2		•						
I07.3			•					
I07.4				•				
I07.5					•			
I07.6								•
I07.7	•	•	•	•	•	•		
I07.8	•	•	•	•	•	•		
I08	•	•	•	•	•	•		
I09							•	
I10								•
I11								•
I12								•
I13								•
I14								•

I15									•
I16	•	•	•	•	•	•	•	•	•
I17	•	•	•	•	•	•	•	•	•
I18	-	-	-	-	-	-	-	-	-
I19	•	•	•	•	•	•			
I20	•	•	•	•	•	•			
I21	-	-	-	-	-	-	-	-	-

En relación ao comentado sobre a obtención de información, conforme se vai aplicando o programa, débese establecer un sistema de información para a análise dos indicadores que teña en conta unha serie de factores. Respetarase a estrutura de indicadores, desagregando a información en cada un deles, sempre que sexa posible ou relacionable o criterio.

**Táboa 108. Factores de análise e desagregación da información dos indicadores.**

FACTOR DE ANÁLISE	INDICADORES ASOCIADOS	DESAGREGACIÓN DA INFORMACIÓN
<b>A</b> Tipoloxía de beneficiarias do programa, persoas ou entidades asesoradas sobre o programa ou participantes na animación	<ul style="list-style-type: none"> <li>• I07 *</li> <li>• I10</li> <li>• I11</li> <li>• I12</li> <li>• I13</li> <li>• I14</li> <li>• I15</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Número de beneficiarios públicos por entidade.</li> <li>• Número de beneficiarios privados por persoa.</li> <li>• Persoas físicas (empresas) diferenciando xénero.</li> <li>• Persoas xurídicas (tipoloxía de empresas, outras entidades).</li> </ul>
<b>B</b> Emprego	<ul style="list-style-type: none"> <li>• I04, I05</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Número de empregos creados por xénero, idade e de colectivos desfavorecidos.</li> <li>• Número de empregos consolidados por xénero, idade e de colectivos desfavorecidos.</li> </ul>
<b>C</b> Empresas creadas	<ul style="list-style-type: none"> <li>• I06</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Tipoloxía de persoa (física ou xurídica e entidade).</li> </ul>
<b>D</b> Proxectos de cooperación	<ul style="list-style-type: none"> <li>• I09</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Grupos implicados.</li> <li>• Ámbito territorial.</li> </ul>



E	Actividades de animación e promoción territorial	• I11	• Actividades de difusión da EDLP.
		• I12	• Encontros, xornadas, seminarios, congresos realizados polo GALP.
		• I13	• Encontros, xornadas, seminario, congresos,... aos que asiste o persoal do GALP.
		• I14	• Mapas, guías, páxinas web,...
		• I15	• Viaxes de estudio, presenza en feiras ou diferentes eventos.
			• Outros,...

*\*Inclúe tamén dende o I07.1 ao I07.8*



## 9.4. Plan de seguimento e avaliación

Co obxectivo de realizar un adecuado seguimento do cumprimento da EDLP, formúlase un Plan de Avaliación da mesma, que será responsabilidade de execución do Grupo. Este plan deberá ser coherente co sistema de seguimento xenérico que se estableza por parte da autoridade de xestión para a avaliación conxunta do Programa.


A metodoloxía de traballo para a avaliación, do mesmo xeito que sucede na elaboración da estratexia, sustentarse nunha dinámica de traballo que aposte pola corresponsabilización e empoderamento das entidades na súa posta en marcha.

Para dar cumprimento ao disposto anteriormente, cómpre diferenciar no proceso de avaliación dúas vertentes:

A **avaliación externa**, que contempla o propio programa ante a Autoridade de Xestión ou Organismo Intermedio de Xestión. Esta avaliación estará supeditada aos requirimentos que se establezan por parte do Ministerio e a Consellería do Mar, de cara a dar cumprimento ao establecido no entramado de disposicións normativas das políticas comunitarias (PPC e PMI fundamentalmente) e dos diferentes programas (FEMP e fondos EIE). Esta avaliación dará conta da execución agregada do conxunto de EDLP, que se implementa en relación ao Programa Operativo do FEMP, para o período 2014-2020. Para isto responderase ao conxunto de indicadores de avaliación que se soliciten, facéndoo polos medios e procedementos pautados. Darase conta da información relativa á xestión do GALP e do programa de axudas, tendo en conta información económico-financeira, administrativa e estatística dos expedientes que se tramiten.

A **avaliación interna**, é una avaliación que afonda na execución da EDLP, indo máis alá da análise de indicadores concretos que se abordan no apartado anterior. Esta avaliación, preténdese facer partindo dunha metodoloxía de traballo que coordine a visión cuantitativa coa visión cualitativa, afondando na análise da eficacia e o impacto na posta en marcha da estratexia. Para isto realízase una proposta que aúna o carácter participativo que se mantivo á hora da elaboración da propia estratexia.

Figura 12. Vertentes da avaliación da EDLP.




A avaliación interna realizarase con carácter continuo atendendo ao nivel de realización físicas do programa, como factor central de análise e tamén ao grao de execución financeira do programa, que son os principais elementos que dan conta da súa execución. Neste sentido, o sistema de indicadores establecido, é a principal fonte de información que se utilizará para esta análise, se ben se completará cunha información de carácter máis cualitativo. É importante que esta análise se realice cunha determinada periodicidade, que cando menos debe ser semestral, podendo coincidir cos propios fitos que marquen as convocatorias do programa de axudas. Farase especial fincapé na actualización dos indicadores pautados a tal respecto. En paralelo a esta análise, realizarase o seguimento axeitado, a nivel de fiscalización das axudas, en función das instrucións, ordes ou directrices establecidas pola propia Consellería a tal efecto, no marco do seguimento do Programa.

A responsabilidade do seguimento será competencia da área xerencial do propio GALP, e dos seus órganos sociais. Para isto, a xerencia debe fornecer da información suficiente aos órganos, co obxectivo de que estes acometan as decisións oportunas.

Malia ás responsabilidades establecidas con carácter estatutario, da rendición de contas, realizarase unha análise de xestión con carácter anual, reflectíndoo na correspondente memoria anual de actividades do Grupo.

Figura 13. Secuencia lóxica da avaliación interna.




Os principais contidos desta análise abordarán:

1. Datos de xestión e execución do programa de axudas, analizando a distancia en relación aos resultados e obxectivos planificados na EDLP.
2. Análise de riscos e puntos críticos na execución dos proxectos, tendo en conta factores relacionados co financiamento, aspectos do procedemento de xestión, ou outros factores que poidan debilitar a súa correcta posta en marcha.
3. Mecanismos e coordinación e corrección, co obxectivo de velar polo correcto funcionamento do programa.

A maiores desta análise máis cuantitativa a avaliación interna deberá integrar a visión doutros axentes territoriais, que poidan estar involucrados na marcha do GALP ou do programa. Para isto pódense definir diferentes espazos de participación, co obxectivo de enriquecer a avaliación dende perspectivas e ópticas diferentes.

O procedemento de avaliación, que se inicia dende o momento en que se define a propia estratexia, seguirá unha secuencia temporal que constará de tres fases:



### 1. Fase Inicial.

A fase inicial corresponde aos traballos de carácter preparatorio para a presentación da candidatura e a elaboración da estratexia. Esta fase pode definirse como unha avaliación ex-ante, na que se contextualiza a situación do territorio e se definen os seus principais retos.

Esta fase inicial é o marco de referencia para posteriores avaliacións, co fin de poder valorar o alcance e o impacto do programa. No capítulo correspondente ao Plan de Participación, dase conta do carácter participativo que se mantivo á hora de elaboración da EDLP. A avaliación realizada fixo referencia a diferentes factores de diagnóstico, tanto de corte cuantitativo coma cualitativo. Este elementos pódense consultar no capítulo correspondente, se ben podemos indicar que nos dan unha fotografía da situación actual da zona costeira en canto a factores territoriais, demográficos ou de desenvolvemento económico, do emprego, do sector pesqueiro, do ámbito ambiental ou patrimonial, etc.

Esta avaliación realizouse tendo como referencia a estrutura do proceso metodolóxico participativo, que se definiu para a elaboración da EDLP. Cómpre indicar que o proceso se realizou en dúas fases: preparación da candidatura e elaboración da estratexia.

A elaboración da candidatura foi un proceso que se prolonga, pola necesidade de concorrer en segunda convocatoria, froito de non ter superada a primeira.

Os espazos de participación e o seu cometido foron:

#### Reunións de carácter sectorial con axentes públicos

- Esta reunións realizáronse con diferentes axentes do ámbito local, principalmente concellos. O seu principal obxectivo foi de carácter informativo para abordar a futura delimitación do territorio en dous grupos xestores do programa: zona norte e zona sur. Ao mesmo tempo as reunións tiveron carácter deliberativo, abordando cuestións relacionadas co proceso de candidatura.

#### Reunións de carácter sectorial con axentes do sector pesqueiro.

- Esta reunións tiveron como principal obxectivo o de realizar unha reflexión entre o conxunto de entidades do sector pesqueiro da zona, agrupando a entidades como confraría, asociacións do sector, asociacións de redeiras ou centros de investigación. Esta reunións tiveron fundamentalmente un carácter diagnóstico.

#### Reunións con asociacións do territorio e reunións abertas á comunidade

- Realizáronse reunións con diferentes entidades do territorio, de diferente natureza, co obxectivo de afondar na reflexión diagnóstica e valorativas das condicións sociais do territorio.

#### Procesos de consulta online

- O proceso estivo acompañado de consultas a través de diferentes microsites e redes sociais, complementando desta maneira os contidos obtidos a través da participación presencial.

## 2. Avaliación intermedia.

A avaliación intermedia considérase que é bastante relevante, no sentido de que permite establecer medidas correctoras importantes que adecúen a estratexia á realidade local da comunidade e a zona costeira.

Esta avaliación será desenvolta no ano 2018. Nesta fase centrarase o esforzo de avaliación en ver os seguintes parámetros, se ben se terán en consideración máis factores:

- Análise económica e financeira (grao de execución financeira, eficacia e eficiencia, distribución do gasto, etc.).
- Análise de realizacións físicas do programa, observando a tipoloxía de iniciativas postas en marcha e a súa utilidade e relevancia de cara a satisfacer as necesidades do territorio, tendo como referente os obxectivos establecidos na estratexia.
- Análise de procesos, vendo como se está executando a implementación do programa de axudas, o traballo no GALP en canto á súa xestión e as accións de animación.

Esta avaliación realizarase empregando a triangulación metodolóxica, definida a través da utilización de técnicas de carácter cualitativo, cuantitativo e participativo, aproveitando de maneira especial, os diferentes espazos de participación, en consonancia co plan establecido neste sentido.

A avaliación intermedia realizarase tendo en consideración o sistema de indicadores contemplados no conxunto de liñas de actuación. No seguinte esquema reflectimos a secuencia de traballo da avaliación. A información máis pormenorizada de cada un dos órganos de participación, está recollida no capítulo de participación.

Figura 14. Órganos e espazos de participación para o seguimento da estratexia.



Rexístrase unha combinación de órganos sociais e órganos de participación á hora de realizar a avaliación intermedia. A continuación explícase a funcionalidade de cada un deles:

**Mesas Sectoriais.** En función do informe previo sobre o estado do sistema de indicadores elaborado pola xerencia así como o grao de execución do orzamento, as mesas sectoriais realizarán unha valoración previa das principais dificultades atopadas no proceso de implementación do Plan. Tamén emitirán unha serie de recomendacións que permitan adaptar e mellorar a implantación da estratexia no territorio. Este diagnóstico previo do estado de situación e catálogo de recomendacións será elevado á Xunta Directiva. Estas mesas poderán reunirse en dobre volta se se estima pertinente.

**Xunta Directiva.** Avaliará de maneira conxunta a información producida por cada unha das mesas sectoriais e validará o conxunto da mesma. Elaborará un documento que servirá de base para o traballo do Foro.

**Foro.** É momento de apertura ao conxunto dos axentes sociais do territorio. Preténdese que este espazo sirva para recoller as percepcións sobre a relevancia e utilidade da estratexia no territorio, ademais de propostas de mellora para a aplicación da estratexia.

**Asemblea.** Destinada á participación última de todos os socios do GALP, validará os resultados obtidos da avaliación a través dos diferentes órganos, aprobando os cambios ou correccións que estime oportunas.



### 3. Avaliación Final.

Na avaliación final vaise incorporar a dimensión de sostibilidade das actuacións contempladas na estratexia, ademais de incorporar o resto de factores de análise (eficacia, eficiencia, relevancia, pertinencia, coherencia, complementariedade, utilidade, etc.). A secuencia de traballo e os diferentes espazos de participación serán similares aos establecidos na fase anterior, se ben se dará un tratamento máis extenso ao conxunto de ámbitos de análise.

Teranse en conta, os factores relacionados coa execución do programa, tanto dende o punto de vista económico- financeiro, como social e organizativo, incidindo no impacto xerado no territorio, en especial en factores como o emprego ou o desenvolvemento económico do sector pesqueiro. Terase en conta a análise do cumprimento de obxectivos pero tamén o funcionamento do GALP e da súa política de comunicación e animación da estratexia, co obxectivo de avaliar o peso do mesmo como axente dinamizador do territorio.

Para rematar é preciso indicar que se terán en conta una serie de factores:

1. A avaliación orientarase a mellorar a calidade da aplicación dos fondos, tendo sempre presente a súa adecuación á Estratexia 2020, que se formula a UE, e a orientación ao conxunto de obxectivos formulados no FEMP, ou fondos complementarios.
2. A avaliación deberá realizarse en consonancia coa Consellería do Mar, establecendo os mecanismos de coordinación necesarios, co obxectivo principal de dar resposta ao conxunto de indicadores do programa dunha maneira coordinada para toda Galicia.
3. A avaliación externa poderá realizarse co apoio de expertos externos ao GALP, co obxectivo de garantir unha maior imparcialidade á hora de presentar os resultados.
4. Os documentos da avaliación, así como o proceso para a súa realización, serán públicos, fomentando unha participación activa das entidades do territorio.
5. Tanto o proceso de seguimento da estratexia como a realización da avaliación ou difusión dos resultados da mesma, poderán reforzarse empregando as TIC, habilitando espazos concretos destinados a este cometido, ben a través da web, redes sociais ou outras canles.

## 10. Plan de participación

### 10.1. Proceso de participación para a elaboración da estratexia

A estratexia foi elaborado seguindo un enfoque *bottom-up*, buscando de maneira intensa a participación activa de institucións, entidades e axentes significativos presentes no territorio. Esta participación fíxose extensible á fase de realización da estratexia para incorporar desde o inicio a perspectiva da comunidade na que se vai asentar o campo de actuación do GALP Golfo Ártabro Sur.


---

**Obxectivos**

1. Obter unha visión extensa, integrada e sostible sobre a zona do Golfo Ártabro Sur.
  2. Reforzar o papel das entidades e persoas significativas presentes no territorio, con especial atención ás vinculadas ao sector marítimo e pesqueiro.
  3. Potenciar o efecto multiplicador da estratexia, a través da combinación dun enfoque sectorial e transversal nos espazos de participación.
  4. Fomentar a colaboración e a sinerxia das entidades e axentes para mellorar os resultados da estratexia.
  5. Buscar a complementariedade da estratexia con outros programas e instrumentos que operan no territorio
- 

O proceso de participación tivo dúas fases claramente diferenciadas: a primeira agrupou o conxunto de accións destinadas a preparar a candidatura do GALP na convocatoria realizada pola Consellería do Mar para poder realizar a EDLP no marco do FEMP 2014-2020, a segunda recolle as actividades necesarias para a preparación e presentación da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo, base sobre a que se vai artellar o programa de axudas previsto no FEMP 2014-2020.

Figura 15. Fases do proceso de participación.



### Fase 1. Presentación da candidatura.

Nesta fase realizáronse as seguintes actividades:

1. Análise documental. Para realizar unha aproximación á situación da zona recolleuse información estatística de diferentes fontes para elaborar un diagnóstico que amosara as fortalezas e debilidades da zona marítima, para posteriormente ser analizadas nos espazos presenciais.
2. Espazos participativos. Co obxecto de dar cobertura aos diferentes perfís de entidades e axentes establecéronse os seguintes tipos de espazos:
  - Reunións abertas á comunidade. Estas reunións abertas á participación das entidades do territorio do anterior GAC2, tiveron como obxectivo avaliar a posibilidade de establecer unha dobre candidatura dividindo o territorio, presentar un diagnóstico de situación e a memoria de execución do anterior período de programación de axudas 2007-2013.
  - Reunións sectoriais. Para dar cobertura ás diferentes asociacións en función das súas áreas de actuación establecéronse reunións para os ámbitos pesqueiro, social e públicos. Nestas reunións trasladáronse as conclusións e datos definidas nas reunións abertas, así como unha lista de preguntas clave, para que as mesmas asociacións puideran, a nivel asociativo individual, convocar sesións de reflexión sobre o futuro das actividades pesqueiras e marisqueiras no novo período de programación.

- Entrevistas. Mantívoanse entrevistas con persoas significativas do territorio para recabar información para a elaboración da candidatura.
- Organos sociais. Tamén se realizaron reunións da Xunta Directiva para validar e ratificar os principais elementos da presentación da candidatura.

3. Participación web. Creáronse dous espazos, un a través do microsite do GALP e outro a través dos seus perfís nas redes sociais (Facebook e Google+) para realizar consultas que permitise recoller as achegas de axentes e particulares.

4. Elaboración da candidatura. Co conxunto de elementos recollidos nas actividades anteriores procedeuse a elaborar a candidatura do GALP Golfo Artabro Sur.

A continuación expónse unha táboa resumo sobre o conxunto de espazos e participantes contemplados nesta fase:

**Táboa 109. Espazos de participación na fase de preparación da candidatura.**

Procesos de participación presencial	Nº reunións	Nº total de participantes
<b>1. Reunións abertas á comunidade: reunións asemblearias</b>	2	82
<b>2. a. Reunións sectoriais con axentes públicos (concellos, representantes de mancomunidades, etc.)</b>	1	6
<b>2. b. Reunións sectoriais con axentes do sector pesqueiro (confrarías, asociacións, etc.)</b>	10	59
<b>2. c. Reunións con asociacións locais sociais da zona de actuación.</b>	8	48
<b>2.d. Entrevistas</b>	2	2
<b>2.e. Órganos sociais</b>	2	24
Procesos de participación on line	Nº de consultas	Nº total de participantes
<b>Procesos de consulta on line a través de microsites</b>	1	N.C
<b>Procesos de consulta online a través de redes sociais.</b>	1	N.C

## Fase 2. Preparación da EDLP.

O enfoque seguido para elaborar a Estratexia seguiu a seguinte triangulación metodolóxica:



A través de esta triple perspectiva artellouse un sistema que contemplaba os seguintes conxuntos de actividades:

### 1. Elaboración do diagnóstico.

Recolleuse a información elaborado para a presentación da candidatura, ampliouse o número de fontes consultadas, así como se perfilou a través dos espazos de participación a análise DAFO definitiva.

### 2. Traballos de campo: dimensión participativa.

Diferenciouse entre os espazos de participación e os órganos de apoio e asesoramento. Como espazos de participación propoñemos xornadas abertas e mesas sectoriais de traballo. Como órgano de apoio e impulso figura a Comisión de Seguimento. A continuación imos expor as principais características de cada órgano:

### **Xornadas.**

Foi o espazo de participación no que se reforzou o papel de confrarías, entidades locais, das diferentes administracións, entidades da zona, tanto pesqueiras como doutra índole.

As xornadas foron abertas, contemplándose a realización de dúas xornadas, co fin de favorecer a participación de entidades do conxunto do territorio e favorecer a entrada dos novos concellos adheridos ao GALP.

A primeira xornada buscaba reforzar a implicación de novos participantes e realizar unha reflexión diagnóstica inicial, sobre os principais retos e necesidades da zona costeira.

As segundas xornadas tiveron como principal obxectivo a validación do documento da Estratexia de Desenvolvemento da zona pesqueira. Ao mesmo tempo foi un elemento de reforzo da difusión e de comunicación da estratexia no territorio.

### **Mesas sectoriais de traballo.**

As mesas foron espazos de traballo onde se agrupan e integran os intereses do conxunto de sectores que participan no proceso, co obxectivos de definir os principais retos e obxectivos para acadar o desenvolvemento sustentable da zona costeira e así configurar o Plan de Acción da Estratexia. A proposta de mesas artellouse en función dos principais ámbitos de análise que se estableceron no diagnóstico, tendo en consideración a estrutura de obxectivos que veñen definidos a través do FEMP. Así, constituíronse as seguintes mesas:

- Mesa de innovación e sector pesqueiro.
- Mesa do ámbito económico e turístico.
- Mesa de medio ambiente e recursos patrimoniais.
- Mesa institucional.

Realizouse unha reunión por cada unha das mesas, agás no caso da mesa de innovación e sector pesqueiro que se realizaron dúas sesións en localidade diferentes para incentivar a participación deste sector. Para a celebración das reunións, previamente as persoas e entidades participantes contaron coa información e datos pertinentes para a súa análise.

### **Comisión de Seguimento.**

A Comisión de Seguimento foi o órgano encargado da supervisión, coordinación e control do proceso. Esta Comisión estivo formada pola xerencia do Grupo e os membros da Xunta Directiva, designados a tal efecto.

Complementariamente, seguiu unha labor de comunicación a través das redes sociais (principalmente a través do perfil de facebook e no blogue do GALP), e se remitiron notas

de prensa para os medios de comunicación. Tamén tiveron lugar xuntanzas dos órganos de xestión do GALP, nos cales se informou sobre os pasos seguidos nesta fase e se procedeu a validar o conxunto da Estratexia.

Cos resultados obtidos a través dos espazos de participación e o traballo realizado en gabinete procedeuse a elaborar a estratexia definitiva.

A continuación indícase na táboa información relativa á participación nos diferentes espazos:

**Táboa 110. Espazos de participación na fase de elaboración da estratexia.**

Procesos de participación presencial	Nº reunións	Nº total de participantes	Data	Lugar
<b>Xornada inicial</b>	1	82	10/11/2016	Casa do Mar. Sada
<b>Mesa institucional e de cooperación</b>	1	15	17/11/2016	Casa do Mar. Sada
<b>Mesa medio ambiente e patrimonio</b>	1	30	17/11/2016	Casa do Mar. Sada
<b>Mesa economía-turismo</b>	1	30	17/11/2016	Casa do Mar. Sada
<b>Mesa innovación e sector pesqueiro</b>	2	12 (Sada) 16 (A Coruña)	17/11/2016 25/11/2016	Casa do Mar Sada. Porto da Coruña
<b>Xornada final</b>	1	24	01/12/2016	Centro sociocultural A Senra. Bergondo.
<b>Comisión de Seguimento</b>	2	12 por reunión	07/11/2016 29/11/2016	Casa do Mar. Sada
<b>Asemblea Xeral</b>	2	25 25	17/06/2016 01/12/2016	Salón de plenos. Sada Local social. Bergondo
<b>Xunta Directiva</b>	2	11 13	07/11/2016 29/11/2016	Casa do Mar. Sada

Figura 16. Esquema do proceso de participación na fase de presentación da candidatura.





Figura 17. Esquema do proceso de participación na fase de elaboración da estratexia.





## 10.2. Proceso de participación para o seguimento e aplicación da estratexia

Nos propios estatutos da Grupo de Acción Local Pesqueiro Golfo Artabro Sur sinalanse as mesas sectoriais como canle participativa no desenvolvemento do territorio, así como de canle informativa das actividades da asociación.


Por outra banda, no sistema de avaliación proposto no capítulo 9 sinalábanse instrumentos e espazos para realizar un seguimento e avaliación da estratexia. Recollendo estes dous elementos, así como a experiencia previa realizada para a elaboración da estratexia, propónse canalizar a participación a través dos órganos sociais (Asemblea e Xunta Directiva) e espazos de participación (Mesas sectoriais e Foro).

Na seguinte figura especificábase as funcións dos distintos espazos:



Tal e como se indica no sistema de avaliación e seguimento do capítulo 9, o seguimento será realizado anualmente pola Xunta Directiva, Asemblea e Mesas sectoriais, en tanto que para efectuar a avaliación, convocárase unha dobre reunión de mesas sectoriais e se convocará un foro para dar conta dos resultados e achegar suxestións por parte do conxunto de axentes do territorio.

Figura 18. Fluxograma do proceso de participación na avaliación e seguimento da estratexia.




A maiores destes canles formalizados empregaranse os diferentes soportes web e perfís en redes sociais para facilitar unha participación máis ampla e diversa dos axentes e entidades do territorio.



# 11. Plan de Comunicación

## 11.1. Comunicación interna: mapa estratéxico



Valores

1. O litoral e, en especial, a ría debe ser unha zona cultural e medioambientalmente cuidada e rexenerada que mellore a calidade de vida da poboación e incremente a actividade pesqueira e usos turísticos diversos.
2. O Golfo Ártabro Sur terá ao sector pesqueiro como eixe de desenvolvemento da zona costeira apoiando iniciativas que poñan en valor a profesión e os produtos pesqueiros, así como o seu recoñecemento, prestando especial atención ás mulleres do mar.
3. A costa deber ser un espazo estruturado e ordenado que xere emprego de calidade e benestar para súa comunidade sempre dende o respecto aos recursos mariños, os valores paisaxísticos e o conxunto do medio natural e cultural.
4. O fomento dun sector turístico con actividades e servizos, dunha náutica deportiva que aposte pola calidade, e do valor social do deporte como instrumento de integración de persoas con diversidade funcional.
5. Un litoral que se sinta orgulloso da tradición mariñeira, que amose todo o seu potencial patrimonial e que sexa vivo, conectando hábitats e territorios de alto valor natural.
6. Un territorio dinámico e participativo no que colaboren todos os axentes locais no desenvolvemento económico e social da zona costeira.

Obxectivos estratéxicos

1. Mellora da competitividade do sector pesqueiro.
2. Creación de emprego e oportunidades económicas a través da diversificación da economía local das zonas pesqueiras.
3. Fomento do aproveitamento sostible do patrimonio medioambiental das zonas pesqueiras.
4. Fomento do benestar social e do patrimonio cultural.
5. Reforzo das comunidades no desenvolvemento local e da gobernanza.
6. Fomento da cooperación.

Obxectivos específicos

- 1.1. Consolidar ao final do período de programación a cadea de valor do sector pesqueiro local.
- 1.2. Conseguir un sector pesqueiro profesional, innovador e igualitario no conxunto do territorio.
- 2.1. Identificar ao final do período, ao Golfo Ártabro como un destino turístico de referencia a nivel ambiental, paisaxístico e mariñeiro, dentro do xeodestino Rías Altas.
- 3.1. Adoptar medidas que incidan no coidado e preservación do medio natural e os seus recursos, favorecendo a mellora da biodiversidade.
- 3.2. Contribuír á redución da pegada de carbono.
- 4.1.:Incrementar sustancialmente o patrimonio cultural recuperado valorizado, contribuíndo ao reforzo da identidade territorial, a proxección internacional e a dinamización social e turística.
- 5.1. Establecer mecanismos de gobernanza para axilizar a intermediación coas diferentes administracións implicadas no desenvolvemento do territorio.
- 6.1.:Crear un modelo de cooperación na implementación do programa 2014-2020 do FEMP.

Recursos

4.500.000,00€ programas de axudas e 1.500.000,00€ para xestión e animación.

Equipo técnico do GALP (3 persoas).

46 entidades socias do GALP e entidades colaboradoras.

Equipamentos e local propio.

**Xestión**

Principios:

- Igualdade e non discriminación na asignación de fondos públicos.
- Transparencia.
- Publicidade.
- Evitar conflitos de intereses.
- A eficacia e eficiencia do gasto público.
- Consenso á hora de tomar decisións.

Modelo de xestión participativa a través de:

- Órganos de xestión (Xunta Directiva, Asemblea).
- Órganos de participación (Mesas Temáticas, Foros).
- Plan de comunicación e difusión.

## 11.2. Comunicación externa: plan de comunicación

O GALP Golfo Ártabro Sur ten entre as súas finalidades ser unha entidade clave no desenvolvemento local e territorial na súa zona de influencia. Por iso é necesario que sexa coñecida tanto a súa natureza como as súas funcións e actividades. Na propia Estratexia recóllense recursos humanos, técnicos e económicos destinados a actividades de divulgación e dinamización, polo que é necesario un plan de comunicación que sirva como instrumento de orientación para este tipo de actividades.



### **Obxectivos e públicos.**

O principal obxectivo do plan de comunicación é dar a coñecer a entidade e as súas actividades no seu territorio para mellorar o seu posicionamento e valoración como entidade significativa para o desenvolvemento social e económico. Derivados deste obxectivo xeral, hai que sinalar os seguintes obxectivos secundarios:

1. Mellorar a implicación e participación dos socios nas accións de divulgación, establecer canles de comunicación máis fluídas entre o equipo xestor e as persoas socias.
2. Estructurar as canles de comunicación externa co obxecto de centrar mensaxes e optimizar os recursos dispoñibles.
3. Aproveitar o uso das novas tecnoloxías para mellorar as comunicacións do GALP.
4. Mellorar e reforzar a colaboración con outras entidades presentes no territorio, como os GDR, ou os GALP presentes noutras zonas marítimas.

Os públicos así como un exemplo das principais accións que se poden acometer sintetízanse no seguinte esquema:

Figura 19. Tipo de destinatarios, exemplos de actuacións e mensaxes principais.



### Accións de exemplo

- Mailíng a entidades.
- Boletíns informativos, newsletter.
- Xornadas divulgativas.
- Seminarios formativos.
- Encontros de debate e intercambio de experiencias.
- Elaboración de material divulgativo (vídeos, libros...).

### Mensaxes

- Información programa de axudas.
- Convocatorias.
- Subvencionalidade dos proxectos.
- Criterios de baremación.
- Información sobre recursos dispoñibles.
- Outra información relativa ao procedemento de axudas.

**Principais liñas de actuación.**

Vanse recoller tres liñas de actuación específicas para desenvolver o plan de comunicación: os medios de comunicación tradicionais, redes sociais, e campañas específicas.

**Figura 20. Liñas de actuación do Plan de Comunicación e principais destinatarios.**



A continuación vaise expor unha ficha por cada unha das liñas de actuacións para ver tipo de soportes empregados, acción concretas e indicadores para realizar un seguimento e comprobar o impacto das actuacións.

Liña 1. Medios de comunicación tradicionais
<b>Prensa, radio, televisións locais.</b>
Accións
<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Novas de prensa relativas a actuacións e eventos organizacións do GALP.</b></li> <li>• <b>Repostas con axilidade ás demandas dos medios sobre información do GALP.</b></li> <li>• <b>Recoller dos organos sociais, organos de participación e das entidades sociais informacións susceptibles de ser difundidas aos medios.</b></li> <li>• <b>Emisións de newsletter ou boletíns informativos.</b></li> <li>• <b>Organizar roldas de prensa para a divulgación de eventos significativos.</b></li> <li>• <b>Reunións e encontros periódicos cos xornalistas para dar conta da actividade do GALP.</b></li> <li>• <b>Introducir publicidade indirecta ou directa nos medios de comunicación para actuacións e eventos significativos.</b></li> </ul>

Indicadores
<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>I12. Número de actividades/operacións de posta en valor, difusión, divulgación do GALP, da EDLP ou do programa de axudas no territorio.</b></li> <li>• <b>I14. Número de persoas beneficiarias de accións de animación e promoción territorial.</b></li> </ul>

Liña 2. Redes sociais
Actuacións
<p><b>Creación e xestión do blogue do GALP Golfo Artabro Sur.</b></p> <p><b>Creación e xestión de perfís nas seguintes redes:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Facebook e Google+.</li> <li>• Twitter.</li> <li>• LinkedIn.</li> <li>• YouTube.</li> </ul>
Contidos
<p><b>En relación á web:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Informar sobre os obxectivos perseguidos do GALP.</li> <li>• Sinalar as características do programa de axudas.</li> <li>• Indicar cales son as persoas socias coas que conta a entidade.</li> <li>• Informar sobre o procesamento de axudas e os proxectos presentados e aprobados.</li> <li>• Dar informacións básicas sobre o tecido empresarial, as entidades sociais e sectoriais presentes no territorio.</li> <li>• Crear repositorios de información para poder facilitar documentación sobre o GALP.</li> </ul> <p><b>En relación a Facebook e Google+:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades realizados polo GALP.</li> <li>• Información sobre proxectos.</li> <li>• Novidades no territorio.</li> <li>• Contido viral relacionado co territorio.</li> <li>• Características do territorio.</li> </ul> <p><b>En relación a Twitter:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Crear información sintética sobre as actividades do GDR para difundir de xeito rápido.</li> <li>• Mellorar o dinamismo na comunicación e transmitir unha imaxe innovadora.</li> <li>• Definir grupos cos axentes implicados nos distintos proxectos do programa de</li> </ul>



axudas para poder solucionar as súas dúbidas.

En relación a LinkedIn:

- Definir contidos máis profesionais para dar conta da actividade do GALP.
- Atraer a colectivos profesionais cara á actividade do GALP, favorecendo a aparición de parceiros e potenciais promotores.
- Crear grupos entre os usuarios para favorecer a creación de alianzas e colaboración entre diferentes sectores relacionados coa zona marítima.

En relación a YouTube:

- Comunicación coas entidades e persoas socias.
- Presentación de experiencias e proxectos.
- Difusión de iniciativas innovadoras.

#### Indicadores

- I12. Número de actividades/operacións de posta en valor, difusión, divulgación do GALP, da EDLP ou do programa de axudas no territorio.
- I14. Número de persoas beneficiarias de accións de animación e promoción territorial.

### Liña 3. Campañas específicas

#### Actuacións

- Accións destinadas a poñer en valor as liñas de actuación da estratexia.
- Elaboración de soportes e material divulgativo específico.
- Exposicións, encontros, xornadas divulgativas.
- Realización de almozos de traballo.
- Visitas de traballo ou viaxes de intercambio.
- Campañas de promoción de servizos e produtos da zona como exemplo de actuacións.
- Colaboración con outras entidades do territorio como o GDR por exemplo ou de fóra del, por exemplo os outros GALP galegos, para desenvolver campañas de comunicación conxuntas.

#### Contidos

- Promoción de actividades relacionadas co sector pesqueiro.
- Promoción de actividades de turismo mariñeiro.
- Posta en valor do patrimonio natural e marítimo da zona.
- Divulgación dos servizos e produtos gastronómicos e de restauración da zona.
- Actividades destinadas a promover a igualdade de oportunidades no sector

pesqueiro.

- Campañas para o fomento do uso e incorporación das TIC's.
- Fomento do emprendemento no sector pesqueiro.
- Intercambio de experiencias dentro e fóra do territorio.
- Divulgación de iniciativas innovadoras.

#### Indicadores

- I12. Número de actividades/operacións de posta en valor, difusión, divulgación do GALP, da EDLP ou do programa de axudas no territorio.
- I13. Número de actividades/operacións de posta en valor, difusión, divulgación do GALP, da EDLP ou do programa de axudas fóra do territorio.
- I14. Número de persoas beneficiarias de accións de animación e promoción territorial.



## 12. Bibliografía

### Fontes estatísticas.

- Padrón Municipal de Habitantes. IGE. 2015.
- Directorio da Rede Natura. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. 2016.
- Inventario da Rede Autonómica de Estradas de Galicia (RAEGA). Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. 2016.
- Información xeográfica en web. Instituto Xeográfico de Galicia. 2016.
- Praias bandeira azul. Asociación de Educación Ambiental y del Consumidor. 2016.
- Directorio de portos. Portos de Galicia. 2016.
- Plataforma tecnolóxica de pesca. Consellería do Mar. 2015.
- Rexistro de confrarías. Xunta de Galicia. 2016.
- Indicadores demográficos sobre o padrón municipal. IGE. 2015.
- Movemento natural de poboación. IGE. 2015.
- Estatística de variacións residenciais. IGE. 2015.
- Directorio de centros de ensino. Consellería de Educación e Cultura. 2016.
- Censo de poboación e vivendas. 2011. INE.
- Directorio de centros. Servizo Galego de Saúde. 2015.
- Estatística de pensión contributivas. Tesourería Xeral da Seguridade Social. 2015.
- Estatística de pensións non contributivas. Consellería de Traballo e Benestar. 2015.
- Estatística beneficiarios da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) e das Axudas de Emerxencia Social (AES). Consellería de Traballo e Benestar. 2014.
- Estatísticas de paro rexistrado. Servizo Público de Emprego Estatal. IGE. 2015.
- Estatísticas de afiliación á Seguridade Social. Tesourería da Seguridade Social. IGE. 2015.
- Base de contratos rexistrados. Consellería de Traballo e Benestar. 2015.
- Contas de distribución da renda dos fogares por concellos. IGE. 2009.
- Produto interior bruto municipal. Base 2008. IGE. 2012.
- Directorio de empresas e unidades locais. IGE. 2014.
- Censo agrario. Consellería de Medio Rural. IGE. 2012.
- Directorio SABI de empresas. Informa. 2014.
- Estatística de permisos de marisqueo. Consellería do Mar. 2015.
- Directorio de Empresas e Actividades Turísticas. Turgalicia. 2015.
- Enquisa de ocupación hoteleira. IGE. 2015.
- Relación de Bens de Interese Cultural. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. 2016.
- Mapa de equipamentos culturais. Consello Cultura Galega. 2015.
- Festas de interese turística. Turgalicia. 2015.
- Directorio de sendeiros. Turgalicia. 2015.

### Fontes normativas e documentación de referencia

- Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 de decembro de 2013 polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca
- Regulamento (UE) nº 508/2014 do Parlamento Europeo e o Consello de 15 de maio de 2014 relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e polo que se derogan los Regulamentos (CE) nº 2328/2003, (CE) nº 861/2006, (CE) nº 1198/2006 e (CE) nº 791/2007 do Consello, e o Regulamento (UE) nº 1255/2011 do Parlamento Europeo e do Consello.
- Regulamento delegado (UE) nº 480/2014 da Comisión de 3 de marzo de 2014 que complementa o Regulamento (UE) no 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello .
- Communication from the Commission to the European Parliament, the Council, The European Economic and Social Committee and the Committee of the Regions. A European Strategy for more Growth and Jobs in Coastal and Maritime Tourism. European Commission. Brussels, 20.2.2014.
- Questions and Answers on CLLD programming in the EMFF - Area Selection Criteria. Strategy Selection Criteria. Preparatory Support . European Commission.
- Guidance on community-led Local Development in European Structural and investment Funds. Soto , Pablo; Ramsden, Peter. Trad. Version abril 2014 . Comisión Europea. 2014.
- Draft template and guidelines on the content of the EMFF operational programme 2014-2020.
- Borrador do Programa Operativo para o Sector Pesqueiro Español. Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medioambiente. 2015.
- Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia.

### Plans e programas.

- Directrices de ordenación do territorio. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. 2011.
- Estratexia galega de acuicultura. Consellería do Mar. 2014.
- Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3 Galicia). Axencia de Innovación. 2014.
- Estratexia de Inclusión Social. Consellería de Traballo e Benestar. 2014.
- Estratexia Galega da Paisaxe. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. 2011.
- Plan director de acuicultura do litoral. Consellería do Mar. 2014.
- VI Plan galego para a igualdade entre mulleres e homes. Secretaría Xeral de Igualdade. 2013.
- Programa de Desenvolvemento Rural para Galicia. 2014-2020 (prov.). Consellería de Medio Rural.
- Plan Estratéxico Zonal do Golfo Artabro. Grupo de Acción Costeira Golfo Artabro. 2008.
- Programa de activación do emprego. SEPE. 2015.
- Plan de Emprego Xuvenil. Consellería de Traballo e Benestar. 2015.
- Plan Integral de Turismo de Galicia 2014-2016. Secretaría Xeral de Turismo. 2014.
- Smart Turismo. Plan TIC de turismo. AMTEGA. 2014.
- Plan territorial de contaminación mariña (Plan CAMGAL). Xunta de Galicia. 2012.
- Plan de ordenación do litoral. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. 2010.
- Plan de artesanía de Galicia. Consellería de Economía e Industria. 2014.
- Plan de dinamización demográfica 2013-2016. Consellería de Traballo e Benestar. 2013.
- Reserva de Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo. Plan de Xestión (2013-2017). Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos. 2013.

### Fontes bibliográficas.

- La competitividad de los territorios rurales a escala global. Construir una estrategia de desarrollo territorial con base en la experiencia de LEADER. Observatorio Europeo Leader. 2001.
- Metodología para la elaboración de estrategias de desarrollo local, Ivan Silva Lira. ILPES. 2003.
- Subirats, Joan. Análisis de políticas públicas y eficacia de la administración. INAP. 1989.
- Morata, Frances (Editor). Políticas públicas en la Unión Europea. 1998.
- Vanaclocha, F. Políticas y estrategias públicas. FIIAPP. 2000.
- Piñeira Mantiñán, María José e Santos Solla, Xosé Manuel. Xeografía de Galicia. Xerais. 2011.
- Meixide Vecino, Alberto (Dir). A economía galega. Afundación. Varios anos.
- Vanaclocha, F. J; García, E.; y Viñas, V. Algunas referencias sobre metodología de la evaluación de políticas públicas y servicios públicos”. INAP. 2005.


- Kaplan, R. S. y Norton, D. P. Mapas estratagicos. Convirtiendo los activos intangibles en resultados tangibles. 2004.
- Como elaborar el plan de comunicación. Guías BIC Galicia.
- Como planificar la comunicación desde una institución pública. Gobierno de Navarra. 2011.
- Lorenzo Vila, A.; Fente balsa, J.; García García, Luís. Asembleas cooperativas. Procesos de democracia e participación. Cidadania, S. Coop. Galega. 2011.
- Sanchez Alonso, M. La participación. Metodología y Práctica. Popular. Madrid 1991.
- VVAA Dinámica de grupos: dinamización de metodologías y procesos para la democracia participativa. Urtxintxa eskola. 2004.
- VVAA. Metodologías participativas: manual Red Cimas. Madrid 2009.
- Guía para a elaboración das estratexias de desenvolvemento local das zonas pesqueiras. FEMP 2014-2020. Consellería do Mar. 2015.
- Guía de financiamento comunitario. Fundación Galicia Europa, 2014.
- Guías, revistas e dossiers técnicos Farnet. Rede Europea de Grupos de Pesca. Varios anos.
- Guía de novos retos dos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco da política comunitaria FEMP 2014-2020. Consellería do Mar. Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro. 2015

## ANEXO 1. Listado de persoas asistentes

Información suxeita á protección de datos.


## ANEXO 2. Dossier publicacións

### Publicacións no blogue
























































Publicacións en Facebook.

































































































Publicacións en Google+.






Publicacións noutras web.











Publicacións en prensa.






La opinión 01/12/2016 sección Mar



Publicacións na web Acción Costeira.



















# Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo

## Golfo Artabro Sur



Unión Europea  
Fondo Europeo Marítimo  
e de Pesca (FEMP)



Grupos de  
Acción  
Local do sector  
Pesqueiro



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MAR